PUBLICACIÓNS DO CENTRO
DE INVESTIGACIÓNS LINGÜÍSTICAS E LITERARIAS
RAMÓN PIÑEIRO



PLUMAS E LETRAS
EN
LA NOCHE
(1946 • 1949)

XUNTA DE GALICIA

TÍTULOS PUBLICADOS:

1. *Lembranza de Ramón Piñeiro: catro discursos*
2. *Aturuxo. Revista de Poesía e Crítica (Edición facsímile, Ferrol 1952-1960)*
3. *A Filosofía Krausista en Galicia*
4. *Estudios Galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*
5. *Guía de alimentación*
6. *Refraneiro galego da vaca*
7. *O Padre Feixoo, escolástico*
8. *Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía (Edición facsímile, A Coruña, 1948 - Vigo, 1956)*
9. *Posío (Edición facsímile, Ourense 1945-1946)*
10. *Hamlet e a realidade cunqueirana*
11. *Repertorio Bibliográfico da Lingüística Galega*
12. *Gelmírez. Hojas de otoño a primavera. (Edición facsímile. Santiago de Compostela, 1945-1946)*

PLUMAS E LETRAS

EN

LA NOCHE (1946-1949)

PUBLICACIÓNS DO CENTRO
DE INVESTIGACIÓNS LINGÜÍSTICAS E LITERARIAS
RAMÓN PIÑEIRO

SANTIAGO DE COMPOSTELA
1 9 9 6

PLUMAS E LETRAS
EN
LA NOCHE (1946-1949)

Director do proxecto

Luís Alonso Girgado

Colaboradores

Xabier Castro Rodríguez

Xoán Carlos Domínguez Alberte

Begoña Eguizábal Gándara

Manuel Quintáns Suárez

Amelia Rodrigues Esteves

Edita
Xunta de Galicia
Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias
Ramón Piñeiro

Coordinador científico
Constantino García

Director Técnico de Literatura
Anxo Tarrío Varela

Ilustración da cuberta
Mª Antonia Dans

Deseño, Composición e Impresión
IMAGRAF, Artes Gráficas, Santiago

ISBN: 84-453-1656-7

Depósito legal: C. 315-96

PLUMAS E LETRAS EN *LA NOCHE*

(1946-1949)

Sumario

Páx.

Limiar 11

Presentacións 15

Borobó: Memorial de Trevonzos 17
Luz Pozo Garza: Na procura dunha conciencia mítica en *La Noche* 57
Manuel María: Diario Compostelán. *La Noche* dende Lugo 65
Pura Vázquez: Aquel diario, *La Noche* 73

Introducción 81

1. Os colaboradores 83
2. Os monográficos 87
3. Seccións, columnas e suplementos 94
4. Traxectoria textual da lírica galega en *La Noche* (1946-1949) 99

Selección de textos (verso e prosa) 113

Nota 115
1. Galego 117
2. Portugués 335
3. Castelán 349
Índice dos textos seleccionados 453

Índice Xeral 469

A luminosa saga de *La Noche*

Poucas sagas do periodismo en Galicia teñen tras si unha memoria tan polifacética e apaixonante como a que xorde da peripecia vital de Editorial Compostela. E nesa memoria figura, nun lugar entrañable e sobranceiro, a experiencia case mítica de *La Noche*, que durante a súa traxectoria soubo se-lo heraldo da cultura galega nun tempo no que cumpría superar atrancos de todo tipo, non só políticos e ideolóxicos, como é sabido, senón doutra especie máis ignorada e motivados pola longa posguerra que viviu o país ata ben entrada a década dos anos sesenta: escasez de papel, poucos e anticuados transportes e mesmo deficiencias no subministro eléctrico, que fixeron do labor periodístico unha tarefa a miúdo heroica e case sempre descoñecida neste eido.

A pesar das carencias, o resultado foi extraordinario e brillante, e mesmo serviu de exemplo para a creación doutras singraduras periodísticas de gran relevo empresarial noutros ámbitos xeográficos de España.

Sensible cara ós valores da cultura galega e canto significase unha información vinculada ás raíces da nosa terra, *La Noche* soubo se-la oportuna lanzadeira que precisaron persoas que, co tempo, ocuparían un lugar no cumio da intelixencia da nosa terra.

Deste xeito, referirse a esta experiencia implica lembrar moitas das mellores páxinas de figuras como Xulio Camba, Wenceslao Fernández Flórez, Álvaro Cunqueiro ou Camilo José Cela, nomes xa lexitimamente situados no cimo do periodismo e da literatura universais; ou doutros que, como Otero Pedrayo, Vicente Risco, Ánxel Fole, Fernández del Riego, Ramón María Aller, Valentín Paz Andrade, Bouza Brey e moitos máis, contribuíron a poliédrica identidade de Galicia.

A carón de todos eles xermolou toda unha xeración de novos xornalistas, intelectuais e artistas que significaron un auténtico revulsivo no escenario das ideas e conectaron cos movementos rexionalistas europeos cando a idea de Europa que hoxe coñecemos antollabásenos afastada.

Este libro, xa que logo, é un motivo de orgullo e de satisfacción para quen somos herdeiros da fulgurante memoria da Editorial Compostela e, dun xeito especial, para os que tivémo-lo privilexio de recoller algúns dos moitos froitos sementados por *La Noche* hai hoxe cincuenta anos. Pero, sobre todo, honra o labor do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, que con esta iniciativa pon a disposición das novas xeracións unha das máis dignas e luminosas experiencias de cantas ten dado de si o periodismo galego do século que agora remata.

José Manuel Rey Nóvoa
Director de *El Correo Gallego* / *O Correo Galego*
Santiago de Compostela, marzo de 1996

Limiar

O día 1 de febreiro de 1946 nacía en Santiago de Compostela un novo xornal, *La Noche*, "Único diario de la tarde en Galicia", que viña a ocupa-lo baleiro deixado polo seu predecesor, *El Compostelano*. O libro que ten o lector nas súas mans é, en primeiro termo, unha homenaxe a aquel xornal vespertino, desaparecido en 1967 e que neste 1996 cumpre medio século. Celebra, pois, o seu quincuaxésimo aniversario.

Pero, en segundo lugar, constitúe a primeira entrega dun proxecto máis amplo sobre *La Noche* que o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro desenvolverá coa finalidade de rescatar aquelas páxinas e achegalas ós nosos días. Este labor de reactualización ou de redescubrimento terá continuidade na publicación dunha edición facsimilar do Suplemento que o xornal tiraba os sábados e que durou dende setembro de 1949 ata xaneiro de 1950. E, finalmente, na compilación e publicación da que foi sen dúbida unha das series máis meritorias e características do xornal, o "Parladoiro", que día a día levaba ós lectores a requintada e afervoada palabra de don Ramón Otero Pedrayo.

Este libro, pola súa peculiar configuación, quere ser ó mesmo tempo un testemuño vivo dalgúns dos máis salientables nomes que colaboraron en *La Noche* na súa primeira xeira, que vai dende 1946 ata 1949. Neste senso Luz Pozo, Pura Vázquez, Manuel María e Raimundo García Domínguez (moito máis coñecido como Borobó, o máis popular dos seus pseudónimos) fálannos hoxe do que foi a súa tarefa naqueles anos do xornal. Con voces aínda vivas como as de Xosé Filgueira Valverde, Antón Fraguas, Francisco Fernández del Riego, Benito Varela Jácome ou Manuel Beiras García contaremos para que nos falen do Suplemento cultural na edición facsímile que proxectamos publicar.

Pola nosa banda, cara ó lector interesado na temática galega, na cultura e particularmente na literatura, fixemos un estudio introductorio do xornal e configuramos unha selección de textos que constitúe unha breve e limitada mostra da producción artístico-literaria (crítica e creación) dun significativo feixe de sinaturas que prestixiaron e deron pulo intelectual a *La Noche*. Por evidentes razóns de espacio non están presentes, na nosa selección de textos, algunhas achegas sen dúbida de grande interese, pero de moi longa extensión, que darían a este libro unha amplitude case inabordable.

Cómpre dicir, sen embargo, que a limitación dos textos presentados está parcialmente remediada polo índice final —que estimamos razoablemente completo—, interesante seguramente para investigadores e estudiosos do noso xornalismo e da nosa literatura. Neste índice están rexistradas as achegas —en moitos casos pouco ou nada coñecidas— de escritores de diferentes xeracións, cultivadores de distintos xéneros e interesados en ámbitos tamén diversos como os da lingua, a historia, a arte, a literatura, etc. Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas, Antonio Couceiro Freijomil, Vicente Risco, Victoriano García Martí, Ricardo Carballo Calero,

Francisco Fernández del Riego, Paulino Pedret Casado, Ramón Mª Aller Ulloa, Eladio Rodríguez González, Xosé Ramón e Fernández-Ojea, Raimundo García Domínguez (Borobó), Camilo Barcia Trelles, Abelardo Moralejo Laso, Manuel Chamoso Lamas, Xesús Ferro Couselo, Miguel Ramón Pola, Álvaro Paradela, José Luis Bugallal, José de Castro Arines, Manuel Beiras García, Xosé Filgueira Valverde, Antón Fraguas, Fermín Bouza Brey, Álvaro Cunqueiro, Xosé Mª Castroviejo, Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé Mª e Emilio Álvarez Blázquez, Ánxel Fole, Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Moreiras, Xulio Sigüenza, Pura Vázquez, Luz Pozo, José Ángel Valente, Xosé Mª Díaz Castro, Manuel Fabeiro, Manuel Rabanal, Manuel María, Camilo José Cela, Julio Camba, Luis Caparrós, Mariano Roldán e Gonzalo Torrente Ballester son parte integrante dunha nómina de colaboradores de *La Noche* aínda moito máis ricaz. Os seus traballos —referidos ó ambito cultural galego case na súa práctica totalidade— quedan rexistrados no noso índice.

Convén facer algunhas puntualizacións. A primeira delas é para advertir que o índice final rexistra todo o publicado por Otero Pedrayo (ás veces baixo pseudónimo) agás os artigos da súa serie "Parladoiro", que terán cabida —como xa anotamos— noutro libro. As colaboracións que rexistramos no índice final só levan subtítulo cando este contribúe a concreta-lo título e non é excesivamente longo. Dado que o xornal constaba habitualmente de catro páxinas (excepto os luns, que aumentaban pola información deportiva), non especificamo-la páxina na que aparecen as colaboracións, que carecen así mesmo de especificación da lingua na que están escritas (circunstancia que sen embargo se pode comprobar, as máis das veces, polo título), o xénero ó que pertencen (verso ou prosa, crítica ou creación literaria, etc.) nin a sección na que, ás veces, están incluídas. Estes datos, de estar rexistrados, farían o noso índice confuso e de complexa utilización.

Polo que se refire á restricción cronolóxica (1946-1949) deste libro, estimamos que eses anos constitúen, dende o punto de vista literario-cultural, unha primeira xeira do xornal, xeira pechada pola suspensión —en xaneiro de 1950— do seu "Suplemento del sábado" que viña publicándose dende o 15 de outubro de 1949 e que chegou ata o seu número 15 (en realidade, por un erro na numeración, foron 16 os números que saíron), datado o 28 de xaneiro de 1950. Cómpre dicir que con anterioridade —abril de 1949— desaparecera a serie "Parladoiro" de Ramón Otero Pedrayo. Doutra banda, comentando un artigo de Fernando Cadaval (Carballo Calero) — "Los problemas de la poesía gallega en 1949"; *La* Noche, 31-XII-1949— anota Méndez Ferrín: "Podemos, xa que logo, sinalar o 1949 como o ano en que se xera a recuperación cultural de Galicia e se fecha o paréntese aberto en 1936" [1]. É doado constatar que, desaparecido o "Suplemento del sábado" (culminación de series, seccións e páxinas culturais anteriores), a presencia de colaboracións de carácter cultural experimenta, durante os meses posteriores, unha baixa ben perceptible.

Doutra banda, a nosa intención de publicar en edición facsimilar o "Suplemento del sábado" fixo aconsellable, para evitar reiteracións, excluír do noso índice final tódolos traballos que aparecen no citado suplemento.

As páxinas desta primeira etapa (1946-1949) de *La Noche* son froito e consecuencia dun tempo e unhas circunstancias moi concretas que o lector deberá ter en conta para valoralas e interpretalas coa axeitada perspectiva. Hai nelas escritores xa daquela consagrados como primeiras figuras; outros, co paso do tempo, íanse converter tamén en nomes de gran relevo; algúns, de menor entidade, son do mesmo xeito merecentes de estimación. Uns en castelán, outros en galego e algúns

[1] X. L. Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra*, Vigo: Xerais, 1990², p. 75.

en alternancia das dúas linguas contribuíron, na medida das súas forzas, a redimi-la cultura naqueles anos escuros. *La Noche* foi para eles unha canle na que atoparon posibilidades de manifestación; unha das escasísimas vías de acceso á súa vocación de escritores. Co paso do tempo, *La Noche*, xenerosa no acubillo dos máis mozos, contaría cunha xeración de escritores que levaría o seu nome e que hoxe constitúe un capítulo de singular importancia na nosa historia literaria. Pero iso acontecería na década seguinte.

Non queremos rematar estas liñas sen manifesta-lo noso agradecemento a Xosé Manuel Rey Nóvoa, actual director de *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*, polo seu interese no noso labor e polas xenerosas facilidades dadas para a consulta dos volumes de *La Noche* que fixeron posible este traballo. E, así mesmo, a Raimundo García Domínguez (Borobó) e Francisco Fernández del Riego pola súa valiosa colaboración.

Os autores

PRESENTACIÓNS

Memorial de Trevonzos

Borobó

"La Noche y las estrellas"

Xa é hora de se acordar daquela camelia, ou quizais olorosa gardenia cotiá, que, seguindo a pauta do polisapiente Antonio Odriozola, a quen tanto botamos de menos, poderían levar aínda, simbolicamente prendida no ollal, os mozos escritores, hoxe tan maduros, da xeración de LA NOCHE [1].



Raimundo García Domínguez, "Borobó", é unha figura intimamente vencellada ó xornal compostelán, do que foi impulsor e colaborador

Nada hai máis grato, máis delicioso, nos sinxelos gozos da natureza e da arte que o efémero, o fuxidío e o perecedoiro: a vida dunha flor, a fermosura dunha muller, a gracia imprevista dun artigo maxistral. O xornalismo é, por esencia, fugaz, transitorio. Dura un día o exemplar dun xornal. Permanece unha semana, todo o máis un mes, o número de calquera revista. E, o cal é aínda mellor, dificilmente alcanza a maioría de idade o propio xornal, a mesma revista. Pois, clasicamente, os que morren novos son os favoritos dos deuses.0 seu papel. O seu papel de xornal aberto, despregado, na Galicia somerxida na néboa. Poucos se lembran dela, nas múltiples conmemoracións de todo o habido e por haber. A penas resulta posible rexistrar algunhas referencias ó suplemento literario, verdadeiramente insólito naquela época, e contadas alusións á súa esclarecida colaboración, en diferentes ensaios e declaracións. Acaso fora a maior excepción nesta incomprensible conspiración do silencio respecto a LA NOCHE, o libro de Xosé Luís Franco Grande, *Os anos escuros*, que a rompe luminosamente co estudio da súa xeración, que de modo ineluctable ten de levar sempre o nome do xornal onde ela comezou a escribir.

Se ben durante o primeiro lustro de LA NOCHE, período no que se centra esta inicial antoloxía do nunca esquecido xornal, escasamente apuntaba nas súas páxinas esa xeración. Cando menos os mozos universitarios dos que tiña de ser guieiro, anos despois, ideoloxicamente, Ramón Piñeiro. Aínda que xa se estreaban nas súas columnas outros rapaces, de ben probada capacidade literaria. As súas ideas, moi avanzadas, poucas veces se poderían identificar coas puramente galeguistas. E entre eles atopábanse os noveis xornalistas que ían colaborar na creación e confección de LA NOCHE.

Os insignes forasteiros

D. José Goñi Aizpúrua, guipuscoano de natureza, podería dicirse que era tamén carlista de nacemento. Antes de vir a Santiago dirixira *El Pensamiento Alavés*, cando era propiedade dos Oriol e órgano do tradicionalismo basco.

---

[1] Por expreso desexo do autor respectámo-la súa tipografía particular para a mención do xornal compostelán.

Ó pensar na obra daquel enxeñoso e audaz xornalista donostiarra que fundou o máis entrañable xornal galego, cabe sinalar que os reformadores da Galicia contemporánea adoitaron ser persoas naturais doutras rexións. Sen conta-los maragatos dos que a súa importantísima contribución ó restablecemento da cultura galega queda ben manifesta con só cita-los apelidos preclaros de Martínez Salazar, os seus fillos e os seus netos, os Martínez Barbeito; de D. Marcelo Macías e os seus sobriños, os Martínez Risco; de D. Antolín López Peláez e dos múltiples Carro, entre os cales don Xesús foi o exemplo máis típico. Pero a Maragatería, terra limítrofe, case se pode incluír, como o Bierzo, na Galicia irredenta, e os seus naturais poderían considerarse como unha forma máis negra, máis morena, máis camita, de ser galego.

Endebén, ó referirme ó caso de Goñi sempre penso noutras persoas, procedentes de rexións —ou nacionalidades, como constitucionalmente se ten de dicir agora— máis afastadas de Galicia e que concretamos en tres figuras excepcionais: o montañés, santanderino, D. Daniel de la Sota, iniciador da Repoboación Forestal e de tantas outras realizacións durante o seu período de presidente da Deputación Provincial de Pontevedra; o veterinario catalán, D. Juan Rof Codina, pai do doutor Rof Carballo e avó do ex-ministro Sancho Rof, renovador da nosa gandería e creador da raza rubia galega mellorada, da cal o famoso exemplar teixo superou tódalas marcas de peso e fortaleza vacúa; e D. Cruz Gallástegui Unamuno, o enxeñeiro agrónomo basco, director da Misión Biolóxica de Galicia, que se adiantou medio século na investigación dos millos híbridos que habían se-la semente das mellores anadas de cereal da historia, feito que aínda hoxe non admiten de todo os nosos receosos campesiños. E con D. Cruz, os alaveses Odriozola, singularmente o xa nomeado Antonio, inesquecible colaborador de LA NOCHE, sorprendente polígrafo, do que permanecerá sempre a súa pegada, imperecedoira, na erudición galega.

As ideas de Goñi, émulo dentro do xornalismo, do que representaron no agro galego aqueles insignes forasteiros, fóronse cumprindo, con maior ou menor empeño, nos demais xornais galegos, despois de que el lles sinalou o camiño. Cabería mencionar, además, como foráneo precursor de Goñi nas súas empresas compostelanas, ó catedrático catalán D. José Planelles Giralt, promotor da Exposición de Galicia, nos anos sesenta do século pasado, e fundador e director de *La Joven Galicia*, interesantísimo semanario do que posúo a colección e sobre o cal discorrín noutras ocasións.

Xénese de LA NOCHE

Para explica-la orixe de LA NOCHE teño de retroceder a unha época algo posterior á de *La Joven Galicia*, ó ano 1875, no que fundaran Antonio Toledo Quintela e Juan Barcia Caballero, *El Porvenir*, diario católico, feito obvio dada a relixiosidade dos seus directores. Antonio Toledo nacera na Coruña, en xaneiro de 1845; elocuente orador, malogrado en plena mocidade, era profesor auxiliar na Universidade, e ensinou Literatura Española, entre tantos outros alumnos, a Alfredo Brañas.

Cando Brañas se licenciou en Dereito, en xuño de 1878, marchou a Madrid "con el corazón henchido de esperanzas, y la mente repleta de ilusiones". Deste xeito, alí, na corte, coñeceuno Barcia Caballero, quen o incorporou, ó voltar Brañas a Santiago, en 1881, á redacción de *El Libredón*, sucesor de *El Porvenir*, nun deses típicos avatares da prensa santiaguesa. *El Libredón*, "periódico católico, político y literario", título que posuía lendaria resonancia na toponimia xacobea. Diríxeo Antonio Toledo, ata a súa morte prematura (16-IV-85), cando a fama local lle sorría como fundador e presidente da Academia de Lexislación e Xurisprudencia de Santiago e da Academia da Xuventude Católica, recén inaugurada.

Brañas substitúe na dirección ó seu grande amigo e conta na redacción de *El Libredón* coa axuda nos derradeiros anos do crego betanceiro Agustín Corral, que logo dirixiu o *Diario de Galicia* da Coruña e morreu, en 1912, sendo coengo mindoniense. Outro colaborador importante foi Hermenegildo Calvelo, morto en Ourense, en 1918. E aínda non puiden identificar quen era "el contrahecho redactor de *El Libredón* Jesusito Mollido: un garabato de cuerpo y de alma, como decía Barcala", inseparable amigo e devoto admirador do Maragota na famosa novela de Pérez Lugín, *La casa de la Troya*.

Deu paso *El Libredón* en xaneiro de 1887 a *El Pensamiento Galaico* que Vázquez de Mella dirixe durante un bienio, que logo se chamou tamén *Pensamiento Gallego* e *Pensamiento de Galicia*; do cal foi o seu derradeiro director D. Ramón Gallego, catedrático de Xeografía e Historia no Instituto e profesor de Lóxica no Curso Preparatorio da Facultade de Dereito.

A causa desta versatilidade no cambio de título do diario carlista, tan pugnaz coma erudito, estribaba na serie de suspensións gobernativas que soportou nos tempos da Restauración borbónica. Ben que os carlistas de Santiago non se espremían demasiado o siso para atopar un nome adecuado a cada situación.

Desapareceu o derradeiro *Pensamiento* entregando o testemuño, nesta carreira xornalística de relevos, a *El Correo de Galicia*, tamén carlista, que aparece o 12-XI-1900. D. Ramón Gallego debeu continuar dirixíndoo. Permanece durante vinte anos, pois, en 1920, adquiriu o xornal un grupo maurista, co famoso "Cojo Moreno" a súa cabeza, contrincante electoral dos herdeiros de Montero Ríos no cacicato da cidade natalicia do sagacísimo don Eugenio. Titulado dende entón *El Compostelano*, foi o instrumento maurista, dentro da prensa picheleira, nas últimas eleccións parlamentarias da Monarquía, nas cales Moreno Tilve puxo nun brete ós monteiristas de Santiago. Logo o diario tivo unha vida lánguida, acentuada, en 1936, pola execución do "Cojo Moreno", en Paracuellos do Jarama.

Pormenores de LA NOCHE

A decadencia do xornal, dirixido por Díaz Varela, alcanza tal gravidade que un dos seus caixistas, Manuel Ouviña —quen xunto co redactor Emilio Merino, actual presidente honorario da Asociación da Prensa da Coruña, sacaban adiante o diario como podían— se puxo en contacto, cara a fins de 1945, con José Goñi, director-xerente entón (por segunda vez) doutro diario local, *El Correo Gallego-El Eco de Santiago*, para lograr que a empresa deste, Editorial Compostela S.A., o adquirira. Operación que de seguida se realizou.

Goñi trasladou *El Compostelano* ós locais de Editorial Compostela no Preguntoiro, con saída, polo taller, á rúa de Altamira. Cambiou o vespertino, unha vez máis, de nome, ben que continuaría a súa numeración. Goñi intentou, nun primeiro momento, chamalo *La Tarde*, e con ese título saíu durante uns meses. Pero tiña dereito a esa cabeceira a empresa de *El Pueblo Gallego,* de Vigo, incautada por Prensa del Movimiento, pois, sendo propiedade de Portela Valladares, antes da Guerra, editara un diario con esa denominación. Entón, Goñi, tivo de bautiza-lo seu xornal vespertino (*El Correo Gallego* sempre foi matutino) co nome de LA NOCHE, que conservou ata a súa desaparición, incluso despois da fusión co seu irmán da mañá.

LA NOCHE encheu, dalgún xeito, o baleiro que deixara o diario de Portela Valladares ó incautarse del a Prensa del Movimiento. Moitos dos habituais colaboradores de *El Pueblo Gallego*, des-

pois dun decenio de silencio, puideron deste xeito volver a expresarse en LA NOCHE. Pois na nómina dos colaboradores desta, ó inicia-la súa andaina, figuraban a maioría dos escritores galegos de certo renome que aínda sobrevivían en España.

Logrou así mesmo Goñi que os catedráticos da Universidade de Santiago se prestaran a colaborar, aínda que poucos o fixeron efectivamente, pois non se distinguían (agás Camilo Barcia, enfrontado con Goñi meses atrás, ó deixar de publicarse o seu comentario internacional en *El Correo Gallego*) pola súa grafomanía. Obtivo tamén o director do flamante vespertino a inclusión na súa lista de moi ilustres coengos do Cabido e doutras notabilidades compostelás. Así, o primeiro colaborador de LA NOCHE, autor do seu artigo inaugural, foi D. Ramón María Aller, o santo e sabio astrónomo. Composto en parágrafo francés e situado á destra da cabeceira, na primeira páxina, estreaba un lugar que sería de honra na prensa galega. Tratou D. Ramón María, naturalmente, sobre "La noche y las estrellas".

Nacía, pois, o xornal cos mellores auspicios. Non obstante o seu título, abondo simbólico, era un raio de luz na longa noite de pedra que vivía Galicia dende dez anos antes, pero que aínda non sabía dici-lo seu nome ata que o pronunciou o estro, o tabán poético de Celso Emilio Ferreiro. Foi LA NOCHE o refuxio, o asideiro para tantas plumas que se atopaban faltas de calquera outra táboa de salvación literaria ou artística. Sería, ademáis, o berce no que se arrolaron cen rapaces que hoxe, en plena sazón, son gala e honra das letras e do profesorado galaico.

Os redactores de LA NOCHE

LA NOCHE comezou a publicarse o 1º de febreiro de 1946, con Emilio Merino Losada como único redactor, ó cal substituiría de seguida José Landeira Yrago. A Merino "correspondió la puesta en marcha de la empresa", como afirma nas súas memorias, *Pequeña Historia de un hombre cabal*. Sinala aí que marchou á Coruña, contratado por *El Ideal Gallego*, "el diario entonces puntero de Galicia", o primeiro de agosto de 1946, cinco meses despois de ter contribuído á fundación de LA NOCHE... e conseguir que colaboraran nas súas columnas escritores entón vetados pola censura. "Y, lo que me parece más importante —engade Merino—: publicar algunos textos en gallego, como era una sección diaria, titulada "Parladoiro", que firmaba Ramón Otero Pedrayo".

Así pois, Emilio Merino, foi o primeiro redactor —e seguramente un dos seus inspiradores— do vespertino compostelano; quen de seguida demostraría na Coruña a súa capacidade literaria xa mostrada en Santiago e confirmada, máis tarde, nas páxinas de *La Hoja del Lunes*, que dirixiu durante moitos anos. E onde entretivo ós seus lectores coa narrativa viaxeira máis copiosa e interesante que se publicou na prensa galega, ben merecedora dunha edición en varios volumes.

Substituíu a Merino, como único redactor de LA NOCHE, Landeira Yrago, sapientísimo autodidacta, que remataba de cumprir en Marrocos o servicio militar, e "cuya testa haría palidecer de envidia a cualquier computadora", como dixen falando del, moitos anos despois, no Colexio do seu curmán Peleteiro.

Atopa-lo novísimo Landeira, esgrimindo o seu aceirado enxeño e a súa intuitiva técnica xornalística naquela redacción na que confluían vellos e novos profesores, constituía un espectáculo sempre sorprendente. Replicaba ou aceptaba o saber, segundo fora razoable, de D. Antonio Couceiro; ou ben dos máis mozos Manuel Rabanal e Benito Varela. Unía á súa pasmosa información sobre as letras de tódolos tempos e países, unhas aptitudes excepcionais en canto á confección de xornais.

A man experta de Landeira Yrago sobresae, fronte a calquera outra, durante este primeiro quinquenio de LA NOCHE. Aínda continuaría uns anos máis, na súa tarefa xornalística compostelá, ata que quixo descubrir horizontes de maior dimensión xeográfica, índose ó Brasil, onde permaneceu un decenio como correspondente de prensa e chanceler da Embaixada española, labores que simultaneou con traballos literarios de nova erudición.

Ó volver a España, fichouno *Faro de Vigo*, xornal no que substituiría a Álvaro Cunqueiro, e do que sería igualmente director Landeira, contra vento e marea. Alí, a súa alquitarada prosa faría "pendant" coa do máxico escritor mindoniense. Era a súa, sen dúbida —xunto coas de Xosé Mª Castroviejo e Álvaro Ruibal—, unha das tres mellores plumas santiaguesas do século XX.

Aínda que Landeira —falecido repentinamente na pasada primavera— non alcanzou a fama que merecía, se cadra a causa do seu carácter estrañamente introvertido. Que, non obstante, se extrovertía marabillosamente na conversa cos seus escasos amigos que escoitabamos pasmados a súa donosa conversa, sobordante de gracia e de mordacidade, e alumeada pola súa universal sabedoría literaria.

Nacen os "Anacos"

Comecei a escribi-la miña columna en LA NOCHE dende o seu primeiro número, na última páxina, á beira da "Nebulosa" do profesor Rabanal. Trinta e tres anos despois explicaría así a Maribel Outeiriño (nunha entrevista que me fixo para *La Región*) a orixe e desenvolvemento dos meus "Anacos":

"Al fundar LA NOCHE, Goñi me ofrece una columna diaria, a la que primero llamé "Lacón con grelos", lacón por su laconismo y grelos por la gracia ática que le daban al lacón. Después, como era el último año del hambre, de un hambre atroz, le puse el nombre del alimento más humilde: "Cacho de broa". Goñi y Landeira lo cambiaron por el de "Anaquiños", pero nunca me gustaron los diminutivos y se le puso el definitivo de "Anacos". Los temas eran variados, partiendo de noticias o de hechos que yo vivía o conocía. Algunos sirvieron de pista para los investigadores, como el que relataba la visita de doña Gala de Murguía (a la Casa de Rosalía, en Padrón). Muchos son ya datos históricos..."

Aquela sección xornalística mereceu unha moi boa acollida por parte da intelectualidade do país e unha das súas conspicuas personalidades —o actual presidente da Real Academia Galega— escribiría, ó cumpri-lo seu primeiro decenio, certo "Anaco de los Anacos", no que sinalaría...

"Va para diez años que, con agilidad siempre nueva, el redondo y plácido nombre de Borobó despierta ecos y desasosiegos, temores y entusiasmos. Son los "Anacos", paradójico fruto agridulce de un hombre tímido y reposado... Está fraguando algo así como la crónica secreta o la historia en clave de nuestra realidad cotidiana del tiempo y de las cosas más próximas a nosotros, del mundo con su faz multiforme".

Levaba varios meses escribindo os "Anacos" dende Madrid, cando volvín a Galicia, polo Nadal de 1946, e visitei a redacción do xornal no que viña colaborando a diario dende o seu primeiro número. Goñi presentoume ese día a Landeira, convidándome a que me quedara en Santiago para que o axudara na tarefa da redacción. Sería un labor novo para min, pois aínda que xa colaborara con asiduidade en xornais de certa importancia —coma o diario *Madrid* e o semanario *El Español*, por exemplo— nunca traballara, dende dentro, na prensa. Nada tiña que facer nos

Madriles, xa que a miña principal fonte de colaboración se secara ó suspenderse as publicacións do polémico Juan Aparicio. Aceptei por iso a xenerosa proposta de José Goñi e dende o 1º de xaneiro de 1947 integreime na redacción de LA NOCHE.

Un mes xusto antes de que Monseñor Souto Vizoso, Bispo Auxiliar da Arquidiócese, bendecira a rotativa, bautizada Fe, que se acababa de instalar. Tal máquina imprimira *Excelsior*, famoso diario deportivo de Bilbao, e procedía dun garaxe de Burgos, onde a almacenaron á espera da súa utilización para a impresión do *Boletín Oficial del Estado*, tarefa na que nunca chegou a empregarse. Goñi comprara a rotativa, con diñeiro de Juan Sáenz-Díez, por setecentas mil pesetas. Aínda funcionou ata hai poucos anos, e aledoume saber, cando a volvín ver nunha das miñas contadas visitas á miña antiga casa do Preguntoiro/Altamira, que se regalara ó Museo do Pobo Galego, onde supoño que xa se atopará instalada a vella e fermosa máquina que serviu, coma ningunha outra, para manifesta-las vivencias e os anhelos dese mesmo pobo.



Rotativa do xornal bautizada co nome de Fé en febreiro de 1947.

Aquela potente dinámica da flamante rotativa atraía extraordinariamente a D. Julio Reguera, corredor de comercio e superficial alma de Deus, o cal presidía o consello de administración de Editorial Compostela S. A., propietaria de tal Fe. Durante aquel ano 1947, D. Julio non deixou de acudir un so día á imprenta, na hora do mediodía na que se tiraba LA NOCHE. E o que máis o admiraba eran os soberbios cocidos que se embuchaba Pita, o fortísimo axudante de Eugenio, mestre da rotativa, mentres esta non se puña en marcha. Era para envexar, evidentemente, aquel colmado prato de cocido, composto de tan saborosos manxares, durante o último ano da fame, no que chegou ó seu cume o estraperlo. De alí en diante foron mellorando as cousas, desapareceron as cartillas de racionamento e rematou o mercado negro.

A rotativa e as linotipias parábanse con frecuencia, pois ademais de comida faltaba enerxía eléctrica. Aínda non se construíran as centrais hidráulicas do franquismo, que tanto se gabaron, nin as termoeléctricas, feitas un pouco ás escondidas, pois ninguén se decatou en España da súa magnitude, ata a crise do petróleo. Os cortes de enerxía ofrecíanlle a Pita a oportunidade para se reintegrar ó seu cocido, que se prolongaba ata a fin da xornada.

Na xornada nocturna os cortes eran aínda máis frecuentes. Ás veces saiamos do xornal aventurándonos, nas noites sen lúa, a través da impenetrable escuridade das rúas. Sen lanternas, xa que as pilas escaseaban, tódalas rúas resultaban das apalpadelas, porque iamos palpando polas paredes para nos orientar.

A casa do Preguntoiro

Goñi, o director, non tiña ese problema, xa que residía no segundo piso do mesmo edificio do xornal. No primeiro piso moraba don Álvaro D'Ors e cando a súa nai, a viúva de don Eugenio, aloxada no Hotel Compostela, acudía a visitalo, o sabio catedrático de Dereito Romano subíaa en alto polas escaleiras, xa que a anciá señora padecía certa rixidez de movementos.

Aquela vinculación do fogar de Goñi ó local da Editorial Compostela era ben lóxica, dado que *El Correo Gallego* e LA NOCHE na súa estructura daquel tempo, foran unha creación moi persoal do singular xornalista basco. Ó seu enxeño, á súa decisión, á súa audacia, debíase, máis que ó capital que financiaba as súas ideas, o feito da precedente fusión de *El Correo Gallego*, editado ata entón en Ferrol e *El Eco de Santiago*. Atrevéndose a traslada-la redacción, Administración e Talleres, con case todo o seu persoal, dende a cidade departamental ata a xacobea, sen que minguase, durante moitos anos, a subscripción, venda e difusión do xornal entre a poboación ferrolá.

As iniciativas de Goñi

De José Goñi podería aventurarse que encarnaba a imaxinación ó poder, un cuarto de século antes do maio francés. Compracíase en crear xornais, lanzar novas edicións, publicar suplementos e non se contentaba coas empresas xornalísticas, pois a súa iniciativa estendíase a outros campos. A el debeuse, máis ca ninguén, a fundación do Aero-Club de Santiago, que daquela, cando se creou, parecía unha loucura de Goñi.

Mais, a loucura de maior transcendencia de José Goñi foi a fundación de LA NOCHE. Un bo día de 1945 achégouse —como xa apuntei— Manuel Oubiña, caixista e factotum de *El Compostelano* e indicoulle que o seu xornal andaba mal e estaba a piques de desaparecer. ¿Por que non o compraba Editorial Compostela? Os seus propietarios venderíano por poucos miles de duros. Ós poucos días Goñi adquiría, para a súa editorial, *El Compostelano* por non máis de trinta mil pesetas. Valían máis os centos de quilos de chumbo que existían na súa imprenta, sen conta-lo local do xornal na Porta da Mámoa, que Goñi devolveu ós propietarios do edificio, os Baladrón, en atención a que eran accionistas da editorial compradora.

Non tardou Goñi en facer de *El Compostelano* aquel vespertino que iluminou a noite de Galicia naqueles anos de restriccións eléctricas... e xornalísticas. De aí que fose tan adrede o título de LA NOCHE en tal época; cando había que ir andando, e escribindo, ás apalpadelas, para non se esnaquizar contra o granítico pavimento...

A "quinta puñeta"

Acostumaba dicir ironicamente José Goñi que o cuarto poder, ou sexa a prensa, se trocara aqueles anos na "quinta puñeta". "Puñeta", sorprendentemente, non figura no Diccionario da Real Academia Española, aínda que a inmensa maioría dos españois manden a "facer puñetas" a case tódolos demais. Tampouco é vocábulo aceptado polos diccionarios galegos e atópome na necesi-

dade de subliñar esta palabra se algunha vez trato da transcendencia que a "quinta puñeta" de Goñi tivo, xa que non puidera ser na política, dentro da cultura galega. E velaí que a acción daquel xornalista carlista e alleo coincidiu en Compostela coa que comezaban a desenvolver, na clandestinidade, os supervivintes do galeguismo.

Esta coincidencia apúntoa no segundo caderno do meu *Libro de los Tropiezos*, co que Ediciones de Ánxelo Novo iniciou a publicación dos *Papeles de Borobó*. Aí, nunha das páxinas deste caderno —titulado "Tropiezos con Piñeiro, Sabell y Albor, en Compostela"— informo de que no artigo que escribiu Piñeiro sobre "A personalidade política de Fermín Penzol", no número de *Grial* dedicado ó finado mecenas, recorda que este quedara de acordo con Xosé Manuel Pita Andrade para manter unha entrevista os tres cando el saíra do cárcere. Cando por fin se viron, o futuro director do Museo del Prado "sempre insistía en que xa era tempo de empezar a publicar cousas, xa que, con tódalas limitacións, certamente severas, da censura, era moito peor non aproveitar as posibilidades existentes..." "Pola súa banda, en Galicia —engadía Piñeiro— Paco del Riego e Otero Pedrayo, cada un ao seu xeito, empezaron a tratar temas galegos na prensa desenvolvéndoos con sensibilidade galega e, na medida do posible, en lingua galega".

"Entonces nosotros comprendimos que la política de pura clandestinidad no conducía a nada, estaba en un túnel sin salida", confesaba Piñeiro moito máis tarde, cara a 1968, nas declaracións que fixo a Sergio Vilar, para o libro deste, *Protagonistas de la España democrática*. Non existía ningunha outra posibilidade de acción pública, fóra das propias actividades do réxime, máis que a estrictamente cultural.

Había, pois, que intentar facérlle-la "puñeta", cultural, literariamente, en Galicia ó réxime de Franco.

O curioso caso do "Parladoiro"

Goñi abriu LA NOCHE, dende o seu primeiro número, á intelectualidade galega do exilio interior; que atopou nese excepcional rotativo a súa canle de expresión, durante boa metade do que Celso Emilio Ferreiro titularía longa noite de pedra. Pero LA NOCHE sería, en calquera caso, unha noite de cristal que translucía, dentro daquela penumbra política e ambiental, o máis luminoso do pensamento galaico.

Desaparecida a revista *Nós* e enmudecído-los demais portavoces da mentalidade galeguista, os preclaros espíritos da xeración de *Nós* acolléronse ás páxinas abertas a eles polo sorprendente xornalista e carlista basco, Goñi Aizpúrua.

Así, Vicente Risco, Otero Pedrayo, algunhas veces Cuevillas, constantemente Ben-Cho-Shey, e case tódolos epígonos desa "ínclita xeración" e colaboradores da súa revista —Paz Andrade, Filgueira Valverde, Antón Fraguas, Carballo Calero, Iglesia Alvariño, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Fernández del Riego, etc.— pasaron, unha decena de anos despois de ser silenciada aquela, a asinar, máis ou menos asiduamente, en LA NOCHE.

E facíano no idioma que lles petaba. Máis veces en español e menos en galego. Non por imposición ou conveniencia do director, pois José Goñi amañábase —coa súa característica man esquerda de tradicionalista singularmente liberal— para supera-las restricción da censura fran-

quista ó uso escrito da lingua de Pondal. Non digo de Rosalía, dado que a autora de *En las orillas del Sar* escribiu en castelán esta obra cume da lírica española decimonona.

A alternativa idiomática

Alternaban os habituais colaboradores de LA NOCHE unha e outra lingua, segundo o asunto que trataban e segundo o seu humor; acomodándose normalmente ás preferencias lingüísticas da mesocracia galega, de orixe allea, que presumía de falar en español.

De aí que o entusiasta Ben-Cho-Shey —D. José Ramón e Fernández-Ojea—, o máis galeguista dos galeguistas de tódolos tempos galeguistas, escribira en castelán cando desexaba que o entendera a xente de dereitas. E en galego, cando tocaba os temas verdadeiramente entrañables.

Dun xeito parecido, o hoxe patriarca da gran familia galeguista, que vai camiño de ascender a tribo, D. Manuel Beiras, asinaba Juan de la Calle nas páxinas matutinas de *El Correo Gallego*, tratando en español asuntos locais, e utilizaba o pseudónimo de Eubensei ó escribir en galego os seus artigos de LA NOCHE, expondo os claros e caros ideais de toda a súa vida, coa discreción que esixía aquel estado... de cousas.

Por certo que a Ben-Cho-Shey e a Eubensei, que non obstante á súa estreita identidade ideolóxica non se coñecían persoalmente entre eles, presenteinos eu nunha mañá de Apóstolo —a do Día de Galicia— na redacción de LA NOCHE.

A firma de Otero Pedrayo

Agora intentarei puntualizar aquela alusión de Ramón Piñeiro sobre que "Paco del Riego e Otero Pedrayo, cada un ao seu xeito, empezaron a tratar temas galegos na prensa". A cousa viña de atrás; poderían atoparse, seguramente, colaboracións súas na prensa nacional dos anos da guerra. Logo, don Ramón Otero colaborou moito en revistas madrileñas dos primeiros anos corenta, coma *Misión*, revista carlista na que desempeñaban importantes papeis Manuel Cerezales, Luís Trabazo e outros ourensáns. Así mesmo, en *Santo y Seña*, que facía Castro Arines, e nalgunha outra que sería interesante rastrexar para segui-la pegada do irrefreable caudal literario de Otero Pedrayo na prensa franquista. José Altabella, o exhaustivo historiador dela, dicíame certa tarde no Café Gijón que tiña anotado unha ducia de pseudónimos de don Ramón que usaba para oculta-la súa personalidade tan coñecida de intelectual e antigo político galeguista. Entre aqueles pseudónimos o que chegou a facerse máis famoso foi o de Santiago Amaral.

Se cadra non chegou a asinar Otero Pedrayo co seu auténtico nome ata que comezou a colaborar en LA NOCHE. Excepto unha vez, na que apareceu a súa propia firma en *El Español*, sen autorización súa, como contou pormenorizadamente Manuel Cerezales.

Limitándome á colaboración de don Ramón de Trasalba en LA NOCHE, é curioso anotar que xa figuran tres artigos, aparecidos en 1941, entre os "libros e outros traballos publicados por don Ramón Otero Pedrayo" que se relacionan na *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX Aniversario do seu nacimento*, que editou Galaxia en 1958. Cousa rara, pois LA NOCHE comezou a publicarse o 1º de febreiro de 1946. Neste ano, no cal existía verdadeiramente, o primeiro artigo mencionado de Otero titulábase "La antorcha en la mano", que apareceu inmediatamente; é dicir, o 2 de febreiro. Posto que o artigo inaugural, no lugar de honra, á destra da cabeceira de LA NOCHE, e sempre com-

posto en parágrafo francés, fora o orixinal de D. Ramón María Aller, ó que citei anteriormente, sobre "La noche y las estrellas", que agora me serviu para titular este longo capítulo esgazado do "Memorial de Trevonzos".

Asinaba aínda Pedrayo, algunhas veces, con aquel pseudónimo de Santiago Amaral que utilizaba habitualmente nos artigos que co título xenérico de "Los Caminos de Galicia" escribía en *La Región*, de Ourense, así como nas súas colaboracións en castelán noutros moitos xornais. Outro pseudónimo que usou D. Ramón en LA NOCHE, con menos frecuencia, foi o de Juan Gallego. Era un máis dos diversos alcumes xornalísticos que empregou Otero para esvaecer un tanto a súa tan definida personalidade literaria e artística. Non obstante, debe sinalarse que xa usou a lingua galega nalgún dos seus artigos publicados no primeiro ano de LA NOCHE. Por exemplo, en "Os cabelos esfanados", aparecido o 8 de abril de 1946. Aínda que pasou algún tempo ata que Goñi Aizpúrua lle encargara o seu famoso "Parladoiro", a primeira e única columna redactada en galego na prensa da España de Franco e, sen dúbida, a máis monumental e a máis barroca.

Principio e fin do "Parladoiro"

Tal era a relativa permisividade do réxime franquista dentro do ámbito xornalístico santiagués, que chegou de seguida o momento no que Goñi puido encomendar a D. Ramón Otero Pedrayo a escritura dunha columna en LA NOCHE, exclusivamente redactada na súa lingua de Trasalba. Lingua propia e intransferible, resistente a calquera normativización e ordenamento.

Naceu así o célebre "Parladoiro", no que a prosa cotiá galega alcanzou o máximo barroquismo e a suprema densidade humanística do xornalismo contemporáneo. Pasma hoxe reler esa marabillosa sección, dentro do volume das *Obras Selectas* de Otero Pedrayo, por Galaxia publicado, que recolle, en elevada proporción, os "Parladoiros" aparecidos en LA NOCHE. Pasman, pola capacidade de invención verbal do señor de Trasalba, o cal ía creando a súa persoalísima lingua, conforme a expresión literaria da súa inmensa cultura, fluínte coma unha cerebral e cordial fervenza, o esixía.

Quizais por iso resultaran indescifrables e incomprensibles os "Parladoiros" para a maioría dos lectores de LA NOCHE, dotados dun nivel medio de cultura que lles permitiría entender, se o leran, o sinxelo galego de Rosalía, Castelao ou Risco, pero nunca a prosa orixinalísima de Otero, ou —por poñer outro exemplo moi distinto— a poesía de Aquilino Iglesia, no máis puro e rico galego do século.

Ás señoras de Santiago, particularmente, amolábanlles excesivamente os "Parladoiros" pedrayanos. Descoñecían aínda o señorío sen límites de don Ramón e o exquisito trato co que agasallaba ás donas. Quizais por esta ignorancia, a súa animadversión contra o "Parladoiro" de LA NOCHE movíaas a incitar ós seus maridos para que lle presentaran a Goñi, no Casino ou ó atopalo nas rúas, a necesidade de suprimilo.

A presión social desa clase privilexiada foi efectivamente a que importunou ó creador e primeiro director de LA NOCHE, ata tal punto que José Goñi rematara tomando a decisión de suspender tal "Parladoiro"; aínda que Otero Pedrayo proseguiría a súa colaboración no xornal vespertino cos seus outros artigos de maior extensión en español, pero que tamén cabía que fosen redactados en galego.

O pretexto de Goñi

Goñi procedeu, para non disgustar demasiado a D. Ramón Otero, coa habilidade e sutileza que o caracterizaban. Soubo aproveita-la baixa por enfermidade de Couceiro, o vello e experto linotipista que compuña o "Parladoiro". Era fama que unicamente el entendía ben a fermosa letra do señor de Trasalba, que Couceiro xa transcribira durante os anos nos que traballara en *El Pueblo Gallego*; cando aínda o dirixía, dende Barcelona, o seu propietario Portela Valladares, e do cal fora Otero Pedrayo un dos seus excelentes e frecuentes colaboradores.

O linotipista Couceiro, advírtase, ningún parentesco tiña co eruditísimo inspector de escolas, D. Antonio Couceiro Freijomil —autor do *Diccionario bio-bibliográfico de escritores gallegos*— que así mesmo contribuía á tarefa xornalística da Editorial Compostela coas súas diversas notas en *El Correo Gallego* e a confección das páxinas especiais de "Letras Gallegas", nos primeiros anos de LA NOCHE, e nos demais escribindo as súas "Efemérides", cheas de galaica erudición.

A obsesión mental de Couceiro, o linotipista, polo "Parladoiro", chegou ó conmovedor clímax de que no seu delirio de moribundo seguía compondo imaxinativamente, sobre o embozo das sabas do seu leito de morte, os inefables artigos de D. Ramón Otero. Que se distinguían, certamente, por estar manuscritos nunha letra clara e fermosísima, adornada coas graciosas estrelas e flores que o xeneroso escritor debuxaba nas súas marxes. Son numerosos os amigos e admiradores de D. Ramón que conservan, como se fosen xoias, cartas e artigos seus. Pois ó seu valor literario engádese a calidade estética da súa caligrafía.

Tal nitidez e fermosura da letra dos "Parladoiros" proclama que a morte do linotipista Couceiro resultou un triste e enxeñoso pretexto utilizado para suprimi-la "incomprensible e ininteligible" —segundo a opinión unánime do señoritismo entón vixente— columna de Otero Pedrayo en LA NOCHE. E non por estar escrita no seu críptico galego, ou por outros motivos políticos.

Xa que canto escribía o señor de Trasalba, primeiro con diversos pseudónimos e logo co seu nome completo, durante o réxime de Franco, era politicamente inofensivo... pero dunha transcendencia literaria descomunal respecto á consolidación da nosa cultura.

As constelacións de LA NOCHE

Foi, pois, Otero Pedrayo a máis brillante estrela de LA NOCHE, se parodiámo-lo epígrafe do santo astrónomo Aller. E valla afirmar que aquel firmamento xornalístico supuxo, sen dúbida, a culminación do espírito galego, contradictoria e paradoxicamente manifestada, a través do vespertino compostelano, na época de maior opresión cultural do país. Pero acaso o espírito esixa, para ser autenticamente fecundo e creativo, ir contra corrente. Pola contra, as facilidades estatais e municipais, os múltiples premios, bolsas, pensións, subvencións, etc. á xente de letras, en vez de avivalo seu cacume, soe escurecerllelo e incluso aparvárllelo.

Para demostrar que, nesta noite de pedra, a cultura galega alcanzou a súa plenitude, abondaría observar que naquel firmamento xornalístico coincidiron tres luminosas constelacións. Ou dito doutro xeito, tres xeracións, dado que a longa vida dalgúns compoñentes da maior permitiu que coexistiran, e brillaran, no mesmo tempo e espacio: a dos Ramóns, a dos Álvaros e a especificamente denominada Xeración de LA NOCHE, que tería de alborexar na década dos cincuenta.

O Suplemento Literario de LA NOCHE

Se ben para apreciar adecuadamente o papel desempeñado, polo vespertino santiagués, na acción cultural emprendida pola intelectualidade galeguista, é necesario aludir á encomenda que fixo Goñi a Francisco Fernández del Riego e a Xaime Isla Couto para que redactaran e confeccionaran en Vigo o Suplemento Literario de LA NOCHE, iniciado xa a finais dos anos corenta. Relata o feito Xaime Isla nas súas declaracións que aparecen no citado libro de Freixanes. É o único entre *Unha ducia de galegos*, case todos eles antigos colaboradores de LA NOCHE, que non participa na conspiración do silencio.

Faino ó referirse á idea de publica-la *Revista de Economía Gallega*, creada por Galaxia en 1958 e dirixida polo propio Isla: "Un lixeiro esbozo da idea , dentro dun plantexamento xeral, puidemos tentalo gracias á oportunidade que nos deu Goñi, o director de LA NOCHE de Santiago, encomendándonos a Francisco del Riego e a min o "Suplemento del Sábado". Nas páxinas daquel xornal —o primeiro que despois da guerra albiscou na problemática do país— viña escribindo xa don Ramón Otero Pedrayo un "Parladoiro" e o mesmo Salvador Lorenzana "Un tema gallego cada semana", como pulsión rememorativa dos homes e das correntes vitais da nosa cultura. Do suplemento recordo que eu fixen as viñetas, o primeiro editorial e o mesmo esquema con tres seccións fundamentais: "Descubrimiento de Galicia", "Feria del Espíritu" e unha terceira titulada "Vida y economía".

Todo iso é exacto. O suplemento literario de LA NOCHE, primorosamente escrito e debuxado polos galeguistas vigueses, aínda está por superar. Alternaban nas súas páxinas o mellor galego co máis exquisito castelán, nunha ambivalencia exemplar. Conservo unha colección completa, se ben extraviada, daquel admirable suplemento. Agás un número que me pediu Otero Pedrayo para contrastar algún dato, cando xa non existía o suplemento literario, e que debeu quedar olvidado no cuarto do Hotel España, onde se aloxaba don Ramón nos seus anos de catedrático da universidade compostelana.

Pois ben, aquel suplemento foi como un ensaio xeral, cos actores xa vestidos cos traxes de saír á escena, do que pronto sería a Editorial Galaxia. Alí xuntáronse as sinaturas espalladas do galeguismo; establecéronse vinculacións con intelectuais aínda desconectados do ideal que encarnaba Catelao no exilio; sondouse o ambiente, comprobando se estaba maduro para unha empresa máis cobizosa no campo intelectual. Pero Galaxia tardou uns anos en fundarse, e mentres tanto LA NOCHE seguiu sendo a única catapulta para a acción cultural acometida polo Partido Galeguista na clandestinidade.

"El caracol del alma"

Esta evidente consagración de LA NOCHE á difusión e encomio dos valores literarios da intelixencia galeguista pode facer pensar que tal preferencia significaba unha exclusiva dedicación a ela do xornal de Goñi. O cal non é exacto, xa que o vespertino santiagués, de nocturna denominación, estaba aberto a tódalas correntes culturais deses días. Como quedaba ben patente nas dúas constantes columnas paralelas que aparecían a ámbolos dous lados da última páxina: a "Nebulosa" de Manuel Rabanal e os meus "Anacos".

Quizáis non quede daquela clásica sección rabanalesca a penas nada da resonancia que obtivo no ambiente espiritual daquel período compostelán, posterior á "Guerra Pluscuancivil"; cando a asimilación do máis puramente español era moito máis aparente que agora. De aí que o silencio que se callou arredor de LA NOCHE no seu conxunto, teña sido aínda maior no referente ás maxistrais "Nebulosas" de Rabanal. E ó rexistralo, fíxome relembrar aqueles versos do introito do seu poema a *El Cristo de Asorey*, relativas ó que se sentía "sobre el seco cabezo del Calvario", ou acaso en Compostela...

> Las campanas, sin pájaros de bronce,
> cálices del silencio boca abajo,
> dejan ocioso el caracol del alma.

Ociosas estiveron, polo xeral, as campás da gloria e da fama respecto ó excepcional columnista que fora aquel catedrático de Grego, chegado dende a posunamunesca Salamanca á cidade xacobea, nos primeiros anos corenta, para introducir nas particularidades da lingua de Homero a tantas promocións de bachareles santiagueses. Aínda que ese silencio en torno á personalidade e á obra de Manuel Rabanal non constituía unha novidade na hora do seu falecemento, pois soía envolvelo xa na vida, aínda na época en que a cotío entretiña ós lectores galegos coas súas sabias e poéticas "Nebulosas".

Rabanal padecía ese silencio que o illaba, un tanto, da sociedade galaica, e doíase diso, fina e discretamente, na dedicatoria de *El Cristo de Asorey* ó director e fundador dos xornais nos que escribía entón: "Para mi sensitivo, dialéctico y gran amigo José Goñi —sinalaba— en la esperanza de que *El Correo Gallego* sea un poco más amigo de mis pobres cosas y no dé todo su corazón a los cirujanos. Al mismo tiempo, como gratitud por lo mucho que me quiere LA NOCHE".

Advírtese aquí, na queixa do ilustre poeta, un matiz diferencial sobre o comportamento dun e doutro xornal. Se ben no de dar "todo su corazón a los cirujanos", como graciosamente se doe Rabanal, non cabía, en verdade, diferencia entre ambos xornais; posto que se alimentaban informativamente mediante a ímproba tarefa local dos estupendos irmáns Jesús e Pepe Alvite, dos que a preferencia polos mestres da cirurxía era ben sabida; especialmente en canto ós famosos doutores Puente Castro e Jorge Echeverri, que case a diario eran mencionados nas páxinas da prensa galega.

Evidentemente o labor profesoral daquel admirable catedrático leonés, primeiro no Instituto Rosalía de Castro e logo no Arcebispo Xelmírez, requería maior recoñecemento; pois estaba acrecentada polo extraordinario afán de divulgación da súa ciencia, realizada na *Lingüística sin lágrimas*, concibida para a educación da súa filla María Cristina, que comezou aparecendo dentro das súas "Nebulosas" e que máis tarde ilustrou as páxinas de *ABC* e de *Ya*.

E, á fin, o pobo de Santiago chegou a querer e admirar, na súa fecunda madurez, o solitario profesor que ó atopar en Compostela o amor da súa vida enteira, depositou, xa para sempre, nela o seu corazón. Ata o grao de que cando tivo que voltar á súa Salamanca, para se sentar na Cátedra da Universidade de Frei Luis que tan brillantemente obtivera, a saudade machucoulle "el caracol del alma".

O calendario de Couceiro

Tamén é de xustiza apunta-lo papel de D. Antonio Couceiro Freijomil na proxección cultural de LA NOCHE, posto que foi ó insigne bibliógrafo a quen encomendou Goñi —como xa anotei— a elaboración da páxina semanal de "Arte y Letras" no seu flamante diario; tarefa na que pasado algún tempo, o substituímos Landeira e o que subscribe. Ademais encargoulle o noso director a cotiá escritura dun calendario, coas efemérides galegas de cada día, na cal Couceiro envorcou a súa inmensa erudición, ata os améns de LA NOCHE.

Era D. Antonio Couceiro, profesionalmente, inspector de escolas de Primeira Ensinanza. Exercera o seu cargo, moitos anos en Ourense e coincidiu alí, polo tanto, coa floración da revista *Nós* e coa extraordinaria xeración de ourensáns que a compuñan: Risco, Otero, Cuevillas, Ben-Cho-Shey e outros escritores de menor relevo. E fóra de *Nós* aínda quedaba a pasmosa personalidade do tribuno do agro, Basilio Álvarez, abade de Leiro, que ía e viña da corte á súa provincia. E D. Antonio Rey Soto, o galante presbítero, bibliófilo e poeta modernista, que pasou moitos deses anos en Guatemala.

A penas colaborou Couceiro en *Nós*. O gran erudito eumense acostumaba escribir en *La Zarpa*, do tremendo Basilio, e a súa pluma compracíase en ataca-lo nacionalismo de Vicente Risco e os seus adláteres. Logo, ó advi-lo Movemento, trasladouse D. Antonio a Santiago, ó ser nomeado asesor do Rector para asuntos escolares. Comezou entón a súa colaboración en *El Correo Gallego*, á que engadiría a de LA NOCHE en canto naceu este rotativo.

Cada tarde viña á nosa redacción a efeméride do día seguinte. Adoitaba conter, concisamente, nunha cuartilla, os datos que sobre o personaxe ou o acontecemento evocado figuraban no riquísimo ficheiro de Couceiro. Logo de entrega-la súa folla do calendario, manuscrita coa súa clara letra de inspector de escolas, acostumaba conversar don Antonio un pouco cos que pasabámo-la vida na redacción de Altamira e, case sempre, achegaba na súa charla algún dato interesante sobre calquera literato de sona, ou descubríanos, de súpeto, un escritor ignorado e, non obstante, de indubidable interese. Por iso poderiamos, Landeira e mais eu, considerar a Couceiro como un excepcional "mestre gratuíto", aceptando o título utilizado no seu libro por D. Paulino Pedret. Quen, así mesmo, algunha vez, de certa maneira, tamén o foi noso.

Dende LA NOCHE marchaba Couceiro Freijomil, cos petos cheos de papeis, ata a rúa do Franco, penetrando en Casa Enrique e alí metíase nun acristalado recuncho, especie de fanal, onde o erudito ía elaborando o seu inmenso *Diccionario bio-bibliográfico de escritores gallegos,* ficha a ficha, os datos das cales extraía dos innumerables apuntes que colmaban tódolos seus petos e que tamén servían para redacta-lo seu calendario.

O vicio do xornalismo

Aludín antes á "ímproba tarefa local dos estupendos irmáns Jesús e Pepe Alvite". Eran os encargados da información da rúa naquela ambivalente redacción, onde se simultaneaba o labor para LA NOCHE e *El Correo Gallego*. Así como Jesús (Rey Feás) Alvite era, por natureza, o máximo redactor de rúa que cabería xa non só na súa cidade xacobea, senón en toda a cidade universal dos xornalistas, o seu irmán José cumpría profesionalmente ademais a función de redactor de mesa no xornal matutino.

Mesmo que a vocación familiar irrefreable cara á información de rúa lanzaba a Pepe, co menor pretexto, fóra da redacción, para cubri-lo suceso, ou o acontecemento importante, o relato do cal desbordaría a inmensa capacidade gaceteira de Jesús. Logo Pepe Alvite, de volta á súa mesa de redacción, teclearía a velocidade vertixinosa, no inesgotable papel usado de teletipo, as informacións que cubrirían páxinas e páxinas en case tódolos xornais de Galicia.

Herdaron Jesús e Pepe do seu pai, o primeiro Jesús Rey Alvite, as correspondencias de prensa en Santiago da maioría dos xornais da rexión. Ademais de se-lo correspondente compostelán de *Faro* e doutros xornais, fora o vello Alvite o enviado especial deles para informar dos tristes sucesos e sinistros que ocorrían no país, tales como o célebre crime de Mañufe. Ó chegar ós seus fillos o case monopolio da información santiaguesa, legoulles así mesmo o fervor pola cidade xacobea, deste modo bautizada por el con unánime aceptación.



Despois de xantar no "Mañoso", en Santiago: con Borobó (terceiro pola esquerda), Neira, os irmáns Alvite, Eliseo e Enrique (bedeis da Universidade), Rodrigo (practicante) e Pazos (locutor de Radio Galicia) completan o cadro.

Tanta sería a identificación do segundo Jesús Alvite coa lenda apostólica, que dentro da súa complexa personalidade, un tanto dostoiewskiana, podería cualificárselle cal unha rencarnación gaceteira de Jacobo Boenerges, o Fillo do Trono. E Fillo do Trono, era o alcume que, con moitísimo cariño, razón e humor, lle impuxeron os seus xoviais e alegres conveciños.

Posuía o noso particularísimo Fillo do Trono un singular poder, acaso milagroso, de atracción para as noticias. Acudían a Jesús igual que as moscas ó mel. Recollíaas inmediatamente, extraendo dos seus petos aquel papel usado de teletipo que el sempre levaba encima e coa súa precipitada pluma púñase a garabatear estrafalariamente as notas do suceso. Sorrindo compracido por engadilo á súa colleita diaria de noticias, sen que ningunha o puxera fóra de si. Pois, por grave que fora, nada insólito significaría no seu copioso acervo profesional.

Se ben o xornalismo constituía para os Alvites, singularmente para Jesús, máis que unha profesión, un fenómeno consubstancial. Tanto, que se compracía en proclamar que era o seu vicio familiar, persoal, como puideran selo o viño ou o tabaco. Definición que lle encantaba a Xosé Mª Castroviejo, director entón de *El Pueblo Gallego*, o cal facía seu aquel curioso concepto do seu correspondente en Santiago: "El periodismo —repetía o famoso e barbudo escritor compostelán— es ante todo, como sostiene Jesús Alvite, un vicio. Un vicio en el que incurren los grandes escritores".

Os grandes escritores como Azorín, Ortega, Cunqueiro ou mesmo Xosé María... e ¿por que non? Pepe Alvite. Comentaría máis tarde esa frase eu, e por iso non lle poño comiñas, colocando ó menor dos Alvite no podio que lle correspondería, se se fixera caso, ó que escribín nun "Anaco" moi posterior..

Proba do seu estupendo quefacer literario eran para min "las espléndidas reseñas, hechas por Pepe, de las Ofrendas del Apóstol, inmediatamente después de transmitirlas él mismo, por Radio Galicia, que constituyen todavía la barroca apoteosis del periodismo jacobeo, como si en vez de ser impresas en las columnas tipográficas de LA NOCHE, o de *Faro*, fuesen grabadas en las salomónicas columnas de la Capilla de la Catedral".

Barroquismo de urxencia que vertía Pepe Alvite, ó ritmo endiañado da súa Underwood, redactando as súas crónicas e reportaxes. Nunca coñecín un mecanógrafo máis veloz. Recollía as conferencias telefónicas directamente a máquina, competindo cos máis rápidos taquígrafos. E como o recollido por el non necesitaba xa transcrición mecanográfica, pasaba inmediatamente ás linotipias, superando de tal modo ós émulos de Tirón.

Parecía inconcebible que tantas daquelas recensións, repletas de vibrante e acelerada espontaneidade, posuíran fresca e estimable beleza, carente de toda petulancia e sen asomo de intelectualismo. Ninguén escribiu con tan primorosa facilidade como Pepe Alvite; chegando ás veces, cando a emoción o invadía, a teclear vertixinosamente necroloxías, por exemplo, tan fermosas e sentidas que semellaban froito da morosidade máis quintaesenciada.

A primeira promoción de LA NOCHE

Sinalaba ó comezo desta pequena historia de LA NOCHE que pronto se estrearon nas súas columnas certos "rapaces, de ben probada capacidade literaria, as ideas dos cales, moi avanzadas, poucas veces se poderían identificar coas puramente galeguistas" dos discípulos de Ramón Piñeiro, o seu mestre gratuíto. Formarían tales rapaces a primeira promoción da Xeración de LA NOCHE, tan varia e rica esta que nunca pensei dela, en canto á súa ideoloxía, que puidera ser monolítica e excluínte.

Hei de contar entre os orixinais membros desa primeira promoción a Pepe Ruibal e Antonio Bonet, tan mozos coma xoviais, intelixentísimos e namoradeiros. Compuñan unha simpática parella na que a audacia e o enxeño se conxugaban para se burlaren dos hábitos pacatos que usaba a sociedade posbélica compostelana. De aí, quizáis, que as máis lindas mozas santiaguesas os trataran con desdén, preferindo ós estudiantes bascos de Farmacia, de sólida estructura corporal e financieira.

Pero eles non se desanimaban, exercendo unha sorte de dandismo adolescente e procaz, que a Landeira e a min nos facía moita gracia. Bonet Correa-Calderón, o futuro oráculo das artes en España, parecía daquela o vivo retrato de Dorian Gray, efectivamente mozo. Logo o seu xuvenil aspecto, que lle augurabamos perpetuo, foise murchando, cal se o personaxe wildeano madurara ó ritmo natural.

José Ruibal era autodidacta. Non estudiaba na Universidade, senón que levaba as obras do seu tío Arturo, o máis importante constructor de Santiago naqueles anos; pai de Álvaro Ruibal, o escritor, que dirixiu a insuperable revista *Destino* en Barcelona, ata a morte de D. Arturo; momento no que Álvaro abandonou o xornalismo para se facer cargo, a forza de veterano estudiante de Arquitectura, da empresa constructora da súa familia; dedicación que o distraería varios anos da súa auténtica vocación literaria.

Nacera, en cambio, Pepe Ruibal para mestre de fábrica da Catedral, de San Martiño Pinario, de San Paio de Antealtares, capaz de da-las trazas de edificios que non desentoarían en Santiago coas xeniais obras de Casas Novoa, de Andrade, de Sarela; pero, por desgracia, a burocratización da arte viña esixindo o paso pola Escola Oficial de Arquitectura para dar licencia a tantos edificadores de esperpentos.

En vista de que nada podería facer orixinal seu no campo da edificación, Pepe Ruibal entretíñase compondo os poemas reunidos no seu rexo libro de versos, *El dios de los precipicios*, e escribindo o ensaio sobre Laxeiro que inaugurou, en 1958, os *Cuadernos de Arte Gallego*, editados en Pontevedra por Sabino Torres. Logo alternaría Ruibal as letras coa acción política, dentro dunha esctricta ortodoxia marxista, ó emigrar a Uruguai e a Arxentina. Activismo que, á súa volta, proseguiría en España, ata a súa expulsión do Partido Comunista, polo seu afán de independencia. Dende entón o poeta de Xeve consagrouse especialmente á dramaturxia, compoñendo pezas teatrais, como *La máquina de pedir* e *El hombre y la mosca*, que o puideron colocar na vangarda da escena española. O que conciliaría perfectamente cos seus ensaios teóricos sobre Calderón e o teatro clásico do que ven sendo un extraordinario divulgador no seo das universidades norteamericanas.

Mais, naquelas xornadas do alborecer de LA NOCHE, Bonet e Ruibal posaban de exeñosos e elegantes, en contraste coa báquica figura de Lito Santamaría, delirante compostelán. Precoz e portentoso crítico musical na prensa santiaguesa, do que os seus méritos non eran estimados como merecían, a causa das súas ideas fascistas e a súa paixón militarista. Bonet, Ruibal e todos nós, endebén, divertiámonos abondo coas opinións, cheas e tropelías de José Luis Vázquez Santamaría, pois tal era o nome completo do desvariado Lito. O cal, pouco a pouco, foise liberalizando, acaso influído pola miña proximidade, ata que obtivo unha bolsa de axuda para amplia-los seus estudios en Francia e volveu de París o xove falanxista trocado en comunista sen diferenciar (pois dubidaba entre ser stalinista ou trotskista). Así, a súa inveterada bohemia complicouse coa militancia política, e incluso sufriu "a conducción ordinaria", indo de cárcere en cárcere.

Trazaría de Lito —vivindo este xa en Vigo— un estupendo retrato Ramón González-Alegre, en *Poesía Gallega Contemporánea*. Valería a pena transcribilo para apreciar mellor a súa excepcional humanidade. Por fin sentou a cabeza Vázquez Santamaría cando dona Nieves —a singular creadora dunha importante axencia— descubriu o seu talento xurídico, enviando a León o ardido poeta das elexías. O cal montou así o que sería pronto un dos máis concorridos bufetes da antiga corte dos Bermudos. Alí morrería o gran avogado, no que, despois de tantos anos de doce e agre bohemia, se convertira o pasmoso comentarista musical de LA NOCHE; capaz de dicta-la agudísima crítica dun concerto de Andrés Segovia, ou de Alicia Larrocha en *Música en Compostela*, abismado nas etílicas brétemas do Salnés... ou da Champagne.

En canto a Antonio Bonet, debe apuntarse que desexaba segui-la senda do seu ilustre tío, D. Evaristo Correa Calderón, accedendo a unha cátedra de Lingua e Literatura. Pero, afortunadamente, desviei a súa vocación cara á Cátedra de Historia da Arte, na que tanto había de brillar.

E Bonet Correa foi, unha vez rematada a carreira de Filosofía e Letras, a amplia-los seus estudios á meca da Arte Contemporánea, e pouco tardaron en nomealo director do Colexio de Cuba na Cidade Universitaria de París. Alí escribiría un dos seus primeiros traballos, neste caso sobre o pintor Colmeiro, atendendo a un encargo de Sabino para a súa colección Benito Soto, aínda que logo inauguraría a colección semellante de Galaxia.

A traxectoria académica do que sucesivamente foi catedrático nas universidades de Sevilla e Madrid, culminaría ó ingresar na Real Academia de Belas Artes de San Fernando. Aquela tarde tamén ingresou LA NOCHE na Academia, pois Bonet, ó tratar dos seus anos de aprendizaxe, recordou diante daquel douto auditorio: "Con la llegada a Santiago de Borobó, comenzó mi colaboración en LA NOCHE. Borobó fue también quien me presentó al profesor Azcárate, que acababa de ganar la cátedra de Santiago".

De tal presentación deveu que José María de Azcárate designou a Bonet profesor axudante seu, iniciando así, baixo o seu padriñado universitario, a acertada rota que conduciu ó novísimo colaborador de LA NOCHE ata se-lo constante eixo da actualidade artística española.

Trapeiro do tempo

Aínda que o catedrático máis estreitamente forxado nos talleres de LA NOCHE, que preparou as oposicións, en moitos dos seus temas, durante o tempo libre de que dispuña na redacción, foi evidentemente, Benito Varela Jácome. A quen, así mesmo, cabe incluír entre os compoñentes da primeira promoción de escritores da súa xeración

Benito Varela, aínda que non pertencía ó cadro de persoal de Editorial Compostela, realizaba nos seus diarios un traballo a tempo parcial tan vario como eficiente. Tanto corrixía probas como atendía ó arquivo ou redactaba crónicas deportivas, función esta que constituía o violín de Ingres do excelente profesor.

Pois sempre sería Varela Jácome un traballador extraordinario, capaz de facer compatible o seu infatigable labor no Colexio que dirixía —onde ensinaba Lingua e Literatura a ducias de estudiantes de bacharelato— coa tarefa xornalística, interferida pola preparación das súas oposicións á cátedra de Instituto e a escritura, neses anos, da súa exhaustiva *Historia de la Literatura Gallega*, publicada en 1951, moitas das súas páxinas compostas mentres trasfegaba en LA NOCHE.

Máis tarde, ó gaña-las oposicións á súa primeira cátedra de Lingua e Literatura, os seus amigos de maior confianza ofrecémoslle a Benito Varela unha cea, que deu pé ó xocoso poema de Otero Pedrayo, titulado "Os catorce de Osebe", pola cifra dos comensais e o lugar do convite, e que daría nome ó efémero grupo literario alí bromatoloxicamente reunido.

A miña admiración cara ó polifacetismo e á incansable actividade de Varela Jácome expresaríaa decenios despois, fixándome especialmente na súa capacidade de lectura:

"Yo no sé de dónde saca el tiempo D. Benito Varela Jácome para leer tanta divina novela, quizá doscientas o trescientas al año. Sin duda, se trata de un trapero del tiempo, como decían que era D. Gregorio Marañón. Cualquier día, ahora que tengo teléfono en la Casa da Fiada, le llamaré a las tres de la madrugada, o a las seis de la mañana, como despertó Olano a Marañón, para comprobar si don Benito está a esa hora ya leyendo o releyendo novelas, pues sólo así cabe zampar volúmenes de quinientas páginas cada día y ser de ese modo el máximo geómetra de la novelística que existe en el país".

Asela e Olano

Aludía antes a Olano, o audaz xornalista vilalbés que pronto se faría famoso en Madrid, logo de ter feito o seu bautismo de lume noticieiro en LA NOCHE. Primeiro bateuse como corresponden-



Colaboradores de La Noche *e membros do Patronato Rosalía de Castro nunha xuntanza, de esquerda a dereita: primeira fila, Otero Pedrayo, Pura Vázquez, Pura Lorenzana, Marqués de Figueroa, Ramón Pazos, Vázquez Iglesias, Ramón Cabanillas e Manuel Pose. Segunda fila, Manuel Balboa, Paulino Pedret, García Sabell, Iglesias Vilarelle, Xesús Carro, Ramón Piñeiro, Josué Dapena, Ramón Baltar e Filgueira Valverde. Terceira fila, Varela Jácome, Maiztegui, Fernández del Riego, Gómez Román, Francisco Asorey, un poeta mozo, Gustavo Varela e Xosé Pumar. Cuarta fila, Taboada Roca, Chamoso Lamas, Borobó, Ramón Luprís, Manuel María e Manuel Castiñeiras.*

te dela en Lugo, confirmando despois dentro da redacción as súas aptitudes bélicas no campo xornalístico. Chega ó finaliza-lo primeiro período, ou sexa o que comprende esta *Antoloxía*, e coincide nese momento coa incorporación dunha escritora de categoría, Concha Castroviejo Blanco-Cicerón, quen transterrada en México durante un decenio, retornara entón á súa cidade natal. Firma *Asela* as súas admirables crónicas tropicais e chega a Santiago a tempo aínda para compartir con Bonet, Olano, ou o P. Isorna, as primicias literarias da xeración seguinte á dos Álvaros, que era tamén a do seu irmán Xosé María.

Pois non existe entre Concha e Antonio Bonet, ou entre Concha e Antonio D. Olano o lapso cronolóxico —trinta e tres anos— que marca, clasicamente, a separación dunha e outra. Así cabe colocar á ilustre novelista e experta crítica literaria á cabeza da Xeración de LA NOCHE, que ha de comprender ás persoas de menor idade.

Cando se quedan en Madrid, a Castroviejo e Olano, despois dun breve curso na Escola de Xornalismo que compartimos con Emilio Merino, os Alvite e outros xornalistas galegos xa en plena actividade, sentimos que se nos ía á capital da gloria, a mellor prosista e o máis áxil e atrevido reporteiro da nosa xeración. E quedeime literalmente case só, pois Landeira así mesmo marchara, un ano antes, ó Brasil.

Nómina de cooperadores

Iso si que era grave, porque recaía en min a enteira responsabilidade de facer LA NOCHE, posto que esta xiraba en torno á fortísima personalidade de José Landeira, único redactor e confeccionador de LA NOCHE. Tódolos demais eran redactores de *El Correo Gallego*, colaboradores a tempo parcial, ou auxiliares que compartiámo-la nosa ocupación nela coa que empregabamos no rotativo da mañá.

Excepto tal vez o encargado da sección deportiva, durante aquel primeiro período: Pepe Balón, pseudónimo de José Ramón García Arias, irmán de Luis, o que pronto sería catedrático de Dereito Internacional. Só a súa coxeira desentoaba na vigorosa, alegre e corpulenta figura de Pepe Balón. Foise bastante antes que Landeira a América e falecería na Arxentina ós poucos anos.

Substituíuno na súa lúdica misión Antoñito López Sánchez, fino e delicado xornalista santiagués que fora, moi novo, director de *La Zarpa* ourensá de Basilio Álvarez. Estaba enfermo do mal do século (XIX e metade do XX) e morreu sen que puidera salvalo a penicilina. Da sección deportiva encargaríase o que viña sendo taquígrafo e secretario de redacción do par de diarios santiagueses: Manuel Castiñeiras, licenciado en Ciencias Químicas, que chegaría a ser redactor xefe de LA NOCHE e presidente da Asociación da Prensa de Santiago.

Pero esta nómina de colaboradores e cooperadores internos do xornal de Goñi sería incompleta sen a inclusión de Frei Xosé Isorna, xa antes citado. A parte de que merece ser incluído entre os primeiros escritores da Xeración de LA NOCHE, como a súa voz e a súa pluma sagrada de maior difusión. Era novísimo o frade de Cordeiro cando comezou a redacta-la sección relixiosa do recente diario. Aínda que ambos nacemos no antigo concello de Valga, non souben del ata que o coñecín, intimamente, en LA NOCHE. Ó ano seguinte casaríame o P. Isorna cunha padronesa, no Santuario da Nosa Señora da Escravitude. Foi a primeira voda que celebrou o meu seráfico paisano en cumprimento do seu ministerio sacerdotal.

Empezaba o P. Isorna a ser unha das luminarias da Orde seráfica. Seguín, paso a paso, a súa piadosa e elocuente carreira eclesiástica dende a dirección de *El Eco Franciscano* ata o priorado de San Francisco o Grande, entre outras encomendas. Todos lle augurabamos unha mitra episcopal, pero humildemente conténtase hoxe o bo escritor e orador sagrado con ser unha sorte de Ministro de Información e Turismo do Arcebispado de Santiago.

O caso de *Gilda*

Os xornais da Editorial Compostela estaban sometidos voluntariamente á censura eclesiástica, dado o fervor relixioso dos seus propietarios. Exercía esa censura o M.I. Sr. Coengo Mestrescola do Cabido compostelano, D. Manuel Capón, Rector do Seminario Conciliar. Desempeñábaa o Dr. Capón con mesura e sen maior resonancia nin estridencia, posto que era case imposible que os que escribían en *El Correo Gallego* ou en LA NOCHE ferisen a doutriña da Igrexa Católica, por se as moscas...

A única cuestión que preocupaba decote ó bochudo censor viña sendo a da censura das películas xa que había de cinguirse ás normas dictadas polo Episcopado, respectando as cualificacións que delas daba a Acción Católica. Isto provocaba un constante conflicto de intereses, entre os espirituais da Igrexa e os económicos da Administración dos xornais. Conflicto motivado polos filmes cualificados coa cifra 4R, por se-los de máis subida cor, anuncios que a censura eclesiástica prohibía publicar na prensa. O que ocasionaba que as empresas cinematográficas retirasen inmediatamente a publicidade dos seus cines de Ferrol e Santiago; feito que supuña a supresión do maior capítulo de ingresos publicitarios con que contaba a minguada economía da Editorial Compostela.

O caso máis coñecido foi o de *Gilda*, a incitante cinta de Rita Hayword, que puxo a proba a habilidade negociadora de Goñi próximo de D. Manuel Capón para lograr que este fixese comprender á Mitra a necesidade de face-la vista gorda; co fin de que os diarios sometidos á súa piadosa censura non visen gravemente minguada a súa principal fonte de ingresos.

Brazo en alto

A Mitra de Santiago nos anos fundacionais de LA NOCHE cinguía as sens dun prelado andaluz, Muniz de Pablos, figura episcopal que aínda ilustra as historias dese tempo, alzando o brazo nas Praterías, en amor e compañía doutros bispos que aclaman ó Xeneralísimo Franco alí presente.

Pero o arcebispo Muniz de Pablos gozaba dun enxeño sarcástico e chistoso que dificilmente se acomodaba ás fantochadas do franquismo e pronto manifestaría a súa bética burla nas ocasións propicias. Tales coma na festa de San Francisco de Sales, patrón dos xornalistas, na primavera de 1947, primeira á que concorrín.

Dignouse o arcebispo a celebrar esa festividade dicindo unha Misa na propia capela do seu palacio arcebispal, á que acudiu en pleno a Asociación da Prensa de Santiago. Logo, recibiunos ós xornalistas compostelán no seu salón do trono, e o irónico prelado dedicouse a tomárlle-lo pelo ós nosos xefes sobre a lealdade e o entusiasmo co que cumprían as consignas da autoridade franquista e os principios do Movemento.

Muniz de Pablos morrería ó pouco tempo. Ocupou entón o seu bispo auxiliar, Monseñor Souto Vizoso, a sede vacante como Vigairo Capitular. E a penas transcorrera unha semana das

solemnes exequias do arcebispo andaluz, cando o prelado de Valdoviño que o remprazou, bendiciu, na mesma capela do Palacio, a cerimonia nupcial duns sobriños seus; efectuándose o convite de voda no mesmo salón onde días antes estivera exposto o cadáver do ordinario da arquidiócese.

Aínda moraba no palacio a irmá do defunto arcebispo, e ó dirixirse ó seu cuarto, despois de rezar sobre a tumba do seu irmán xunto ó Pórtico da Gloria, atopouse con aquel banquete nupcial, polo que retrocedeu, non sabendo por onde podería pasar. Menos mal que tropezou cos irmáns Alvite, que ían como sempre en busca de información e coñecían perfectamente tódalas reviravoltas do palacio. Conduciron así por un discreto corredor á irmá de Muniz de Pablos, mentres escoitaban os seus lamentos pola fugacidade das glorias humanas. Ó que Jesús Alvite quixo poñer consolo co bálsamo dunha frase proverbial, que resultou, nesa circunstancia, o colmo do despropósito:

—Ten vostede toda a razón, señora: morto o can, acabouse a rabia.

A vontade de Souto de Vea

Non obstante, D. José Souto Vizoso, antigo coengo mindoniense, xa se gañara a simpatía dos compostelán polo seu carácter santiño e apracible e pola familiaridade do seu trato. Non faltaba a súa presencia en ningún acto, e soía enaltecelo coa súa palabra. Así asistiu —como xa referín— á posta en marcha da rotativa Fe. Deixei constancia diso no meu "Anaco" do día seguinte:

"Ayer el escritor observaba a Su Ilustrísima en el púlpito más novedoso que todavía se puede concebir. Desde el balconcillo de la rotativa, que es el púlpito funcional por excelencia, la réplica metálica de las más primorosas entalladuras del Renacimiento. Un púlpito que en lugar de atril contaba con un micrófono, logrando que la pérdida en belleza plástica se ganase en difusión sonora".

Mais, o que non ousei contar foi que o Bispo Auxiliar, dende aquel púlpito endosou unha lección sobre a técnica de imprimir, bebida no Espasa, que nos deixou abraiados, facéndose un lío espantoso coa función das linotipias, a estereotipia, etc., que intentou explicarnos con moito detalle.

Todo o facía Souto Vizoso coa mellor intención, pondo niso a súa enorme vontade. Realizou a visita pastoral a toda a arquidiócese nun tempo récord digno de figurar no Guinnes. Só lle molestaba a monotonía dos convites que lle ofrecían os curas párrocos nas súas casas rectorais. Por iso prohibiu, creo que a través dun edicto publicado no *Boletín del Arzobispado*, que lle servisen pescada e polo, aínda que este era aínda de curral e daquela aínda non a había conxelada.

Era D. José Souto un prelado entrañable, do máis enxebre que cabía na Igrexa Católica, Apostólica e Romana. Tanto, que merecía que Pepe Alvite o alcumara cariñosamente co topónimo de Souto de Vea. Dese modo a identificación do futuro bispo de Palencia coa orografía do seu país natal quedaba perfectamente expresada.

Non era raro que trala súa actividade diurna rendese o sono a Souto Vizoso, na caída da tarde. E durmía como un bendito en plena presidencia das sesións vespertinas. Como aquela da apertura do Curso de Verán da Universidade, coa disertación do Director do Museo Romántico, Marianito Rodríguez de Rivas, amenizada polos doces ronquidos do Vigairo Capitular do Arcebispado, que aínda resoan gratamente nos meus oídos, case medio século despois.

A entrada do Arcebispo Quiroga

Para suceder na Mitra de Santiago ó arcebispo andaluz Muniz de Pablos foi preconizado o bispo de Victoria, D. Carmelo Ballester, que faleceu antes de tomar posesión da sede xacobea. Foi entón cando a S.S. Pío XII promoveu á Arquidiócese compostelá ó Bispo de Mondoñedo, D. Fernando Quiroga Palacios. Glosei aquela designación nun "Anaco", onde anotaba o seguinte:

"Quiroga Palacios será el primer gallego que ocupe la silla de Gelmírez, desde el breve pontificado del doctor Lago González. Éste, a su vez, interrumpía una larga serie de prelados forasteros. Creemos que el Arzobispo Malvar, el que construyó la Carrillería, había sido el último nacido en la tierra".

Concluía afirmando que D. Fernando Quiroga era "el candidato soñado por todos los gallegos de pro. Tan deseado por cuantos cavilan y cantan, que parecía imposible que pudiera cumplirse un anhelo tan general. Pero el anhelo, el milagro, se cumplió. Galicia tendrá un gran arzobispo, tan suyo, como fueron Gelmírez, el tercer Fonseca y Rajoy, para todo el resto del siglo XX".

A conmoción por este feliz nomeamento foi evidente entre os fieis e infieis galegos. O meu director, Goñi, apresurouse a enviarme a Mondoñedo, para entrevistar ó arcebispo electo e fose o primeiro súbdito da súa preconizada Arquidiócese que o felicitara persoalmente; expresándolle, en nome da prensa santiaguesa, "su adhesión y subordinación inquebrantables".

Xa no pazo episcopal de Mondoñedo, "besamos el anillo del prelado el maestro Chicharro (mestre da fotografía compostelá, que me acompañaba coa súa Leika) y el cronista, y quedamos un instante impresionados, ante la insólita apostura del Arzobispo".

Logo tentei conseguir del algún dato que completara a súa biografía oficial, demasiado concisa. Respondeume que así como as nacións felices carecen de historia, tan feliz era el no sacerdocio que tampouco a tiña. Sen embargo, contoume algúns detalles da súa vida, especialmente sobre os seus estudios na Universidade Gregoriana e a súa permanencia no Colexio Español de Roma.

Desexeille ó finaliza-la primeira entrevista que puideramos tratalo pronto de Eminentísimo, ó que contestou, modestamente, dicindo que "son muy escasos mis méritos para ingresar en el Sacro Colegio Cardenalicio... aunque comprendo que en la silla metropolitana de Compostela debe sentarse un Príncipe de la Iglesia".

"Y en ese momento del coloquio —acoutaba eu— vimos brillar en la mirada bondadosa y dulce de don Fernando Quiroga y Palacios, la relampagueante y obstinada pasión jacobea que alumbró en las mentes geniales de don Diego de Gelmírez y de don Alonso III de Fonseca".

Despois o preconizado Arcebispo dignouse ensinarnos persoalmente o Seminario de Santa Catalina —onde estudiaron Noriega, Aquilino e moitos outros poetas do país—, amosándono-las obras de ampliación que estaban realizándose e que constituían o seu maior orgullo.

O resto do día que pasamos en Mondoñedo, gozamos da compaña e da deliciosa conversa de Álvaro Cunqueiro, acubillado eses anos na súa cidade natal. Chicharro retratounos co máxico escritor no lugar onde a cabeza do Mariscal Pardo de Cela rebotou dicindo: "Credo, credo, credo". Cunqueiro estaba moi contento e esperanzado pola promoción do seu bispo á Mitra de Santiago.

Retornamos a Compostela, tras pasar outro día en Lugo, esta vez con Iglesia Alvariño, alí catedrático nese curso, quen xa comezaba a ser un dos meus máximos amigos. Transmitín ós meus compañeiros de redacción, en canto regresei a ela, a miña admiración cara á afable e corpulenta figura do Arcebispo Quiroga, de grandeza física e acaso espiritual —se a cara é o espello da alma— que contrastaría logo tanto, na nosa lembranza, coa facha dos que haberían de se-los seus sucesores na cadeira metropolitana de Santiago.

Quedou así ben disposta a exigua redacción de LA NOCHE para recibir cos máis acendidos prácemes ó crego ourensán que contaba coa unánime simpatía dos cristiáns varóns de *Nós*, tan bos e xenerosos. E o mellor modo sería que o Suplemento Literario correspondente á véspera da entrada do novo arcebispo na sede da súa arquidiócese fose consagrado a exalta-la súa monumental personalidade e a sagrada misión que o agardaba. Del Riego e Isla Couto, obreiros do suplemento, acopiaron unha porción de artigos encomiásticos dos mencionados varóns e doutros epígonos seus como Cunqueiro e Aquilino.

Landeira e eu limitámonos a titular, ocupando toda a cabeceira, o número do recibimento. Había que sintetizar en moi poucas palabras, máis ou menos o que se dixera reiteradamente nos meus "Anacos" sobre a raigame histórica da Mitra compostelana, para darlle a benvida ó seu flamante posesor. E quedou concretado en certa frase en galego que causou extraordinaria impresión.

"Segundo informes fiables (diría hai pouco Xesús Alonso Montero, ó tratar do talento literario do xornalista Borobó nas recentes xornadas sobre xornalistas galegos, na Coruña, do Grupo de Galicia en Madrid) o número (do Suplemento Literario) peor recibido polo pensamento oficial foi o nº 9, cuya primeira páxina estampaba, a propósito do arcebispo Quiroga Palacios, este saúdo: Benvido, don Fernando, á sede de Xelmírez e dos Fonsecas".

Era, talmente, a frase que animou a tanto galego, máis ben escéptico en asuntos relixiosos, a concorrer á entrada do novo arcebispo na capital da súa arquidiócese e á solemne ocupación da súa sede. Os Alvite, nas súas amplas e detalladísimas informacións, darían conta de tódalas circunstancias da apoteósica xornada, que culminaría cando don Fernando repetiu, dende o púlpito catedralicio, a potente palabra do Apóstolo: ¡Possumus!

Pero o afable prelado, investido cedo coa púrpura cardenalicia, pouco puido facer polo benestar e a liberdade da súa grei. Dotado de excelentes aptitudes cortesás e diplomáticas, embelecería coa súa eminentísima efixie de Príncipe da Igrexa os fastos do réxime franquista no seu declive. Aínda que esa é outra historia, posterior á comprendida no primeiro lustro de LA NOCHE.

Polo momento, a entrada de Monseñor Quiroga Palacios motivou unha insubstituíble baixa na súa colaboración: a de Álvaro Cunqueiro, desgustado razoablemente porque se firmara co pseudónimo de Álvaro Labrada, e non co seu nome propio, o precioso artigo co que enxalzaba no noso suplemento, a elevación do seu bispo mindoniense ó pontificado de Compostela.

Pois á dirección do xornal pareceulle inconveniente que aparecese nese laudatorio suplemento o nome do prodixioso escritor que daquela, xornalisticamente, achábase en entredito, ó térselle retirado o carné de prensa. E así perdeu LA NOCHE, xa para sempre, a mellor sinatura galega —e acaso española— do seu tempo.

O censor, o alcalde e o cronista

A censura oficial nada interveu neste caso. Exerceuna durante este primeiro período do diario dirixido por Goñi, un censor abondo orixinal e independente. Tratábase de Rafael Monje Julí, un mozo santiagués que logo de ter sido compañeiro de Isaac Díaz Pardo nas Xuventudes Socialistas Unificadas, tivo como tantos outros, ó iniciarse a Guerra, que irse á fronte, para salvalo pelexo, paradoxicamente.

Mais, alí, Rafael Monje resultou ferido gravemente e a consecuencia diso ingresou no Corpo de Mutilados. Isto facilitou que, esquecéndose do seu pasado, os xerarcas falanxistas o designasen, poucos anos despois, censor da prensa da súa cidade natal. Atendía Monje Julí á súa tarefa oficial coa soltura que lle permitía a tranquilidade —de tranca— existente no ámbito informativo. Ninguén se desmandaba, pola conta que lle traía. Así, limitábase o censor a vixiar amablemente o cumprimento das consignas. E incluso se atrevía a suxerir, ás veces, a posibilidade do seu incumprimento.

Sobre todo en canto atinxía ós asuntos locais. Xa era patente a súa animadversión ó alcalde Joaquín Sarmiento Garra; un falanxista dos de "a revolución pendente", de rara e inquietante personalidade, enfrontado coas forzas vivas da levítica cidade. Monje incitaba a Goñi para que arremetese nos seus diarios contra o estraño alcalde, verificando unha ousada campaña contra el que concluíu coa substitución de Sarmiento polo catedrático de Farmacia, Enrique Otero Aenlle.

Días despois, cando se dirixía Joaquín Sarmiento á III Feira do Automóbil de Ocasión, que nesas datas de xuño de 1950 se celebraba en Pontecesures, a súa moto chocou co coche da alcaldía que xa non ocupaba el, claro está, senón Otero Aenlle; o meu antigo compañeiro como bolseiro da Universidade de Santiago na internacional de verán santanderina, que regresaba aquela mañá de asistir á insólita feira da miña vila.

Foi un accidente sen graves consecuencias, do que os Alvite deron conta nos seus noticiarios locais. E que eu debera recoller na "Crónica de la Ciudad", que se mal non recordo escribía eses días en *El Correo Gallego*. Cumprindo dese modo cotidianamente, por pouco tempo, a miña misión de Cronista Oficial da Cidade de Santiago, posto para o que fora nomeado pola corporación municipal que presidía o propio alcalde Sarmiento; sucedendo a D. Celestino Sánchez Rivera, o antigo director de *El Eco de Santiago*, recentemente falecido.

Quixo así, Sarmiento Garra, co meu nomeamento, quizais, congraciarse coa prensa, elixindo ó xornalista de moda, en vez de designar a algún dos cregos que maior coñecemento posuían da historia compostelana, como eran, indudablemente, os eruditos presbíteros D. José Couselo, D. Jesús Carro e D. Paulino Pedret. Só induciu a Sarmiento a asidua lectura dos meus "Anacos", na súa etapa de considerable aceptación, pois eu nin sequera o coñecía persoalmente. Pero gárdolle dende entón perenne gratitude porque me coubo cobrar trinta duros mensuais, na caixa do municipio, durante moitos anos, que se engadían á escasa remuneración polo meu constante traballo xornalístico. Ata que fun botado da dirección de LA NOCHE e *El Correo Gallego*. E como consecuencia inmediata, en canto marchei de Santiago, substituído no meu posto de Cronista Oficial da Cidade, da noite á mañá...

As datas fundamentais

O estricto cumprimento das consignas emanadas, nese período da Subsecretaría de Prensa e Propaganda, dependente do Ministerio de Educación Nacional era de caixón. Había que andar con pés de chumbo, frase proverbial que se axustaría perfectamente ó metal que máis se utilizaba na arte de imprimir: o chumbo, que alimentaba ás linotipias e á estereotipia.

O certo foi que case nunca había que elaborar na redacción informacións ou comentarios editoriais en gabanza do réxime franquista, pois case todo procedía de organismos externos. Unicamente había de prestarse particular atención ás múltiples conmemoracións das datas fundamentais do Movemento, moito máis que ós seus principios; o 18 de xullo, día do seu auténtico principio; o 1° de outubro, aniversario da elevación de Franco ó poder; o 1º de abril, efeméride final da Guerra española, e acaso outras datas de menor relevancia, nas cales era obrigado dedicar varias páxinas, malgastando o escaso papel de que se dispuña, á celebración de tales fastos.

Menos mal que se cumpría con tan molesta obrigación, botando man dos números extraordinarios dos anos anteriores, correspondentes ás respectivas datas, de *El Correo Gallego*, *El Eco de Santiago* e *El Compostelano* que se conservaban no arquivo, así como doutros moitos xornais de fóra. Especialmente, os extraordinarios dos tres anos da Victoria e do Ano Triunfal, por se-los máis copiosos e acendidos.

Bastaba así poñer ó día os artigos e reportaxes escritos en 1937, 1938 e 1939, e reproducilos como se acabasen de ser escritos. Esto continuaríase facendo na redacción de LA NOCHE aínda vintetantos anos despois da súa escritura. Os últimos que poría ó día serían os do 1º de abril de 1939, ou 1940, transcritos na mesma data primaveral de 1965; dado que o 18 de xullo deste ano, xa fora eu posto de patiñas no Preguntoiro ou na rúa de Altamira...

O recurso do eufemismo

Había que burlar así as normas da censura e da propaganda do réxime de Franco que, por terse convertido nunha práctica consuetudinaria, perderan gran parte da súa virulencia. A cuestión residía en non saírse do testo; en andar polas súas caselas coa maior seguridade e soltura posibles, sen expoñerse ó trompazo. Por iso, podo asegurar que durante este primeiro quinquenio de LA NOCHE, non recordo ter sufrido persoalmente ningunha sanción nin reprimenda por parte das autoridades da prensa. Se ben hei de advertir que se limitaba a miña responsabilidade á escritura dos "Anacos", sen que tivese ningunha, eses anos, en canto á marcha ou dirección do xornal.

Acaso porque me habituara pronto ó modo de escribir que requería aquela época para sortea-la censura oficial e —o que aínda era máis difícil— a da sociedade franquista. Trátase desa habilidade que pondera Alonso Montero, na mencionada conferencia, ó destacar que nos meus "Anacos" tiña que valerme "de elipses, de certos sobreentendidos, de alusións ambiguas, de figuras bífidas e de simbolismos polivalentes".

Era algo semellante ó que o propio profesor e orador preclaro escribira anteriormente sobre o meu estilo xornalístico, considerándoo como un exercicio constante do eufemismo. Co cal estou absolutamente conforme, tanto que dende o instante en que Xesús Alonso o proclamou, presumo de ser un vello virtuoso de tal figura retórica.

E gustaríame usar esa destreza no ben falar, para non incorrer en expresións groseiras ou malsoantes, ó poñer de relevo o contraste entre o que veño escribindo sobre a censura franquista e as pestes que oín dicir dela, en charlas e conferencias, a máis dun mangante que viviu á súa conta ou cooperou apaixonadamente con ela.



A familia de Borobó na lectura do número de La Noche *dedicado a Pontecesures.*

Fose a causa do eufemismo ou a elipse, ou tal vez polas figuras bífidas, a verdade é que a penas deixou de se ensartar ou de se riscar algún dos "Anacos" en todo ese período. Só teño constancia de que deixaran de publicarse un "Lacón con grelos" e certo "Cacho de broa" que escribín no ano 1946 en Madrid, antes de incorporarme á redacción santiaguesa. E aínda penso que puideron extraviarse en Correos, xa que o lacón titulado "Una rebotica original" trataba dun tema tan inocente como era a famosa farmacia pontevedresa da Peregrina, de D. Perfecto Feijóo.

O "Cacho de Broa" extraviado

Sen embargo, o asunto do "Cacho de broa" extraviado puidera ser de maior risco. Referíase ó retorno de Ortega e Gasset a España; exactamente á conferencia pronunciada por Ortega, á súa volta, no Ateneo sobre a súa idea do teatro. E que eu lle escoitei admirado pola súa portentosa memoria e a súa enorme capacidade histriónica que lle facía recitar o previamente escrito, como se o estivese improvisando, no seu marabilloso castelán.

Xa que un par de horas antes da disertación ateneísta de Ortega, entrara eu na sala de lectura de prensa da douta casa para entrete-la espera. E casualmente lin, no número de *O Século* que acababa de chegar, a transcrición íntegra da conferencia que o filósofo español dera o día anterior en Lisboa, co mesmo título e tema que a que daría en Madrid.

Sería a que D. José Ortega repetiría logo no Ateneo, aínda que o seu exordio, o seu musical preludio, deliciosa e emotivamente pronunciado, si que foi deleitosa e absolutamente orixinal. Pois ben, o manuscrito dese "Cacho de broa", titulado "Ortega: un Artime", conservábao entre os papeis do "Corpus Boroborum" e seguiu inédito ata que foi publicado en *La Región* e *Atlántico Diario*, a

principios de 1992. Que eu saiba ninguén lle prestou a menor atención; non obstante, supoño que pode ter certo interese reproducilo, polo pouco que garda de testemuño dun delicado momento da cultura española e tamén por canto suxire sobre as raíces "artímicas" de Ortega e Gasset, que se manifestaban no seu expresivo talante. Escribía eu así, nun pupitre da biblioteca da douta casa, ás poucas horas:

"Y está aquí Ortega... ¿dónde? La inmensa minoría se precipita hacia donde le dicen que actúa, perdiendo la medida, traicionando su propia petulancia, cubierta con la máscara de la indiferencia.

¿Ortega?... ¡bah!, y tantos omniscientes se hacen socios del Ateneo para oirle, o forman cola, o causan un pequeño tumulto en la calle, porque la docta casa no da más de sí...

¿Ortega?, ¡qué nos importa lo que diga Ortega!, pero el público intelectual sufre ese nerviosismo, esa expectación encendida que sólo se aprecia en el instante metadramático —para los diestros— de iniciarse la corrida con un cartel de fenómenos: Domingo Ortega, Manolete, Pepe Luis...

Unicamente un diestro, un fenómeno, un maestro, va a lidiar esta tarde. Tiene apellido taurino, el primero de Domingo, el segundo de los Gallos, Joselito y Rafael. Aseguran que lo que inicialmente escribió don José Ortega fueron crónicas de toros, y aún ahora (1946), en el vocabulario y en la presencia del pensador, queda el aroma de tales faenas.

Aparece en el aula ateneística, le ametrallan los fotógrafos y espera sonriente, como si fuese a iniciar el paseillo.

Se queda sólo sobre la tarima, sobre la arena —¡fuera todos!—, comienza su lección. "Vuelvo —dice— como el gerifalte al puño". Habla en el primer tercio accionando con ambas manos —torea de capa— que suben y bajan, aleteando, a la misma altura siempre. Pero, he aquí que cambia de postura, su mano izquierda se apoya en los riñones y, con majeza, su derecha marca magistralmente la belleza insuperable de sus palabras y su soterrada intención: "Encuentro a España indecentemente sana".

Y, como viene de Portugal, alude a la suerte de la gayola. Mas, remata, entrando por derecho, alguno de sus períodos, con garbo, con la gracia que lleva en la masa de la sangre... y en su enorme masa encefálica.

No obstante... ¿a quién se parece el maestro? A alguien; muy conocido mío, no me cabe duda; en lo hondo de su voz y en lo hondo de sus gestos; no en su acento, no en su medido accionar. Pienso en algún torero, o en algún compañero mío de filas, en Marruecos. Quizá en algún maduro actor de cine —pues en el elenco de Hollywood se halla toda clase de tipo humano— y es inútil, no es por ahí .

No tarda en iluminárseme la memoria y queda establecida en ella la semejanza de Ortega y Gasset con cierta inconcreta figura familiar. ¡Si que es curioso, si que es chocante!... y dejo de pensar en ello. Sin embargo, mientras Ortega repasa sus notas, de repente me deslumbra el motivo de aquella semejanza.

Tal figura familiar, una lejana parienta, se apellida Artime. Don José Ortega asimismo es Artime en su sexto apellido. He ahí la razón oculta de ese aire de familia que tanto me sorprendió".

A presión social

Aludía parágrafos atrás á censura da sociedade franquista, que tal vez fose máis abafante, aínda sendo subrepticia ou escorregadiza, que a propia oficial, fora esta civil ou eclesiástica. De tal xeito que eran máis de temer, na redacción, as viperinas opinións do Maxistral da Habana, por exemplo, que o estricto criterio do censor Capón, máis sumido nas súas teolóxicas cavilacións que preocupado polo acontecer de cada día.

O Maxistral, D. Andrés Lago Cruz, —quen dende o Cabido habaneiro trala caída da dictadura cubana do presidente Machado, pasara a selo do compostelano— exercía unha especie de dirección espiritual do Maxisterio santiagués. Así controlaba a Escola Normal e as oposicións a mestres. A súa chispeante labia e a súa corcovada figura sumábanse para causar máis dun calafrío. A súa besta negra era Pío Baroja e había que ter por tanto especialísimo coidado en non mencionar xamais nos xornais composteláns ó impío don Pío nin a ningunha das súas escépticas obras. Con evidente desgusto de José Goñi, o noso director; o cal, superando o seu suave carlismo, sempre foi un empedernido lector das *Memorias de un hombre de acción* e outras novelas do seu xenial paisano.

A presión social, ben a través dos coengos do Cabido, dos catedráticos da universidade, ou dos cabaleiros do Casino, exercíase con máis ou menos disimulo sobre a dirección dos diarios. Aínda que Goñi, coa súa habilidade característica, sabía esquivar sutilmente esta presión. Como a que tentou efectuar certo catedrático andaluz de Patoloxía e comandante de Sanidade do Exército do Aire, ó pedirlle a miña cabeza. Ou mellor dito, a miña pluma, que tal internista desexaba silenciar. Non lembro por qué.

Outra vez a presión social, ou máis ben cultural, dos catedráticos do Instituto Feminino Rosalía de Castro, conseguiron que con certa razón Goñi me desterrase unha temporada ó meu lugar natal e interrompese a serie dos meus "Anacos".

A causa consistiu nun "Anaco" titulado "El atractivo de las sirenas", no que comentaba unha monografía de Manuel Rabanal con ese mesmo título e sobre ese tema. O opúsculo estaba dedicado á directora, ás súas compañeiras de claustro e ás súas alumnas de grego, no citado instituto, de onde o columnista paralelo a min na última plana de LA NOCHE, fora catedrático.

E eu, rizando o rizo, imaxinaba que se contra toda lóxica ás sereas viñeran cumprir unha misión docente a Santiago, serían sereas "spermológicas, según el concepto del rector de Salamanca (D. Miguel de Unamuno), unas sirenas sin música, con sólo la letra, dice Rabanal, con la tentación de un verbo confidencial y relatador de sucesos. Sirenas, licenciadas en Ciencias o en Letras, catedráticas o profesoras adjuntas, o sirenas en trance de hacerse bachilleras".

As outras, as sereas musicais segundo a tese doutro mestre salmantino, Tovar, —fantaseaba eu— serían evacuadas ó Instituto Masculino, dende que se fixera sitio ó Conservatorio da Sociedade Económica de Amigos do País. E Rabanal, ó cambiar de instituto, fórase con elas, aban-

donando así a Pura Lorenzana, a directora do Rosalía de Castro, e demais profesoras e as súas discípulas de Grego.

Unhas e outras, as spermólogas e as cantantes da antigüidade, tiñan ás e peito de paxaro, e serían por tanto uns esperpentos, pois carecían do lúbrico atractivo das sereas de Simbad, e por iso sería moi difícil percibi-lo atractivo daqueles híbridos de loro e licenciada se chegasen a pasear polas rúas.

Aquel "Anaco" deu motivo a todo tipo de interpretacións, relacionándoo con circunstancias persoais que o seu autor ignoraba totalmente. D. Hilario Sáez, secretario do instituto, e o catedrático de Física e Química, D. Eladio Gayoso, antigos bolseiros comigo da Universidade Internacional de Verán, viñeron moi compunxidos a solicitar de Goñi, en nome do claustro do seu instituto, unha reparación polo dano moral que sen comelo nin bebelo, causara a miña pluma á súa directora e ó seu profesorado feminino. O meu director calmounos, asegurándolles que eu escribira o "Anaco" de boa fe, tan só por compracer a Rabanal.

Non obstante, para que se serenaran os ánimos das supostas sereas, Goñi considerou oportuno que cambiase de aires, suspendendo á vez a publicación da miña columna. Mais, ás poucas semanas avisoume de que podía reanudala, aínda que variando o seu epígrafe e usando outro pseudónimo durante algún tempo. Foi así polo que apareceu de novo, no lugar habitual, a miña columna coa rúbrica de "Atlas en el Toral", nome doutra sección, feita de recortes de prensa, composta por min, e asinada dende ese día co alcume de Julio Sierra, que fora o que máis utilizara nas miñas colaboracións madrileñas; ata que apareceu, moitos anos despois, outro xornalista que efectivamente se chamaba así.

Máis tarde coincidín con dona Pura Lorenzana, como membros ambos da primeira xunta de goberno do Padroado Rosalía de Castro, e disipáronse os malentendidos que existiran contra min, iniciándose unha cordial amizade, impulsada pola miña breve campaña en pro do acceso de Chamoso Lamas á cátedra de Historia da Arte que ela patrocinaba.

Con ou sen caxato

Se ben a presión social estivo a punto de realizarse con maior contundencia cando se presentou na redacción, provisto dun rexo caxato, José Luis Azcárraga y Bustamante, oficial do Corpo Xurídico da Armada e futuro guionista de "Botón de Ancla", a quen irritara moito o comentario que fixera sobre outra obra súa, da que o título e o contido se disiparon no meu cacume. Afortunadamente eu fora aquel día a Padrón, ver á miña moza. E o ousado escritor marchou moi decepcionado por non lle ter sido factible desconxestiona-las súas iras sobre as miñas costas.

Sen caxato, pero cunha intención semellante, presentouse así mesmo na redacción, atopándome esa vez nela, Juanito Arias, aquel albino e devoto imitador do Caudillo, do que reproducía á perfección a súa voz atiplada. Era fillo de Arias Andréu, factótum en Madrid da Dirección Xeral de Ensinanza Primaria. Veraneaban na Coruña e, neses días, Juanito, devecía pola xentilísima Victoria Fernández-España (hoxe Armesto), en quen acababa de delegar Carmencita Franco a doce encomenda de ser raíña nos Xogos Florais coruñeses.

Ó glosar tan poético acontecemento gabara a designación de María Victoria, escribindo algo así que ben a merecía porque era tan rica pola súa casa como pola súa fermosura física. Foi o que molestou ó galante Juanito Arias, que, ó considerarse ofendido, veu a Santiago, disposto a se enfrontar comigo. Expliqueille que compartía con el a admiración pola belísima raíña dos Xogos Florais e que quizais me excedera na consideración da súa riqueza.

Quedamos amigos Juan Arias e o asinante, ó que contribuíu a nosa mutua amizade con Blanco Tobío. En canto á nova e intelixentísima María Victoria, pouco tardaría en iniciarse a nosa excelente relación, que alcanza ata agora mesmo, e que empezou cando ela visitou Santiago, o día do Apóstolo, no Ano Santo de 1948. Acompañada ese día de Muíño Louredo, novísimo entrevistador, de insuperada axilidade, que pronto se exiliaría a Venezuela en amor e compañía do delegado provincial de Información e Turismo, Miguel de los Santos Reyero.



Peregrinación do Arciprestado de Iria Flavia durante a Gran Perdoanza de 1948. Entre Borobó e Jesús Alvite peregrina o profesor Celestino Noya.

Recordo que antes de vir a verme á redacción a xuvenil parella xornalística herculina, foran saudar a Pepe Alvite, en plena Capela Maior da Catedral, mentres este transmitía por Radio Galicia a cerimonia da Ofrenda ó Patrón de España. Pretendían que o menor dos Alvite lles facilitase os medios para celebrar dignamente a Gran Perdoanza, pois saíran sen un can da Coruña. O cal evidenciaba que na riqueza metálica de María Victoria existía, naquela época, inesperados e divertidos números vermellos.

Dende entón manteño con María Victoria Armesto, tan extraordinaria xornalista como excepcional política, unha amizade longa e intermitente que ben transloce nas páxinas máis cariñosas do meu *Libro de los Tropiezos*.

A intrahistoria de Montero Díaz

Advirto agora que estou escribindo a intrahistoria de LA NOCHE, máis cá súa historia externa, ou sexa a que transloce ó contido das súas páxinas, xa que non dispoño, para trazar esta da súa colección. En cambio, para compoñe-la intrahistoria (unamunesca), basta con deixar fluí-lo manancial da miña cabeza, pola que se filtra posiblemente o máis pintoresco e á vez o de maior substancia de canto aconteceu dentro daquela nunca esquecida universidade a distancia que, en certa medida, foi LA NOCHE.

Tendo en conta que non tódolos mestres que nalgunha ocasión sentaron cátedra na sala de redacción, manifestaban o seu saber ou o seu humor a través das planas de tan aberto vespertino. Pero vivían as súas xornadas santiaguesas en amable contacto con quen gañaba o pan de molete nesa casa do Preguntoiro. Como lle ocorreu, durante os primeiros cursos desa espontánea Facultade de Xornalismo, nada menos que a Santiago Montero Díaz: o máximo enxeño do estamento universitario español, o mellor conferenciante que cabería oír, o máis irónico e sabio conversador que existiu nas tertulias tabernarias de Madrid e Compostela.

Volvía Santiago Montero á súa cidade epónima con bastante frecuencia naqueles cursos, para explicar admirables leccións onde a Historia se elevaba ata altos cumes filosóficos. Así, nun dos seus ceos de conferencias, trazou as coordenadas do papel esencial de Galicia na Historia de España, en varios momentos fundamentais, que servirían logo de pauta para a Galicia Histórica que proxectaba edita-lo Instituto Padre Sarmiento.

Escoitar a Montero constituía para os cultos compostelanos o espectáculo intelectual preferido. Contaba cunha serie de incondicionais de tódalas ideoloxías que permanecían fieis ó seu talento a pesar das súas extravagancias políticas e persoais. O temario das súas disertacións era amplísimo e eu recordo de xeito especial as dúas distintas que lle oín sucesivamente en Madrid e en Santiago con motivo do cuarto centenario de Cervantes. A unha e outra dediqueilles senllos comentarios que figuran entre os meus *Primeros anacos santiagueses*, publicados por Ediciones de Ánxelo Novo.

Dicía no escrito madrileño, que en Montero "la ironía, el auténtico humor gallego, servido por una cultura humanísima, se depura, se decanta, hasta obtener la sutilidad de un Larra o un Heine. Sin embargo, Montero Díaz quiere ser un Burchcardt —o un Tucídides— y desprecia a su primordial actitud. Lo lamentamos", concluía.

A segunda conferencia cervantina de Montero que escoitei foi pronunciada no Círculo Mercantil de Santiago, sito tamén na rúa do Preguntoiro. Como quen di na nosa propia casa, pois cada dous por tres acudiamos ó seu "ambigú" de onde os aprendices da imprenta nos traían á redacción os múltiples cafés que despexaban o noso maxín, vencendo a Pedro Chosco a medianoite.

Tivera de véspera un inesperado preludio a conferencia sobre Palomeque, o Anti-Quijote, na propia redacción de LA NOCHE. Trala relectura que alí fixo do *Don Quijote, 1947*, obra dramática de Xosé María Castroviejo, o seu mesmo autor "el poeta de la barba bruna". Escasos amigos asistiron a tal lectura, entre os que se contaba Álvaro Ruibal, o ex-director de *Destino*, mencionado páxinas atrás. Comentaría eloxiosamente na miña columna a quixotesca peza de Xosé María, así como a maxistral glosa que dela bordou verbalmente Montero Díaz.

Pero o que máis nos marabillou a todos aquela inolvidable madrugada de marzo de 1947, foi a estupenda capacidade ximnástica do catedrático de Historia Antiga da Universidade Central (que quizais se apelidase xa Complutense), profesión que compartía coa súa afección de escalatorres. Pois aínda sendo Montero Díaz de pequena estatura e de complexión aparentemente débil, cal colofón á súa sutilísima charla, saltou cos dous pés xuntos, como impulsado por un súbito resorte, á mesa de Landeira, que era a máis alta e ancha da redacción.

Gran parte daquel curso pasouno o profesor Montero na cidade onde cimentara o seu singular acervo intelectual. Transitaba polas rúas coa confianza propia de quen nunca deixara de ser de todo un escolar de Compostela. Coñecía tódolos seus recunchos e era coñecido por tódolos seus veciños. Acollíaselle con unánime agrado cando penetraba nas tascas do Franco, acompañado de Doval, o seu constante admirador, pulcro funcionario do Banco de España, no que a inveterada cortesía a penas deixaba transluci-la súa profunda retranca. Ou ben Montero se aproximaba ás tabernas da rúa Travesa, onde lle soía dar xentil escolta Lito Santamaría, daquela na súa etapa de furioso totalitarismo.

Tanto que certa noite veu Santiago Montero a comunicarnos, pasmado, que descubrira ó máis orixinal teólogo contemporáneo. E non o dicía por dicir, pois el prezábase de ter sentado cátedra de Teoloxía na Universidade de Murcia, onde tivo por discípulos a numerosos cregos, algúns dos cales unxían xa a mitra episcopal.

Este maxisterio teolóxico, patente na universidade murciana, é o que autorizaba a proclamar ó catedrático Montero, trala súa conversación na rúa con Luis Vázquez Santamaría, o noso inefable crítico musical, que este inconmensurable Lito sobrepasaba sen dúbida a sabedoría de Santo Tomás de Aquino, ó terlle oído proclamar o seguinte:

—Mire vostede, profesor Montero, ¡eu estou absolutamente seguro de que Hitler é Xesucristo e Mussolini, a Virxe María!

E Santiago Montero, despois de comunicárno-la súa asombrosa invención, marchou presuroso cara á rúa de Bautizados, onde residía aquela temporada na casa do seu parente, o zapateiro Díaz. A quen estimaba tanto que abandonara aquel curso a súa cátedra de Filosofía da Historia na Cidade Universitaria madrileña porque sentía a íntima obriga de preparar ó fillo do seu parente para o ingreso na Universidade de Santiago. E fíxoo tan a conciencia que o seu afastado curmán, ou sobriño, regular estudiante, obtivo matrícula de honra naquel exame, reválida, ou o que fose, de Estado.

Frustrado lance de honor

Por asociación de ideas xuvenís traio agora a colación a Felipe Fernández Armesto. Pois foi precisamente o seu correlixionario na mocidade, Santiago Montero Díaz, quen nos revelou (durante o curso 1933-1934 ós seus contados e fugaces discípulos de Historia Antiga, no pequeno café Lea da rúa do Vilar) o seu pseudónimo de Augusto Assía e o motivo de usalo en *La Vanguardia*.

Tardei aínda varios anos en coñecer a Augusto Assía. Ocorreu unha tarde do 1946, no Hotel Palace, recén chegado Fernández Armesto a Madrid, tras un lustro de famosísimo correspondente en Londres. Acompañabamos Blanco Tobío e mais eu a D. Vicente Risco, o mestre insigne da intelectualidade galaica; quen nos presentou ó xa célebre xornalista, en presencia, por certo, da escritora Eugenia Serrano e do seu mozo Alberto Fernández, curmán de Felipe.

Volveríao a ver, un par de anos despois, xa en Santiago, cando Assía retornou á súa *alma mater* e falou, na aula magna de Dereito, sobre as súas experiencias de único correspondente español na Inglaterra bélica. Logo a Asociación da Prensa ofreceulle unha cea, cun coloquio do que recordo que Álvaro Ruibal deixou a Assía pampo coas súas divertidas e escabrosas referencias ós costumes eróticos de coñecidos colegas dun e outro sexo.

Daquela cea naceu o acordo entre Goñi e Assía para insertar tamén en LA NOCHE as crónicas que tan cotizado correspondente publicaba naquel gran rotativo catalán. Dende a redacción deste serían transmitidas telefonicamente á do noso diario. O cal habería de saír por un ollo da cara, dado que o vocabulario, un tanto angloparlante, das crónicas de Augusto Assía, tropezaba coas limitacións da estenografía compostelá. E pronto resultaron insostibles para a estricta administración da Editorial Compostela.

Aquela fugaz colaboración de Augusto Assía en LA NOCHE puido provocar un gracioso lance de honor. Posto que a Xosé María Castroviejo, acaso por remotos rancores escolares, disgustoulle a reaparición de Fernández Armesto na prensa galega e arremeteu, dende *El Pueblo Gallego* que entón dirixía, contra o antigo (e xuvenil) correspondente universitario dese mesmo xornal en Santiago.

Ataque ó que respondeu o propio director de LA NOCHE cun sardónico artigo no que puña como chupa de dómine ó seu barbudo colega na prensa olívica. Tanto que Xosé María se considerou ofendido, aparecendo á noite seguinte na nosa redacción, co cabaleiresco propósito de retar a José Goñi a un duelo, fose a sabre ou pistola, que podería verificarse inmediatamente na Ferradura. Goñi aceptou o desafío e partiron ámbolos dous presuntos duelistas cara á Alameda, dispostos a batirse, sen padriños nin ningunha cerimonia. E sen armas, pois non as portaban, co que quizais todo se reducira a un furibundo puxilato a puñazos.

Por se acaso se liaban a labazadas seguímolos Landeira e mais eu, ocultándonos primeiro tralas columnas dos soportais, para que non observaran o noso seguimento. E logo, escondéndonos tralos carballos de Santa Susana, vixiabámo-los mentres Goñi e Castroviejo discutían asperamente, descorrendo polo Paseo dos Leóns. Dispostos a intervir nós para separalos, en canto ambos directores de xornal se fosen ás mans. Pero foi innecesaria a nosa mediación, xa que descendeu o ton iracundo das voces dos ex-futuros duelistas, frustrándose amigablemente aquel xornalístico lance de honor.

A Procesión do Encontro

Xosé María Castroviejo estaba emparentado (polas súas raíces na Serra de Cameros), igual ca min, cos piadosos propietarios de Editorial Compostela S.A. Sen embargo, o seu home de confianza na prensa nunca deixaría de ser José Goñi; quen sutil e socarronamente sempre levaba o gato a auga nas súas empresas xornalísticas, suavizando o fanatismo relixioso e político daqueles afastados parentes meus que Deus teña na súa gloria.

Para explicar aquela rara conexión, a través de Goñi, entre os Sáenz-Díez (D. Pedro e D. Juan) e seres tan agnósticos como José Landeira e o que isto escribe, nada máis adrede que transcribi-los folios iniciais doutro longuísimo capítulo inédito do meu "Memorial de Trevonzos"; nos cales describo certa procesión celebrada durante a Semana Santa de 1948, se non equivoco a data:

"Sabida es la importancia que en cualquier ciudad levítica, o en cualquier villa beata, posée el delicado encargo de portar el estandarte en una procesión".

Pois ben, naquela Semana Santa encargaran de leva-lo estandarte da Procesión do Encontro a Juanito Sáenz-Díez, o fillo de dona Isabel, a filla do arquetípico comerciante Simeón García, o dos agora desaparecidos almacéns. A nai era unha institución en Santiago, especie de raíña Victoria

xacobea, emperatriz das indianas e demais teas, o seu Balmoral era a santiaguesa Vista Alegre e os seus pazos de Buckingham e de Windsor viñan sendo as súas casas de Barcelona e de Madrid. A piedade, a bondade, a xenerosidade de dona Isabel eran proverbiais. Non hai que confundila co Dr. García-Sabell, ex-senador real e presidente da Real Academia Galega. Advírtoo porque, máis dunha vez, carteiros novatos levaron correspondencia dirixida a dona Isabel García ó domicilio de García-Sabell e cartas enviadas ó futuro amigo do rei entregadas á súa case homónima dama.

Juan Saénz-Díez, carlista de Fal Conde, tesoureiro da causa de D. Alfonso Carlos e do seu sobriño D. Francisco Javier de Borbón Parma, era daquela o dono da maioría das accións da Editorial Compostela S.A., propietaria de *El Correo Gallego* e LA NOCHE; vespertino este último recentemente fundado pola inventiva sen pausa de José Goñi Aizpúrua; correlixionario do fillo de dona Isabel, ó cal sabía embarcar, con fantástica habilidade, nas súas navegacións xornalísticas. Alí, en LA NOCHE atopara eu portos de refuxio, e novecentas pesetas ó mes, por escribi-los meus "Anacos" e outras menores tarefas. Á fin percibía un soldo fixo, que, aínda sendo escaso, me permitiu casar. Cesou así a miña bohemia existencia, baixo o patrocinio de Goñi; quen malia ser carlista, era tan liberal como Marañón e tan independente, no fondo do seu pensamento, como o seu paisano Pío Baroja. Algunhas veces esixía, sen embargo, certas claudicacións: asistir á Misa de San Francisco de Sales, Patrón dos xornalistas, e logo cumprimentar ó Arcebispo Muniz de Pablos, era case a única delas.

En casos así, eu citaba a frase de don Avito en *Amor y Pedagogía*: "La sociología me aconseja transigir", e ía tan campante, como iría a comulgar con rodas de muíño, pois cada ano nacíanos unha filla e había que darlles Pelargón. Por iso non puxen excesivo reparo á pretensión de Goñi de que o acompañase con candea, igual que tódolos demais membros da redacción e empregados de Administración e Talleres, na Procesión do Encontro; o seu estandarte portaríao D. Juan Sáenz-Díez García, vicepresidente do Consello de Administración e máximo accionista de Editorial Compostela S.A. O único que se negou a ir con candea foi José Landeira Yrago, que iniciou en LA NOCHE a brillante carreira xornalística que culminaría na dirección de *Faro de Vigo*. Principal redactor do vespertino santiagués naquela data, pois eu, non obstante á miña fama de "anaqueador", só era daquela un simple axudante seu. Landeira posuía a independencia de espírito e de materia suficiente para negarse a cumpri-la recomendación, máis que imposición, de Goñi.

Aínda me lembraría anos despois Landeira, no Café Gijón, aquel enfrontamento seu co noso director. Novísimo, solteiro e de firme carácter, a Landeira non o dobregaban a finais dos anos 40, nin Goñi, nin don Juan, nin dona Isabel, nin o Arcebispo Muniz de Pablos, nin a pantasma, que por desventura aparecera, de don Berenguel de Landoira, mestre xeral da Orde de Predicadores e sanguinario arcebispo compostelán; quen no seu palacio da Rocha Branca montou a traidora celada ó Consello de Santiago, facendo pasar a coitelo ós burgueses da cidade xacobea que o formaban; así como ó Pertigueiro da Mitra, Súarez de Deza.

Pois ben, Landeira —chamado, en broma, Landoira, como don Berenguel, por Álvaro Ruibal— posuía a firmeza daqueles burgueses ou artesáns de Compostela, dos que o seu máximo mártir foi Juan Tuorum, o home santo de Bonaval Landeira non iría á procesión aínda que lle destilasen o sangue na Estila, o sanguento lugar que, como estaba escrito, concluiría sendo residencia do Opus Dei en Santiago.

Logo segue a morosa recensión da Procesión do Encontro e a relación personalizada das notabilidades compostelás da época que concorreron a ela, así como o incrible sermón que pronunciou na misa o seráfico P. Figueiras.

Coas notabilidades de Compostela

Outra ocorrencia de Goñi á que tampouco se sumou Landeira foi a celebración da subseguinte Festa do Santo Patrón dos xornalistas no humilde comedor da Cociña Económica, xunto ós pobres vergonzantes ou sen vergoña. Ademais da dirección dos dous diarios santiagueses, exercía Goñi a presidencia da Asociación da Prensa compostelá e para evitar maiores dispendios e dar á vez a sensación de que os xornalistas nos conformabamos, naqueles anos de racionamento, coas minutas de Dama Pobreza, decidiu que invitasémo-lo día de San Francisco de Sales, ós sólitos comensais de tan caritativa institución, participando nós así mesmo no compango.

Pero Landeira Yrago negouse de cheo a asistir a aquela comedia dramática, ou comida melodramática, a dúas pesetas o cuberto. E quedouse sen escoita-la resposta de D. Cándido Garabal, o pobre vergonzante máis notable e enxeñoso de Santiago, sentado á nosa mesa, á pregunta que lle fixo Goñi, antes de que se servira a sopa.

— ¿Que tal se come, don Cándido, nesta Cociña Económica?

—¡Moi ben! —respondeu pausadamente o vello e modesto artista— Moi ben... as monxas moi ben...

Cando lle contei a Landeira esta intencionada e cabal contestación, considerouna moi propia do provecto pintor e orfeonista establecido na Casa da Troia; digno fillo e herdeiro de D. José Garabal, pintor titulado da Casa Real e retratista insuperable das notabilidades de Compostela, ou sexa os mendigos picheleiros do seu tempo.

Tratara eu dese cadro, e os seus mendicantes personaxes, nun extenso informe, aínda asinado por Julio Sierra, que logo recollín e ampliei nas postreiras páxinas de *El fantasma de Valle-Inclán* (primeiro volume dos *Papeles de Borobó*). Onde sinalaría o seguinte: "El actual jefe de Gabinete de Prensa del Tribunal Constitucional, José Landeira Yrago, tituló aquella última página de LA NOCHE, consagrada a la hermosa historia de Campanachoca y la Pindonga, con valle-inclanesco desparpajo: Colorín, pingajo y hambre; proclamaba en grandes versales y seguía en mayúsculas: De como "la Pindonga", moza guapa y tronada, se enamora de "Campanachoca". Las notabilidades de la gallega compostelana, retratadas por don José Garabal, discípulo de Madrazo y compañero de Dionisio Fierros", concluía en minúsculas o longuísimo epígrafe.

Quen logo sería suplente e sucesor de Álvaro Cunqueiro na dirección de *Faro de Vigo*, xa dominaba, como ninguén no xornalismo español, a lingua castelá; dende que facendo sentinela na columna africana de Hércules, aprendeu de memoria o diccionario da Real Academia Española.

O Padroado Rosalía de Castro

José Landeira coadxuvou, en cambio, á posta en marcha do Padroado Rosalía de Castro, unha creación dos galeguistas na clandestinidade que se baseaba na posesión da Casa de Rosalía, onde morreu a Cantora do Sar. O nome auténtico do terreo era o de Horta da Paz, denominación

menos belicosa cá de Casa da Matanza, topónimo que corresponde á aldea padronesa na que está encravada.

Dous sinxelos comerciantes santiagueses, D. José Villar Granjel e D. José Mosquera Pérez, comprárana naqueles meses iniciais de LA NOCHE; alertados por Jesús R. Alvite, quen na súa incansable busca e captura de prometedoras noticias, enterárase, en Padrón, de que estaba en venda. Se mal non recordo, costoulles corenta mil duros, que en pesetas de agora serían unha millonada.

Mosquera Pérez era o popular Vello dos contos; aquel que nos anos inmediatamente anteriores á guerra entretiña coas súas típicas narracións ós oíntes de Radio Galicia, emisora creada co obxecto de facer propaganda do primeiro Estatuto Galego e hoxe propiedade da SER. Tiña entón como acólito, ou mozo, a un rapaz moi listo, Ángel Porto Anido, que foi logo, con Franco, alcalde de Santiago, para a miña expiación.

O foco santiagués do galeguismo na clandestinidade estaba neses anos —antes de que Ramón Piñeiro fose a residir en Compostela— disimulado no almacén de Ángel Estévez, sito na praza de San Agustín. Alí trafegaba o Vello dos contos, como principal dependente, xunto ó apoderado do negocio, Manuel Beiras, que alentaba con Mosquera a nunca de todo apagada chama do galeguismo. Mosquera e, sobre todo, Beiras mantiñan estreita relación co grupo galeguista vigués. Eran bos católicos e merecerían ser beatificados pola súa consagración á cultura galega naqueles anos de oprobio. Se Beiras estaba máis a gusto entre a elite, Mosquera viña a ser un mensaxeiro entre o pobo, ó que conquistaba cos máis finos cigarros que se liaban en Compostela.

O Vello dos contos repartía cada xornada un centenar de cigarros, liados especialmente para el, entre cantos amigos atopaba ó seu paso; no percorrido dende o seu almacén de San Agustín ata o Círculo Mercantil, onde tiña a súa habitual tertulia con Villar Granjel e outros honestos tendeiros composteláns. Fose onde fose, en tales días de restricción de toda clase os saborosos cigarros de don José abrían tódalas portas.

Así, sempre estaban franqueadas para Mosquera as portas de LA NOCHE. Aínda que eu non fumase, nin apenas Landeira, nunca facía falla que interviramos para que os Alvite tomasen boa conta de canta información traía o Vello dos contos sobre a Casa do Padroado ou a Misa de Rosalía. E non só ó conxuro dos deliciosos cigarros de Mosquera, pois Jesús Alvite, que dende o momento inicial cooperara á compra da casa rosaliana, case sentía tanto entusiasmo por ela como Mosquera Pérez e Villar Granjel. Sen embargo, foi excluído da primeira xunta do Padroado que había de coidala. Non así Landeira e Borobó.

Poucos se lembran xa de D. José Villar Granjel, apacible solteirón e íntimo amigo e contertulio de Mosquera, que era un dos donos do famoso Bazar Villar, situado daquela fronte ás Orfas, onde agora está a Caixa de Aforros. Ó pouco tempo de adquiri-la metade da Casa de Rosalía, finou, legando a súa propiedade ó Padroado que fundara co fin de coidar daquela. A outra metade, que comprara Mosquera Pérez facendo un gran sacrificio económico, para non perde-la difícil oportunidade de rescata-la lírica morada, foi anos despois aboada polo Centro Galego de Bos Aires, quedando tamén como propiedade do Padroado.

O Padroado, fundado por Villar e Mosquera co fin fundamental de restaurar e mante-la Casa de Rosalía, foi posto en mans dos intelectuais galeguistas que constituíron o seu Consello Asesor. Ningún deles, Otero Pedrayo, Gómez Román, Iglesia Alvariño, Salvador Lorenzana, etc., residían eses anos en Santiago, pero acordaron nos estatutos do Padroado que tódolos membros da súa xunta directiva terían de ser residentes en Compostela. É dicir, excluíronse dela, pero seguirían influíndo no Padroado por medio de persoas interpostas, indicadas por eles mesmos.

Foron estas significadas notabilidades, polas súas ideas afíns ó pensamento fundamental do Padroado, presididas por D. Luis Iglesias, postreiro rector da Universidade na época republicana e director que fora do clausurado Seminario de Estudos Galegos; mentres que a vicepresidencia a exercería o propio Mosquera Pérez. O peso literario do Padroado levaríao, como secretario xeral, D. Fermín Bouza Brey, a quen acompañaban na Xunta outros arqueólogos e eruditos como foron Chamoso Lamas, D. Antonio Fraguas e os cregos D. Jesús Carro e D. Paulino Pedret, tan excepcionalmente posuídos de fervor rosaliano. Manuel Beiras e quizais algún outro señor completaban cos dous noveis xornalistas de LA NOCHE antes citados aquela primeira Xunta do Padroado.

Como había que dar tempo ó tempo para que os serradoiros do Ulla abandonasen a Horta da Paz que ocupaban como arrendatarias, acostumabámonos entreter nas reunións de tal Xunta tratando, dende xaneiro, da Organización da Misa de Rosalía, que se viña celebrando xa, na tarde do 25 de xullo, Día de Santiago, anos antes da constitución do Padroado, promovida por Beiras e Mosquera. Faciámolo con tanta anticipación porque resultaba aventuradísimo preparar aquela Misa excepcional, a única dita en galego durante a longa noite de pedra.

Era moi complicado atopar ó crego disposto a dicila que non suscitase suspicacias entre as xerarquías da Falanxe. ¿Querería o bispo e vigairo capitular, Mons. Souto Vizoso, dotado de tan enxebre acento, oficia-la misa? ¿Ou habería que recorrer, como solución habitual, a D. Jacinto Piñeiro, coengo de Segovia e natural de Santa Minia? Todo isto para preparar o que Pedro Martul denominaría, con certa razón, a Misa dos ateos. Pois acudía a ela, tanto ou máis que fieis católicos, unha sarta de incrédulos que só nesa ocasión, polo Apóstolo, pisaban un templo..., salvo para asistir a vodas, bautizos, ou funerais, ou que participasen nalgunha excursión artística. Así a ben apodada Misa dos ateos reunía ós contados masóns que quedaban en Santiago, ós supervivintes do republicanismo compostelán e cantos outros, tamén tachados de roxos, viñan á cidade xacobea para festexar dese xeito o Día de Galicia. Acaso máis que por devoción a Rosalía, a Nosa Señora da Saudade, polo que significaba a Misa, en Santo Domingo de Bonaval, como única manifestación anual que existía en todo o país de silenciosa oposición ó réxime imperante.

Sen embargo, no resto do ano, Mosquera Pérez actuaba por toda a Xunta. Non cedendo nas súas xestións ante determinados organismos oficiais de Galicia, ou nas súas demandas epistolares ás sociedades galegas de América. Pero aquí ninguén respondía para salvar da ruína á última morada da Cantora. Os tellados desmoronábanse, a traza comíase tódalas vigas de madeira, en suma, un desastre. Aínda que o peor viña a ser, sen dúbida, o lamentable aspecto da horta; ocupada pola piñeira daqueles serradoiros que aproveitaban a boa situación da finca, á beira da estación padronesa. Inxentes moreas de casca de piñeiro estragaban, criminalmente, o loureiro, o acanto e as roseiras de Rosalía.



Coas forzas vivas de Pontecesures algúns dos xornalistas, escritores e artistas que acudiron á III Feira do Automóbil de 1950. Entre outros Carlos Sobrino, Goñi, Posada Curros, Borobó e Landeira.

Sucedeu entón que na miña vila natal celebraron as Vodas de Prata da I Feira do Automóbil de Ocasión, verificada alí en 1925, por vez primeira en España, coa entusiasta realización da III Feira. Concorreron a esta, invitados polo Comité dela que presidía o meu pai, as autoridades e as forzas vivas máis próximas, así como a representación da prensa, entre os cales nos atopabamos Goñi, Pepe Alvite, Landeira e este asinante. O Comité convidounos a un opíparo almorzo en Casa Castaño, daquela o restaurante de maior prestixio de Galicia. Saímos do convite cheos de euforia e de confianza no progreso económico e cultural do país.

Quixo o torto destino que á saída nos correspondese visita-lo posto que na Feira montara o gremio da madeira, presidido polo propietario dos nefandos serradoiros. E para maior escarnio o posto estaba amoblado cunha serie de negros encerados escolares, sobre cabaletes, nos que resplandecían, escritos con xiz, os máis saudosos versos rosalianos, particularmente os que mellor se acomodaban á exaltación do monte e o seu arboredo. O contraste entre a casca que colmaba a Casa de Rosalía e aquela utilización propagandística dos seus poemas era ben escandaloso. Ocorréraselle a un conspicuo intelectual galeguista e colaborador de LA NOCHE que desempeñaba, con moito talento e eficacia, eso si, a asesoría xurídica daquel gremio.

A miña reacción ante tan sorprendente hipocresía foi tan súbita e inesperada, que se sobrepuxo á miña natural cautela, velada a esa hora pola euforia que me posuía. E sen encomendarme a Deus nin ó demo, derribei mediante unhas labazadas un par de taboleiros. Inmediatamente sentín sobre as miñas costas a anónima potencia duns puños e que alguén descargaba ademais sobre a miña sinistra meixela un sonoro sopapo.

¡Alí foi Troia! Cántos entraramos un minuto antes conversando placidamente, de pronto enfrontámonos a golpes uns e outros. Pois os do sector madeireiro responderon instantaneamente e furiosamente ó meu ataque contra a súa lírica e petulante exposición. E en solidariedade comigo, Pepe Alvite e Pepe Landeira, que estaban na animosa flor da súa mocidade, liáronse a puñazos con quen me agredía. Ata que o meu pai e os demais membros do Comité cesureño puideron restablece-la paz naquel repentino campo de Agramante.

Con este contundente episodio da nosa intrahistoria xornalística interrumpo, por un momentiño, o longo extracto do "Memorial de Trevonzos", constituído por estes *Papeles de Borobó*, sobre "LA NOCHE e as estrelas" que acaban de ler.

Madrid, 12 de decembro de 1995

Na procura dunha conciencia mítica en *La Noche*

Luz Pozo Garza

"Plumas y Letras Gallegas"

Nunha ollada provisional ós poemas da miña prehistoria poética, asumiría aquel xuízo reiterado da crítica. Xulgábaseme como poetisa de integración panteísta. Miguel González Garcés insistía nesta apreciación que foi tan difundida. En abril de 1966, baixo do título "Plumas y Letras Gallegas", aparecía unha páxina literaria na 4ª plana do diario vespertino compostelano *La Noche*. O día 2 de maio, un crítico anónimo facía a miña presentación pública. Sospeito que sería o escritor ribadense Dionisio Gamallo Fierros, vello amigo e paisano.



Luz Pozo publicou os seus poemas na páxina de "Plumas y Letras" de La Noche

As palabras do presentador eran excesivamente xenerosas e optimistas. Penso que o poema que se mostraba nada auguraba en si mesmo: filiación romántica, intimismo angustioso, tema da incomunicación do primeiro amor, onde xa se incorporaba aquela inmersión na natureza que ía ser unha constante no futuro: "Qué ansia de no ser nada entre la niebla". Intuitivamente desenvolvería esta liña telúrica, manifestación dunha conciencia mítica, que tomaría diversas direccións e resultados estéticos moi diferentes.

O mentor Dionisio Gamallo Fierros

Se os profesores Evaristo Correa Calderón e Primitivo Sanjurjo foron os primeiros en descubrir a miña vocación poética cando nena, o primeiro en interesarse e aconsellarme, foi sen embargo o meu paisano, o escritor Dionisio Gamallo Fierros, quen ía ser o meu primeiro mentor. Nós, e as nosas familias, coñeciámonos dende a infancia en Ribadeo. Cando regresei daquel transterramento imposto pola guerra, xa tiña 18 anos. Vivía daquela en Viveiro, onde seguía o bacharelato, tan interrompido polas vicisitudes vividas. Dionisio visitounos e levou algunhas mostras dos meus incipientes versiños. Días despois, recibín unha tarxeta, con apertada caligafría, que aprendín de memoria. Máis ou menos dicía así:

"He vuelto a leer tus maravillosos versos, encontrando en ellos riqueza de imágenes y una delicadeza infantil tipícamente femenina... Cultiva tu predilección por los diminutivos, que comunican tanta gracia a la índole de tus sueños. Huye de los poetas declamatorios que fueron coronados en vida, Quintana, Zorrilla, Rueda. Busca el estímulo en los que tuvieron que morir para nacer a la vida de la forma y cantaron en voz baja la acendrada melodía de sus encontradas aspiraciones: Garcilaso, Bécquer, Rosalía..."

Tratábase dunha excelente poética que non sei se sempre seguín. Si sei que ó profesor e poeta Dionisio Gamallo Fierros, crítico fondo e sagaz, débolle moitísimo. Animoume continuamente. Espallou aqueles poemas adolescentes en conferencias e recitais. Escribiu longamente sobre min na prensa ribadense. Sen dúbida débeselle a el a presentación do meu poema romántico en "Plumas y Letras Gallegas" de *La Noche*. Tamén, poder colaborar en verso e algunha prosa como "El camino de las hadas", que debeu ser a derradeira mostra daquela etapa da miña prehistoria.

A Dionisio Gamallo Fierros débolle a homenaxe que me tributou o concello de Ribadeo e a entrega da Medalla de Correspondente da Real Academia Galega, que sufragou o concello e a vila. Tería eu 27 anos. E máis adiante, en 1953, promoveu Dionisio unha homenaxe nacional, en Madrid, adicada ás tres poetisas en cernes: Pura Vázquez, Pilar Vázquez Cuesta e Luz. O agasallo foi organizado polo Centro Gallego de Madrid. Falaron Euxenio Montes, Gerardo Diego, Camilo José Cela. Asinaban Menéndez Pidal, Azorín, Aleixandre, Dámaso Alonso, o doutor Rof Carballo, Ramón Cabanillas e, polo Centro Gallego, Constantino Lobo Montero, Fraga Iribarne e Castro Gil.

O regreso á patria

Eran os primeiros anos da posguerra da Segunda Guerra Mundial. As palabras clave eran Yalta, Postdam, O.N.U. Falábase de que Rusia provocaría a separación de dous mundos rivais. Estabamos nos preliminares da "Guerra Fría". En 1945, "El fuero de los Españoles" no interior. No exterior, o isolamento e a condena da O.N.U. ó réxime de Franco. En 1939, rematando a guerra civil española, morría no Hospital Militar de Jaca o meu único irmán, Gonzalo. Este nome xermano-latino "Gundi Salvo" (*salvado do combate*) non o preservou daquel drama final cando cumpría os vinte anos da súa vida. En 1940 regresaba eu cos meus pais de Marrocos, onde pasamos parte da guerra afastados da iracundia bélica. Reposto o meu pai no seu destino de inspector veterinario en Viveiro, chegabamos a Vigo a bordo do "Cabo Razo". Aquela gloria densísima. Aquela luz de San Simón que declina nas Cíes misteriosas, facía chorar da felicidade no retorno á patria.

Os meus poemiñas escolares transterrados falaban da chuvia, da néboa, dos prados vizosos, da herba húmeda e do gando solemne. Adoraba eu tamén, coma Valle-Inclán, coma Lorca, coma Cunqueiro, a nosa vaca teixa, deusa nai ou arquetipo nutricio. Naquelas terras infinitas e amarelas entre o promontorio de Larache e as chairas tetuanís, manadas de bois, sobrevoados de teimudos picabois, rumiaban a súa soidade de terras áridas extintas nun tempo doutra dimensión.

Traguía eu na retina a luz purpúrea daquelas latitudes. A infinitude oceánica na súa inmnesidade azul dende o Balcón do Atlántico marroquí. Os resplandores rosados vespertinos que tinxían de paixón os crepúsculos, e deixaban a alma en vilo, na suspensión dunha eternidade sen espacio nin substancia. Unicamente presentimento. Fuga de aves, soles, rosas.

Cumprira xa dezasete anos. Virxe de amor, na inocencia dos labios, na debilidade do afastamento, vivía como envolta nunha aura que isolaba do tempo e da vida. Estudiaba música e latín. Vestía blusa mariñeira. Cabelo de paxe. Calcetín branco de perlé. No colexio as rapazas da miña idade levaban medias e saia axustada. Os compañeiros non parecían reparar en min. Soamente un rapaciño loiro e esguío, moi atractivo e inxenuo, cambiaba comigo libros e partituras. No colexio facíame respectar nas interminables demostracións da Xeometría, nos comentarios de Virxilio, no rigor da sintaxe española, ou nas Ciencias de Ibarra-Cabetas e Alvarado, na clase dun doutor en Farmacia difícil de roer coma un óso de mamut.

Mensajes de Poesía

Daquela luz oceánica, en conxunción co meu amor polos mitos da Grecia clásica asumidos con paixón dende a infancia en Viveiro, sairía en 1948-1949 *Ánfora*, na imprenta Varela de Vigo, ó coidado do poeta Eduardo Moreiras. O poema inicial "La llamada de Danae" sería estímulo para a creación de *Mensajes de Poesía* en Vigo. Nunha carta, o poeta amigo facíame saber: "Puedes imaginar que tu "llamada" fue la que despertó en mí el deseo de esta publicación". Neste primeiro número de *Mensajes* de 1948 incluíase tamén un soneto meu, "La espina" xunto a poemas de Luís Pimentel, Pura Vázquez e Xulio Sigüenza. Esta "espina" xa metida no sangue coma unha realidade fonda, foi do gusto de Aleixandre: "Sí, eres poeta", sentenciaba daquela.

"La espina" saía tamén en "Plumas y Letras Gallegas" cun soneto do primeiro amor con referencia a "O Cantar dos Cantares": "Vienes trayendo olor de alba y de nido / y resina de médula y de luna". Os dous poemas carecían aínda desa fluidez áxil e graciosa, ventilada de donosura, que é un dos agasallos da poesía. Había, si, neles a integración do ser na unicidade do cosmos: a espiña que punzaba o pé nú pedíame chegar dunha silveira, dun froito, dunha flor descoñecida: "Acaso yo fui en épocas remotas / amapola o resina o yerba o dalia". Quizais fora nun tempo pinga de chuvia ou bágoa ou graníño de area alumado pola luz da lúa na súa fase de plenitude.

Mar Cantábrico

Non podía faltar nesta prehistoria poética de *La Noche* a miña lembranza de amor a Ribadeo. A miña cidade natal. Onde abrín os ollos e sentín a chuvia. Alí estaba tamén o mar. O mar primeiro. Eu baixaba na ingravidez da idade á praia dos domingos. Sandalia azul celeste. Pola area, cunchiñas. Misteriosos sargazos. Filamentos sensibles. Madeiras de naufraxios. Caracolas, golfiños...

No poema "Cantábrico" —novembro do 46— hai unha comunión coa natureza. O mar está nos ollos que contemplan. As mans son peixes na auga. Os oídos entran nas caracolas sonoras para recoller o murmurio do vento. Os paxaros cambian o aire pola praia. As areas titilan coma estrelas no ceo:

"Mi espíritu, descalzo, comulga con la luna"

Os brazos convértense en algas, coma en Dafne. A rocha, a brisa, o vento colaboran na miña materia feminina. Toda eu, corpo e espírito, ofrézome como agasallo á miña vila natal:

"¡Espíritu-horizonte, alargado y dormido
a los pies cristalinos de villa del Eo!"

Estamos diante da univocidade do ser parménico: "O ente é un". E, paradoxicamente, diante da plurivocidade de ser de Heráclito: "Nada permanece", "Todo é un devir". Ou na penetración de todo o corpóreo polo Logos, racional e divino, segundo defendían os estoicos. O ser, o ben e a Divinidade conforman o Un de Plotino. Do Un proceden por emanación todas as cousas. Cre Plotino na "alma do mundo", animadora universal do mundo e das almas particulares.

¿Estamos diante dun devir coma o tránsito progresivo das árbores, da flor? ¿Haberá un devir accidental, un devir substancial e un devir de creación? A conciencia mítica do poeta —que Lévy-Bruhl estudia como "participación mística" do primitivo co universo— leva a unha identificación entre o home e o cosmos. Esquéncense por un intre os conceptos da lóxica discursiva. E xorde así o poema...

O espacio compartido

Compartía esta páxina de "Plumas y Letras Gallegas" cun poeta misterioso, romántico, Luis Sipos, a quen Dionisio Gamallo Fierros lle seguía o rastro. O poema insertado "Días nublados", era unha peza de interese para o crítico ribadense, que o exhumara e publicara en *El Correo Gallego*. A semellanza coas *Rimas* de Bécquer e outras intertextualidades da poesía do XIX, atraían a atención investigadora de Gamallo Fierros que, lémbrome ben, sospeitaba que Sipos tivera sido inhumado en Viveiro e non en Madrid, como se viña sostendo. Polo Cemiterio Vello de Viveiro, tras da ábsida do antigo convento franciscano, andamos Dionisio e mais eu na procura dunha lápida reveladora. Foi en van. O nome do misterioso poeta Luis Sipos non apareceu entre os cardos e silveiras do abandonado camposanto de San Francisco.

Moitos poetas novos ou ben coñecidos eran presentados ou recordados nestas acolledoras páxinas de "Plumas y Letras Gallegas". A poeta ourensá, Pura Vázquez, dona xa da palabra, daba á prensa algúns preciosos poemas madurecidos no acougo da cidade amada. Aquelas delicadísimas "Florecillas" do camiño na alba, son unha preciosa meditación sobre a beleza como coñecemento do efémero da vida: "Pero fue tu belleza. Tu belleza tan solo / la que inmolan mis manos tu fragante destino". "Purita Vázquez, auténtico valor de la Joven poesía de Galicia" —como anunciaba o presentador en abril de 1946— deixaba outros delicados poemas na páxina das Letras. Hai alí unha mostra inesquecible: "Serenidad": "Callando estaba el alma. Ya sabía / descifrar los silencios y esperaba". Unha ben aprendida técnica serve de canle á emoción e á sensibilidade, na que pasa levemente un aire de seducción, acaso aprendido do seu grande mestre Gerardo Diego. Contrasta esta "serenidade" de Pura en 1946, co seu dramático "desacougo" concibido nos avatares da emigración a Venezuela. Penso que *O Desacougo* de Pura Vázquez é un dos libros fundamentais da nosa poesía.

Tamén está na sección de "Plumas y Letras" un poemiña de Emilio Álvarez Blázquez, xa antolóxico, "Carro do Tempo". Nel van as nosas mañanciñas anunciadas por un galo louro. O serán leva un merlo de seu. "A noitiña, unha semente de estrelas / pra sementeira dos días". Coido eu que este carro do tempo, "costa arriba, costa abaixo", transitaba ledo polas páxinas de *Mensajes de Poesía* de Eduardo Moreiras en Vigo, como un dos contados poemas escritos en lingua galega.

Na veciñanza de Rosalía

Nada menos que na veciñanza do patriarca Murguía e da propia Rosalía aparecen dous sonetos meus nestas páxinas de *La Noche*. Non podía ir eu en mellor compaña neste espacio de Letras e de Amor. Dóese Murguía da perda dos tesouros patrios do espírito. Dóese tamén da nosa inercia para recuperar os nosos valores. "El reposo es nuestra divinidad tutelar —matina don Manuel— Pero, ¡qué reposo! Ni el de la muerte es tan grande".

Rosalía está presente nesta páxina con aquel romanciño de corte popular de *Cantares Gallegos*, "Miña casiña, meu lar". Con que gracia e emoción trata Rosalía o tema da pobreza aguda e o desamparo rural. Á beira destes grandes mestres da realidade auténtica de Galicia e do ser humano, os dous sonetos meus semellan artificiosos, mesmo anodinos. O tema responde, certamente, ó seu revestimento formal: a falta da inspiración na poesía e a inútil procura das fontes da creatividade. No primeiro soneto semella que quero cantar, ou sexa, acertar, dar co tino poético. Pero a lámpada está amatada. Nin a fermosura proverbial dos seres prestixiosos: as sereas, a lúa exangüe, as bolboretas, a música pastoril ou o merlo frauta que inspiraba a melodía, son quen de aportar esencialidade ó silencio.

En "La muerte del poeta" hai tamén busca sen esperanza: "labios comprimidos", "campana sin lengua". O crepúsculo semella un "vaso ceniciento". "Dormía la paloma que no pisa / gota ni musgo". Hai un símbolo de sangue "sobre la cornisa de la tarde". Comprenderase que así un poeta non pode vivir. Nada se lle ofrece nesa seca senón a morte á que o poema o condena.

Insisto de novo nos procedementos míticos que achegan o espírito humano ó mundo natural e universal. Pero véxome aquí nun imaxinismo mesmo abafante que non permite a entrada libre da emoción. Hai unha concentración conceptual e simbólica excesiva. Falta aireamento. Faltan fluidez, pausas, bufarda, fachinelos, tenrura.

Semellan estes sonetos o que son en realidade: tentativas. Exercicios dun imaxinismo neobarroco "sui generis" na fórmula dos catorce versos. En resume, son unicamente intentos da miña prehistoria poética. Penso hoxe que o símbolo, a imaxe, deben soportar emoción e beleza. Esencia espiritual e substancia humana. Afondamento na auténtica realidade existencial e metafísica do poeta. Sinxeleza formal e liberdade métrica, son auténticas necesidades para crear. No meu caso, penso que a fusión do artista coa natureza e o cosmos debe levar a unha unidade primordial, onde o amor, os sentimentos e a emoción se mostran en forma auroral.

Co profesor E. Correa Calderón

No Instituto de Lugo, rúa de San Marcos, examinábame de Lengua Española co catedrático, escritor e crítico, Evaristo Correa Calderón. Fixouse en min, unha rapaciña de trece anos, polo meu interese na sintaxe e nas cuestións da métrica e a poesía. Naqueles tempos os exames eran dobres: escritos e orais. Esta primeira impresión do profesor Correa non a esqueceu aínda que eu me presentaba como alumna libre.

Un ano ou dous despois, xa na plena guerra, encontrámonos no parque de Rosalía. Ía na miña bicicleta —inseparable compañeira— blusa mariñeira e cabelo negro de paxe. Andaba sempre soa polas rúas de Lugo e a miña Estación Término era o parque sobre o río Miño. Atraíame aquel espacio único e máxico. A súa disposición entre romántica e modernista. As canliñas de breves pontes orientais e aves acuáticas. As árbores solemnes. A pérgola exótica. Había ademais algún misterioso pavo real aínda fiel á "Sonatina" de Rubén. O parque era o meu lugar favorito. Antes de volver á casa, triste pola guerra e a soidade, quedábame a ollar un mapa de cemento cos ríos de España e luciñas para sinalar as cidades. Nunca as vin acesas.

Por alí me encontrou o profesor cando xa me ía. Presentoume a un señor que o acompañaba. Faloulle de min eloxiosamente: versos, ritmo, música...

Todo semellaba un soño. Eu que vivía interiormente en olor de Modernismo, coma nun palacio de cristal rachado pola guerra. Aquelas distincións e afecto volvíanme ós tempos felices cando a poesía era a verdade primordial do mundo. Invitáronme a colaborar no programa infantil "Ondas Azules", onde eu lía os meus versiños, contaba contos e tocaba a Serenata de Schubert. Alí andaba tamén un rapaciño que escribía con soltura poemas belixerantes. Chamábase Enrique Santín. Este foi o meu modelo para aqueles versos ó artilleiro Domingo, que morrería esnaquizado por un obús. Pertencía a unha sección do "16 Lixeiro".

Lembranza de Primitivo Sanjurjo

Penso na contrariedade do poeta Primitivo Sanjurjo, metódico e perfeccionista, cando en xuño de 1946 sae en "Plumas y Letras Gallegas" o seu poema "Póstuma". Trátase dun soneto en alexandrinos, pero a man inexperta do tipógrafo, ou a falta de espacio, comprimiron os catorce versos nunha soa estrofa. Hai ademais outras grallas que destrozan os alexandrinos. Aparece tamen un "*jalinto*", en lugar de "*plinto*" —cultismo especialmente seleccionado polos modernistas hispanoamericanos, incansables evocadores do mundo helénico. Os valores plásticos e descritivos do poema son de xinea parnasiana. Incorpórase o celtismo mítico ("altar megalítico", "Célticos pinares"). Hai esvaementos simbolistas que difuminan contornos ("soles acuosos", "hechizo de una noche lunar"). Pero en 1946 cando xa Dámaso Alonso publicara *Hijos de la ira*, cume da poesía desarraigada, o poema de Sanjurjo semella fóra do tempo.

Foi quizais nese verán, ou nos anteriores, non o podo precisar, cando me visitaron en Viveiro don Primitivo e a súa dona. Nunha velada no Casino, o poeta analizou os meus soños, que segundo el estaban inspirados por espíritos felices. Falaba de soños que entraban polo corno de marfil ou polo corno de prata. Despois fixo o meu horóscopo. Ninguén falaba daquela destas cousas. Deduciu que era a viva encarnación da Gata Exipcia Luar.



Luz Pozo con Francisco Fernández del Riego no Pazo de Castrelos de Vigo (1994)

Segudo Otero Pedrayo, a obsesión esotérica do profesor Sanjurjo impediulle ter sido catedrático da Universidade. Pero Luís Seoane aseguraba que don Primitivo posuía dotes adiviñatorias auténticas.

A don Primitivo Sanjurjo, catedrático do Instituto de Lugo, amigo e compañeiro de Otero Pedrayo, coñecino de nena cando me examinaba como alumna libre. Era quizais o ano anterior á guerra. Tamén se examinaba de Historia o meu irmán Gonzalo, catro anos maior ca min. Viviamos aínda en Viveiro. A don Primitivo, poeta esotérico, chamoulle moito a atención a nosa fisonomía un tanto exótica: cabelo negro, pel bronceada. E as tres zetas dos nosos nomes e apelidos. Gonzalo era un rapaz lanzal, fermoso. Naquela mirada fonda e nobre transparentábase unha brillante intelixencia. Don Primitivo non esquecera a súa excelente exposición da Revolución Francesa.

Os nosos contemporáneos viveirenses ben saben que dende os 14 anos o meu irmán dera frecuentes conferencias de política e historia ata o levantamento do 36. Isto valeulle algúns contratempos que remataron cando, como soldado, marchou á fronte. Outro rapaz, tamén aventaxado moi

amigo de Gonzalo, era Jaime Villar Chao, de pasamento ben recente, fillo de Ramón Villar Ponte e irmán de Xosé Ramón, o xenial pintor de nenos e mariñeiros de Galicia. Jaime e Gonzalo competían, sen rivalidade, en estudio e reflexión. Non era, pois, estraño que don Primitivo apreciase aqueles méritos.

Tería eu uns quince anos. A miña afección polos temas das civilizacións antigas interesaron a don Primitivo. Tamén influirían os xuízos favorables de Correa Calderón, catedrático de Literatura. Coa miña familia, fun invitada pola dona de Sanjurjo a tomar o té na súa casa. O meu irmán, mobilizado, o pai transterrado, mamai nas súas clases. Fun soa á miña primeira cita social.

A dona de don Primitivo era requintada e amable. Encantadora. A filla, Josefina, esguía como o pai, compartía esa finura que só se adquire na coidada educación familiar dun ambiente escollido. Agasalláronme. O salón de sobria elegancia. Flores de lirio nalgún vaso exótico. Respirábase un aire modernista pero austero. A dona serviu o té e contaron, aínda alporizados, o intento de secuestro da filla durante a estadía nos Estados Unidos de América.

Naquel ambiente sentíame segura, feliz. Estaba alí, naquel remanso, fóra dos avatares e da degradación que a guerra nos impoñía como "desafectos". Portas pechadas. Amigos desleigados. Caras reviradas. Falar con nós era comprometido.

Leu don Primitivo os seus poemas de inspiración modernista. Ás veces acentuaba o ton decadente nun ritmo monocorde en descenso. Subíalle un non sei que de misterio dende as páxinas ós ollos semivelados, mesmo en trance.

Pedíronme que dixese algún poema meu. Como era tímida, non me atrevín a recordar nada. Ademais dábame conta do contraste entre aquela poesía tan elaborada e os meus elementais versiños.

Interensábanse polo destino do meu irmán, estudios e vocación que a guerra cortara de raíz. Lembraba o profesor aquel alumno que, a mercé do seu tráxico destino, morrería dous anos despois nun hospital de Jaca.

Dublín, xaneiro 1996

Diario Compostelán. *La Noche* dende Lugo

Manuel María

Día 1 de febreiro de 1946: saíu á rúa, en Santiago de Compostela, o primeiro número de *La Noche*, o "Único diario de la tarde en Galicia". Un xornal vespertino era raro. A Lugo chegaba, se non lembramos mal, na liña de autos de viaxeiros Empresa Freire, na que tanto temos viaxado de Lugo a Santiago de Compostela e de Santiago de Compostela a Lugo, como aquel grande poeta medieval Fernando de Esquío chamado. Fernando de Esquío iría a pé ou a cabalo, usando do vello Camiño Francés con azas nos pés e o corazón ardendo de amor por aquela, hoxe para nós descoñecida, luguesa que tanto o desacougaba e que tan marabillosas palabras de amor lle arrincaba.



Don Ramón Otero Pedrayo nunha das súas moitas conferencias. A palabra viva de don Ramón foi sempre afervoada, ateigada de emoción

Así mesmo o inesquecible poeta, amigo e mestre, Aquilino Iglesia Alvariño, facía a mesma viaxe na liña de autos utilizada por nós. No *Contra el ángel y la noche*, de tan suxerente título, rematado de imprentar en Buenos Aires o 21 de abril de 1941, hai un irrefutable testemuño desas viaxes, no soneto "De Santiago a Lugo y de 6 a 10 en auto", adicado a P. L., para nós misterioso personaxe. ¿El non será, quizais, P(ura) L(orenzana), chantadina de nación, estudiosa dos castros do Saviñao e profesora nun instituto compostelano? Coidamos que vale a pena transcribir o poema enteiro:

En noche y niebla y frío sepultada
dejaré la ciudad. Una ternura
de luz niña, temblando de dulzura
me anunciará en la sierra la alborada.

Alborada de luz desnuda. Nada
manchará de su cuerpo la tersura.
Sobre el yermo de brezo, al aire, pura,
me esperará en silencio ensimismada.

Soñoliento, cansado y distraído
tal vez le quite el vaho a los cristales
para verla mejor, serena y muda.

Veré luego temblar en nieve al bido,
y oteando muy ásperos tojales
la muralla veré, negra y ceñuda.

Se asociamos a Aquilino Iglesia Alvariño con *La Noche* débese posiblemente a que foi un dos máis asiduos e ilustres colaboradores do xornal compostelano, en moitas ocasións, sen dúbidas, compañeiro de viaxe do poeta no mesmo auto, inda que é de supoñer non foran veciños de asento. *La Noche* poñíase á venda en Lugo a partires das sete media da tarde aproximadamente. Voceábana pola rúa, entre eles un rapaciño miúdo, de moi malas pulgas, chamado Pepiño e alcumado Caín. Nós comenzamos a ler *La Noche* no ano 1948, no que coñecimos e principiamos a tratar asiduamente ó poeta Luís Pimentel e ós demais compoñentes da tertulia do café Méndez Núñez, daquela aínda no Cantombar da Praza Maior. Sobre de todo comentabamos, nas tertulias dos domingos, o contido da páxina literaria. A información xeral da prensa daqueles anos estaba totalmente homologada e uniformizada. Fóra das notas locais tódolos xornais eran o mesmo, pois a férrea censura franquista impedía outra alternativa. *La Noche* abriu, ata onde a censura llo permitiu, unha pequena fiestra cara á cultura galega. Había dúas seccións fixas que devorabamos: o "Parladoiro" e "Un tema gallego cada semana". E o que escrebe estas liñas "Galicia canta", o pequeno recanto do xornal adicado ós versos.

O Parladoiro de don Ramón Otero Pedrayo, escrito en galego, era, para nós, marabilloso. Tratábase dunha prosa rica, brillante e suxestiva, aberta ós saberes do mundo e ós de Galiza, chea de suxerencias, de sabedoría e de fermosura. Coidamos sería interesante recompilar todos aqueles artigos en volume. Sospeitamos que algunhas destas colaboracións oterianas, reelaboradas quizais, pasaron a formar parte do seu libro *O espello na serán*, un dos máis suxestivos, fermosos e primorosos galanos que ninguén lle fixo a Santiago de Compostela, unha das grandes parroquias da Cristiandade, como a calificou o propio don Ramón Otero Pedrayo. Sería interesante o comprobar tal extremo. De todos xeitos nas *Obras selectas* de don Ramón Otero Pedrayo, dadas a luz pola Editorial Galaxia no ano 1973, no volume I, titulado precisamente "Parladoiro", Carlos Baliñas recolleu un bo mangado de artigos publicados en *La Noche* baixo tal epígrafe. Descoñecemos se están todos. Se non están cumpriría recuperar os que faltan. Ó noso xuízo, todo o escrito por Otero Pedrayo ten un grandísimo interese.

Coidamos moi lúcidas as palabras da profesora Aurora Marco escritas no prólogo do libro de Otero Pedrayo, *Prosa miúda (artigos non coleccionados 1927-1934)*, de Edicións do Castro, publicado no ano 1988, o do centenario do nacemento de don Ramón: "Ao referir-se á producción de tipo periodístico-literario do escritor ourensán tense catalogado esta parte da obra de Otero como de "obras menores"(Baliñas, *Parladoiro*, 1973) para engadir, xa entrando na análise dos textos, que "o ton anímico que predomina na maioría dos artigos está nas antípodas da chamada literatura de tese ou de compromiso" e que o artigo periodístico enténdeo Otero "non como crónica nin como argumentación dunha tese, senón como un puro comento literario". Estas afirmacións, que poden ser válidas para certo número de artigos (...) non son, sen embargo, aplicabeis a outros, abondo considerabeis, dos que saíron da pena oteriana que son, con certeza, textos en que o autor manifesta de forma explícita —e contundente— un compromiso coa súa terra e cos seus homes." Esto vén a conto porque moitos estudiosos —maiormente os mais novos— non se decatan de que neses anos, debido á censura —a implacable e terrible censura franquista—, os escritores dicían o que podían e lles deixaban e non o que querían e, ademais da férrea inquisición estatal, había e funcionaba a autocensura imposta polo escritor a si mesmo para evitar gravísimos problemas non só coa oficialidade, senón co mesmo xornal para o que escribía e onde publicaba as súas colaboracións. Naquelas circunstancias o feito de publicar en idioma galego por un home represaliado polo réxime era un acto de valentía política.

No volume *Teatro ignorado* do propio don Ramón Otero Pedrayo, "edizón e estudo critico de Aurora Marco", dado a luz por Laiovento no ano 1991, a recompiladora rescata, entre outras, trinta e tantas peciñas teatrais brevísimas, publicadas por Otero Pedrayo dende o ano 1946 ó 1949, feito verdadeiramente insólito e orixinal nunha colaboración xornalística. Rarisimamente ou nunca podemos ler nos xornais literatura teatral. Ó gran don Ramón de Trasalba quedábanlle pequenos tódolos xéneros literarios e tódalas preceptivas. O seu poder de creación era asombroso. Sentímoslle dicir, nunha ocasión, a Álvaro Cunqueiro: "Don Ramón é como o Miño: cando desborda leva todo canto se lle pon diante".

Para nós as colaboracións de Otero Pedrayo en *La Noche* son, con moito, as máis importantes do diario. Tanto pola calidade dos seus escritos como por ser o pioneiro no uso do idioma galego na prensa nos anos da posguerra, feito fundamental para os máis novos, pois nesas colaboracións, ademais de poder ler na propia lingua nun medio de comunicación, mostrounos tamén que en galego se podía facer —de feito el logrouno— unha gran literatura.

Outras colaboracións de *La Noche* enormemente significativas, ademais das de Salvador Lorenzana —Francisco Fernández del Riego—, meramente divulgadoras, eran os "Anacos", de Borobó, máis tarde director do xornal. Borobó era o pseudónimo de Raimundo García Domínguez, fillo do médico de Pontecesures, lugar do nacemento do pintor Carlos Maside. Borobó naceu no ano 1916, licenciouse en Filosofía e Letras e militou no Partido Socialista. Fixo a guerra no bando republicano e ocupou postos de relevo. Adicado na posguerra ó xornalismo profesional, os seus escritos eran analizados con lupa pola censura oficial. Chegou a ser director de *La Noche* e de *El Correo Gallego*. Empregou varios pseudónimos, entre eles o de Julio Sierra. A súa intervención resultou decisiva para orientar o diario cara a temas culturais e, máis concretamente, para que se preocupara da problemática galega. Os seus "Anacos", cheos de gracia, intelixencia, cultura e ironía, eran moi lidos e comentados. A súa brevidade e condensación expresiva poden lembrar, en ocasións, epigramas en prosa. Escribía en castelán, mais a temática era preferentemente galega e aínda santiaguesa. Foi moi amigo do poeta Aquilino Iglesia Alvariño, ó que lle adicou algún traballo escrito en lingua galega. Na actualidade Borobó sería considerado como un columnista. Outro columnista notable, colaborador do xornal, foi Manuel Rabanal, leonés de nación, catedrático de grego, titular dunha sección chamada "Nebulosa" que trataba temas culturais, e que mostraba tamén apertura e comprensión cara a todo o galego.

Polos anos corenta e tantos o director de *La Noche* chamábase José Goñi Aizpúrua, navarro de nación, militante do carlismo e, segundo o fino e delicado poeta Emilio Álvarez Blázquez, parodiando a Valle-Inclán, "era feo, católico e tradicional". Dicíase que lle medraba a cabeza. Só falamos unha vez con el na redacción do xornal. Tratábase dunha persoa amable, simpática, aguda, cunha grande comprensión cara a Galiza e a súa problemática. Nesa ocasión tamén coñecimos ó redactor-xefe de *El Correo Gallego*, Miguel Ramón Pola, un home de cabelo branco, algo miope, baixiño, cangado cara adiante, poeta lírico premiado en algúns xogos florais, autor de pezas teatrais, entre elas a zarzuela *Alma navarra*. Nacera en Donosti. Os seus poemas lembran demasiado a García Lorca. Benito Varela Jácome, na súa escolma de *Poetas gallegos*, publicada no ano 1953, incluíu dous poemas de Miguel Ramón Pola.

A quen tratamos mais foi a Borobó, sempre moi comprensivo e xeneroso con nós. En ocasións iamos papar as nosas cunquiñas de viño do Ribeiro ó bar El Mañoso, perto do edificio da vella universidade, na compaña de Jesús Rey Alvite, reporteiro de ambos diarios —*La Noche* e *El Correo Gallego*— e home enterado de tódolos chismes e cotilleos de Compostela, dende os segre-

dos dos catedráticos ós pecados veniais —supoñemos non terían outros— de tódolos membros do Cabido da Santa Igrexa Catedral Basílica Metropolitana de Santiago de Compostela, arcebispo incluído. Jesús Rey Alvite era un competentísimo bebedor de Ribeiro —non un beodo, enténdase ben— e home verdadeiramente encantador e servicial. Ademais de xornalista temos entendido exercía como funcionario do Estado.

Borobó informounos de multitude de feitos e personaxes da anteguerra, da guerra e da posguerra, dos que estaba prohibido falar publicamente. Por el soubemos das Cerámicas de Pontecesures, coas que tivo moito que ver seu pai, e de distintas xentes da Ría de Arousa e de Compostela que coñecía moi ben. A maior parte da información que nos chegou, naqueles anos, de Ramón Fernández Mato —curmán carnal de noso Pai—, pese a ser un familiar noso tan de perto, debémoslla a Borobó. A nosa familia evitaba falar diante dos rapaces do parente exiliado, gobernador civil de varias provincias e Director Xeral de Seguridade nos anos da II República, aínda mantendo con el unha relación epistolar relativamente frecuente. Ramón Fernández Mato escribíalle á familia longas e fermosas cartas, no seu estilo solemne e abarrocado, dando conta do seu estado e situación.

Foi na redacción de *La Noche* onde coñecemos a don Victoriano García Martí, da Pobra do Caramiñal. Tiña aspecto de "indiano". A penas o tratamos e sempre a distancia. A verdade é que nos facía pouco caso. Dábanos a impresión de ser un home que estaba fóra do tempo en que vivíamos. A súa conversa referíase á súa época do Ateneo madrileño e á súa amizade e relación con Valle-Inclán e con Ortega y Gasset. Nós tiñamos lido os seus ensaios en castelán sobre Galiza e a súa biografía *Rosalía de Castro o el dolor de vivir* que entendemos foi o prólogo ás obras completas rosalianas publicadas pola entón famosa editorial Aguilar, de Madrid. Tamén coñeciamos un dos seus primeiros libros: a novela titulada *Don Severo Carballo* (1917) que, a verdade sexa dita, pouco nos interesou.

Un dos frecuentes colaboradores do xornal foi o Dr. don Manuel Devesa, médico famoso. Témolo ollado, velliño xa, tomando o seu café con leite no Derby. Nunca tivemos ocasión de dirixirlle a palabra. Dicíase que só se alimentaba de polo cocido, sen pel. A súa brancura impresionábanos. Do Dr. Devesa contaban que cando se celebraba un acto na Universidade, alí aparecía sempre el para ler unhas cuartillas. Nunha ocasión presidía un deses actos académicos un profesor de Economía Política e Facenda —non era D. Ramón Buíde Laverde— e o Dr. Devesa chegou, como sempre, pedindo a palabra e provisto das súas cuartillas. O profesor anunciouno con estas palabras: "Ahora presten atención. El Dr. Cuartillas va a leer unas *devesas*".

Dos colaboradores destes anos de *La Noche* lembramos especialmente a Manuel G. Cerezales, marido da novelista Carmen Laforet, moi de moda naqueles anos; Fermín Bouza-Brey, Couceiro Freijomil, miope e bebedor —ó que coñecimos e tratamos no Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos—, don Xosé Filgueira Valverde, Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé María Castroviejo e Álvaro Paradela, médico coruñés que ás veces usaba o pseudónimo de Amaro Orzán e publicaba uns artigos moi orixinais e que divertían moito a Luís Pimentel. Cilistro Fernández de la Vega era especialmente crítico cos escritos de Castro Arines, ó que trataba persoalmente. As súas críticas máis aceiradas e despiadadas provocábanllas os artigos de política internacional de don Camilo Barcia Trelles, natural de Ribadeo, catedrático de Dereito da Universidade de Compostela, cos que nunca estaba de acordo.

A nós persoalmente o que máis nos interesaba era a sección de *La Noche* titulada "Galicia canta", un pequeno espacio adicado á publicación de versos de autores actuais. Alí téñense publi-

cado, entre outros, fermosos poemas de Pura Vázquez, Augusto Casas, Xosé Mª Díaz Castro, Manuel Fabeiro Gómez e coidamos que de Dictinio de Castillo-Elejabeytia, ferrolán, oficial da Mariña de Guerra, licenciado en Dereito e en Filosofía. Foi profesor de varias universidades, mesmo do estranxeiro. Na Universidade de Murcia, polos anos corenta e tantos, estivo encargado



Manuel María –quinto pola esquerda– con Mercedes Pinto, Luz Pozo e, á súa dereita, a súa esposa Saleta. (Hotel Méndez Núñez Lugo, 1961)

da Cátedra de Filoloxía Galego-Portuguesa desa Universidade. Resulta insólito que, naquela época, existira unha cátedra de galego aínda que por diante lle puxeran "Filoloxía" e por detrás "portuguesa". No ano 1987 publicouse nun volume a obra poética en galego de Dictinio del Castillo, co título de *O espello das brétemas*. Un libro seu fora premiado nun dos certames literarios convocados anualmente polo Centro Gallego de Buenos Aires.

Na sección "Galicia canta", no ano 1949, publicamos os nosos primeiros poemas en galego. A primeira composición poética en galego que demos a publicidade saíra nas follas de poesía *Xistral*, de Lugo. Os seguintes foron os que viron a luz en *La Noche*. Unha desas composicións, titulada "Fume", pasou ó noso primeiro libro, *Muiñeiro de brétemas*; publicado na colección de poesía Benito Soto de Pontevedra no ano 1950. Os outros catro poemas aparecidos en *La Noche*, moi de principiante, cheos de inxenuidade, formaban parte dun libro que pensabamos titular *Cantigas novas*: afortunadamente nunca apareceu. Os poemas saíron no xornal con certos erros. Despois de tantos anos aproveitamos esta ocasión para reproducir un deles, supoñemos que sen erros. Publicouse en *La Noche* o 15 de novembro de 1949. En seis versos hai seis grallas. O texto correcto era este:

Cantiga da Recén Casada

A escuma debuxa estrelas
no latexar das promesas.
E moitas veces na noite
as brisas non son roseiras.

¡Miña canción de sagredos
que fuxiu coa Primaveira...!

Perdón polo atrevemento de remexer no vello remol de tantísimos anos. Ó atopar nas páxinas xa amarelas e borrosas do entrañable diario *La Noche* os nosos vellos versos, volvemos revivir os anos da nosa primeira xuventude, cando estreabamos vida, sonos e ilusións. Aínda sentimos a impaciencia con que procurabamos o xornal para comprobar que nel estaban impresos os nosos

versos. ¡E estaban...! Aquelo semellaba un milagre. E, sobre de todo, a enorme alegría de que houbera un xornal capaz de publicalos en galego.

O grande escritor Ánxel Fole, naquela época, vivía en A Veiguiña, en terras quiroguesas, no pazo dos seus parentes, a familia Quiroga, de grande arraigo na bisbarra e en Lugo capital. O avó dos Quiroga contemporáneos de Fole, don Benigno Quiroga Ballesteros, famoso político, casara con Julia Espín, a inspiradora das *Rimas* de Gustavo Adolfo Bécquer. Julia Espín está enterrada en Lugo. Cando Fole viña a Lugo aparecía sempre pola tertulia do café Méndez Núñez e sempre comentaba, ó por miúdo, o contido de *La Noche*. Era un gran lector de xornais. Ás veces discutía con Cilistro Fernández de la Vega, mentres Luís Pimentel, Ánxel Johán e os outros contertulios asistiamos, calados e divertidos, a aquelas controversias. O arsenal dialéctico dos dous era formidable. Fole tiña unha actitude tolerante e comprensiva. Cilistro era máis irónico e teimudo.

Pedimos novamente excusas por citar, outra volta, un poema da nosa autoría. Nel intentamos reflectir o panorama cultural da Galiza de entón. Hoxe non o poderiamos facer de outro xeito diferente. Referímonos á composición "Gacetilla literaria", pertencente ó libro *Documentos personaes*, publicado por primeira vez no ano 1958. Neste libriño, que a Cilistro Fernández de la Vega non lle gostaba nada e si a Fole, pois escribiu del que eran uns versos ledos e lixeiros que semellaban asubiados, intentamos recuperar, ó noso xeito e con sensibilidade da época, dentro dos límites impostos pola censura e pola nosa capacidade, a tradición das cantigas de escarnio e maldicir. A intención era cecais demasiado ambiciosa. Díxose deste poemario que introduciu na moderna poesía galega o "realismo coloquial". O noso empeño foi facer unha parodia da linguaxe xurídica e administrativa. Os poemas titúlanse: "Carnet de identidade", "Horario de traballo", "Demanda..." , "Bando", "Solicitude..." "Testamento...". No poema "Gacetilla literaria" hai, entre outras, unha alusión a *La Noche* e á revista de poesía ferrolá *Aturuxo*, da que escribimos entón "quér facer ruído sen ter noces". En realidade non tiñamos nada en contra de *Aturuxo* e si todo a favor, pois eramos colaboradores dela. Aconteceu que a dirección da revista tivera uns "tiquis-miquis" —por dicilo dalgún xeito— con Xohana Torres, poeta moi da nosa preferencia. O incidente era de tan pouca importancia que nin sequera o lembramos. Nós solidarizarámonos con Xohana Torres, por eso no noso poema ten razón de ser a afirmación: "os versos de Xohana Torres son moi bos". Se *Aturuxo* se facía no Ferrol e Xohana Torres era ferrolá o lóxico, no noso entender, sería que os directores da revista contasen con ela e a promocionaran. Nunha metáfora, ó mellor non moi afortunada, do noso poema, Xohana Torres sería "as noces" e a dirección e redacción de *Aturuxo* "o ruído". O poeta Miguel González Garcés publicara en *Vida Gallega* un artigo cheo de comprensión e xenerosidade —sentimos non o ter a man— para dar por rematado este suceso, como así foi. Xohana Torres nos manuais de literatura é considerada como pertencente á xeración de *La Noche*.

Veleiquí o poema enteiro, prosaico e triste, que posiblemente dá idea do que era a vida literaria galega de aqueles anos:

Gacetilla Literaria

Estamos en Galicia. A nosa vida humilde
é un pequeno silencio iluminado
con esto e con aquelo. E nada máis.
Un libro novo. Un premio literario.
A política do mundo que vai mal
que sempre andivo mal ó parecer.
Fulanito proposto pra académico.

Eu que teño inspiración e que non luio
os meus versos tal como debera.
Cuña Novás hai tempo non publica.
Novoneyra metido no Caurel.
Cunqueiro, tan fino e inxenioso.
Fole anda a rematar unha novela.
Luz Pozo Garza está en Viveiro.
Os versos de Xohana Torres son moi bos.
Todo este trebello enriba de ún.
Maside en Compostela. Otero Pedrayo
a falar longamente no café.
Ferrín, Mourullo, Franco Grande,
López Nogueira, Lorenzo e Cortezón
coa súa mocedade madura por bandeira.
Galaxia é formidable. Monterrey
presenta ben as cousas. En Vigo
non sai *Alba*. *La Noche*, de Santiago
os sábados trai literatura. *Aturuxo*
quér facer ruído sen ter noces.
En América publicase algún libro.
A lua, o vento, estes meus soños.
Lugo, entre murallas, frío e chumbo.
Unha melancolía fonda aniña en mín
mentres fago estes versos. E cavilo
que estou algo aparvado, que senón
en vez de facer versos faría cartos.

Como se deduce da lectura do anterior poema o panorama cultural galego non era brillante nin esperanzador.



Emilio Álvarez Blázquez –no centro, axeonllado– cuns compañeiros de excursión (entre eles Fernández del Riego, Colmeiro e Xosé Mª Álvarez Blázquez), en 1960

Nun fermoso e clarificador traballo encol do suplemento de *La Noche*, publicado en *Grial* número 71, de Emilio Álvarez Blázquez, espírito agudo e sutil, delicadísimo poeta, escribiu o seguinte de aqueles anos xordos e miserentos que eran os da nosa apaixonada adolescencia: "Daquela Galicia estaba pechada, calada, muda e xorda. Só tiñan dereito de escoita os finísimos ouvidos dos "servicios especiales", capaces de detectar, a cen kilómetros de xenreira, os acordes do himno, mais que cantado murmurado por tí e os teus amigos, que queríades, con versos de Pondal,

pechar a espranza dun día de traballo. Aquelo tiña multa, pois era "escándalo público", cando o que era un escándalo público, privado, universal e cósmico, é que, habendo aire, non se puidera respirar. Nós tíñamos a canción, pero multada".

Así eran as cousas e o panorama no que caladamente para non erguer a máis mínima sospeita, nos moviamos. Inclusive os mais rapaces. Había algo indefinible na atmosfera que nos facía cautos e disimulados. A mesma "peña" de Pimentel comenzou reuníndose no Cantombar da Praza Maior e tivo que mudarse, pois comenzaron a frecuentar aquel café os falanxistas lugueses, ós que considerabamos perigosos veciños. Instalámonos no café Ibor, situado mesmo á beira do Cantombar. Foi por pouco tempo. Os falanxistas que non ían ó Cantombar —tantos eran— frecuentaban o Ibor. Finalmente a "peña" asentou definitivamente, perante moitos anos, no café Méndez Núñez. Alí, como dito queda, comentabamos o contido de *La Noche*. Recabamos de novo o testemuño de Emilio Álvarez Blázquez, no traballo citado, para dar idea de como eran os tempos e as situacións vividas por nós: "Baixo aquela abafante bóveda de silencio, unha voz —que puidera parecer vella, pero que estaba chea de novedade e paz— verquía de cando en cando un "Parladoiro" engaiolante, culto e ilustre. Era a voz de don Ramón Otero Pedrayo, Licenciado en Paisaxe e Letras polo Claustro de Trasalba amais de outros diplomas menores. Outra voz teimosa, exacta, chea de información e amor, traíanos, de oito en oito días, "Un tema gallego cada semana". Era a voz de Salvador Lorenzana, Paco del Riego entre nós, Profesor de Enerxía, de quen un meu amigo dicía: "De lejos parece un viejo e de cerca parece un niño". Vello de sabedoría, neno de esperanzas, ¡canto non leva Paco traballado no sulco da nosa cultura, sempre acochado no recaudo modesto dos seus pseudónimos para que tanto amor, tanto esforzo, tanta prodigalidade non escandalizara aos nugalláns e non puxera sobre aviso aos resentidos!".

Exacto. Don Ramón Otero Pedrayo e Francisco Fernández del Riego eran os seguros pilotos daquela nao, feliz, ilusionada e valente, que foi a páxina literaria de *La Noche*. Nós, un grupiño de xente de diversas idades e condicións, comprometidos con Galiza e a súa cultura, nun recuncho discreto dun café de aquel Lugo, tan querido, aínda moi ruralizado, de invernos longos, fríos, inacababeis, lendo as colaboracións de don Ramón Otero Pedrayo, de Francisco Fernández del Riego, de tódolos que escribían nas páxinas literarias do xornal, en voz baixa soñabamos un país en liberdade e agardabamos mellores días. Mentres tanto as pingas que deixaban as choivas nos vidros das amplas xanelas do café Méndez Núñez esbaraban, lentas e pesadas, como bágoas de orfandade, soidade e desamparo.

Aquel diario, *La Noche*

Pura Vázquez

Teño que confesar que hai xa medio século (ou pasa del) da primeira visita que fixen a Santiago de Compostela. Daquela, alguén que podería ter sido Manuel Beiras García ou o que xa era meu amigo en relación epistolar, Ramón Piñeiro (pero tamén puido ser calquera dos outros amigos meus que vivían alí e ós que soamente coñecía pola particular correspondencia que literariamente nos cruzabamos), díxome: Pura, tes que ir visita-los periódicos. A *El Correo Gallego* e a *La Noche*. Nós imos contigo. Tampouco estou ben segura das datas. Aínda vou levando bastante ben a cabeza, pero hai cousas que, como os números, fanme nela lagoas. Mais creo lembrar que era *La Noche*, a que saía onda *El Correo Gallego* na rúa Preguntoiro, 29, e que cando subín por primeira vez a aquel piso onde se tiraban os dous diarios cada día, o director era —agardo non equivocarme— o señor Goñi. Lembro tamén que traballaba alí como periodista a escritora Concha Castroviejo, e que dende aquel día en que nos coñecemos, converteuse non só en amiga miña, senón en eficaz protectora daqueles meus anos mozos, que parecían máis mozos aínda por ser eu daquela unha mulleriña de aspecto delicado, fraquiña e feoca, pero chea ó mesmo tempo duns entusiasmos literarios que o tempo tiña aínda que decidir se ó longo do seu pasar chegaría a ser unha promesa de escritora, ou se a propia fe e o desexo me empurrarían bastante forte para poder converterme algunha vez en algo verdadeiramente aproveitable.



Pura Vázquez na lectura dos seus poemas (Madrid, 1945)

A proliferación dos meus primeiros versiños vai dende o ano 1932 ata 1936. Comecei a publicalos no diario *La Zarpa* de Ourense, de don Basilio Álvarez, que se levaba ben co meu pai malia certas diferencias políticas. O ano 1936 marcou o comezo dunha loita que nunca conseguín comprender nin aceptar, e que partiu o meu corazón e case que a miña vida, deixándoa sen cura ata longos anos despois. Digo sen cura por dicir algo, xa que logo inda hoxe, despois de pasados case dúas trintenas de anos, tampouco a podo comprender nin aceptar.

La Zarpa foi unha das primeiras víctimas daquel mortífero vendaval en Ourense. Logo, as traxedias familiares, afíns ós trocos causados pola política. Sobre os meus a penas estreados dezaoito anos, o mundo véuseme enriba e algo comezou a segarme as primaveras coma se fose convertendo os meus anos florecentes nun toxal de chorimas. Nun antitempo espantoso e non merecido.

A miña prudente nai fíxome refuxiar na aldea onde tiña a escola miña irmá Dora, que era mestra nunha aldea moi fermosa. E gustoume. Era a primeira vez que vivía nunha aldea. Aínda que criada na cidade, aquel era un mundo grato e foi ben amado por min. Mentres estiven alí, ata que

rematou a guerra, moi poucas cousas, salvo os meus pais, me facían lembrar que a poucos quilómetros de alí ardían e medraban cada vez con máis forza os odios e o perigoso volcán. Só sentía que alá en Ourense, polo medio, a miña nai tivera e quixera estar ela por propia vontade na casa familiar, mentres que meu pai sufría na lama e nos ósos seus as consecuencias da cadea nun cárcere da Guarda, a onde chegaban as humidades do mar cada noite e cada día, das preamares do Atlántico.

Permanecín na aldea ata o ano 1939, en que regresei a Ourense. E, o que son as cousas da vida, por mediación dunha amiga, de familia tamén perseguida, busquei traballo, e proporcionoumo o Xefe da Falanxe en Ourense por aquel tempo. El coñecía a meu pai dende neno, por vivir no mesmo barrio ourensán do Polvorín, e sabía que era un home honrado a carta cabal —iso me dixo cando cheguei coa amiga onda el para falar do emprego— e sabía tamén que estaba na cadea polas circunstancias políticas, como moitos outros que coñecía. E el foi sempre unha boa persoa para comigo. Naquel ano traballei na súa oficina con outra compañeira, gañando trinta pesos cada mes. Era pouco, pero era unha axuda para a casa e a familia, pois ata empregarme eu, era Dora a que repartía o seu soldo, que era a única axuda que entraba na casa, máis algo que miña nai podía vender do que daba a finca.

Desexo aclarar que das xentes que compartían ideas co meu pai, e que estaban en condicións de facelo, agacharon a cabeza covardemente cando lles pedín calquera traballo que eu puidera facer, e negáronse a darmo porque todos tiñan demasiado medo. Puidemos conserva-las fincas, nas que miña nai se mataba a traballar, e eu nalgo a axudaba naquilo que ela me ensinaba a facer. Rematada a Guerra Civil, souben que o meu noivo fora morto polas feridas que lle fixeran na derradeira loita do Ebro. A meu pai tamén o trouxeran para Ourense, aínda que denantes de mandalo para a casa tivo que estar preso no Mosteiro de Oseira, en calidade de traballo pola redención da pena. El e moitos máis reconstruíron esa xoia monumental de séculos, que estaba bastante maltratada polo tempo.

Ofrecéronme logo outro traballo mellor e con máis soldo, e deixei a oficina para entrar de caixeira nunha cooperativa ourensá onde se vendían comestibles e de todo. Eu soamente levaba a caixa. Cando non había xente podía estudiar. Deixábanme facelo. E gañaba un pouco máis que no outro sitio. Pero ó pasar uns meses, a cooperativa cambiou de dono. O novo xefe tiña unha irmá, e el díxome que precisaba que deixase libre o meu posto para metela a ela. Non protestei, e na fin do mes, díxenlle que marchaba. Deume polo despido 500 pesetas, que collín, e con elas funme ó Banco Pastor e saquei unha cartilla de aforros para ingresalas.

Como eu seguira estudiando, soa, nas horas libres, fixen os correspondentes exames do que me faltaba para termina-lo Maxisterio e aprobei todo. Xa era mestra. Coas 500 pesetas de marras, paguei o Título de Mestra do Ensino Primario. Con tal sorte, que nese mesmo ano de 1944, en que me deron a primeira escola en propiedade, a Deputación de Ourense publicoume xenerosamente o meu primeiro libro oficial, *Márgenes veladas*. E teño por ben certo que nese ano a vida cambiou a mellor para min.

A escola déronma na hoxe chamada Ribeira Sacra, en Chandrexa, localidade que nunca tampouco hei de esquecer, ó pé das fragas sempre rumorosas do río Sil, e á que tiven a fortuna de cantar, máis ben ou máis mal, daquela. Entre os amigos casteláns, por usalo Carmen Conde moitas veces, comezou a chamárseme "A poetisa do Sil", así como na localidade da Armuña segoviana os meus amigos —e amigos de Antonio Machado, que eran os mesmos amigos meus en Segovia— cando falaban da miña escola lle chamaban agarimosamente "La Armuña de Pura Vázquez".

Uns anos antes diso integreime no Grupo Literario Círculo Azor, de Radio Ourense (Radio Puga para todos nós), e xa comezamos a cavilar e descorrer uns cos outros sobre a posibilidade e a conveniencia de, entre todos, publicar unha revista, cousa que fixemos, sen contar cos cartos, e non sei se soamente unha modesta subvención, que tampouco lembro quén nola outorgaba, levámo-la cousa a cabo. Esta revista, *Posío*, foi presentada en Santiago de Compostela en 1995 nunha fermosa edición facsimilar que publicou o Centro de Investigacións Ramón Piñeiro.

Os autores de *Posío* eramos todos mozos, entre os 20 e os 25 anos. Era eu a única muller entre os fundadores da revista, que eran José Luis Varela, director; Segundo Alvarado, xornalista, que se ocupaba da maior parte do traballo técnico; Alfonso Alcaraz, Segundo F. Covelo, José Ángel Valente e eu. E tamén interviñan Anselmo López Morais e Xosé Luís López Cid, membros do Círculo Azor. E foron colaboradores de *Posío*, con outros nomes xa gloriosos de España e de Galicia, Cunqueiro, Castroviejo, Vicente Risco, Gerardo Diego, Otero Pedrayo e, por suposto, os que fómo-los seus fundadores.

Estendinme sobre todo isto porque para min foi fundamental. Só vivía xa para os meus nenos da escola na que traballaba, para a revista e a súa creación poética, e tamén para os primeiros intentos de escribir artigos e obriñas en prosa, como contos e novelas.

A todo isto, despois da desaparición de *La Zarpa*, comecei a levarlle colaboracións ó periódico ourensán *La Región*, que me publicaba todo o que lles entregaba, escrito en castelán e en galego algunhas veces, xa que intercalaba algúns traballos no noso idioma sempre que me era posible. Pero un día chamáronme á redacción do diario e dixéronme que non lles levase traballos en galego, porque non mos podían publicar. Soamente en castelán. Non podía loitar en contra desa orde, e xa soamente os entregaba en castelán, porque sabía que era verdade o que me dixeran. Mais a min gustábame escribir no noso idioma e xa tiña feitos algúns traballos, pois nun libro que me publicaron uns particulares amigos que me pediran que lles enviara versos, entre os casteláns mandeilles nove poemas en galego, e con eles fixeron un aparte no libro que se chamou "Lira Galaica". Entre eses poemas ían xa algúns sonetos galegos, que comezaba a traballar naqueles intres.

Ó comezo da publicación de *La Noche* decidín colaborar tamén nela, porque a mercaba sempre que podía e gustábame moito. Escribinlle a Borobó e envieille algunhas cousas en castelán, aínda que non lembro os poemas que eran. Pero publicáronmos, e iso deume moitísima alegría. O malo foi que moitos deses poemas publicados en prensa perdinos ó andar viaxando dun lado para outro. Outra vez, cando estudiante do bacharelato, o sacerdote-poeta don Ramón María pediume que lle mandara deses poemas que me tiñan publicado, e mandeillos. Logo el non mos devolveu nunca, aínda que me dixo que os mandara por unha leiteira da súa parroquia de San Cibrao das Viñas, pero nunca chegaron ás miñas mans. Por iso non os conservo. Pero andan polos diarios e revistas espallados.

É por iso que me aleda tanto a noticia de que vai saír unha escolma literaria de *La Noche*, e fago con gusto, aínda que non podo traballar moito e seguido, todo o que sexa preciso facer, para cooperar con tan fermosa obra que vai a aledar a tódolos escritores galegos. Será recuperar para o porvir algo moi noso e querido. Sobre todo será unha grande alegría para Borobó, que foi a alma do diario. E non deixo de repeti-lo que significaba para min, e o mesmo para Dora, miña irmá, que colaboramos en verso e prosa, e ata nos comunicabamos, cando eu estaba en Venezuela, por medio de cartas abertas, e tamén con amigos e colaboradores, que ás veces nos respondían tamén por cartas, por columnas e por artigos.

Nas páxinas dese noso diario publicábanse "cartas abertas". Unha vez un crítico español, un gran crítico, aconselloume, no diario *ABC* de Madrid, que non abusara da substancialidade galega e que desviase dela a miña inspiración. Contestou un douto columnista de *La Noche*. Contesteille eu con outra carta, "aberta", e todo foi recollido nas páxinas do diario compostelán e reproducido nas páxinas doutro moi coñecido diario de Madrid. E o caso é que o crítico que lle saíu ó paso ó outro crítico castelán que me aconsellaba tampouco era galego.

Un grande amigo, xa morto, criticábame todo aquilo que non lle gustaba do meu traballo publicado en *La Noche*. Este amigo tiña, como Borobó, Rabanal e outros moitos, o seu espacio ou columna. Eu acostumaba contestarlle, expoñe-las miñas razóns para facelo á miña maneira. Acusáronnos case de levar ó diario as nosas cuestión de boa amizade literaria, crítica mutua, mellor, chegando a cualificala de amorosa. Pero a nós iso divertíanos. Unha vez os fotógrafos sacáronnos unha foto xuntos e publicouse nalgunha columna. Case sempre na distancia, levabamos unha gran relación amistosa, pero tamén chocabamos porque eu era —como aínda agora— bastante pouvaniña, con pouco mundo e moi boas intencións.

Xa nestas, eran amigas miñas bastantes persoas da intelectualidade galega, e collinlle moito cariño a Vigo e Santiago, amais da Coruña, pois fora criada nela dende poucos meses ata os sete anos. Tódolos cartos que podía aforrar eran para esas marabillosas viaxes que facía cada verán a esas cidades onde a xente me mimaba. En Vigo estaban os irmáns Álvarez Blázquez, o querido sempre amigo Francisco Fernández del Riego e a súa encantadora muller, Etelvina, que polos veráns me invitaban moitas veces a pasar uns días con eles, cousa que me facía moito ben e que moito lles teño en conta. Estaba Celso Emilio Ferreiro, tamén familia querida de sempre. A estes tornei velos moitas veces en Caracas, na casa dos amigos Noia, Chelo e Óscar, con quen eu convivía case, de tantas veces que os visitaba e que me invitaban sempre a pasar con eles as noites do Nadal e do Aninovo. Os Sesto ós que tamén aquí vin menos, case só cando a Caracas ía á Irmandade Galega, ou na casa doutros galegos amigos onde coincidiamos.

Na Coruña estaban Juan Naya e dona Gala Murguía Castro, a esta fun visitala algunhas veces, unha delas con Dora, na súa casa, á que nos levaron Juan Naya e outro membro da Real Academia Galega. Vivía aínda don Leandro Carré Alvarellos, de quen conservo, dedicado por el, o seu *Diccionario da Lingua Galega*. Tamén vivía na Coruña o meu paisano e ilustre xurisconsulto don Sebastián Martínez Risco. Todos eles me animaban e mimaban tanto, que ata me nomearon Correspondente da Real Academia Galega o 25 de abril de 1949, a proposta de don Francisco Vales, don Antonio Couceiro Freijomil e don Leandro Carré Alvarellos. E asina a comunicación don Manuel Casás, presidente, co Vº Bº seu. Nestas datas, quizais na mesma xuntanza, foi nomeada tamén correspondente da Institución a miña grande amiga de sempre e marabillosa poeta, Luz Pozo Garza.

Pero Santiago era algo que, como o meu Ourense, levaba eu xa incrustado, máis ben tatuado, na pel da miña alma. Gardo memoria dalgúns amigos que alí vivían como a familia de García Sabell, a de Sixto Seco e o santo cardeal don Fernando Quiroga Palacios, paisano e párroco meu nos meus anos nenos e noviños, e que era natural de Ourense. E teño por seguro que tamén enredaría de neno e de seminarista polas fermosísimas corredoiras do Salto do Can meu, cando saía das marabillosas e xa hoxe moi urbanizadas rotas e bosques que arrodean os Seminarios.

Sen ter sido, por pouca fortuna miña, estudiante universitaria, fun invitada ós cursos de verán algunhas veces para dar recitais, aínda que figurar en público non é cousa que me agrade demasiado, quizais por unha curteza conxénita dada a miña sinxeleza de vida, pero recoñezo que

todo o que vivín nese senso foi moi interesante para min, que sempre sentín non poder estudiar unha carreira universitaria. Pero agora que xa non fago moitos actos de intervencións públicas recoñezo que foi fermoso facelo, e reverencio esas aulas onde vivín cursos de verán na nosa Universidade Compostelana. E foime moi doado tamén convivir na Residencia Universitaria Compostelana daquel tempo, con alumnos españois e galegos e cos estranxeiros, onde deixei amizades, moitas delas aínda duran, a pesar dos anos e as distancias.



Pura Vázquez –á esquerda– e Pilar Vázquez Cuesta, en anos de mocidade, no Centro Galego de Madrid

En Ourense, para qué falar. Eu coido que fun para os meus paisanos, ó menos para moitos, como unha fadiña, pequena bruxa que vivía coa mente en mundos xa daquela demasiado adiantados para a miña curta idade, pero todos me deron sempre parabéns por poder vivila e ánimos para conseguir cada vez máis cousas e subir, pasiño a paso, banzo sobre banzo, máis enriba.

Para quen non eran tan doados aqueles veráns vividos "a salto de mata", reprochábame ela, era para miña nai. Non lle gustaba nada que "perdera o tempo" daquela maneira. Meu pai non me rifaba por iso, e eu interpretábao como unha aprobación do que facía. Pois el comprendía que o resto do ano traballaba duro e merecía ben aquela compensación, aínda que ás veces me dixera tamén que eu lle parecía talmente un "canciño sen dono". Ó mesmo tempo agradáballe cando o meu pequeno nome soaba por calquera recanto e me sabía aceptada nos ambientes cultos, onde se me invitaba e nos que me agradaba andar metida.

Ademais das citadas xentes, ilustres ou máis correntes, mencionadas ou non aquí, pero sempre lembrados, tiña os da miña "onda", os novos, algúns dos cales eran xa excelentes poetas, bos narradores, filósofos, pintores, músicos, periodistas, que nestas décadas, bordeando os anos 2000, eran figuras con empuxe que loitaron e racharon os cóbados a estudiar e aprender, como así mesmo fan os estudiosos do noso presente...

Para nós, para todas estas xentes que agora lembramos aqueles tempos con emoción e unha miga de nostalxia, esas dúas décadas de anos que durou *La Noche*, do ano 1946 ó 1967, o noso diario galego de Compostela foi un faro de luz para unha noite sen estrelas. Nas súas páxinas, adro de colleitas abondosas, non soamente tiñan cabida os artigos maxistrais e sabios das nosas figuras consagradas, que eran moitas e eminentes en tódalas bisbarras galegas. Porque en *La Noche* os novos, que eramos toda a xeración á que eu pertenzo, aprendiamos deles, con humildade pero con anceio que nos facía querer e emular a aquelas figuras como modelos espirituais; a desexar imitalos en todo, no seu vivir austero, naquela sabedoría sinxela, na arte de pintar ou de escribir, en todo aquilo no que cada quen se sentía máis afín e tentado a traballar.

O ambiente era tan espléndido que de seguida en *La Noche* comezaron a saír páxinas literarias semanais; logo suplementos que primeiro dirixía e coordinaba Salvador Lorenzana (Del Riego) e máis tarde Xaime Isla, Ánxel Fole, outros quizais despois, que eu logo ausenteime por anos, primeiro para Madrid, logo rumbo a Caracas, e novamente, ó cabo de bastantes anos, de novo para Madrid. Pero lembro que no diario noso aquel, o que agora imos erguer do seu fondo silencio e case que do esquecemento para moitos, o idioma era o permitido: o castelán, e un pouco o galego, que algúns nos atreviamos a insinuar con amor pero con medo, tratando de impoñelo, primeiro paseniño, nos suplementos literarios, sobre todo cando se percibían os intentos de persecución súa, tamén naqueles intres aínda en maneira un pouco atenuada. Ademais dos suplementos literarios, había outras seccións que saían case tódolos días, como o "Parladoiro", de Otero Pedrayo; os "Anacos", de Borobó e "Un tema gallego cada semana", no que se alternaban distintos autores, como don Ramón Otero Pedrayo ou o doutor Manuel Rabanal, que tiña tamén a columna "Nebulosas", e Francisco Fernández del Riego, que tiña varios recantos distintos.



Pura e Dora Vázquez na súa casa de Ourense (1960)

A nómina era interminable, a dos asiduos colaboradores. Pois hai que engadir a Xosé María Castroviejo e Concha, a súa irmá. Ó doutor don Domingo García Sabell e Dora Vázquez, miña irmá, que puido colaborar, aínda que comezou despois de min, moito máis tempo, inda logo de desaparecer eu do mapa galego, aínda, iso si, sempre que me era posible facíao dende afora, onde queira que me atopase. Non me esquecía. Ademais eu cultivei sempre máis o verso que a prosa, aínda que sen deixar de utilizala a veces. Colaboraban moito Don Antonio Fraguas, que gracias a Deus, aínda o segue facendo, en *O Correo Galego*; don Xosé Filgueira Valverde, Álvaro Cunqueiro, Fermín Bouza Brey, Benito Varela Jácome e Ramón Piñeiro. E non quero que se me esquezan os nomes dos meus mellores amigos, Manuel María, que como é máis novo ca min, penso que daquela era cando comezaba os seus primeiros pasos editoriais e de poeta, e tamén Salvador García Bodaño, tan excelente poeta como periodista e outros nobres oficios e artes.

Quero dicir que se algúns quedan —daquel segundo Século de Ouro Galego— sen nomear, non é por mala fe. Teño tantos anos, que coido que inda bastante boa memoria debín de ter conservado, para esas nóminas fastosas que me foi posible traer a esta escrita que quixera que saíra a mellor de tódalas que puiden ter feito. Para min é moi doado poder lembrar aínda a todos nesta páxina dedicada a aquel diario *La Noche*, penso que van case tódolos que coñecín. Aínda que coido

que tamén colaboraba ás veces, María Victoria Fernández España, asidua de *La Voz de Galicia* e grande escritora da nosa terra.



Eduardo Moreiras chamou a atención sobre a lírica de Pura Vázquez no seu artigo "Pura Vázquez en Quiroga", publicado en La Noche *en 1948. (Eduardo Moreiras na súa casa de Vigo, en 1981)*

Falei xa de que fixen as miñas viaxes por varias —poucas—, bandas. Pois agora teño que confesar que por cada unha desas bandas polas que pasei co seu máis longo ou curto período de anos, o diario *La Noche* foime seguindo. Estivo comigo nas inmensas chairas mesetarias de Castela, onde tiven que emigrar por primeira vez, inda ben mociña, para cura-lo corpo cos aires neboentos das ventisqueiras do Guadarrama nunha das épocas malas da miña existencia.

Nunca souben ese misterio. Pero sei que ó primeiro mo enviaban algúns amigos. Uns días era Lugrís, da tertulia de Piñeiro, do pintor Carlos Maside, de Manuel María e outros que non lles lembro o nome. Eu agradecíallo a quen fose, a todos, porque non sabía quen o mandaba. O caso é que uns polos outros, moitos días o periódico non chegaba ás miñas mans, e a morriña abocadábame como se me faltara o pan. E en verdade que ela era o alimento espiritual e a compaña da miña vida alí, arrodeada só de friaxes e soidades.

Un día chegoume unha noticia. Respostaba algo á miña pregunta ou queixa, porque non chegaba. Enteráronse en Santiago e en toda Galicia: "A Puriña non recibe *La Noche*, o diario que lle leva a vida a aquela localidade da Armuña, onde os invernos son un puro xeo, sobre todo cando o sol non sae". E era verdade, que "a nosa Puriña", sentíase desditada cando *La Noche* non chegaba para alimentarlle as poucas alegrías que tiña, naquela fría soidade, e curarlle as moitas morriñas que de contino a abocadaban.

Ata que xa medio ido o inverno, chegou outra vez *La Noche* á Armuña segoviana; e seguiu indo con regularidade. Nunca poderei saber quén era o que ma mandaba. Así, de feito, viña remitida dende o periódico, como de subscrición. Pero de alí non me aclaraban nada. Dende eses días, bebín e alimenteime con noticias e feitos de Galicia durante tódalas horas nos libros que tiña. Lía ata os anuncios. E escribía. Indaguei. Preguntei. Pero o misterio continuou mentres que eu sentía un gozo tolo cada vez, cada día, cando o diario chegaba.

Moitas veces, en vez de cartas, escribía directamente ó Diario, cousa que tamén facía Dora. E nun "Anaco", ou noutra sección, alguén dicía e desdicía cousas sobre do suceso, pero sen aclararme nada. O caso era que dende entón *La Noche* seguía chegando, sempre que non se perdía no

seu rumbo entre peiraos, barcos, avións, illas ou mares que eu descoñecía. Seguiume a Madrid, logo a Venezuela, despois de novo a Madrid. Ata, cun intermedio de ano e medio, a Marchena, en Sevilla, a onde fun gañar un dereito a poder solicitar escola en propiedade en Madrid, despois de estar de mestra nunha vila de máis de 10.000 habitantes. Saía moito no periódico, aínda que non tanto como cando vivía en Galicia. Pero é que non daba abasto para cubri-las moitas colaboracións que tiña tamén noutras revistas e diarios doutros lugares. Pero a verdadeira vida espiritual e intelectual que me nutría, chegábame sempre de Galicia por medio daquel noso diario *La Noche*, que dirixiu tan sabiamente un querido e famoso periodista amigo, chamado Raimundo García Domínguez, máis coñecido polo seu pseudónimo, "Borobó".

INTRODUCCIÓN

LA NOCHE 1946-1949

1. Os colaboradores

Nun tempo tan difícil como complexo, no que o lento camiñar das xentes estaba mediatizado polo necesario esquecemento e superación do horror vivido dentro e de canto se estaba a pousar por todo o resto de Europa, nacía *La Noche*. O día 1 de febreiro do ano 1946 iniciábase un arduo e traballoso vieiro cun xornal, herdeiro do seu predecesor *El Compostelano*[1], que no seu grande formato (53 x 40) simbolizaba os enormes anceios depositados na nova xeira e a extraordinaria empresa cultural que desde o sinalado día se quixo ofrecer ós seus lectores. En efecto, nos días anteriores a producirse o cambio[2] diversas noticias tiradas desde a Dirección subliñan a importancia e trascendencia que suporá ese novo tempo; na páxina 1, o sábado 26 de xaneiro do 1946, aparece a seguinte declaración: "*La Noche* es el título del periódico de la tarde que tendrá Galicia a partir del próximo día 1º de febrero. *La Noche* sustituye a *El Compostelano*. *La Noche* publicará seis páginas diarias. *La Noche* contará con el mejor cuadro de colaboradores que ha tenido nunca un periódico de Galicia. *La Noche* poseerá dentro de poco un servicio propio radiotelegráfico para recibir las informaciones nacionales y extranjeras. *La Noche* será uno de los primeros periódicos de España que tenga este medio de recepción, el más moderno que se conoce. *La Noche* es el periódico que usted echaba en falta. *La Noche* irá introduciendo otras mejoras que le situarán a la cabeza de la Prensa regional". Non menos interesante era a breve noticia que ese mesmo día se incluía na páxina 4:

"El próximo martes publicaremos la lista de colaboradores que van a escribir expresamente para *La Noche*.

Esa lista, que comprende una selección de las más eminentes figuras de nuestra intelectualidad, es independiente de otros insignes escritores y prestigiosos periodistas que avalarán también con sus trabajos las columnas de *La Noche*".

Así pois, o martes 29 de xaneiro, nun lugar ben salientable da primeira páxina, aparecía esa nómina inicial, que posteriormente sería ampliada, de 36 colaboradores de *La Noche*:

Aller Ulloa, Ramón - Barcia Trelles, Camilo - Bouza Brey, Fermín - Capón Fernández, Manuel - Castro Arines, Ramón (sic)(nos textos aparecía José de) - Castillo López, Ángel del -

---

1 "*El Compostelano* (Santiago de Compostela). Subtítulos: "Diario independiente"; "Diario gubernamental", desde el miércoles 2-III-1938 (nº 5.284); "Diario independiente", a partir del miércoles 6-IV-1938 (nº 5.375); "Diario al servicio de España", en 1939; "Diario de la Tarde", desde el jueves 25-X-1945 (nº 7.711). Aparece: el 2-II-1920 (Año I, nº 1). Cesa: el miércoles 30-I-1946 (Año XXVII, nº 7.795). Oficinas y Talleres: Ruedas, 2, Santiago. Secciones: Crónica, Boletín del día, Galicia, Telegramas, Noticias, Sucesos, Última hora, Anuncios. Precio: 1,00 pesetas (un mes de suscripción). Tendencia: católico-conservador". (Enrique Santos Gayoso, *Historia de la Prensa Gallega 1800-1986*, A Coruña: Ediciós do Castro, Cuadernos do Seminario de Sargadelos nº 52, 1990; p. 533).

2 *La Noche*, xornal vespertino subtitulado "Único diario de la tarde en Galicia", propiedade da Editorial Compostela, continuou a numeración así como a orde cronóloxica de *El Compostelano*.

Cañellas López, Ángel - Couceiro Freijomil, Antonio - Fraguas y Fraguas, Antonio - Fernández Almuzara, Eugenio - Filgueira Valverde, José - Fuenmayor Champín, Amadeo de - G. Cerezales, Manuel - Iglesias Iglesias, Luis - Iglesias (sic) Alvariño, Aquilino - Jorge Echeverry, Ángel - Lago Fernández, Fray Bernardino - Leal Ínsua, Francisco - Legaz Lacambra, Luis - López Rodó, Laureano - López Niño, Enrique - Massó (García), Gaspar - Merino Losada, Emilio - Moralejo Laso, Abelardo - Otero Pedrayo, Ramón - Pérez Villamil, José - Portela Pazos, Salustiano - Prieto Bances, Ramón - Prego de Oliver, Adolfo - Peña Ibáñez, José Luis - Peña Ibáñez, Juan José - Rabanal Álvarez, Manuel - Rey Martínez, Manuel - Suárez Serantes, Manuel - Vázquez Trabazo, Luis - Villanueva Castro, Ulpiano.

Co paso do tempo sumáronse a unha nova lista: José María Castroviejo Blanco-Cicerón, Felipe García Albéniz, Raimundo García Domínguez (Borobó)[3], Andrés Lago, Cízur Goñi, Miguel Ramón Pola e Álvaro Cunqueiro. Á beira deles outras firmas comezaron a facerse coñecidas e cotiás: Xosé Ramón e Fernández, Ánxel Fole, Xulio Sigüenza, Camilo José Cela, Benito Varela Jácome, Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, Wenceslao Fernández Flórez ou Manuel Fabeiro; uns poucos nomes máis dunha dilatada e suxerente lista de personalidades que son hoxe parte indiscutible do percorrido cultural de *La Noche*.

Tentábase organizar coas firmas máis polimórficas e de maior sona, centralizadas desde Compostela e desde a Universidade, un amplísimo abano de achegas do mundo das artes e das letras que abranguesen os sempre delicados eidos da literatura, lingua, ciencia, sociedade, así como da política, opinión ou información local.

Unha ollada de vagar sobre ese *corpus* de colaboradores evidencia unha clara confluencia de grupos ou promocións de escritores afastados entre si esencialmente pola idade[4]. O espírito, pensamento e acción do Grupo Nós de posguerra está recollido en dúas das firmas constantes da publicación: Vicente Risco (1884-1963) e Otero Pedrayo (1888-1976). O primeiro deles con achegas varias ("Recordando el Cronicón de Idacio", 11-II-1946; "La situación de Palestina. Dios lo quiere", 16-II-1946...) onde non falta o seu traballo lírico (poema "U...ju...ju..." do ano 1920 na sección

---

[3] De seguro, Raimundo García Domínguez (Pontecesures, Pontevedra, 1916) é unha das figuras clave e emblemática no discorrer de *La Noche*. Colaborador de *El Español, La Estafeta Literaria*, a revista *Fantasía* ou o xornal *Madrid* na década dos corenta, inicia un importante labor na difusión xornalística e cultural de *La Noche* desde a súa aparición. Axiña, pseudónimos como Raimundo Lozano, Julio Sierra e de xeito especial Borobó, comezaron a ser tan frecuentes como coñecidos nos diferentes traballos e seccións fixas que mantivo no xornal compostelano: Lacón con grelos, Cacho de broa, posteriormente Anacos ou Atlas en el Toral. Borobó, xunto con Couceiro Freijomil, Goñi Aizpurúa (director do xornal), Landeira Yrago, Isla Couto ou Fernández del Riego, é unha das figuras decisivas nese traballo arreo que fixo posible a publicación de múltiples páxinas culturais e colaboracións varias nun xornal que se atopaba con non poucas dificultades.

Xosé Luís Méndez Ferrín no capítulo dedicado á Xeración das Festas Minervais no seu *De Pondal a Novoneyra* (1990) introduce como característica do grupo a colaboración no diario *La Noche*. Alí dise: "O redator xefe do diario compostelán *La Noche*, RAIMUNDO GARCÍA DOMÍNGUEZ "BOROBÓ", concebiu e executou a empresa de botar ás lides periodísticas a unha serie de escolares afeizoados á literatura e nados na década de 1930 e 1940" (p. 260).

[4] Nos anos 40 o Grupo Nós estaba formado por intelectuais xa maduros, (naceran na década dos anos oitenta do século XIX), que compartiron o entusiasmo nacionalista cun importante colectivo de mozos nados contra a primeira década do novo século (creadores vangardistas, investigadores), moitos deles abeirados ó Seminario de Estudos Galegos fundado no ano 1923. "A estas dúas promocións unirase tamén un común espírito de nostridade, xa en plena Segunda República, a daqueles nados entre 1910 e 1915, protagonistas eles, xunto cos maiores da política nacionalista e universitaria dos anos inmediatamente anteriores á guerra do 36". Anxo Tarrío, *Literatura Galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994; p. 200.

Plumas y Letras Gallegas, 7-III-1946. Xunto ó seu aparece o titulado "Noivado III" de A. Cunqueiro, datado no ano 1933).

Otero Pedrayo é o colaborador diario cos seus "Parladoiros" , que abranguen varios anos de expresión en galego no discorrer de *La Noche* (o primeiro datado o 25-III-1946, "O báculo de San Martiño"; o derradeiro do 2-IV-1949, "Nas dúas beiras inglesas do Atlántico"), así como con traballos asinados detrás de pseudónimos (Santiago Amaral, Juan Gallego, Luís Peñanofre...). Sobre a figura de Otero Pedrayo, salientamos dúas noticias de grande interese aparecidas naqueles anos: Otero na Universidade de Bos Aires (20-VIII-1947) e o regreso de Otero á cátedra (27-VIII-1948) no Instituto de Ensino Medio de Ourense ("sea readmitido con todos los derechos, al servicio de la enseñanza...").

Sobre a figura do terceiro home de Nós, Castelao (1886-1950), daquela vivindo os seus últimos anos no exilio en Bos Aires, salientamos dúas presencias recollidas en *La Noche* naqueles anos: en primeiro lugar, a noticia sobre a súa enfermidade o 20-VI-1949 ofrecida por Salvador Lorenzana (pseudónimo de Francisco Fernández del Riego), presentada cun título abondo suxerente: "Ars longa, vita brevis", dentro da habitual sección Un tema gallego cada semana. O pretexto da súa doenza aprovéitase para inspirar longos parágrafos de exaltación humana, literaria e plástica, que van da tenrura á paixón pasando pola relación íntima máis verdadeira e fiel. Un percorrido intenso por algunhas das obras do narrador, dramaturgo e artista gráfico, que se inicia: "Se halla gravemente enfermo, lejos de Galicia, el gran artista gallego. Sufre, la grave dolencia, fuera de su país, que tanto ama..." e remata coa non menos interesante afirmación: "Y ahí está, para lección de generaciones futuras, el magno esfuerzo, traducido en arte genial"[5].

A segunda ocasión en que aparece o nome de Castelao asociado ás páxinas de *La Noche* sería sete meses despois (14-I-1950) no "Suplemento del sábado" (nº 14) [6], que se iniciara o 15 de outubro do ano anterior. Abrían estas páxinas culturais as palabras de Valentín Paz Andrade (1899-1987), que titulaba: "Castelao. El hombre y el artista" ; era o enxalzamento, a homenaxe sentida do poeta poucos días despois do seu pasamento: "Durante la séptima noche del año naciente -vértebra dorsal del siglo- han debido doblar a muerto las campanas de todas las iglesias de Galicia. Campanas marineras de Rianxo. Graves campanas de Compostela. Líricas campanas de Bastabales, de Anllóns... Sólo el llanto unánime de las torres románicas, lágrimas de bronce sobre faz de piedra, habría expresado con digno acorde y proporcionado acento, en esta ocasión el dolor de la tierra...". Xunto a esta achega de Paz Andrade salientamos outra asinada por L., "Morreu o grande artista", que incluída na páxina titulada Descubrimiento de Galicia complétase cunha Antoloxía de pensamentos de Castelao.

---

[5] Este artigo de Salvador Lorenzana, en cuarta páxina a tres columnas desiguais e cunha reproducción dun gravado en madeira de Maside do rostro de Castelao, leva inserto na fin unha obvia Nota de Redacción que reproducimos: "El elogio que del artista hace muy justamente nuestro colaborador, no excluye la divergencia con el político. Para el gran dibujante gallego, hoy gravemente enfermo fuera de España, nuestro mejor fervor admirativo. Otros aspectos de su personalidad, no son del caso. Si hubiésemos de juzgarlos lo haríamos con severidad que en este momento consideramos inoportuna".

[6] Por un erro na numeración o "Suplemento del sábado" do 14-I-1950 leva o número 13 cando en realidade é a entrega número 14. Son no seu conxunto dezaseis suplementos, dos que o derradeiro leva por data 28-1-1950. Sobre a efémera mais intensa vida destas páxinas do sábado tense comentado como feito determinante ese especial sobre a figura do rianxeiro. Problemas económicos e un número dedicado á figura do arcebispo compostelán D. Fernando Quiroga Palacios, anótanse como outros factores clave da súa desaparición.

Xunto ós homes de Nós aparecen firmas claves dos chamados Novecentistas[7], entre os que figuran Fermín Bouza Brey (1901-1973), con traballos en prosa de asunto vario, Augusto Mª Casas (1906-1973) que incorpora as súas colaboracións ó "Suplemento del sábado" e Manuel Antonio, (1900-1973) o poeta rianxeiro autor de *De catro a catro* que, malia ter falecido anos atrás do tempo que falamos, asomou con frecuencia ás páxinas de *La Noche*. De seguro quen promoveu esta saída á luz do poeta foi o seu curmán Roxelio Pérez González (Gelioro) , que tamén fixo incursións no eido da lírica e que aparece como un dos colaboradores no especial[8] dedicado a Manuel Antonio o 13-VII-1946.



Manuel Beiras García, "Eubensei", fixo unha –aposta dende primeira hora polo emprego– do galego en La Noche

Finalmente, e en terceiro lugar, conflúe a Xeración do 36 (da República ou do Seminario[9]) da que salientamos tres nomes decisivos: Aquilino Iglesia Alvariño (1909-1961), Álvaro Cunqueiro Mora (1911-1981) e Ricardo Carballo Calero (1910-1990). O ensaio, relato e poesía son a base das varias ducias de artigos que Aquilino I. Alvariño publicou no xornal nese período comprendido entre 1946 e 1949. A magnífica preparación cultural unida a un intelixente dominio das linguas galega e castelá deron como resultado interesantes traballos, unha miscelánea de artigos atinados e agudos que fan do poeta autor de *Señardá* (1930) un atractivo e suxerente prosista[10]. Tamén Álvaro Cunqueiro, o poeta neotrobadoresco, amosa aquí a súa calidade en prosa nun terreo tan vital como exitoso: o xornalismo. Autor en galego e castelán, dous interesantes poemas foron

---

[7] Tamén coñecidos como Xeración de 1925 ou Xeración do 22. "Aqueles que sendo fillos espirituais da Xeración de Risco ou do que chamamos Grupo Nós, foron irmáns en empresas como o Seminario de Estudos Galegos ou a revista *Ronsel*." (Anxo Tarrío, op. cit. p. 257).

[8] Neste número, e por xentileza de Roxelio Pérez, aparece un soneto ("Pra meu curmán Roxelio") e unha carta de Manuel Antonio dirixida á súa nai.

[9] As denominacións son, respectivamente, de Xosé Luís Méndez Ferrín, López Casanova e Ricardo Carballo Calero.

[10] En múltiples ocasións o nome de Aquilino Iglesia Alvariño apareceu vencellado a outras cuestións ou noticias das que LA NOCHE se fixo eco. Entre elas a discusión filolóxica co profesor Manue Rabanal que deu orixe a un conxunto de "Nebulosas" (entre o 04-IV-1946 e 12-IV-1946) co título xenérico "Asuelan, no asolan", un comentario sobre a concesión do Premio Pérez Lugín (06-IX-1948) por un traballo de divulgación histórica e a noticia da obtención da cátedra de Latín do Instituto de Lugo (12-II-1949).

publicados en *La Noche*: "Noivado III" (7-III-1946) e "Rondeau das señoras donas do Vilar" (21-VII-1949) [11], que segundo consta no remate foi sacado de "Follas do vrán en louvor das damas do tempo pasado", Mondoñedo MCMXLIX. Ricardo Carballo Calero (ou Fernando Cadaval) ten unha presencia destacada no ano 1949 con especial frecuencia no "Suplemento del sábado", algúns poemas e varios textos en prosa conforman as súas achegas.

Non sería xusto rematar este percorrido polas colaboracións do xornal sen dedicar unha miga de espacio a outros nomes que ofreceron o seu quefacer en galego, castelán, e mesmo en portugués: Wenceslao Fernández Flórez, Herminia Fariña Cobián, Francisco Leal Ínsua, Celso Emilio Ferreiro, José Pérez Ballesteros, Emilio Álvarez Blázquez, Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, Euxenio Montes, Manuel Lugrís Freire, Manuel Fabeiro Gómez, Ánxel Fole (Neumandro), Antonio Noriega Varela, Manuel Beiras García (Eubensei), Xosé Mª Castroviejo, Abelardo Moralejo, Xosé Ramón y Fernández, Julio Camba, Julio Sigüenza, João de Castro Nunes, José Ángel Valente...

2. Os monográficos

Dentro do amplo abano cultural ofrecido neses primeiros anos por *La Noche*, ben a través das columnas diarias e colaboracións eventuais, ben desde os diferentes suplementos cunha longa ou efémera vida, salientamos unha interesante iniciativa posta en marcha ó longo do ano 1946 e principios do 1947: os monográficos. Estes números especiais abríanse a diferentes persoas, movementos ou grupos literarios e tentaban dar ó lector información precisa e variada a partir de múltiples colaboracións, comentarios específicos e traballos de creación literaria sobre o asunto puntual. A importancia daquelas achegas colectivas inzou aínda máis o valor destas entregas periódicas, todo á vez que incorporou novas e información moi interesante sobre algúns temas e escritores de extraordinaria transcendencia no desenvolvemento das nosas letras. Eses números especiais aparecen incluídos no suplemento Plumas y Letras Gallegas, fonte inesgotable de opinión, información e traballos literarios; unha páxina decisiva no proceso cultural deses anos na que tiveron un lugar de expresión ducias de nomes vencellados con Galicia e coa súa literatura.

El viejo Pancho

O 28 de febreiro de 1946 incluíase un especial dedicado á figura do "poeta nacional uruguayo" José María Alonso-Trelles y Jarén (1857-1925), alcumado "El viejo Pancho", con motivo da homenaxe que se lle tributaría en Ribadeo, gracias á iniciativa de Dionisio Gamallo Fierros, "tan amante como excelente calibrador de los valores literarios de Galicia..." e ribadense coma el. O percorrido pola súa vida e obra realízano Antonio Couceiro Freijomil, cun traballo biográfico titulado "El poeta", e Dionisio Gamallo Fierros con "Dos juicios sobre la producción de El viejo Pancho". Completan a panorámica dúas achegas poéticas ("La güeya" e "Tú eres la sola") deste procurador, poeta e dramaturgo "escasamente conocido —sin duda por muchos ignorado del todo—".

---

[11] Os poemas foron incluídos en *Poemas do si e non* (1933) e *Dona de corpo delgado* (1950) respectivamente. O segundo deles aparece na obra co título: "Rondeau das señoras donas pintadas no ouso do Vilar, no século XIV, cheirando unha frol".

Ultraísmo

Este interesante traballo (7-III-1946) sobre un dos múltiples movementos de vangarda iníciase cun artigo de Antonio Couceiro Freijomil, "El ultraísmo, o lo que sea, en la poesía gallega", no que se repasan as orixes a partir das palabras do escritor, crítico e traductor Rafael Cansinos Assens, unha visión do movemento en Galicia (Risco, manifesto ¡Máis alá!, *De catro a catro,* Álvaro Cunqueiro...), as palabras de Euxenio Montes ó redor deste ismo ("Fué un movimiento esencialmente estético, una articulación de actitudes con un propósito, un deseo de fecunda originalidad. Inició nuevos modos y nuevas formas de expresión. Fué esencialmente creador...") e unha reflexión final titulada "¿Qué nos espera?". De seguido, na sección Estampas Pintorescas, un artigo titulado "¿Un precursor del ultraísmo?" ó redor da figura de D. Juan de la Coba y Gómez ("extraño personaje orensano, perito agrimensor y escultor, hombre bondadoso e ingenuo, quien, ya anciano, cayó en la manía literaria que le arrastró a dar a la Prensa los mayores desatinos..."). Ó inventor dunha linguaxe particular chamada "trampitán" dedica Enrique Labarta un longo, divertido e humorístico poema que contrasta coa expresión lírica de Risco ("U..., Ju..., Juu...", de 1920) e de Álvaro Cunqueiro ("Noivado III", de 1933) incluídos na mesma sección[12]. O propio Risco voltaría, esta vez en prosa, a retoma-la materia de vangarda nun artigo publicado o 26 de xuño de 1947 titulado "Surrealismo".

Mulleres poetas

A experiencia feminina nas páxinas de *La Noche* é relativamente frecuente. O mundo considerado propiamente seu xa aparecía reflectido no suplemento "Para ti, mujer", mais, os nomes das colaboradoras, especialmente poetas, achegaron un importante conxunto de traballos do seu quefacer lírico: Pura Vázquez, Herminia Fariña, Luz Pozo Garza, Sofía Casanova[13]... foron algúns dos nomes frecuentes. A páxina dedicada ás mulleres poetas (14-III-1946) ofrécenos "poesía de cuatro mujeres que felizmente viven, para aumento de la gloria de nuestra tierra: Sofía Casanova, Francisca Herrera Garrido, Herminia Fariña y Pura Vázquez". Efectivamente, entre o traballo de Antonio Couceiro Freijomil ("Cantares Gallegos" y "Follas Novas" do libro *El idioma gallego*) e unhas "Tríadas" bilingües de Francisco Rodríguez Marín en homenaxe a Rosalía amósanseno-los versos das catro poetas: "A lúa", de Francisca Herrera Garrido; "Quietud", de Herminia Fariña; "Realidad", de Sofía Casanova e "Primavera nueva", de Pura Vázquez.

Valentín Lamas Carvajal

Coincidindo co corenta aniversario da morte do autor do *Catecismo do labrego* e *Saudades Gallegas* aparece este percorrido ó redor da súa vida e obra (28-III-1946). Antonio Couceiro, na sección Clásicos Gallegos, amosa unha particular visión ó redor do poeta cun breve comentario sobre as súas principais obras; un achegamento ó labor xornalístico desde as palabras de José Antonio Parga Sanjurjo tiradas de *El renacimiento de la literatura regional*: "Dotado de un espíri-

---

[12] Son dous exemplos poéticos ben coñecidos do vangardismo galego incluídos no epígrafe Alfa y Omega. Danse a coñecer, ademais, outras publicacións galegas "decididamente ultraístas", (*Versos a tres cas o neto*, de E. Montes; *Mar ao Norde* ou *Poemas do si e do non* de A. Cunqueiro) aínda que o entusiasmo pola novidade que esa renovación supoñía foi nulo para Couceiro se nos atemos a algunha das súas desconsideradas declaracións: "Tiene este excelente literato otro libro dentro del género, *Cantiga nova que se chama Riveira*, el cual no hemos visto, ni nos quedaron ganas de poner empeño en dar con él después de leer los anteriores".

[13] Autora a quen xa se lle dedicará un amplo espacio no suplemento Plumas y Letras Gallegas o 14 de febreiro de 1946.

tu de observación reposado y reflexivo, de un ingenio sutil, hábil e insinuante y de un talento claro y perspicaz... era adalid formidable en las periodísticas lides". Remata o traballo con dous breves capítulos: "El último escrito de Lamas Carvajal"[14] e "Anécdotas de Lamas Carvajal"[15] . A homenaxe conclúe coa inclusión dun longo poema en galego do autor titulado "Alá eu vou coa miña moca!".

Xoves Santo

O 18 de abril de 1946 celebrouse esta festividade relixiosa. En varias das páxinas do xornal hai referencias ó día sinalado, algunhas delas literarias: importancia da poesía española relacionada coa paixón e morte de Cristo; o soneto "Oración del Huerto" de Quevedo; o poema "A la soledad de Nuestra Señora" de Lope de Vega ou a traducción ó galego do poema "A cruz" de Pedro Pablo Parzanese (1810-1852) realizada por Antonio Gª Vázquez-Queipo, poeta, traductor e historiador. Ademais destas achegas, Plumas y Letras Gallegas conmemorou o día dedicándolle o suplemento á festividade: unha recreación en prosa galega de Ramón Otero Pedrayo ("Xoves Santo"); un "envío" poético de Herminia Fariña ("Plegaria Agreste"); un longo texto lírico ("Mater Dolorosa") de Filomena Dato Muruais, de quen se inclúe unha nota biobibliográfica, e dous interesantes traballos de traducción ó galego, o primeiro de José Pérez Ballesteros, "Miserere mei, Deus" (en traducción directa do hebreo) e o segundo de Juan Antonio Saco y Arce, do texto "Stabat Mater Dolorosa".

Francisco Añón

Esta interesante personalidade do chamado Pre-Rexurdimento foi lembrada no suplemento do 18 de maio de 1946. Despois dunha nota inicial, ("Añón murió pobre, pero no en la miseria"), Antonio Couceiro Freijomil, na sección Clásicos Gallegos, repasa a súa biografía e inclúe unha serie de xuízos críticos realizados por outros autores, dos que salientamos: Emilia Pardo Bazán, José Novo y García e Victorino Novo y García. Completan esta panorámica un anecdotario da súa vida, con exemplos recollidos da obra en galego, un comentario sobre os seus restos mortais e unha nota sobre o índice dos seus poemas recompilados no xornal noiés *El Tambre*. Da súa producción literaria inclúese un curioso poema en castelán, do que se di foi unha das máis celebradas poesías de Añón, "El borracho y el eco".

Manuel Antonio

Nas páxinas de *La Noche*, xunto ó nome de Manuel Antonio aparece con frecuencia o do seu curmán Roxelio Pérez. En varias ocasións este forma parte do grupo de colaboradores (Gelioro, Xelioro e Roxeirus son pseudónimos seus) aproveitando as ocasións que ten para lembra-la figura e obra do poeta do mar. O 13 de xullo de 1946 dedícaselle un especial ó autor do poemario vangardista *De catro a catro*; a explicación inclúese ó pé dunha súa fotografía "Con motivo de haberse cumplido cuarenta y seis años del nacimiento del malogrado poeta Manuel Antonio, dedicamos esta página literaria a quien como nadie supo sentir y expresar la emoción del mar".

---

[14] Reprodúcese unha carta remitida a Basilio Álvarez (e dictada a Antonio Rey Soto) o 29 de agosto de 1906. Nunha nota final indícasenos que o escrito fora publicado por primeira vez por Augusto C. de Santiago Gadea no número 4 da revista *Galicia* (15 / IX /1906) que dirixía en Madrid.

[15] Os fragmentos de diferentes sucesos da vida de Lamas están recollidos da conferencia "El Parnaso Gallego visto desde los cármenes de Granada" pronunciada por Salvador Padilla no Centro da Casa de Galicia en Madrid o 29 de xullo de 1928.

Dous importantes traballos en prosa achegan unha presentación tanto á figura ("Manoel Antonio, poeta del mar") como á obra ("Un xuicio sobre o libro de Manuel Antonio *De catro a catro*) de Manuel Fabeiro Gómez e Outeiro Espasandín respectivamente. Ademais, Roxelio Pérez "nos facilita, a mas de los desconocidos poemas de su próximo pariente Manuel Antonio que hoy insertamos recogidos de entre los varios manuscritos que dejó el malogrado poeta, un soneto autógrafo de éste —primicia de su lírica audaz, sin precedentes entre nosotros— y una carta a su madre; escritos ambos que estimamos de interés recoger aquí". A carta está datada o 5 de abril de 1929 en Río de Janeiro e o poema titúlase "Pra meu curmán Roxelio". Inclúense, ademais, outros dous traballos poéticos de Manuel Antonio: "O meigallo" (xullo de 1923) e "Elexía da vella goleta" (xullo de 1925). Seguindo a edición de Xosé Luís Axeitos[16], o soneto aparece incluído na serie "Outros poemas" (nº 2) co título "Soio" e dedicatoria "Pra meu curmán Roxelio" (p. 150). "O meigallo" (pp. 50-51) aparece nesta edición dentro de "Foulas" co título "Arrecendo de terra mollada"; das variantes entre ámbolos dous textos salientamos esta: "ven de iniciar o leito" (La Noche) e "ven de desfrorar o leito" (Sotelo Blanco). Pola súa banda, a "Elexía da vella goleta" incorpórase a "Outros poemas" na edición de Axeitos co número 27.

Padre Eiján

Coincidindo co setenta aniversario do nacemento do franciscano e un ano despois da súa morte, o 14 de decembro de 1946 Plumas y Letras Gallegas percorre a figura e obra do Padre Samuel Eiján Lorenzo. Dunha extensa e ricaz obra que abrangue tódolos xéneros, Samuel Eiján dedicou unha parte do seu labor ó eido do xornalismo; agora, Antonio Couceiro Freijomil ofrece dúas achegas sobre o autor de *Da ialma. Versos gallegos*. Unha "Breve ojeada de conjunto a la abundante y varia obra del P. Eiján" e "El último libro que publicó el P. Samuel Eiján". Completan esta semblanza un traballo ó redor da súa abundante bibliografía e un poema en galego titulado "O río Miño".

Manuel Murguía

A importante e extensa obra de Manuel Murguía tivo nas páxinas de *La Noche* un pequeno lugar para unha homenaxe o 22 de febreiro de 1947. Recollidas de César Vaamonde Lores ("ilustre historiador regionalista") apareceron estas notas bibliográficas que tentan ofrecer un abeiramento á delongada producción do historiador. Na sección de Plumas y Letras Gallegas "El hombre y la obra", co título "Algo de lo que escribió Murguía" aparece esa lista de traballos recompilados por Vaamonde Lores. Amósase, ademais, unha "Carta de la viuda de Vicetto"[17], unha dura arremetida de dona Antonia Rodríguez detrás de quen se agocha, segundo o comentarista da carta, algún dos inimigos que "Murguía, como hombre de grande e indiscutible talento, que abarcaba muy diversas disciplinas literarias, tenía...". A violencia dialéctica desta misiva evidénciase nalgunha pasaxe como a seguinte: "No robemos a los muertos las flores que adornan sus sepulcros para coronar con ellas las sienes de los vivos..."

Na fin, un poema de Murguía cheo do máis profundo e sentido lirismo, "Ildara de Courel".

---

[16] Xosé Luís Axeitos, *Manuel Antonio. Poesía Galega Completa*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1992.

[17] Carta aparecida en *El Correo Gallego* o 24 de febreiro de 1909. Este durísimo escrito defende a autoridade e traballo de Vicetto fronte á figura de Murguía.

Antonio Noriega Varela

O poeta lugués, autor dun único libro do que se fixeron varias edicións revisadas (*Montañesas,* que desde 1920 levaría por título *Do ermo*), morreu no ano 1947. A súa figura e obra viña aparecendo desde meses atrás nas páxinas de *La Noche* a través dos seus textos, así como en diferentes comentarios e noticias. O 23 de marzo de 1946, Salvador Lorenzana incluía na primeira páxina o traballo "El yermo en la poesía de Antonio Noriega Varela"; na semblanza, entre o humano e o literario, o columnista afirmaba: "Noriega recorrió, con alma cazadora de todos los misterios, los atajos orillados de tojos y retamas de las cimas mindonienses". Nos seguintes meses apareceron dous traballos poéticos do poeta da montaña. O primeiro o 2 de maio, dentro do suplemento Plumas y Letras Gallegas: era un soneto galego titulado "Toda humilde belleza...". O segundo, o 10 de setembro, no mesmo suplemento cultural; tratábase agora dun breve poema composto desde a clave paisaxística titulado "Embreñarme precuro...". Entre as dúas achegas literarias, unha noticia (31-V-1946) referida á subvención para unha inmediata reedición de *Montañesas*, *A Virxe y a paisaxe* e *D'o ermo*. Incluíase na nota un interesante comentario: "Al frente de la antología figurará una carta-prólogo del gran poeta portugués Teixeira de Pascoaes".

Xa no ano 1947, o 28 de marzo, *La Noche* abre edición coa nova do pasamento de Noriega en Viveiro. Ó pé dunha fotografía súa fálase da cálida homenaxe que se lle dedicou recentemente coa reedición das tres obras. Ó día seguinte Plumas y Letras Gallegas rende homenaxe literaria á memoria do poeta e da súa obra. Á beira dunha breve nota mortuoria, a prosa de Aquilino Iglesia Alvariño, mesturada dese lirismo do poeta que fala doutro, percorre a vida e labor do "cantor franciscán"; titúlase "Noriega Varela, el poeta de las cosas humildes" e a prosa atinada ínzase de canto lírico e íntimo: " A sua i-alma de picariño sofre cando pasan os ventos, trotando como cabalos de Asia, nos seráns de marzo, esmagando os ramalliños novos i-as herbiñas cheias de baguas de rosada, en que nin siquera reparan".

Julio Sierra tamén achega unha breve colaboración titulada "Su humorismo en dos anécdotas" e, na fin, a homenaxe ó "poeta da Humanidade", como o definiu Aquilino, complétase cun poema galego en dúas partes, "Cousa bonita".

Especiais 25 de xullo

No período que nos ocupa (1946-1949) catro foron os números extraordinarios realizados como conmemoración da festividade do 25 de xullo. As moitas páxinas que conforman eses números son unha miscelánea de asunto vario onde o castelán é lingua maioritaria deses artigos, comentarios e traballos de creación.

1946

O 24 de xullo, nunha nota na primeira páxina anúnciase o especial do día seguinte, que conta con algún problema engadido: "*La Noche* dedicará su número de mañana a conmemorar la festividad —tan señalada para Galicia y para España entera—, del Apóstol Santiago.

Dada la tirada alcanzada por nuestro diario —lo que agrava de día en día la angustiosa diferencia entre el papel de que puede disponer y el que le es necesario—, no sólo no podemos dedicar a este número especial las páginas necesarias para recoger la selecta colaboración recibida y la

publicidad con que nos han distinguido los señores anunciantes, sino que nos vemos obligados también a limitar el suministro de ejemplares para la venta de este día a lo estrictamente indispensable".

O número especial do 25 de xullo componse de 8 páxinas e segundo consta nunha nota en primeira páxina sería distribuído en Madrid e Barcelona gracias "a un servicio convenido con la Compañía Iberia". O Apóstolo, Santiago e o Camiño son os eixos fundamentais da publicación na que aparecen firmas habituais e ben coñecidas do discorrer de *La Noche*. Xosé Mª Castroviejo ("El Patrón"), Ramón Mª Aller ("Camino de Santiago"), Luis Maiz ("La devoción al Apóstol Santiago, en Inglaterra"), Carro García ("La Capilla del Santo Apóstol") e Prieto Bances cun artigo a toda páxina, "Compostela cabeza y corazón de la Hispanidad".

Nese día mantéñense as seccións cotiás, Nebulosa de Rabanal e Cacho de Broa de Borobó, así como o suplemento Plumas y Letras Gallegas que mantén a liña de enxalzamento compostelán con traballos de Antonio Fraguas ("El Arzobispo de Santiago y el atentado del cura Merino contra Isabel II"); Herminia Fariña, que ofrece un poema ("Canto a mi ciudad") dedicado a Compostela e un texto, o único en galego, que baixo o epígrafe "Na festa de Galicia" titula Xan de Falcoeira "Sempre bos e xenerosos"; e a exaltación da festa e da súa principal figura: "Bos e xenerosos en fin, como o Noso Apóstolo, Señor Sant-Yago, pelegrín e romántico, que veu a alcender a luz do Ocidente inédito, como un precursor e un predestiñado".

1947

Das catro entregas desta simbólica data, foi a de 1947 a máis extraordinaria de todas. Foron 32 páxinas (a primeira e a derradeira en cor gra escura) dun especial no que houbo sitio para todo tipo de comentarios, opinións, traballos de creación e mesmo páxinas especiais dedicadas á poboación, gandeiría e pesca, minería, millo e centeo, patacas, conservas, o aeroporto de Santiago ou páxinas dedicadas a Vigo asinadas por Salvador Lorenzana e Juan de Vigo, respectivamente.



Benito Varela Jácome traballou arreo na divulgación de temas e figuras da literatura

De entre os colaboradores presentes para a ocasión seleccionamos algúns nomes ben coñecidos en *La Noche* e no ambiente cultural compostelán: F. J. Sánchez Cantón ("Los libros que heredó y no pudo leer el Marquesito de Bendaña en 1730"), R. Mª Aller ("El mundo de las estrellas visto desde Santiago"), Vicente Risco ("Galicia vista por un gallego"), Luis Legaz ("La Universidad de Galicia"), Benito Varela Jácome ("Santiago, primavera de la lírica"), José de Castro

Arines ("Algo sobre la pintura nuestra"), M. Rabanal ("Hemeterapolis") e Xosé Filgueira Valverde co artigo "Museos del mar en Galicia".

Incorpórase unha páxina co suplemento Plumas y Letras Gallegas no que colaboran Euxenio Montes ("Europa en el camino de Santiago"), Antonio Rey Soto ("Las veneras") e S. Risco co poema "Soportales"; ademais, aparecen outros textos poéticos en galego de Rosalía ("Na catredal") e de Gonzalo López Abente, "Un novo día". Fóra do suplemento literario, completan estes traballos en galego outros de Francisco Fernández del Riego ("Poesía i ecúmene da Lênda Apostólica"), Augusto Mª Casas ("Romance de Pedro Verdes") e, de Otero Pedrayo, o seu Parladoiro "Falas na Quintana".

Inclúese un debuxo inédito do augafortista galego Castro Gil exclusivo para *La Noche* titulado "Santos, trasgos e meigas". Todas estas numerosas achegas do amplo especial do día 25 de xullo amósanse en consonancia coa declaración de principios que *La Noche* ofrece ese mesmo día:

"*La Noche*
Nació para Galicia
Se debe a Galicia
Defiende a Galicia"

1948

O especial deste ano apareceu o 24 de xullo por coincidir o 25 en domingo, día no que o xornal non se publicaba. Son 16 páxinas dedicadas á festividade do Apóstolo Santiago, sen recargo para os subscritores, e que se poñerá á venda nas principais cidades galegas. Na portada recóllense os máis interesantes aspectos gráficos de Galicia "captados por el mágico objetivo del repórter artístico Ksado, cuya maestría inigualable sirve de colofón a las múltiples bellezas que nos rodean". Efectivamente, dúas ducias de fotografías que artellan a xeito de pórtico esta primeira páxina e ofrecen esa composición gráfica que rodea o editorial á beira do único texto en galego que abre o especial: "No sono da alborada", poema de Aquilino Iglesia Alvariño cheo dun profundo e fermoso lirismo:

"E sempre a mar, a nosa mar amiga
que enche o solpor de vagas señardades,
navegada de brétemas escuras
e milagrosas naus sempre lonxanas"

Como viña de ser habitual, de novo aparecen nestas páxinas os nomes de prestixiosos colaboradores de *La Noche*. Xunto ós traballos de economía (C. Pereira Amil), agricultura, enerxía ou ciencia (E. Vidal Abascal), outras páxinas sobre as letras e artes galegas (S. Lorenzana), gravados e gravadores santiagueses (X. Filgueira), un pintor de Galicia (M. Blanco Tobío), a imaxe de Galicia (Rey Quiroga) ou o panorama do ensino en Galicia de A. Couceiro Freijomil.

Fóra das páxinas especiais publicáronse artigos de Álvaro Cunqueiro ("Eterna Compostela") na sección Nuestras Exclusivas e o Parladoiro de Otero Pedrayo titulado "Quen vái a Sant-Yago e non vái a Padrón..." que recrea con prosa áxil e poética a importancia e beleza da vila: "Por iso tén as veces o sol nas pedras de Padrón —e nos hortos pechados, e nas fontes— un

pouco de locir melancólico e fermoso da lus nas basílicas constantinianas ergueitas con mármores antigos".

1949

Só 8 páxinas compuxeron o especial do día que se abre cunha ampla reproducción dun traballo plástico a dúas cores de Sesto datada no mesmo ano. Tamén este ano, Aquilino Iglesia Alvariño abre o número cun texto lírico en galego: "Groria dos ollos que viran al Señor". Completan esta primeira páxina os traballos de Otero Pedrayo ("Las medas del centeno clave del verano") e Manuel Fraga de Lis: "Entrevistas rápidas con algunas personalidades del país" (Wenceslao Fernández Flórez, Constatino Lobo Montero ou Manuel Castro Gil entre outros).

Do restante conxunto de páxinas salientámo-lo artigo de Salvador Lorenzana: "Pretérito, presente y futuro del arte y de las letras en Galicia", un longuísimo traballo no que se percorre a historia cultural (literaria e plástica) desde as orixes da lírica medieval e dos nosos cancioneiros galego-portugueses ata a "incógnita del tiempo actual", pasando polo Barroco, o Padre Sarmiento, os precursores, o romantismo, o segundo Renacemento e as novas xeracións. Ademais, de Xosé Filgueira Valverde, "El grabado forastero de tema santiagués" , feito co gallo da exposición de gravado compostelano que naqueles días se mostraba no Instituto de Estudios Galegos con fondos procedentes do Museo de Pontevedra; son as "primicias" do tema que, sobre un dos aspectos menos coñecidos, comenta Filgueira.

E na fin, o particular punto de vista de Xulio Sigüenza sobre a outra beira do Atlántico en "América, provincia gallega", artigo datado en Vigo o 20 de xullo de 1949 á beira do éxito que moitos galegos emigrados acadaron en diferentes países.

3. Seccións, columnas e suplementos

Nas semanas inmediatas ó relevo de *El Compostelano* comezaron a callar diferentes seccións, columnas e suplementos que, pouco a pouco, con maior ou menor éxito e cunha longa ou efémera vida, ofreceron naquelas páxinas a opinión diaria, a tribuna cultural, a miscelánea crítica e un vizoso *corpus* do labor artístico e literario, principalmente da intelectualidade galega. Ó longo destes catro anos, as iniciativas foron constantes, nun intento de mellora-la oferta cultural que *La Noche* desde as orixes tiña asumido como compromiso cos seus lectores; os colaboradores máis recoñecidos, mesmo aqueles que comezaban, tiveron en todo momento un oco para os traballos puntuais, e uns e outros compartiron decisivos espacios xornalísticos cunha envexable actitude de respecto entre si. Nese período, histórico, social e cultural tan complexo, a convivencia e protección daqueles que comezaron e desenvolveron iniciativas transcendentais, xunto co desmesurado entusiasmo e bo quefacer profesional limitado polos medios técnicos, semellan se-los factores decisivos que delongaron a existencia deses eidos comúns (seccións e suplementos) da cultura, todo á vez que posibilitaron unha canle aberta ós novos protagonistas incorporados nas décadas posteriores.

Nebulosa

As seccións, columnas fixas e suplementos periódicos foron as plataformas, os alicerces reais que cada día e semanalmente conformaron as mellores canles de expresión en galego, castelán e, de xeito eventual, en portugués. O día 1 de febreiro de 1946 xa estaban presentes dúas das columnas que ó longo de anos acompañarían ós lectores especialmente na última páxina do xornal: Nebulosa e Lacón con grelos. A columna diaria do profesor Manuel Rabanal iniciábase entón co

suxestivo título de "Nacimiento", un saúdo á nova empresa que comezaba, a unha noite que servía para mellor ver. As "Nebulosas" de Rabanal buscaban o apuntamento erudito e a nota sabia, precisa e xusta sobre asuntos varios. Lonxe de ser achega escura e falta de lucidez, a súa columna tentaba ser precisa, nidia e transparente, ilustrando de xeito didáctico, con senso académico e riguroso, diversas cuestións puntuais que abranguían o eido da lexicografía, etimoloxía, literatura, historia... A materia multiforme da "Nebulosa" de Rabanal integrouse perfectamente no discorrer de *La Noche*, onde atopou un excelente medio natural para o artigo de actualidade elaborado desde un particular inxenio e desde un profundo coñecemento da cultura clásica.

Lacón con grelos

Partindo da brevidade e concisión expositiva tamén "Lacón con grelos " de Borobó tentou fortuna desde as orixes do xornal. Esa columna diaria procurou amosar ó lector puntuais acontecementos, sucesos e opinións de novas recollidas tanto do ámbito local como nacional e internacional. Cunha particular prosa, Borobó recreou multitude de aspectos que, de seguro, mantiveron a atención e expectación dos lectores día a día. O pensamento, reflexión e opinión (en ocasións salferidos de humor) conferiron a esta columna unha especial entidade durante varios anos; mante-la atención dos seus lectores diarios en cada nova achega foi un labor abondo difícil, un reto complicado que Borobó soubo superar. Con todo, non debemos esquecer que a columna sufriu algunhas modificacións na cabeceira, titulándose Cacho de broa[18] , Anacos e Anaquiños; Atlas en el Toral, columna asinada por Julio Sierra, (outro alter ego de Raimundo García Domínguez), mesmo conviviu durante algún tempo con Anacos, compartindo opinións e comentarios multidisciplinares á par.

Coincidindo co nacemento de *La Noche*, o "Lacón con grelos" daquel día, titulado "Al principio", amosaba a súa carta de intencións: unha sección diaria que sintetice e condense diferentes novas de actualidade; desde o laconismo que persegue a columna, os grelos serán esa estraña verdura da divagación e do despiste: un "plato periodístico como una original columna clásica: un fuste dórico, lacón, y encima un capitel ateniense, de hojas de grelo..."

As dúas columnas compartiron a súa presencia con outra de marcado corte político, especialmente internacional, que titulada Mirador apareceu en primeira páxina a partir do día 16 de xullo de 1946 e que permaneceu durante algúns meses; estivo asinado, nun primeiro momento por M. e con posterioridade por L.

Parladoiro

Outro fenómeno literario e cultural, de aparición diaria ó longo de varios anos, con evidente autonomía e que, escrito exclusivamente en galego, marcou unha nova forma de colaboración

---

[18] Este novo título aparece nos inicios do mes de abril de 1946. Uns días antes, o 27 de marzo, ía dando por rematada a columna Lacón con grelos cun traballo titulado "Despedida a los lacones", onde se di: "Todos los que engordan cerdo aseguran que pierden dinero. ¿Por qué estupido masoquismo se dedican a este deporte? ¿No sería mejor que engordasen a cualquier criatura hambrienta? Un pedazo de borona piden miles de millones de seres, y en vez de dárselo se prefiere derramar la harina en la caldereta de los cerdos. Ganas nos están dando de pedirle al Director de *La Noche* que llame desde mañana a nuestros lacones, cachos de broa, mientras dure esta prolongada cuaresma de escasez universal...". A nova etapa precisa, agora, unha declaración de compromiso: "Como vivimos con un pie en la filantropía y otro en la bohemia —pobretería y locura— estamos cada vez más cerca de la humilde, anciana, barbada, humanidad, de cuyas dichas y desdichas quisiéramos ocuparnos frecuente y cordialmente, firmando siempre Borobó" (3 de abril de 1946).

xornalística puntual, foi o "Parladoiro" de Ramón Otero Pedrayo. Do amplo e polifacético labor de Otero Pedrayo destaca a súa dedicación ó xornalismo, espallando artigos en numerosas publicacións de dentro e fóra de Galicia. En *La Noche*, Otero continuou con esa paixón ofrecendo nos artigos un claro compromiso co galego a través da miscelánea de temas e asuntos alí comentados. Os Parladoiros, que se aproximan as setecentas entregas, abeiraron unha prosa erudita, sobrecargada (barroca) e cualificada, cunha dimensión cosmopolita, raiando co preciosismo poético e non exenta de certas dificultades derivadas dunha prosa por veces críptica. A xeografía, historia, literatura universal, filosofía, ciencia... están presentes ó longo destas entregas diarias, tan persoais na súa composición como plurais na proxección.

Un tema gallego cada semana

Tamén individual, aínda que cunha liña diferente dos traballos de Otero, foi a sección Un tema gallego cada semana. Baixo a responsabilidade de Salvador Lorenzana (Francisco Fernández del Riego). "Un tema gallego cada semana" aparecía na páxina derradeira do xornal e servía como plataforma para a opinión e comentario, crítico en moitas ocasións, de multitude de asuntos relacionados directamente co amplo abano da cultura galega en calquera das súas facetas. Eran as achegas individuais de Fernández del Riego, que mantiña un peso importante no desenvolvemento cultural e literario noutras empresas de *La Noche*. Esta colaboración formou parte durante algún tempo do suplemento Plumas y Letras Gallegas (xa no 1949) e mantivo unha forte presencia e relativa frecuencia (ó redor de oitenta ocasións) entre o 24 de abril de 1947 e 1949.

Artigos de primeira páxina

Ó longo dos catro anos houbo constantes colaboracións de asunto vario na primeira páxina que a partir de 1947 e ó longo de 1948 foron encabezadas co título Nuestras Exclusivas e posteriormente en Artes y Letras. De entre as múltiples firmas que apareceron nestas páxinas salientamos: Vicente Risco, Aquilino Iglesia Alvariño, Benito Varela Jácome, Salvador Lorenzana, Otero Pedrayo, José Ramón y Fernández, Eubensei, Antonio Fraguas e Xosé Filgueira Valverde. A estes nomes deberiamos engadir outros que aínda menos asiduos tamén atoparon un lugar en *La Noche*: Álvaro Cunqueiro, Castroviejo, Landeira Yrago, Eduardo Moreiras, Augusto Mª Casas, Camilo José Cela, Xulio Sigüenza (que no ano 1949 mantén durante un breve tempo a sección Cuba ayer y hoy), Julio Camba (que incorporou o seu primeiro traballo o 1 de marzo de 1949), Fernando Cadaval (Ricardo Carballo Calero) ou Ánxel Fole, quen popularizou baixo o pseudónimo Neumandro a sección Cartafolio de Lugo.

Nuestras Exclusivas

"Nuestras Exclusivas" aparecía o 12 de setembro do ano 1947 como lugar de encontro diario coa noticia, a opinión e o comentario puntual. Iniciaba a sección un traballo de Camilo José Cela titulado "Cerrado hasta septiembre", ó que seguiron numerosas colaboracións das máis brillantes plumas do panorama galego en xeral e compostelán en particular ata o ano seguinte, no que as entregas se fan máis distantes no tempo e chega a súa progresiva desaparición. Esta panorámica de traballos exclusivos complétase coa sección Con pluma ajena, onde se incluían artigos de opinión enviados por outros xornais e difundidos desde as páxinas de *La Noche*. Entre os colaboradores atopamos a Torrente Ballester, Lorenzo Maya ou Salvador Lorenzana.

Letras Hermanas

Completan este percorrido dúas interesantes seccións de contido ben particular: Letras Hermanas e Galicia Canta. Na primeira incorporánronse traballos de creación da literatura portuguesa (en portugués e nalgún caso en castelán) e inclúese en Plumas y Letras Gallegas. Hugo Rocha (2-V-1946), Guerra Junqueiro, João Verde (11-V-1946) e João de Castro Nunes, ("A Galiza vivida e cantada polos seus poetas", 28-XII-1946), lector de Cultura Portuguesa na Facultade de Filosofía e Letras da universidade compostelá, que tamén presenta o 5 de abril de 1947 o traballo titulado "Trítico da esperança e da saudade" e o 10 de maio dese mesmo ano "Quando a morte vier", entre outras achegas.

Galicia Canta

"Galicia Canta" deu título a unha sección que ó longo de varios días, e en páxinas interiores, tentaba amosar exemplos da creación lírica dos poetas galegos que testemuñaron cun xénero pouco xornalístico a súa presencia e actividade cultural. Era o ano 1949, "a feliz idade e tempos nos que a Poesía tiña cabida nas llanas dun xornal", como vén de comentar Manuel María lembrando os seus traballos alí. Beceiro Lois, Astray Rivas, Isidoro Millán, Baldomero Fernández e Faustino Rey Romero son algúns dos nomes que amosaron a súa arte naqueles días finais do ano. Manuel María, entón poeta mozo, lembra aqueles días: "Un bo día, no Lugo alto e ben murado, metemos nun sobre unhos poemiñas curtos e enviámolos a Santiago de Compostela, Preguntoiro 29. O soprendente aconteceu: os versos apareceron publicados en *La Noche*. Case non podiamos acreditar no que ollabamos: alí estaba o noso poema, en letra formada, nas páxinas do xornal, firmado co noso nome..."

Á hora de falar dos suplementos resulta interesante salientar como característica común que, mesmo naqueles independentes de intereses literarios, a palabra creativa e o mundo artístico tiveron un lugar importante ó longo das súas aparicións periódicas. A duración destas páxinas culturais estivo en relación directa co interese suscitado, á renovación e variedade ás que o xornal someteu estas páxinas e mesmo as eventuais circunstancias externas como o control ou a censura. De todos xeitos, evidénciase neste período inicial (1946-1949) unha interesante oferta, variada na temática e próxima á realidade galega, española, portuguesa e universal. Entre as publicacións máis efémeras salientamos: Tierra y Mar, Cine y Teatro e Toros y Toreros (onde o 4 de maio de 1946 aparece o "Soneto del conde de Villamediana a D. Pedro Vergel, alguacil de la Corte"). Á par destes suplementos están aqueles que centralizados á beira da cultura, tiveron unha maior trascendencia e proxección.

Rincón del niño

"Rincón del niño" converteuse na páxina de encontro, lúdica, co mundo dos máis novos. Dirixido ó público infantil e xuvenil, esta páxina combinou perfectamente a palabra escrita co apoio gráfico; a boa ilustración axudou a mante-la amenidade e o xogo que estas achegas necesitaban ter, sen esquece-la provocación da curiosidade e o ánimo cara á lectura coa inclusión de numerosos contos e relatos algúns de autoría anónima: "La balsa de la muerte", ou "Érase un señor don gato que quiso ser aventurero". Dos traballos asinados salientámo-los de Luis F. Xavier e Miguel Ángel Domey ("El capitán que volvió a vivir" ou "La carretilla del enano ladrón").

Para ti, mujer

O mundo feminino tamén contou cunha páxina exclusiva en *La Noche* que viña recollida do suplemento "De la mujer", aparecido en *El Compostelano*. As diferentes partes nas que se dividía a páxina dirixíanse con moita intención por tres camiños tan concretos como complementarios: a muller, a familia e o ámbito doméstico. "Para ti, mujer" acolleu unha miscelánea de artigos, comentarios e traballos puntuais que facían do suplemento un lugar para o ocio, o anecdotario e a cultura. "Consejos de un gaucho a su hija", "El último lied de Schubert"... Ademais, máximas, pensamentos e sentencias de diferentes autores ("Lo dice Bernard Shaw") e unha biografía da escritura romántica Carolina Coronado (1823-1911) entre outros asuntos.

Artes y Letras

"Artes y Letras" naceu como plataforma de información e opinión cultural no ano 1946, sufrindo logo unha interrupción na súa publicación para reiniciarse no mes de marzo de 1949. O día 1 de marzo de 1946 comezaba a súa andaina este suplemento, cunha longa exposición en prosa galega inzada dunha profunda vea poética que lle acaía moi ben ó simbólico e vizoso mes de maio; é un canto lírico esta recreación titulada "Canción a Compostela", de Salvador Lorenzana, de onde entresacámo-las seguintes palabras:

"Arredor de ti, o ár máis aromado e rumoroso. As mans ceibes de presa, como a ánima. A beira, enriba, na boca, a Eternidade.

I en todo caso, Compostela, epicentro galego de universalidade, á túa xineta vaia esta canción. A canción da miña soedade: Achégate, fica nos meus ollos. Fúndete en min. Incorpórateme. Eternízame".

Couceiro Freijomil, coordinador destas páxinas, Benito Varela Jácome, Chao Espina, Ángel Johán ou Otero Pedrayo son nomes dalgúns colaboradores e comentaristas deste suplemento que durante certo tempo conviviu con outra das xoias periódicas de *La Noche*, "Plumas y Letras Gallegas".

Plumas y Letras Gallegas

Comezou a súa historia paralelamente ó discorrer de *La Noche*. Naquel número inicial de febreiro de 1946, en páxina cinco, o suplemento incorporou traballos e textos de Antonio Couceiro Freijomil ("Un poeta festivo: Enrique Labarta"), Valle Inclán ("Compostela"), Wenceslao Fernández Flórez ("Galicia") e poemas de Enrique Labarta ("Revista de unha corrida ¿de touros? na vila de Noya feita por un labrego") e Juan Bautista Andrade ("Muiñeira"). Ó longo dos anos "Plumas y Letras Gallegas" mantivo un altísimo nivel de colaboracións e reuniu á súa beira aqueles nomes que son hoxe inseparables do quefacer literario, investigador ou ensaístico: Filgueira, Risco, Cunqueiro, Leal Insua, Celso Emilio Ferreiro, Pura Vázquez, Luz Pozo, Euxenio Montes, Roxelio Pérez, Aquilino Iglesia Alvariño, Noriega Varela, Xosé Valente, Cela, Díaz Castro, Antón Fraguas... Eis algúns nomes que demostran a calidade e compromiso cultural que aquelas páxinas tentaron ofrecer. Dentro do suplemento destacan dous feitos significativos: a incorporación da sección Letras Hermanas que, como xa se sinalou, aproximou textos en portugués ós lectores galegos e, en segundo lugar, a incorporación periódica de especiais literario-culturais; foron monográficos

que homenaxearon a autores, correntes e áreas concretas da cultura galega, especialmente na literatura. Foi un suplemento onde a prosa, a creación poética e a polifacética expresión cultural tiñan un importante lugar que, co tempo, representou unha gran novidade.

El Suplemento del Sábado

E, na fin, El Suplemento del Sábado, que precisará dun estudio máis pormenorizado e que en boa medida supuxo a culminación de todo ese longo proceso cultural iniciado tempo atrás. Estamos diante dun dos grandes acertos, dunha empresa decisiva, no eido do xornalismo de posguerra. A entidade das páxinas, o deseño, formato, colaboradores, seccións e uso da cor son algúns dos trazos definitorios deste labor que promovido por Francisco Fernández del Riego abrangueu un período breve (15-outubro-1949 a 28-xaneiro-1950) intenso dese período da posguerra. Naquelas páxinas confluíron as arelas dun proceso de recuperación cultural e creativo coas inquedanzas dun equipo entusiasmado naquela nova empresa. Foron dezaseis números (cun erro na numeración) o total de entregas aparecidas en *La Noche* ata finais de xaneiro de 1950 en que desaparece, motivado, de seguro, polas páxinas especiais dedicadas á figura de Castelao, que morrera en Bos Aires poucos días atrás, así como debidos ós graves e importantes problemas económicos polos que atravesaba.



Francisco Fernández del Riego xogou un fundamental papel como colaborador de La Noche *dende os seus comenzos*

4. Traxectoria textual da lírica galega en *La Noche* (1946-1949)

Como adoita acontecer coas páxinas literario-culturais de xornais e revistas, nas de *La Noche* hai —sobre todo no eido da poesía— dúas clases de colaboracións: a) Aquelas que os responsables das páxinas introducen a xeito de homenaxe a autores de prestixio xa desaparecidos (Rosalía, Juan Manuel Pintos, Xoán A. Saco e Arce, Enrique Labarta, Manuel Antonio, Curros Enríquez, etc.) e que xa foran publicadas con anterioridade. b) As que son novidade e aparecen por vez primeira no xornal. Dentro do primeiro grupo aínda poderiamos establecer un apartado para aquelas colaboracións aportadas por escritores aínda vivos que xa foran publicadas e que, polo tanto, non constitúen novidade. Neste senso, non é infrecuente comprobar cómo algúns poemas circulan por xornais e revistas de todo tipo antes e aínda despois de ingresar nun libro.

Pola nosa banda, nesta parte do traballo tentaremos facer un breve seguimento da rota dos textos que presentamos, dando conta das fontes nas que aparecen con particular atención ós libros nos que figuran cando é o caso. Por non se tratar aquí dun labor dirixido a especialistas, non nos deteremos con minuciosidade na confrontación de variantes nin na referencia exhaustiva a xornais ou revistas. Non faremos mención, agás nalgún caso especial, daquelas composicións que só figuren nas páxinas de *La Noche*.

Emilio Álvarez Blázquez foi poeta de reducida producción. Con frecuencia os seus poemas figuran espallados por xornais e revistas[19]. Publicou dous poemarios ben afastados entre si cronoloxicamente: *Poemas de ti e de min* (1949), en colaboración co seu irmán Xosé María, e *O tempo desancorado (Poemas para María Blázquez)* (1988). No primeiro deles aparece o poema "Carro", que tres anos antes aparecera nas páxinas de *La Noche* co título "Carro do tempo". No número da

[19] Formaba parte do grupo de escritores que dende Vigo colaboraban no xornal (Xosé Mª Álvarez Blázquez, Francisco Fernández del Riego, Ramón González-Alegre, Xaime Isla Couto, etc.)

revista *Mensajes de Poesía* correspondente a outubro de 1948, aparece tamén o poema, pero co título que figurará no libro. Este poema, con posterioridade, foi antologado por Varela Jácome[20].

O epigrama foi un subxénero poético frecuentemente cultivado por **Francisco Añón**. Do poeta muradán, que morrera en 1878, temos en *La Noche*, en calidade de homenaxe á súa memoria, a composición epigramática que comeza "Ó saltar este regueiro", que aparece por vez primeira no *Almanaque Humorístico de Galicia para 1878*, publicado en Ourense en 1877. Figura así mesmo en *Poesías varias de Francisco Añón Paz* (1878) e, finalmente, está recollido na sección "Poesías en galego de data segura" do libro *Vida e obra de Francisco Añón* (1991), fundamental contribución ó coñecemento do poeta, da autoría de Fernando Bel Ortega.

Nacido en Ordes en 1924, **Manuel Astray Rivas** foi avogado e colaborou nas páxinas de *La Noche* e tamén, posteriormente, en *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia*. Escribiu un opúsculo, *Caída programada*, que el mesmo editou, sobre o presidente chileno Salvador Allende. O seu libro *Síndrome del 36* (1991), constitúe unha memoria persoal da actividade dun grupo do exército guerrilleiro galego. Non publicou ningún libro poético e a súa composición "Saudades" figura só no xornal compostelán. Finado en 1992, deixou inédita unha peza teatral, *A Pouleira*, unha traxedia sobre o mundo rural galego.

Non foi frecuente a colaboración de **Ramón Cabanillas** en xornais ou revistas da posguerra. Así e todo, aparecen algúns dos seus poemas nas páxinas de *Cartel*, *Sonata Gallega, Escritos* e *Aturuxo*. En *La Noche* só temos del un poema[21] breve, "A rosa que sangra", pertencente ó poemario *Da Terra asoballada* (1917). No libro a composición posúe un remate de catro versos que faltan na versión do xornal: "Pero deste dor da Terra / ferida e escravizada... / ¡qué rosiña vermella! / ¡cómo doi! ¡cómo sangra!". Nesta versión a forma "arroba" (v. 13) ten que ser unha errata por "arrola", que é como aparece no libro.

De **Francisco Carvajal Capella** temos en *La Noche* artigos sobre temas e figuras da literatura galega e os poemas "Saudades" e "Á miña filla Ana María". Sabemos tamén que foi autor do ensaio *Sentimento y paisaje en la poesía gallega*, publicado en Madrid en 1956. Carballo Calero acusa ó autor de plaxiario e sinala que o devandito ensaio reproduce case o pé da letra o seu libro *Sete poetas galegos* (1955) cun capítulo final dedicado, paradoxicamente, ó propio plaxiado, Carballo Calero. Non temos constancia de que publicara ningún libro de poemas, e menos en galego.

Poeta imaxinista e saudosista, **Augusto Mª Casas** comparece nas páxinas de *La Noche* con "Romance de Pedro Verdes". Manifestárase con anterioridade como poeta en galego con *O vento segrel* (1932), ó que seguiron despois outros poemarios como *Cantigas da noite moza* (1950), *Isa folla que vai polo río* (1954), *Alén* (1962) e *Servidume da terra* (1965). A composición "Romance de Pedro Verdes", coa que o poeta está representado no xornal compostelán, pertence ó primeiro dos seus libros citados, publicado por Edicións Nós, e reproduce o texto do mesmo, coa variante —na segunda parte do poema— do verso 7, "amañecida" por "mañanciña".

José María Castaño Priegue cultivou a literatura, particularmente a poesía, de forma só moi ocasional. Mestre e avogado, colaborou co poema "A barca" na revista *Nós* (nº 136, 15-IX-

---

[20] Benito Varela Jácome, *Poetas gallegos (Las mejores poesías)*, Santiago de Compostela: Porto y Cia Editores, 1953, p. 437.

[21] Publicado en *O Tío Marcos da Portela* (Terceira época, Parrafeo 15, 21-IX-1917). Con posterioridade aparece tamén reproducido en *Antología de la lírica gallega* de Álvaro de las Casas, vol. I, Madrid, s/d, p. 127.

1936). No ano 1947 temos en *La Noche* once poemas da súa autoría que só figuran nas páxinas do xornal, agás o anteriormente citado "A barca", que agora figura co título "Barca". Ademais témolas seguintes variantes léxicas: "masto" (v. 3), por "mastil"; "vagas" (v. 6), por "ondas"; "—o faro prendeu ao mar, / con alfeñiques, as azas—" (v. 7, 8), por "O faro prendeu no mar / longas lumeiradas roxas."; "Soña, o timoel, sen ventos," (v. 11), por "O timoel soña ventos"; "Froreguízate i avanca. / Tensa as velas, que o meu peito" (v. 14, 15), por "Espreguiza as tuas azas. / Enche as velas, que o meu peito"; "A bruar chegou o vento, / brotando a lúa por banda, / ¡i un ronsel ilusionado, / fende no mar, miña barca!" (v. 17, 18, 19, 20), por "Bruando chegou o vento / e deulle un bandazo â lua. / A barca e a mar durmidas / fuxiron cuspindo escuma."

O ferrolán **Dictinio de Castillo-Elejabeytia** foi un poeta bilingüe e o seu poemario *Lirios de Compostela* (1949) contén poemas en galego e castelán. En 1987 aparece *O espello das brétemas e outros poemas*. O mesmo ano da publicación do seu primeiro libro citado, *La Noche* reproduce dous poemas incluídos nel, "Santiaguiño do monte" e "A Nosa Señora da Soedade". Nos textos reproducidos no xornal atopámolas seguintes variantes léxicas: "doutras terras" (v. 7) por "doutras terras lonxanas"; "cansado veño" (v. 8) por "canso a ti veño"; "ribas" (v. 35) por "veigas"; "sono" (v. 36) por "soño"; "frondosas orelas" (v. 40) por "follosas ourelas"; "dolménicas" (v. 51) por "senlleiras" (todas elas no primeiro poema, ó que lle falta o verso antepenúltimo "que ha ofererecido" da versión do libro). No segundo poema anotamos "abertos na braña a golpes" (v. 12) por "de abrollos e sinsabores"

Pouco ou nada imos dicir de "Na catedral" e "Miña casiña, meu lar", poemas de **Rosalía de Castro** integrados no seu libro *Follas Novas* (1880). Meirande interese que a reproducción das composicións rosalianas, ben coñecidas, teñen os diferentes artigos que en *La Noche* apareceron sobre aspectos biográficos de Rosalía e o seu entorno familiar, así como sobre a súa lírica. Tamén quedan rexistrados feitos concretos como a adquisición da casa da Matanza para a súa restauración ou a creación do Padroado Rosalía de Castro. De todo isto deixamos constancia, para a súa consulta, no noso índice final.

Moi amplo foi o labor xornalístico de **Antonio Couceiro Freijomil**, labor que alternou co exercicio da docencia e traballos de carácter lingüístico e literario sobradamente coñecidos. Ademais de numerosos e variados colaboracións en prosa, en *La Noche* publicou un poema en galego, "Na cas do picapreitos". Xa como poeta na nosa lingua se tiña manifestado con *Lóstregos* (1925), que logo mudaría o seu título —con novas composicións engadidas—polo de *Do meu feixe*, amplo conxunto de cantares populares que apareceron no xornal ourensán *Galicia*.

O mesmo ano de 1946 no que *La Noche* comezaba a súa andaina, publicaba o escritor betanceiro **Celestino Luis Crespo** o seu primeiro e único libro de poemas en galego, *Brétemas mariñás*. Outros dous libros da súa autoría, tamén de versos galegos, quedarían inéditos. Pero, ademais, este escritor, colaborador do *Anuario Brigantino*, deixou numerosas composicións soltas en xornais como *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia*. En *La Noche* publicou cinco poemas: "Saudade", "Adiviñanza", "Galicia", "Na morte de Noriega Varela" e "Galiciana". Todos estes poemas apareceron no xornal entre abril e xullo de 1947 e non figuran en *Brétemas mariñás*.

Como acontece con Ramón Cabanillas, a comparecencia, sempre como homenaxe, de textos de **Curros Enríquez** en *La Noche* é case imperceptible. Limítase a un único poema, "Na morte da miña nai", que está tomado do seu libro *Aires da miña terra* (1880). A condición do autor de

clásico da nosa literatura e o coñecemento xeral da súa obra, exclúen aquí calquera outro tipo de puntualizacións.

As achegas galegas de **Álvaro Cunqueiro** a *La Noche* nestes primeiros anos do xornal limítanse ás composicións poéticas "Noivado III" e "Rondeau das señoras donas do Vilar". A primeira delas non presenta modificacións de relevo con respecto á versión que, por pertencer ó apartado "Ela y el" do libro *Poemas do si e non* (1933), foi incluída no volume I da *Obra en Galego Completa*[22] Polo que respecta á segunda composición, correspondente ó apartado "Cantigas do amor cortés" de *Dona do corpo delgado* (1950), apareceu denantes, o 21 de xullo de 1949, no xornal compostelán e a variación máis digna a ter en conta é o título, que na versión aparecida na devandita compilación da obra cunqueiriana en galego é "Rondeau da dona enterrada en San Xohán de Badón, con dous anxos aos pés". No texto de 1949 especifícase ó pé da composición a súa pertenza a *Follas do vrán en louvor das damas do tempo pasado*.

O poeta lugués **Xosé Mª Díaz Castro**, colaborador na década de 1940 de revistas como *Cartel* e, sobre todo, *Alba*, tivo unha participación xa de certa entidade en *La Noche*, con poemas en galego e castelán. Na primeira das linguas está representado co poema "Con este alento", que aparece no único pero fundamental libro poético do escritor, *Nimbos* (1961). A versión que aparece en *La Noche* é, en consecuencia, moi anterior á que figura no libro. Neste, o poema aparece cun título diferente, "Coma brasas" e as diverxencias entre ambas versións son mínimas, de puntuación e acentuación. No texto do xornal que nós reproducimos, corriximos tres evidentes grallas: "Aluma él" (v. 3), por "Alumarei"; "e doescente" (v. 8), por "adoescente" e "les" (v. 14) por "lles".

O frade franciscano **Padre Eiján** (Samuel Eiján Lorenzo) foi colaborador de *Nós*, do xornal *La Integridad* e particularmente de *El Eco Franciscano*, do que foi director. Manifestouse como poeta en galego en *Mágoas* (1902), que tivo continuidade noutros títulos como *D'a y'-alma* (1915) e, finalmente, *Froliñas de San Francisco. Romanceiro seráfico-galicián* (1926). A súa composición "O Río Miño" apareceu por vez primeira en *Aurora do Lima*[23] posteriormente foi incluída no apartado V, En la lengua de mi tierra, de *Aleteos. A través de Galicia* (1926), libro de versos en castelán que inclúe sete composicións en galego, entre elas "O Río Miño", que pecha o libro.

Un novo caso de bilingüismo, levado ó terreo da poesía, é o do muradán **Manuel Fabeiro** nas páxinas de *La Noche*, onde colaborou con asiduidade. Ademais de *Follas dun arbre senlleiro* (1951), Fabeiro publicou tres breves conxuntos poéticos na revista *Poesía Española*. Pero, sobre todo, as súas composicións andan polas revistas galegas da posguerra, *Alba, Gelmírez, Sonata Gallega, Atlántida* e, particularmente, a noiesa *Tapal*, da que foi director. Co seu nome ou baixo pseudónimo temos deste poeta, nos primeiros anos do xornal compostelán, poemas propios e traducións. Entre os primeiros, "Seitura", "Horas sereas", "O voluntario", "Pranto en Compostela", "¿Quén me chama?..." e "Solpor". Das citadas composicións, "Solpor" foi incorporada polo poeta a *Follas dun arbre senlleiro*, coa única modificación da distinta disposición das estrofas. Este mesmo poema atopámolo en *Tapal* (nº 3, febreiro de 1951). E no aludido libro ingresa tamén "Pranto en Compostela" coa mesma alteración indicada para o anterior poema. Outra incorporación ó mesmo poemario é a da composición que comeza "¿Quén me chama na noite?", que no libro carece de título.

---

22 Álvaro Cunqueiro, *Obra en Galego Completa*, Vigo: Galaxia, 1991.

23 Número extraordinario do 5 de xaneiro de 1923.

Dous poemas asina Manuel Fabeiro co pseudónimo Manuel Nogueira da Rosetta: "As lembranzas" e "Luar". Ámbolos dous reaparecen no seu poemario de 1951 ó que estivemos facendo referencia. Asinada por "Anónimo" temos unha nova composición de Fabeiro, "Muros", que outra volta está reproducida no seu citado poemario e no nº 9 de *Tapal* (agosto de 1955).

Non deixa de ter entidade a contribución, con poemas en galego e castelán (bilingüismo co que se manifestan así mesmo poetas como Pura Vázquez, José A. Valente, Xosé Mª Díaz Castro, Manuel Fabeiro e algúns outros nas páxinas de *La Noche*), da escritora compostelá **Herminia Fariña**, que cultivou a lírica a idade moi temperá. Algunhas das súas composcións líricas apareceron en revistas como *Terra, Lar, Galicia* e *Sonata Gallega*. Os seus versos galegos están recollidos no poemario *Seara* (1924), aínda que en *Por España e para España* (1937) introduce catro poemas na mesma lingua. "O meigallo", único poema[24] en galego que publicou nos primeiros anos de *La Noche*, figura no seu libro *Seara*, xa citado. A única variante de entidade e a forma "vistida" (v. 20), por "espida", que é a que consta na versión do libro. Hai tamén variación na disposición estrófica dos versos.

Xa era de abondo coñecido **Xosé Filgueira Valverde** polos seus numerosos e variados traballos no ámbito cultural galego cando publicou en *La Noche* "A Virxe do Socorro", traducción dun poema de Paul Claudel. Non ingresou en libro ningún este poema, que nada ten que ver cos poucos da súa propia autoría que este erudito pontevedrés xuntou en *Seis cantigas de mar in modo antico* (1941), único poemario que lle coñecemos. Polo demais, Filgueira Valverde contribuíu a *La Noche* con moitos artigos e pequenos ensaios prosísticos dos que deixamos puntual referencia no noso índice final.



Filgueira Valverde ocupouse dos temas de arte e literatura galega

Aínda que dende comezos de século empregou **Manuel García Barros** o pseudónimo Ken Keirades na prensa galega, en *La Noche*[25] non o utiliza para o seu poema "Saudades", que publica en 1946. Dramaturgo e narrador, García Barros non publicou ningún libro de poemas e só quedan del algunhas composicións soltas, espalladas por xornais e revistas. Sen dúbida, "Saudades"[26] é unha delas. Este poema apareceu por vez primeira en *El Estradense*, nº 6 de 19-I-1907. As diferencias fundamentais entre as dúas versións son as seguintes (citamos primeiramente as formas que aparecen na versión de *El Estradense*): "que de muy preto da noite" (v. 7), por "que â xuntadiña da noite"; "xunto" (v. 8), por "onde"; "ledos ruadeiros" (v. 11), por "alegres rueiros"; "do meu lado" (v. 13), por "da veira"; "y-o ver o grobo nos aires / co-a sua cola esmaltada, / humildiño coma un santo / comigo viña pr'á casa." (v. 17, 18, 19, 20), por "y-ô subir o grobo arriba / ceibando estrelas de prata, / garimoso coma un ano / viña comigo pra â casa"; "Nunca o meu peito asaltaron" (v. 21), por "Xamais sentira o meu peito"; "arca" (v. 26), por "hucha"; "Casarnos, non podiamos / porque non tiñamos nada" (v 39, 40), por "pois anque poder, podía / xa con él estar casada. / Deus nos dira tan pobriños / que non tiñamos nin casa"; "bastara" (v. 46), por "abondara"; "peniñas negras na y-alma" (v. 52), por "mouras congoxas na y-alma".

---

[24] Figura tamén reproducido na *Antología de la lírica gallega*, de Álvaro de las Casas, vol. I, Madrid, s/d, p. 151.

[25] García Barros colaborou en *La Noche* non sen moitas dúbidas e reticencias, animado por uns e criticado por outros. Véxase, ó respecto, o libro de Xoán C. Garrido Couceiro, *Manuel García Barros. Loitando sempre*, Lugo: Edicións Fouce, 1995; pp. 179-181.

[26] Reproducido no citado libro de Xoán C. Garrido Couceiro; p. 44.

Non deixan de ser frecuentes en *La Noche* as composicións líricas de carácter relixioso. Unha mostra é "A Cruz", coa que está representado **Antonio García Vázquez-Queipo**, que morrera en 1912. Trátase dunha traducción dun poema do italiano Pietro Paolo Parzanese. Vázquez-Queipo foi tamén traductor de A. Manzoni e de composicións de tema relixioso, pero non publicou ningún libro poético. Ó escritor e ó seu poema refírense Uxío Carré Aldao na súa *Literatura Gallega* (1911) e Antonio Couceiro Freijomil en *El Idioma Gallego* (1935).

A coruñesa **Francisca Herrera Garrido** é máis celebrada pola súa obra narrativa que pola súa contribución á lírica. Autora de novelas como *Néveda* (1920), *A ialma de Mingos* (1922) ou *Martes de antroido* (1925), como poeta —moi á sombra de Rosalía —publicou poemarios como *Sorrisas e bágoas* (1913) ou *Frores do noso paxareco* (1919) entre outros. Algúns dos seus poemas apareceron en *A Nosa Terra* e *Nós*. "A Lua" e "¡Meu hirmán montañés!" son as composicións poéticas coas que colabora en *La Noche*. "A lúa" pertence ó seu primeiro libro poético, *Sorrisas e bágoas*, xa mencionado. Cotexadas as versións, as diferencias dos textos —como noutros casos analizados— son de pouca entidade e están referidas a elementos gráficos (guións, circunflexos, apóstrofos, etc.) e de puntuación. Anotamos unicamente, no v. 6, "pura" por "fura" (a última das formas é a que temos na versión do libro).

Foi **Aquilino Iglesia Alvariño** unha presencia tan asidua como interesante en *La Noche*. Colaborou con numerosos traballos en prosa e composicións poéticas tanto en galego como en castelán. Esta colaboración do escritor de Seivane no xornal compostelán coincide cronoloxicamente coa súa contribución poética a revistas como *Gelmírez, Posío, Sonata Gallega, Xistral, Mensajes de Poesía* ou *Alba*.



Aquilino Iglesia Alvariño foi unha das sinaturas de máis relevante presencia en La Noche, *con poemas e artigos en prosa*

Temos en *La Noche*, entre os anos 1946-1950, un total de dezasete poemas. Só unha parte deles procede dalgún libro poético anterior a estes anos ou ben ingresa en poemarios cronoloxicamente posteriores. Así, o poema "O meu corazón..."[27] figura como segunda composición de *Corazón ao vento* (1933), libro no que tamén atopamos "No berce"[28], pero agora co título "No berce negro da noite". Os poemas dedicados a Catulo e Tibulo pertencen a *Cómaros verdes* (1947) e figuran na sección "Nenias" (figurarán tamén en *Nenias*, 1961, na sección Vento da alma). Os dous poemas aparecen en *La Noche* o mesmo ano da aparición do libro. Nel aparecen tamén "Nas orelas do Miño"[29] (pero co título "Os prados"), integrado na sección "Cabrinfollos e oucas", sección na que temos tamén "Groria dos ollos que viran al Señor". O poema de homenaxe a Petöfi[30] co gallo do centenario da morte do poeta húngaro, figura en *Cómaros verdes* (sección Nenias) e, con posterioridade, en *Nenias* (1961). "Aninovo Feliz" pertence á serie de poemas que o escritor adoitaba escribir polas datas de Nadal para felicitar ós seus amigos. Temos constancia dun "Aninovo Feliz, 1949" e doutros co mesmo título datados en anos posteriores. O "Aninovo" de 1960 apareceu publicado na revista *Vamos* do Colexio Minerva de

---

27 Publicado en *Céltiga* (29-X-1931).

28 En *Nós*, nº 87 (15-III-1931).

29 En *Cantiga*, nº 3, Lugo, 1946.

30 En *Posío*, nº 4, Ourense, 1946 e *Grial*, nº 39, Vigo, 1973.

Santiago de Compostela. O publicado en *La Noche* contén fundamentais diferencias verbo do "Aninovo Feliz, 1949" que figura entre os "Poemas soltos (con data)" na edición da poesía galega de Aquilino Iglesia Alvariño feita por Alonso Montero[31]; na devandita sección figura tamén a composición "Loiros, lonxanos, fillos ledos dos ríos silandeiros".

Non aparecen recollidos, sen embargo, oito poemas que figuran tamén en *La Noche* e que reproducimos na sección poesía galega. No rexistro feito por Luciano Rodríguez[32] faltan seis poemas do conxunto publicado polo escritor en *La Noche* con anterioridade a 1950. Os textos que aparecen no xornal amosan, en xeral, numerosas e importantes variables, pois o poeta, coñecedor dos descoidos habituais en xornais e revistas, revisaba e corrixía os seus poemas á hora de incorporalos ós seus libros. Das composicións "Rite e rexouba", "Os alisios do Leste (traduccións de poemas de John Masefield), "¡Qué delicia ser verso!", "Puñéranse as bidueiras...", "Ven vel-a, meu amor!...", "Señor", "No sono da alborada" e "Doce palmar calado" só temos constancia nas páxinas de *La Noche*.

Cunha longa composición, o romance octosilábico "Ortografía gallega", temos a **Antonio Mª de la Iglesia González**, que desenvolve un meritorio labor no ensino e impulsou distintas publicacións periódicas, entre elas o *Álbum de la Caridad*, no que apareceron algúns dos seus poemas. Fundamental antólogo da literatura galega en *El idioma gallego, su antiguedad y vida* (1886), como poeta non publicou ningún libro. As súas composicións apareceron en xornais e revistas como *O Tío Marcos da Portela, El Iris de Galicia, Diario de la Coruña, El fomento de Galicia, O Galiciano, La Ilustración Gallega y Asturiana, Revista Gallega* e *Galicia Humorística* entre outros. Precisamente en *Galicia Humorística*, entre outros poemas do escritor, aparece "Ortografía gallega" (nº 10, 15-VI-1888) que *La Noche* ía reproducir moitos anos despois.

Mª do Carme Kruckenberg forma parte —con Pura Vázquez, Herminia Fariña, Francisca Herrera Garrido, Luz Pozo Garza e Rosalía de Castro— do grupo de escritoras, poetas, que aparecen en *La Noche*. De orixe viguesa, Mª do Carme Kruckenberg inicia a súa xeira como poeta co libro *Cantigas do vento* (1956), ó que ían seguir *Canaval de ouro* (1962) e outros ata chegar a *Alegoría de ensoño ferido* (1992), a máis recente entrega lírica da escritora. No xornal composteláns publicou un só poema en galego —"Silandeiro me chamaches"— , a carón de "Redobló la campana", composición escrita en castelán.

Coñecido fundamentalmente como poeta festivo, **Enrique Labarta Pose** comparece en *La Noche* cunha composición en galego, "Revista de unha corrida ¿de touros?...". Este longo poema[33]—un romance— chega ó xornal anos despois da súa publicación nas páxinas de *Galicia Humorística* (nº 1, 15-I-1888), unha das moitas revistas literarias fundadas e dirixidas polo autor, na que atopamos numerosas composicións satírico-humorísticas da súa autoría. Estamos, xa que logo, diante dunha composición reproducida para lembrar ó escritor, que morrera en 1925. As diverxencias entre os textos son puramente de detalle e se refiren ó terreo concreto dalgunhas grafías (guións, tiles, apóstrofos, etc.). Os poemas[34] de Labarta Pose apareceron en moitos xornais e revistas. Os que están escritos en galego foron recollidos en parte polo propio escritor no poemario *Bálsamo de Fierabrás* (1889), no que tamén figuran composicións en castelán.

---

31 Aquilino Iglesia Alvariño, *Poesía galega completa*, Vigo: Ed. Xerais, 1986, pp. 264-265.

32 *Poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, Lugo: Servicio Publicaciones Diputación Provincial, s/d, p.409.

33 Apareceu publicado primeiramente en *O Tío Marcos da Portela* en dúas entregas (Segunda época, Parrafeos 164, e 165 de 23 e 30 de xaneiro de 1887).

34 Outras composicións aparecen no libro *Enrique Labarta Pose. Poesías en gallego y castellano* (1960) en edición de Benito Varela Jácome.

Non esqueceu *La Noche* homenaxear a **Valentín Lamas Carvajal** (1849-1906) e co gallo do centenario do seu nacemento apareceron artigos Lamas sobre a súa vida e obra poética. Pero tamén foron reproducidos dous dos seus poemas, "Alá eu vou coa miña moca" e "O Alalalaa...". Este último aparece presidindo o apartado "Ramiño Segundo" do poemario *Espiñas, follas e frores* (1876). As diferencias entre os textos son mínimas e afectan só á grafía (maiúsculas en iniciais dos versos, tiles, apóstrofos e guións).

Un dos principais animadores de *La Noche* foi o compostelán **José Landeira Yrago**[35], finado no pasado 1995. Desenvolveu unha moi meritoria tarefa xornalística noutros xornais, sobre todo en *Faro de Vigo*. No xornal compostelán asinou moitas notas, co pseudónimo Villarroel, sobre escritores —con datos sobre a súa vida e obra— que amosan amplos coñecementos literarios. Non escribiu ningún libro poético e os seus poucos poemas quedaron nas páxinas máis efémeras de xornais e revistas. Estudiou sen embargo o vencellamento de García Lorca a Galicia e da súa responsabilidade foi a escolma poética *Dos devanceiros ao dezaoito* (1975). O poema de Mallarmé que Landeira Yrago traduce ten que figurar só nas páxinas do xornal compostelán, no que estaba a traballar naqueles anos.

Publicacións como *O Tío Marcos da Portela, Nós, A Nosa Terra, Ronsel, Vamos* ou *Nemancos* contaron coa colaboración de **Gonzalo López Abente**, poeta manifestado en *Escumas da ribeira* e *Alento da raza* (sen data ámbolos dous), ós que seguiron *De outono* (1922), *Nemancos* (1929), *Centileos nas ondas* (1958) e outros dous poemarios de carácter póstumo: *Decrúa* (1966) e *Monza de frores bravas para Nosa Señora da Barca* (1971). O poema "Un novo día" co que comparece en *La Noche* apareceu por vez primeira en *A Nosa Terra* (nº 215, de 25-7-1925). Con posterioridade inclúese no poemario *Nemancos*, xa citado, sen ningunha variante.

Con dous poemas breves —"¡Bo consolo!" e "Os zapatos" —temos en *La Noche* a **Benito Losada Astray**, médico santiagués. Estas dúas composicións aparecen en homenaxe ó escritor, que en 1886 publicara o seu poemario *Soaces dun vello. Poesías gallegas*, no que sen embargo figura un apartado de narracións curtas. Anterior é *Poesías* (1878), onde mestura composicións en galego e castelán.

Sobradamente coñecido pola súa dilatada obra literaria é o lugués **Manuel María**. Revistas poéticas da posguerra como *Alba, Aturuxo, Xistral* —da que foi fundador e director—, *Tapal, Atlántida* ou *Posío (Artes y Letras)*, entre outras, publicaron moitos dos seus poemas. Constante colaborador na prensa galega, —hoxe mesmo continúa a súa presencia en *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*— os seus poemas das páxinas de *La Noche* son anteriores á publicación do seu primeiro libro poético, *Muiñeiro de brétemas* (1950), que apareceu na colección Benito Soto, chamada por Borobó "Colección do pirata". A ese libro ían seguir *Morrendo a cada intre* (1952), *Advento* (1954) e moitos máis ata chegar a *A Primavera de Venus* (1993). Cinco son as composicións coas que figura en *La Noche*, "Cantiga do abalamento", "Cantiga da nena virxe", "Cantiga da recén casada", "Aquela toleeira queda de campás" e "Fume". As catro primeiras non apareceron incorporadas a libro ningún; soamente "Fume" figura inserta no poemario *Muiñeiro de Brétemas*, mais non presenta diferencias dignas de comentario verbo da versión que logo aparecerá no citado libro.

---

[35] Unha interesante lembranza do escritor figura no libro de X.L. Franco Grande, *A ilusión da esperanza (de Cabanillas a Baixeras)*, Vilaboa (Pontevedra): Ed. do Cumio, 1991, pp. 131-135.

Manchego de nacemento, **Manuel Martínez González** viviu sempre en Galicia dende a súa nenez. Notario de profesión, a súa obra poética está recollida no volume *Poemas gallegos* (1883), pero son moi abondosas as súas composicións publicadas en xornais e revistas como *Galicia, Diario de Pontevedra, El Independiente, La Pequeña Patria, O Tío Marcos da Portela* ou *Galicia Humorística*. En *La Noche* está representado coa composición que comeza "N'hai duda nin disputa".

Como unha curiosidade e unha sorpresa debemos deixar constancia do poemiña "Cantarciño con comento", do pontevedrés **Isidoro Millán González-Pardo**. Coñeciamos del estudios e ensaios de carácter lingüístico, biográfico, histórico e literario, pero aquí aparece nunha pouco coñecida dimensión de poeta, na que se manifestou moi serodiamente co libro *Este é o tempo do sal* (1992). Máis de corenta anos separan este poemario da composición publicada en *La Noche*.

Avogado e profesor, colaborador de publicacións como *El Alcance* e *Estrella Galaica*, **Xosé Mª Moar Vázquez** é autor dunha abondosa obra, hoxe moi esquecida. Os seus escritos en prosa, en castelán, teñen como principal punto de referencia a problemática das escolas, pero tamén se ocupan de temas xeográficos e agrícolas. En galego foi autor dos poemas "O San Lázaro", "O fogo do víspora de Santiago", "A Regueifa" e "O Mayo". En 1912 tiña no prelo un libro, *Musa de cofia*, de poemas en galego e bable, prologado por César García Valiente. En *La Noche* publicou "Ilusións da mocedade..." e "Ô mes de mayo".

O pasamento de **Antonio Noriega Varela**, acontecido en 1947, non pasou desapercibido en *La Noche*, onde apareceron diversos artigos dedicados a lembra-la súa vida e os seus versos, reunidos en poemarios como *Montañesas* (1904) e *Do ermo* (1920). Seis poemas publicou o xornal da autoría de Noriega Varela. "Toda humilde belleza" é un soneto tomado das páxinas de *Do ermo*, que na edición de 1946 —última aparecida en vida do escritor— reúne a parte fundamental da totalidade da súa producción poética. E no mesmo libro atopamos outras composicións como "Embreñarme precuro...", "En vela"[36], "Diante dos que atruxan forte..." e "Cousa bonita". Non hai variantes de interese agás no caso dos versos "miña xoia, / e non ten pais, nin padriño,", pertencentes ó último dos poemas citados, que figuran na versión do libro ó final da segunda parte da composición e faltan no texto do xornal. Polo que respecta a "Toca a gaita", non foi incorporado a ningún dos libros do autor nin aparece recollido entre os seus textos[37] esquecidos.

A abundancia das colaboracións en prosa de **Álvaro Paradela** contrasta coa súa mínima aportación á lírica en *La Noche* —o poema "Cantiga"—, na que o médico coruñés se manifesta en castelán e galego. Escritor polifacético, cultivou sobre todo a narrativa e, en moito menos grao, a lírica. Nesta última faceta é autor de *Catro ducias de cantarelas*[38]. "Cantiga" non foi recollida en libro polo autor.

Con sete pezas epigramáticas e unha traducción está representado **Xosé Pérez Ballesteros**, escritor e catedrático, nacido en Compostela en 1833, que desenvolveu unha longa labor docente na súa cidade natal e na Coruña. No *Álbum de la Caridad* publicou o seu primeiro poema, escrito en 1853, pero os seus versos, que apareceron con certa frecuencia en xornais e revistas como

---

[36] Publicada en *A Nosa Terra* (nº 100, de 15-IX-1919).

[37] Referímonos ós que aparecen recompilados no libro de Xosé Ramón Freixeiro Mato, *A cara oculta de Noriega Varela*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 1992.

[38] Publicadas en *Grial*, nº 59, Vigo, xaneiro-marzo de 1978, pp. 69-73.

Galicia Humorística, O Tío Marcos da Portela, Heraldo Gallego, Revista de Galicia, Revista Gallega e *A Monteira*, están integrados en dous poemarios: *Versos en dialecto gallego...* (1878), prologado por Juan A. Saco y Arce, e *Foguetes* (1888). Neste último figuran os epigramas que reproduce *La Noche* nas súas páxinas: "O pordioseiro" (publicado tamén nas páxinas de *Galicia Humorística* (nº 11, 15-VI-1888) e tamén incorporado ó primeiro dos libros citados); "O aparello frouxo", "A pedra filosofal" e "Conto". En canto a "Miserere mei, Deus" foi publicado na *Revista Gallega*, (nº 32, 5-V-1907) e no *Heraldo Gallego*, VII, (nº 434-435).

Xoán Pérez Creus é un escritor de orixe non galega senón andaluza, pero levado ó terreo das letras galegas pola súa curiosidade cultural. Poeta e xornalista, a súa lírica de expresión galega manifestouse cun primeiro libro, *As cancións d'ise amor que se diz olvido* (1951). Moitos anos despois apareceu *As derradeiras pombas do serán* (1990). As composicións "O cachemare", "Pregoeiro" e "O sono", coas que figura nas páxinas de *La Noche*, apareceron no xornal como un adianto, pois só en 1951, dous anos despois, pasarían ó primeiro dos citados poemarios practicamente sen alteracións. A colección Benito Soto, pontevedresa, acolleu o citado libro de Pérez Creus e, cando comezou a súa andaina, en 1949, foi saudada por Borobó no xornal nunha fermosa columna, da súa serie habitual, titulada aquel día "La colección del pirata", columna que reproducimos na sección de prosa castelá deste libro.

Nacido en Rianxo en 1897, **Roxelio Adolfo Pérez González**, que asinaba ás veces as súas colaboracións en *La Noche* como Roxerius ou Gelioro, era curmán de Manuel Antonio[39] e exerceu como mestre moitos anos. O xornal compostelán foi un de entre os moitos nos que colaborou (*El Pueblo Gallego*, entre eles) e contribuíu con poemas en galego e castelán, artigos en prosa —sempre de temática galega— e textos de Manuel Antonio que enviaba para a súa publicación. Non publicou ningún libro poético e, en consecuencia, as súas composicións temos que consultalas nos xornais nos que apareceron. Ademais do seu labor na prensa, fixo un meritorio traballo de carácter docente e pedagóxico, sobre todo no eido do rural.

Nas páxinas literarias do xornal houbo durante un tempo unha sección de Clásicos na que se publicaban poemas de autores galegos do século XIX. Un deles foi **Juan Manuel Pintos**, pontevedrés da xeración primeira dos Precursores e autor do primeiro libro de importancia do Rexurdimento, *A gaita gallega*, que comezou a aparecer en 1853 por entregas. O poema "O gaiteiro" pertence ó citado libro e foi antologado, con posterioridade, por Varela Jácome[40]. Ademais deste poemario, dividido en foliadas e misceláneo, Pintos publicou numerosos artigos e tamén composicións líricas (églogas, poemas narrativos longos e outros de tipo costumista) na prensa do seu tempo (*El País, Heraldo Gallego, Faro de Vigo, La Aurora del Miño, El Fomento de Galicia, La Perseverancia*) e tamén en publicacións como *Álbum de El Miño, Galicia, La Caridad*, etc.

Coruñés de orixe e exiliado moitos anos en Bos Aires, onde morreu en 1981, **Emilio Pita Romero** foi un poeta celebrado sobre todo polos seus libros *Jacobusland* (1942) e *O ronsel verdegal* (1964), aínda que tamén cómpre mencionar *Os relembros. As cantigas* (1959) e *Serán* (1974). Das composicións que podemos ler en *La Noche*, "Cantiga da rapariga que levou o río" e "Cantiga

---

[39] As colaboracións poéticas galegas de Álvaro Cunqueiro e Manuel Antonio aparecen comentadas no apartado anterior deste mesmo traballo.

[40] Op. cit. pp. 163-166.

da anduriña", pertencen ó libro *Cantigas de nenos* (1944) e non atopamos diferencias nin sequera de detalle entre as versións do libro e as que aparecen no xornal, que son cronoloxicamente posteriores.

Nos anos antes de *La Noche* que estamos a tratar era **Manuel Posse Rodríguez** sacerdote da parroquia compostelá de Santa María do Sar. As súas composicións líricas[41], entre o costumismo e o intimismo, apareceron reunidas nun único libro, *Paisaxes* (1925). Os poemas "O seu eco...", "¡Chove!" e "¡Pobre meniño...!", datados en 1946, non pertencen ó citado poemario, pois aparecen cunha notiña no xornal que di "De un libro próximo a aparecer". Por diferentes fontes bibliográficas que consultamos, ese libro anunciado non debeu publicarse. Entendemos, pois, que son as páxinas do xornal a fonte primeira e última —polo de agora— destas composicións.

Dous libros poéticos —*A carón do lume* (1918) e *Cóxegas e moxetes* (1928)— constitúen a aportación á lírica do ourensán **Xabier Prado Rodríguez**, coñecido sobre todo polo seu pseudónimo Lameiro e celebrado no seu tempo como poeta festivo e pintor das xentes do mundo labrego. A composición[42] "Remordemento", publicada en *La Noche* con data 29-VI-1949, pertence ós "Versos Gallegos" do libro *A carón do lume* (1918), publicado no volume I da edición da *Obra completa* (1995) preparada por Marcos Valcárcel. Hai que dicir que o texto publicado o 29 de xuño de 1946 en *La Noche* constitúe a parte dialogada do poema que aparece no libro, xa que faltan as últimas cinco estrofas deste. As únicas diferencias merecentes de comentario son, respectivamente, "vinte" (v. 20), por "dez" e os tres últimos versos da versión do xornal, que están transcritos defectuosamente e que no texto que figura no libro son: "un cán no peto das benditas ánemas. / — ¡Un can! Non fagas tal, que te arruinas. / ¡Porra pra a túa concencia; logo cala!".

Pouco é o que sabemos de **Antonio Prados Ledesma**, lugués de orixe e mestre nacional. Antonio Couceiro Freijomil[43], responsable das páxinas literarias de *La Noche* nos seus primeiros anos, anota que foi colaborador do xornal e que en 1944 estaba a piques de publicar *Madejas de sombra*, un libro de poemas en castelán. En galego non consta que publicara ningún libro. Os seus "Dos pequeños poemas " (*La Noche*, 21-I-1948) son en realidade un só, un pequeno romance lírico —"Pasei pol-o val do Miño..."—de temática paisaxística.

Faustino Rey Romero está representado coa "Cantiga da lavandeira". Este poema foi anticipado nas páxinas de *La Noche*, pois dous anos despois o escritor incorporouno o seu libro *Doas de vidro* (1951). Comparando as dúas versións observamos as seguintes variantes (citamos primeiramente as formas do texto do xornal): "topei" (v. 9), por "achei"; "tí, ¿sabes onde as habrá" (v. 10), por "¿sabes ti delas, quizais?"; "mirei" (v. 11), por "vin"; "nena" (v. 11), por "ña nena"; "c'así" (v. 16), por "se así"; "Fanme moitiño penar" (v. 22), por "fanme sofrir e penar". Cómpre lembrar que a obra poética de Rey Romero foi recollida en *Faustino Rey Romero (Obra poética e filosófica)* (1985) en edición ó coidado de Carme García e Xesús Santos.

---

41 Algunhas delas foron publicadas con anterioridade en revistas e xornais. Así, o poema "Claro de lua" figura nas páxinas de *A Nosa Terra* (nº 217, 1º Outono de 1925).

42 Apareceu primeiramente en *O Tío Marcos da Portela* (Terceira época, Parrafeo 7, de 21-V-1917), na mesma publicación figuran tamén outros moitos poemas do autor.

43 Antonio Couceiro Freijomil, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela, vol. III, Editorial de los Bibliófilos Gallegos, 1954, p. 126.

Ilustre representante da xeración Nós, **Vicente Risco** colaborou nas páxinas de *La Noche* sobre todo con artigos en prosa e sempre en castelán. Como é ben sabido, no conxunto da súa obra a lírica case non tivo cabida e o poema "U... Ju... Juu" é excepcional. Estamos diante dunha composición que aparecera nas páxinas de *A Nosa Terra* (nº 113, 25-II-1920) e que non presenta variacións con respecto ó texto transcrito en *La Noche* o 7 de marzo de 1946. A totalidade da poesía de Risco —integrada por catorce composicións— está recollida na actualidade nas súas *Obras completas*[44], onde o poema que estamos a tratar aparece co subtítulo "Poema futurista". Tamén figura na obra poética de Risco recompilada e estudiada por Carlos L. Bernárdez[45].

Eladio Rodríguez González ocupa un posto de relevo no eido da lexicografía galega polo seu *Diccionario gallego-castellano*, publicado a partir de 1958. Cómpre dicir aquí que nas páxinas de *La Noche* apareceron ben cedo artigos nos que se facía referencia á urxente necesidade de obras lexicográficas galegas —concretamente de diccionarios— e de empresas editoriais que propiciaran a publicación dos libros galegos. Menos coñecida é a producción poética deste escritor espallada por revistas como *A Nosa Terra* ou *Nós* e que ten os seus principais puntos de referencia nos libros *Folerpas* (1894) e, posteriormente, en *Oraciós campesiñas* (1927). O poema "As almas mudas" pertence ó segundo dos citados libros, pero figura con anterioridade no nº 9 da colección Céltiga. Novela mensual ilustrada (Ferrol, novembro de 1922), no poemario *Raza e Terra. Versos galegos de Eladio Rodríguez González*. Respecto á versión do libro presenta os seguintes cambios (citamos primeiro polo texto do libro): "adros" (v. 8), por "agros"; "que é sagro" (v. 44), por "sagrado"; "dondos, tristes e calmos" (v. 50), por "sempre tristes e mansos"; a partir do verso 70 figuran, na versión do libro, os versos "sin sentir enxamáis outras cobizas / que as que poden sentir os resinados: / as cobizas terreales / de ser na vida escravos do traballo, / i-as de vivir escuros / e iñorados..." que non aparecen no xornal, o mesmo acontece cos versos 83 a 86: "E todo fala á reo / de devocións sinxelas que cos anos / convirtíronse en ritos / de misticismo santo...".

Profesor, estudioso da literatura e da gramática galegas, **Xoán Antonio Saco e Arce** (1835-1881) foi tamén poeta na nosa lingua (algunhas das súas composicións foron publicadas en *A Monteira, A Nosa Terra, Heraldo Gallego* e *O Tío Marcos da Portela*) e nesa condición témolo aquí representado con dúas composicións, "Stabat Mater Dolorosa" e "Á Virxen Santísima". Ambas aparecen no volume das súas *Poesías* (1878), que contén así mesmo poemas en castelán. Das dúas, o "Stabat Mater Dolorosa" é traducción dun texto latino. Estamos, novamente, ante poemas que aparecen en *La Noche* en lembranza e homenaxe a un escritor. Neste caso concreto a súa publicación xustifícase pola celebración dalgunha festividade relixiosa que, no contexto daqueles anos, o xornal non podía deixar que pasara sen prestarlle certa atención (referímonos a celebracións como as do Nadal, o Corpus ou a Semana Santa).

O interese polo xénero epigramático deu lugar en *La Noche* a unha sección, El Epigrama Gallego, na que temos composicións de autores dos que xa deixamos constancia: Francisco Añón, Enrique Labarta Pose, Marcial Valladares Núñez e Xosé Pérez Ballesteros. A estes nomes temos que engadir o de **Xavier Valcarce Ocampo**, de orixe luguesa, colaborador de *A Monteira, O Tío Marcos da Portela, Eco Marinense* e *Galicia Humorística,* foi poeta de só discreto mérito e publi-

---

[44] Vicente Risco, *Obras completas*, Vigo: Ed. Galaxia, 1995. vol. I, pp. 575-576.

[45] Carlos L. Bernárdez: *A emoción da terra (Poesía de Vicente Risco)*, A Coruña: Espiral Maior, 1994.

cou *Flores de Espino* (1900) e *Paliques* (1901). O seu poema "Confesábase Xaquín..." non figura en ningún dos citados libros.

O ourensán **José A. Valente** é o representante galego da xeración poética do medio século á que pertencen Ángel González, Gil de Biedma, Carlos Barral e outros poetas de expresión castelá. Pero Valente contribuíu tamén ó ámbito da lírica galega, neste senso, a súa máis importante aportación foi *Sete cantigas de alén* (1981). Hai unha primeira etapa neste poeta, uns anos primeiros de xuventude nos que publica poemas soltos como os que aparecen en *Posío* ou *La Noche*. No xornal compostelá atopamos, en galego, "Finisterre", poema datado en Ourense en 1947 e non recollido —que nós saibamos— en ningún libro con posterioridade. Recentemente Alonso Montero[46] e Claudio Rodríguez Fer repararon neste poema, que o segundo dos estudiosos citados reproduce na súa edición das *Sete cantigas de alén* (1989). En *Material Valente* (1994) reprodúcense textos galegos do escritor, entre eles os poemas "Cobiza de lonxe", "Cantiga do eterno inretorno", "Romaxe", "Máscaras" e "Paxaro de prata morta" (estes dous últimos son breves textos en prosa). Dous deles apareceron nas páxinas da *Revista de A Nosa Galiza*. Todos están datados con posterioridade a 1989. Máis tarde, no opúsculo *Catro poemas inéditos* (1995) de José A. Valente aparecen de novo as composicións, "Romaxe" e "Cantiga do eterno inretorno".

Marcial Valladares Núñez, sobradamente coñecido como novelista por *Maxina ou a filla espuria* (1880), é autor tamén de fundamentais traballos gramaticais e lexicográficos, entre estes últimos o *Diccionario Gallego-Castellano* (1884). Colaborador de infinidade de publicacións das décadas finais do século XIX, como poeta non reuniu en libro as súas composicións, espalladas polas páxinas de *A Monteira, Galicia Humorística, La Revista Popular, Galicia, O Tío Marcos da Portela,* etc. O seu epigrama que comeza "Apeándose en Santiago..." publicado en *La Noche* en 1946, aparecera xa en *Galicia Humorística* nº 5, (15-III-1888) na sección de Epigramas, na que tamén figura a composición "Unha tarde en qu'eu sentía...", e daquela revista, con seguridade, está copiado para as páxinas do xornal.

A ourensá **Pura Vázquez** colaborou moi frecuentemente en *La Noche* con poemas en castelán e galego. Naqueles anos 1946-1950 publicou moitísimos poemas soltos en xornais como *La Región* e revistas como *Alba*, *Posío* e *Sonata Gallega*, alternando o emprego das dúas linguas. De acordo coa información fornecida pola mesma escritora, só o poema "Teño unha casiña" fora publicado no libro *Peregrino de amor (Poesía en gallego y castellano)*, publicado antes de 1944 en Larache (Marrocos). Este foi un libro de homenaxe dos lexionarios a un compañeiro morto, o noivo da poeta. O resto das composicións ("Tola", "Val d-o Miño", "Soidás" e "Noite no agro") non figuran en ningún dos libros da autora. Tendo en conta que a obra lírica en galego de Pura Vázquez ten a súa primeira manifestación no poemario *Íntimas* (1952) —ó que ían seguir *Maturidade* (1955) e *A saudade i outros poemas* (1963)—, estes poemas de *La Noche* constitúen parte da súa prehistoria poética, iniciada cando non era senón unha adolescente e vía as súas primeiras entregas líricas nas páxinas de *La Zarpa*, publicación fundada en 1920 por Basilio Álvarez.

Houbo en *La Noche* colaboradores esporádicos, ocasionais, que non fixeron carreira como escritores. Nesta situación témo-los nomes de Baldomero Fernández e A. Beceiro Lois. Sen dúbida neles a poesía foi unha aventura de xuventude e nada máis. Nin sequera no xornal compostelán

---

46 No artigo "Acotación a una antología", en *Faro de Vigo*, Vigo, 21-IV-1985.

pasaron de publicar unha ou dúas composicións. Nos dous citados casos, carecemos de información biográfica e tampouco temos referencia de que publicaran ningún libro ou colaboraran en revistas ou xornais de Galicia. A mesma falta de información impediunos coñece-lo autor ou autores que figuran coas siglas F. X. e G. T. Doutra banda témo-lo caso daqueles escritores agachados nos pseudónimos Ignorado e Juan de Traba, que se manifestan en *La Noche* con composicións poéticas en galego. Con seguridade o primeiro deles vivía na Coruña nos anos finais da década de 1940. No segundo caso podería tratarse de Antonio Couceiro Freijomil, segundo testemuño de Borobó, pero este dato non está suficientemente contrastado.

SELECCIÓN DE TEXTOS

(VERSO E PROSA)

Nota

A panorámica de achegas das páxinas de *La Noche* (1946-1949) que presentamos a continuación posúe certas peculiaridades en función dalgunhas variables que tivemos en conta. A primeira delas foi a lingua, que, como non podía ser doutra forma naqueles anos, está nas páxinas do xornal claramente desequilibrada a prol do emprego do castelán. En función da lingua fixemos, pois, unha tripla división dos textos en: a) galego, b) portugués e c) castelán.

Polo que se refire ás colaboracións en galego, están representadas —verso e prosa— na súa práctica totalidade, agás algún caso que nos pareceu particularmente irrelevante. Figura tamén todo o escrito en portugués, que certamente é pouco, cunha soa excepción que sen embargo rexistramos no índice final deste libro. A escolla máis problemática foi a dos traballos en castelán. Para a súa selección tivemos en conta o interese e a extensión dos mesmos, o seu vencellamento á temática cultural galega, a relevancia do autor e a presencia ou a ausencia do mesmo no apartado de colaboracións en galego, pois hai varios colaboradores (Ramón Otero Pedrayo, Francisco Fernández del Riego, José Ángel Valente, Antón Fraguas, Ánxel Fole, Aquilino Iglesia Alvariño, Manuel Fabeiro, etc.) que se manifestan nas dúas linguas.

O resultado do conxunto da selección dos textos, querémolo advertir con claridade, non reflicte a verdadeira situación idiomática das páxinas do xornal. Temos, xa que logo, unha selección textual que amosa un desequilibrio cuantitativo a prol dos textos en galego e que se xustifica polo noso propósito de salienta-la producción escrita na nosa lingua, producción que ten o valor engadido de aparecer nun intre problemático e difícil por razóns de todos coñecidas.

Por suposto, respectamos escrupulosamente os orixinais tal e como apareceron nas páxinas do xornal. Unicamente tentamos suprimi-las grallas (non pouco frecuentes) e restaurar algunhas formas que resultan ilexibles por defectos de impresión. Reproducimos tamén as notas de recepción do xornal dos seus novos colaboradores cando estes se incorporan ás súas páxinas

No que respecta á nomina de autores seleccionados só comparecen aqueles de orixe galega ou ben algúns que, nados fóra de Galicia, tiveron fonda relación coa nosa terra. E polo que se refire á temática, resulta evidente que a literatura é a base destas páxinas. Sen embargo algunhas contribucións prosísticas teñen a súa raíz e motivación noutras dimensións do ámbito cultural galego, no que se inscriben a práctica totalidade das mesmas.

I. GALEGO (Verso)

Emilio Álvarez Blázquez [1]

Carro do tempo

Qué levas, carro valeiro,
qué levas pol-a costiña?
—Levo a mañanciña toda
con un galo loiro enriba.

Qué levas, carro valeiro,
qué levas pol-a costiña?
—Levo a serán con un melro
asubía que asubía.

Qué levas carro do tempo,
costa abaixo, costa arriba?
—Levo semente de estrelas
pra sementeira dos días.

(25-IV-1946)

Anónimo

Muros

Longa aperta
do mar e dos penedos
do ceo e mais dos árbres
n'esta noite estrelada

[1] Con el precedente poema comienza este joven escritor a colaborar en la página literaria de *La Noche*, donde deseamos – y así hemos comenzado a lograrlo– que tengan cabida los valores más representativos de la poesía regional en el momento presente, sin dejar por ello de recordar a los que enaltecieron nuestras letras en lo pasado. Emilio Álvarez Blázquez es una joven promesa de la actual poesía gallega. Sus versos tienen una extraña dulzura y sentimiento, a los que se une, con especial encanto, la gracia de la forma poética.

Salaios das estrelas
que bañan os seus corpos
nas ondas azuadas
A Lúa —¡probe vella!—
sorrí ôs namorados
co seu côr amarelo.
I-o intre é feiticeiro:
MUROS arrodeados
de Mar, Arbres e Ceo...

(26-10-1946)

Francisco Añón

Ó saltar este regueiro
certa noite de troboada,
caeu de unha trambullada,
chispo Goriño de Outeiro.
Acode o lugar enteiro;
faise a autosia de Goriño:
os médicos o fuciño
morden, a pesar da cencia,
pois non saben en concencia
se afogou de auga ou de viño.

(14-02-1946)

M. Astray Rivas

Saudades

Está frieir'a noite,
encolleit'o corazón,
teño saudades,
e ánseas d'amor

Tenebras d'abatemento,
pousono sospirar
amargoso sofrimento...
de te recordar;
n'aquélas tardes quentiñas,
d'o mes de San Joán,
en qu'as anduriñas,

viamos voar;
moi arrechegadiños,
collidos d'a man.

Mariquiña, Mariquiña
labros de caravel,
olliños de merlo,
boquiña de mel,
anxo d'o ceo...
pra min, és.

Silvestre mapoliña,
tristeiro amañecer,
douce melanconía,
estimada joíña...
pra min, és.

Adiós, adiós, queridiña,
canto che vou a chorar,
almibre tés n'a boquiña...
quen'o volver'a probar.

(19-12-1949)

A. Beceiro Lois

Inverno

Fung'o vento nos tellados,
pol'o pinar vai ruxindo,
parece que vai chorando
pois eu d'el oig'os xemidos;
o sentil'o tan queixoso
e c'un son tan dolorido
c'a y-alma chey-a de pena
baixiñ'entre dentes digo:

¡Ay que pesar lev'o vento!
pois oig'as polas d'os pinos
qu'o sentil' os seus queixumes
de dolor están partindo.
Y-a chuvia tamén chorando
ven tras d'o vent'un pouquiño;
vex'as bagoas n-a ventana
esborrexer pol'os vidros.

O's dous lle fuxen á neve,
y-ela ós dous ven preseguindo,
y-eles corre que te corre
van todos mortos de frío!
Eu cando vexo tal cousa
a pensar xa non atino;
mais ó ver chegal'o inverno
baixiñ'entre dentes digo:

¡Ay de min, probes labregos!
probes pais que tedes fillos!
e que non tedes pra darlles
mais que bicos y-agarimos,
e tedel'hórreo valeiro
e non tedes pan nin millo!
nin tedes cartos n-o peto:
¡Probes d'os vosos neniños!

¡Probes de vos se non tedes
n'a cama con que crubril'os
nin tedes con que calzal'os
e van sobr'a nev'espidos.
Pra vosoutros si qu'é inverno!
pensando n-o voso frío
crébanme d'o corazón
a's polas tal com'os pinos!

(16-12-1949)

Ramón Cabanillas

A ROSA QUE SANGRA

A alma é unha roseira
frorecida, cuaxada
de rosiñas bermellas
e de rosiñas brancas.
Alegrías e penas
son o vento que pasa;
âs veces com-un bico,
âs veces trebonada.
Unha bágoa que xurde,
unha risa que estala...
son rosiñas que cayen
da roseira da alma!

Miña nai que me arrola,
un amor que me chama,
a estreliña da groria
no sendeiro da espranza.
Cando a vida comenza,
¡Cántas rosiñas brancas!
Un filliño que morre,
un amor que se apaga,
a ilusión que se afoga
no remuíño das ágoas...
¡Cántas rosas bermellas
ô mediar a xornada!
Xa son vello, e o vento,
vento de trebonada,
desfolloume a roseira,
a roseira da alma.

(06-05-1946)

Francisco Carvajal Capella

Á miña filla Ana María

Acorda cedo, coma os paxariños,
e ven logo correndo â miña cama;
sacúdeme con xeito; por min chama;
faime os ollos abrir côs seus dediños.

Érgome estremecido. — "Os meus biquiños
¿xa non che gustan?" —con voz de ouro excrama;
da miña ira palidece a chama
e agarimándoa, pago os seus cariños.

Pra esta filla, Señor, ¡qué amor me deste!
Dalle un camiño brando e sin abrollos,
dalle a virtude por amparo e guía.

E destina tamén, ¡ouh Pai celeste!,
que a mauciña con que ela me abre os ollos
sexa a que ha de pecharnos algún día.

(23-XI-1946)

SAUDADE

¡Tí sola, Galicia amada!...
No fondo do meu peito
eu sinto os doces pios
dos teus amores meigos,
eu sinto o runxe-runxe
dos teus falares tenros
nas miñas feiticeiras
lembranzas d'outros tempos;
eu sinto que me chamas
coa voz dos meus desexos.
¡Se ti, souperas, xoya
o moito qu'eu che quero!
¡Se ti, vidiña, o moito
souperas que en ti penso!
Sin ti, ¡mal pocadiño!
de presa vou pra vello,
acábanseme os folgos
branquéanme os cabelos
e cómeme a morriña
e morro sen remedio!
Galicia, ¡quen me dera
deitarme no teu seo
tan brando e recendoso
tan prácido e tan fresco!
¡Ay, quen aquí tivera
a luz d'eses teus ceos
a-y-auga cristaiña
de fontes e regueiros,
os aires e rumores
de soutos e penedos
as brétemas y-o orballo
do teu dorido inverno!...
¡Ah, quen tivera as áas
y-o revoar lixeiro
das anduriñas loucas
que van ôs niños vellos
buscal-a quenturiña
que aquí lles nega o inverno!...
Galicia que me deches
a filla, meu contento,
fermosa com'as rías
que bican os piñeiros...
¡Qué lonxe de min estás,
Galicia, meu anceio!

(21-01-1948)

Augusto Mª Casas Blanco

Romance de Pedro Verdes

I

Campanas de Compostela,
pombiñas de Santa Clara...
Lelías â noite pecha;
estudantes de ruada.

¿Qué moza, qué moza leda
tras da xanela os agarda?
¿Qué chuchameles de bicos
murchan a sua carne branca?
¿Qué vieiros de amores tolos
hai no solpor da sua ollada?
A moza é doña Lilaila,
costureiriña de alalas...
Mociña que conta estrelas
fuxindo pol-as quintanas,
y-escoita o chorar da chuvia
como un chorar de guitarras,
e pol-as noites de tuna
lle pon ôs seus sonos azas...
Os estudantes xa o dicen:
¡Quén fora un ruar de bágoas!

II

¿Qué foi de aquel estudante?
—Don Pedro, Don Pedro Verdes—
Nas somas de Compostela
brilan seus ollos de neve.

Noite de amor atolado
de musicales ronseles.
—Mañán pol-a amañecida
virán luceiros con eles,
para durmir nas pousadas
todol-os vellos quereres—

Don Pedro non foi de troula
—Don Pedro, Don Pedro Verdes—
e anda escoitando en silenzo
voces de estrelas segreles,
de un pano azul penduradas
dos campanarios ô rente.

III

Mentras os mais estudantes
andan, moceiros, de tuna,
Don Pedro, Don Pedro Verdes
tece bandeiras de chuvia,
para amortallal-o vento
nas brancas noites de lúa

Amor de Don Pedro Verdes:
Don Pedro non vai de tuna.
—Lelías â noite pecha,
os estudantes na rúa—.

Cando a mañá veña leda
bicar â xanela túa,
Don Pedro, Don Pedro Verdes
irá camiño do Ulla
para enterrar teu relembro.
Lilaila, baixo da lúa.

De novo o vento, Lilaila,
de novo o vento y-a chuvia

(25-VII-1947)

José María Castaño

Alborada no Sar

Corre maino, río amigo,
—cantiga lonxe do mar—.
Brinca lene, manseliño,
que está nascendo a mañán
—ubres da noite, cheas de medo—
¡ai la, lá! ¡ai la, lá!

Olla o pandeiro da lúa
na corredoira do Sar...
¡Ergue a ruada, meu río,
dos aturuxos no val!
Vinde, mozas namoradas
¡ai la, lá! ¡ai la, lá!

Ergue a túa voz mollada
da chuvia verde, meu Sar,
i-alcende a rosa do día
co lume do teu cantar.
¡Xa mañece, xa mañece!
¡ai la, la, la, lá!

(18-08-1947)

FANTASÍA E VERBENA DO DOMINGO DE PASCUA

Noite fechada de ledicias.
Acesa de bicos
no Zodiaco eterno
do tío-vivo.
Comeu a lua estopa
—barraca do sombriso—
de nubens.
Pasa o ar
tendeiro d'asubíos...
¿Por qué chora o paiaso?
¡Nos organillos
solo hai risas, na noite
d'abril frolido!
(Levai o cadaleito,
anxos roibos do viño,
das suas i-almas mortas
pol-o escetismo).
¡Foguetes estourantes!
¡Ceos rubidos!
¡Ciencia gala na sorte
do paxariño!:
"Si e branca frol —de neve:
alfinetes de frío.
¡Pilla rosas de lume,
meu amigo!"
Na barca da lua
voume pol-o río...
Churros, churros de corazón.
Faroliños.
Estreliñas ridentes, ¡pun!
Rechouchíos.
¡Ei, xílgaros da noite

fuxitivos!
¡Pin-Pan-Pun!

(18-08-1947)

Foto

Eisí, a 6 x 9, en instantánea,
estás insuperabel, leda, nidia.
No teu intre felís ¡casi que es
unha bela mostra de cinegrafía!

Non importa que troquel-o surrir
pol-o derradeiro que vexas n'un bazar,
ou afiñes todal-as liñas do teu ser...
¡Ningunha moda levarte há máis alá!

Inamovíbel che gardo —foto, i-alma
esquencido de vos diante de vos.
Rubiches unha cume —a máis outa.
Somentes descerá meu corazón.

Déixame logo —¡ai!— fuxir, denantes
da primeira ruga i-a primer fadiga.
Cheio de lume, sin saber que vives
no limiar dos beizos i-a ledicia.

Eisí, a 6 x 9, insuperábel,
sen futuro, che teño meu amor,
intre de eternidade, aprixoado
pol-a cámara escura da paixón.

(18-08-1947)

Corsario

Mariñeira da Arousa,
salgada coma un salseiro,
acompasa co pandeiro
d'as i-augas, hoxe, a canción.

A mais leda das qu'escoite:
¡a-o fío meio da noite,
roubareiche o corazón!

Che non direi a razón,
mariñeiriña fervida.
Vai perparando a canción...
¡A mellor da tua vida!:
Denantes da meia noite,
roubareiche o corazón...

(08-09-1947)

AMAÑECER

Ao desfollarse na noite,
a Rosa quedou sen ventos.
Coitelos brancos de lus
cortan rabandas de ceo:
Pol-as rachas van caíndo,
i-afogándose, os luceiros...
Alborece. I-un mar novo,
virxe de quillas e remos,
latexa atlánteco e forte
na bugina do meu peito.

O sangue sinte cobiza
na longura do seu seo:
Quixera tamén fuxir
cô outo e líreco anceio
de infinitude do amar.

Devir, coma o mar, o mesmo
sangue da Terra
nun arrouto mariñeiro.
Amañece afervoado.

I-a pomba, en vidro, do ceo
fai seu vóo de prumaxes
orballados de luceiros.

(08-09-1947)

NOUTURNIO

Ceifa de somas no prado
verde do mar, fai a Lúa.
No colo da praia soñan
a miña i-alma i-a súa.

—Ensoño de amor.
Regueifa de anxos,
pol-o arredor—

Fontes de leite e marfil
siderales manan...
Núa,
a mar, balborda o silenzo
—violón infindo, brúa—

—Bágoas de luar
Namoro d'escumas
a veira do mar—

¡E non arelo, xa, mais
ledicia de amor que a Lúa
esmoa en foula, na mar,
a miña i-alma i-a súa!

(15-09-1947)

SOLPOR

Os anxos, xogan a roda
mariñeira do solpor.
Alevosa unha serea,
na labarada do sol,
botoulle as redes da noite.

E... inxenuamente, mallou
a loira roda dos anxos
mariñeira do solpor.

(15-IX-1947)

SEN O TEU AMOR

Pra miña
ex-noiva
Folerpa branca de neve
a i-alma sen teu amor.
Folerpa branca de neve...

Fuxiron días con sol.
Lavando a miña ledicia
fuxiron días con sol...

... I-as primadeiras voltaron
sen o arume d'unha frol...

Da vida, ¿qué levo eu?
—A lembranza d'un amor
na vida.
¿Qué levo eu?

(15-09-1947)

PRAIA

(Pra Alfonso Otero)

O mar, namorado, bica
o beizo da praia. Area...
Borda a escuma no azul
encaixes.
Outás, esgrevias
de gaivotas fan o ar
xeométrico.
Inxenua,
recén nada —novo xénesis—
ao paradiso, ven Eva:
seos en flor acios d'ouro
risas de marfil —as velas
d'un pailebote de ciumes
con nordestes de roseiras
Pras novedades extrañas,
redondo día, bandexa:
Jaz-band, Bar americano...
—os sete ceimes da terra,
requintados de meiguice,
buligan nas cocteleras—
O mar, namorado, bica
o beizo da praia. Area...
Fan as gaivotas o ar
xeométrico. Abofellas,
o sol, no meio do ceo,
"snob" loiro, sen arelas,
ponse o monocle e albisca
as mozas mais feiticeiras...

O mar, namorado, bica
o beizo da praia. Area...

(09-12-1947)

Mariñeiro ideal

(Pra J. Mª Vieitez)

C'un bico azul pra cada vento,
durmeu felís todol-os soños.
Sen barco, ollou todol-os mares,
Tivo unha noiva en cada porto...

Mulleres de todol-os países,
sinten por il soidade fonda,
E nos casorios sen amor, lle din
as virxes unha elexía roxa...

(09-12-1947)

Barca

Están murchas, sen o vento,
as velas da miña barca.
No árbore sen follas do masto
a bandeira está aforcada.
No hai múseca nos cordaxes,
nin hai escuma as vagas,
—o faro prendeu ao mar,
con alfeñiques, as azas—

A lúa rachou as velas
cos seus coitelos de prata.
Soña, o timoel, sen ventos,
nun remuíño de calma.

¡Barca! ¡Miña mariñeira!:
Froreguízate lavanca.
Tensa as velas, que o meu peito
está cheio, xa d'espranzas...

A bruar chegou o vento,
brotando a lúa por banda,

¡I-un ronsel! ilusionado,
fende no mar, miña barca!

(09-XII-1947)

Dictinio de Castillo-Elejabeytia [2]

Santiaguiño do Monte (Padrón) [3]

Santiaguiños do Monte
santo de pedra:
das mulleres aos homes,
mozos as nenas.

Santiaguiño da ermida,
santo galego,
deica ti d'outras terras
cansado veño.

Veño cansado, santo
dos meus amores,
d'unha vida de espiñas
e poucas froles,

Santiaguiño da i-alma,
tés piñeirales
e penedos con molo
son teus altares.
Falache dende as penas
co pobo celta
e convertiche a moitos
n'ártabra terra.

Ollan hoxe teus ollos
linda paisaxe
có monte Meda ao fondo,

---

[50] Dictinio de Castillo-Elejabeytia es uno de los líricos más reincidentes de hoy. En toda su poesía hay una emotiva evocación de las tierras galaicas. Como muestra de la serie de poemas gallegos del libro "Lirios de Compostela" insertamos esta poesía, dedicada a don Jesús Carro. Fue escrita en tierra de Levante, entre los olivos de Casa Blanca, en Niño de Mula (Murcia), donde veranea el poeta, el pasado 27 de julio, como evocación de la estancia en Padrón el estío pasado.

[51] El poeta ferrolano Dictinio de Castillo-Elejabeytia es uno de los valores más relevantes de la hora actual. Sus obras "La avena de Dafne" y "Argos" figuran entre los mejores libros de poemas de los últimos años y han sido colocados por el mejor crítico de la literatura española, en la línea emocional de Shelley, Rilke y Rosalía. La profunda atracción de Galicia está reflejada en toda la obra de Castillo, pero sobre todo se condensará en la obra bilingüe "Lirios de Compostela", de próxima aparición. Hoy damos a conocer esta poesía suya, inédita, escrita en tierras de Murcia con el pensamiento encadenado a la evocación de la Compostela de su juventud.

a Retén grácil,
o paso das lembranzas,
de Rosalía
onde morreu a casa,
a igrexa d'Iria.

Bastabales, Lestrove,
Ponte Cesures,
os olivos d'Adina
campo de cruces.

A mais linda paisaxe,
¡ou Santiaguiño!,
ribas do Sar e do Ulla,
sono tranquío
onde a barca dos anxos,
levou teu corpo
as frondosas orelas
do Sar formoso.

Unha paisaxe dina
d'un primitivo:
dos pinceles do tenro
frade Filippo.

Santiaguiño do monte
casamenteiro:
da as rapazas maridos,
misas aos cregos
e versos a o poeta
a túas pedras dolménicas,
azures lirios.

(18-08-1949)

A Nosa Señora da Soedade

(Da serie galega de "Lirios de Compostela").

Virxenciña da Soedade,
na capela do cruceiro,
ao Norde da catedrale.

Nos teus ollos de ternura
hai perdón, paz, esperanzas
e neles o ceo se anunza.

Virxenciña, Virxenciña:
quero oferecerte en bágoas
os lirios da i-alma miña.

Tantos anos de ti lonxe,
pol-os sendeiros da vida,
abertos na braña a golpes,

camiñando baixo o peso
da escéitica incertidume,
da noite e do desespero,

antre os milleiros de mortos
que veigas, montes e barcias
sementaron con seus osos:

tantos anos de ti lonxe
pra, dimpois dos neboeiros
e as trevas dos hourizontes.

traguer a ti, malferido,
no corazón unha chaga
que non esquece o camiño.

Mais ti, Virxe da Soedade,
Nai Chorosa que confortas
aos tristes e os sempre errantes,

linda Virxe de Santiago
que soupeches das angurias
mais amaras do Calvario.

dame o consolo d'un riso,
pra que no teu colo durma
i esqueza canto hei sofrido:

pra que durma a eternidade
cando a morte hastra min chegue,
miña Virxe da Soedade

(25-10-1949)

Rosalía de Castro

Miña casiña, meu lar

Miña casiña, meu lar,
¡cántas onciñas
de ouro me vals!

Vin de Santiago a Padrón
c'un chover que era arroyar,
descalciña de pe e perna,
sin comer nin almorzar.
Pol-o camiño atopaba
ricas cousas que mercar,
y-anque ganas tiña de elas,
non tiña para as pagar.
Nos mesóns arrecendía
a cousas de bon gustar,
mais o que non ten diñeiro
sin elas ten que pasar.
Fun chegando â miña casa
toda rendida de andar;
non tiña n'ela frangulla
con que poidera cear.
A vista se me barría,
que era aquel moito aunar.
Fun â porta de un veciño
que tiña todo a fartar:
pedinlle unha pouca broa
e non ma quixo emprestar.
As bagullas me caían
que me fora avergoñar;
volvinme â miña casiña
alumada do luar;
rexistrei cada burato
para ver de algo atopar
atopei fariña munda,
un puñido a todo dar.
Vino no fondo da artesa,
púxenme a Dios alabar;
quixen alcendel-o lume,
non tiña pau que queimar.
Funllo a pedir a unha vella,
tampouco mo quixo dar,
si non era un toxo verde
para me facer rabiar.
Volvín triste coma a noite

a chorar que te chorar;
collín un feixe de palla,
do meu leito o fun pillar;
rexistrei pol-o cortello,
mentras me puña a rezar,
e vin uns garabulliños
e fieitos a Dios dar.
¡Meu San Antón milagroso,
xa tiven fogo no lar!
Arrimei o pote ô lume
con auga para quentar;
mentras escarabellaba
na cinza, vin relumbrar
un ichavo de fertuna...
¡Miña Virxe do Pilar!
Correndiño, correndiño
e fun en sal a empregar;
mais contenta que unhas páscoas
volvín a porta a pechar,
e na miña horta pequena
unhas berzas fun catar.
Con un pouco de unto vello,
que o ben soupen aforrar,
e cân fariñiña munda,
xa tiña para cear.
Fixen un caldo de groria
que me soupo que la mar;
fixen un bolo de pote,
que era cousa de envidiar;
despois que o tiven comido,
volvín de novo a rezar;
e despois que houben rezado
puxen a roupa a secar,
que non tiña fío enxoito
de haber tanto me mollar;
n'antramentras me secaba
púxenme logo a cantar
para que me oíran
en todo o lugar:

Meu lar, meu fogar,
¡cántas onciñas
de ouro me vals!

(22-06-1946)

Na Catedral

Como algún día, pol-os corrunchos
do vasto tempo
vellos e vellas, mentras monean,
silvas as salves y-os padrenuestros,
y-os arcebispos nos seus sepulcros,
reises e reinas, con gran sosego,
na paz dos mármores tranquilos dormen,
mentras no coro cantan os cregos.
O órgano lanza tristes cramores,
os das campanas responden lexos,
y-a santa imaxen do Redentore
parés que suda sangre do Huerto.
¡Señor Santísimo, ôs teus pes cánto
tamén de angustia sudado teño!
Mais si o pecado castigas sempre,
ô que afrixido vai a pedircho
daille remedio.
O sol poniente pol-as vidreiras
da Soledade, lanza serenos
rayos, que firen descoloridos
da Groria os ánxeles y-o Padre Eterno.
Santos e apóstoles ¡védeos! parece
que os labios moven, que falan quedo
os uns côs outros, e aló na altura
do ceu a música vai dar começo,
pois os groriosos concertadores
tempran risoños os instrumentos.
¿Estarán vivos? ¿serán de pedra
aqués sembrantes tan verdadeiros,
aquelas túnicas maravillosas,
aqueles ollos de vida cheos?
Vós que os fixeches de Dios câ axuda,
do inmortal nome. Mestre Mateo,
xa que ahí quedaches homildemente
arrodillado, falaime deso
mais co-eses vosos cabelos rizos,
Santo dos croques, calas... y-eu rezo.
Aquí está a Groria, mais n'aquel lado,
n'aquela arcada, negrexa o inferno
câs almas tristes dos condanados,
onde as devoran todol-os demos.
De alí non podo quital-os ollos,
mitá asombrada, mitá con medo,
que aqueles todos se me figuran
os de un delirio mortaes espeutros.

¡Cómo me miran eses calabres
y-aqueles deños!
¡Cómo me miran facendo moecas
dende as colunas onde os puxeron!
¡Será mentira, será verdade!
¡Saberán eles que son a mesma
de aqueles tempos!...
Pero xa orfa, pero enloitada,
pero insensibre cal eles mesmos...
¡Cómo me firen!... Voume, sí, voume,
¡que teño medo!
Mais xa nos vidros de grande azaña
cai o postreiro
rayo tranquilo que o sol da tarde
pousa sereno;
e en cada prancha da araña hermosa
vivos refrexos,
cintileando coma as estrelas,
pintan mil côres no chan caendo
e fan que a tola da fantesía
soñe milagres, finxa portentos.
Mais de repente veñen as sombras;
todo é negrura, todo é misterio;
adiós, alxofres e maravillas.
Tras do Pedroso púxose Febo.
Coma pantasmas, cruzan as naves,
silvando salves e padrenuestros,
vellos e vellas que a Dios lle piden
El tan sô sabe cáles remedios,
que cando o mundo nos deixa é soyo
cando buscamos con ansia o ceo.
Ós pes da Virxen da Soledade
¡de moitos anos nos conocemos!...
a oración dixen que antes dicía,
fixen mamoria dos meus sacretos,
para mi madre deixei cariños,
para os meus fillos miles de beixos,
pol-os verdugos do meu esprito.

(25-VII-1947)

Antonio Couceiro Freijomil

Na cas do picapreitos

I

—O caso pasoulle así:
Na miña leira das Chas,
que este ano botei a millo,
vin que unha vaca de Brais
andaba solta pacendo
antonte pol-a mañán.
Eu, que tal vexo, de un brinco
que peguei, púxenme alá.
Abondoume c'unha ollada
darredor, pra reparar
que a derrama nâ fan boa
nin con douscentos reas.
¡Gañeiche o día! —me dixen—.
¡Condanado de animal!
¿Mala centellla cho fenda
y-a quen nô soubo gardar!
¿E cómo eu recobro agora
o estragado? Porque o Brais
—na aldea sábeno afeito—
por terco e por azacán
inda primeiro se afoga
que unha cadela soltar.
¡O Brais! ¡botádelle un galgo!
¡a ver quén expreme ô Brais!
Chámanlle o Reviravoltas,
y-o alcume abofé lle cai,
que as voltas mesmo as revira;
mais conmigo non lle val,
porque en vez de revirarmas
xuro que llas hei buscar.
¿Quedarme eu así? ¡Recoiro!,
¿y os meus douscentos reás
que a vaca fixo de perda?
¡Non che me faltaba mais!:
fora cal si, xiringando,
por riba me diran paus
Nada, nada: veña a vaca
onde a min... e Dios dirá.
Conque, meu dito e meu feito:
â vaca boteille mau
e leveina â miña corte,
e na miña corte está.

Porque é o que eu digo, señor:
namentras non pague o Brais
todo o que debe pagarme,
eu entendo que o animal
responde do mal que fixo,
¿non é así?
—Pois craro está.
—E polo tanto, resulta
que a vaca é miña.
—Cabal:
¿n'ha de ser? A vaca é tua,
como era o millo das Chas,
e tes dreito sobre de ela
hastra que che abone o Brais
canto tasen pol-os danos
péretos de calidá.

II

—¡Ai, don Ramonciño! Escóiteme,
escóiteme, por favor,
a maldade que me fixo
Farruco o de Escornabois,
e dígame o seu consello...
¿Non sabe que ese ladrón
rouboume antonte unha vaca?
Verá como foi, señor.
Fuxeume o animal da corte,
botou cara âs Chas y-entrou
n'unha leira posta a millo
do Farruco, y éste entón,
botando todo a barato,
nin encomendarse a Dios
nin ô demo —ou tal vez fora
que ô demo se encomendou—
agárraseme da vaca,
lévoa consigo, e despois
de gardala ben na corte,
di que namentras non dou
pol-a derrama causada
—que eu non sei canta ela foi—
douscentos reás cando menos,
xa podo dicirlle adiós
para sempre o animaliño,
porque de dono trocou.
¿Y-el hai dreito a facer esto?
Porque esto é un roubo, señor,
y-en todal-as leis do mundo
hai penas para os ladrós,

e xa que has hai, que esas penas
teñan xusta apricación.
¿Que o animal fixo algún dano?
Pois si é que o fixo, aquí estou
pra abonalo; mais, enténdase,
no que sexa de razón,
e non cal marque o Farruco
facendo el a tasación...
¿El falo ben ou non falo?
—Así che me salve Dios
si non falas como un libro.
—Logo, a vaca e miña ¿non?
—Que a vaca é tua e moi tua
está mais craro que o sol;
a vaca non ten que ver
cô que ventilades vós,
e ti sigues dono de ela
como eu me chamo Ramón.

III

—Pero home ¿cómo se entende
que unha vaca a un tempo poida
ser do Brais e do Farruco?
¡Argallas ti cada andrómena!
—Que ti nô entendas, Marica,
tanto che me ten; abonda
con que o teu Ramón se entenda;
mais expricareiche a cousa:
A vaca n'é do Farruco
nin do Brais.
—¿De quén é entoncias?
—¿E de quén queres que sexa,
parvuliña? ¡A vaca é nosa!

(15-02-1947)

Celestino Luis Crespo

SAUDADE

Canta, troveiro,
unha cantiga;
canta que a gaita
resoa axiña.

Canta, troveiro,
na nosa lingua,
toda dozura,
toda caricia.

Toda saudade,
toda terneza,
con sentimento
no seu falar.

Ceibando ô aire
as melodías
d'este marmurio
tan mariñán.
Canta, troveiro,
na nosa fala,
que os teus cantos
levan en sí.

I-almas e bágoas
da terra miña,
i-almas e bágoas
deica o confín.

(05-04-1947)

Na morte de Noriega Varela

Morréu o cantor poeta
da montaña e dos penedos
e tristes están os campos,
os toxales i-os centeos.

Noriega con voz sonora,
fixo revivir os ermos,
as pastorciñas d'Amaigo,
i-as ruiñas dos mosteiros.

A morte deixóu calada
tan nobre lira, galegos,
¡chorade forte, moi forte,
quedóuvos un bardo menos!

(26-04-1947)

Adiviñanza

Paxaro que cantas,
paxaro, ti mentes,
estás namorado,
teus trinos te venden.

Non cantas. Son laios
de amor os que enchen
o verde paisaxe,
as campías agrestes.

Pol-a inmensidade
meus ollos te esquencen,
estás namorado
estás e comprendes.

O que son amores
amores que feren
voando traidores
nos ermos agrestes.

Sentindo os teus laios
tristeza trouxeches
ô pobre poeta
que envolto na neve
do teu pío pío
seu peito anoitece.

(16-06-1947)

Galicia

Cal si foran lembranzas derradeiras,
así veñen a min os teus perfumes
no sentido arrebol das feiticeiras
imaxes que nos vales e nos cumes,
están en min louzanos cal roseiras.

Ti n'un frorido cheiro perfumado
despertas xuvenil, esplendorosa,
cantigas no meu peito namorado
na soidade meiga, garimosa,
do teu voar cal algo idolatrado.

Forte e sinceiro aliño de ternura,
que o peito enches de felicidade,
non sei como hasta min tanta dozura,
chega no eco d'esta claridade
no camiñar da miña imaxen pura.

Es a nosa sofrida Patria inxente,
onde viven ternezas moi queridas
máis alá do penar da miña mente
e que dentro de min levo dormidas,
cal cariño sin mácula inocente.

Envolto vou en máxica presencia
sumido en devoción febril, saudosa,
a través do soñare da distancia,
por entre a maxestade primorosa,
d'un ensono inxel da nosa infancia.

Cal si foran lembranzas derradeiras,
así veñen a min os teus perfumes
no sentido arrebol das feiticeiras
imaxes que nos vales e nos cumes,
están en min louzanas cal roseiras.

(23-06-1947)

GALICIANA

Fontes, regachos pequenos,
camiños longos, moi longos,
piñeirales, labrantíos,
prados verdes, carballeiras,
todo bágoas todo orballo,
d'un feiticeiro esplendor.

Así son os hourizontes
da nobre terra galega;
así son os nosos campos,
nosos campos así son.

Así son xentís, divinos,
todo queixume inspirado
cal iris de lus radiante
namorando o noso ser.

No máis profundo do peito
alentando a nosa vida,
terra celta, nosa terra,
terra que nos veu nacer...

Corredoiras empinadas
silveirales, ameneiros,
toxales de fror cubertos
que o sol namorado
con vos meu querer primeiro
na i-alma n'hai outro amor.

(14-08-1947)

Álvaro Cunqueiro

Noivado III

Ollade os arbres como soñan as follas frolidas.
Eu teño un arbre. ¡Ollade a noiva noiva!
Cada soño deita fendas nas mans.
Ollade como se foron faguendo os dedos.
Todo anda revolto co meu sangue recente.
A lúa ten un fros. O río un peixe.
Eu teño en común unha fiestra cun paxaro.
Isto é un beizo i-aquel outro unha mazá.
¡Com-unha feira todo ¡Ollade a noiva noiva!
As avelaíñas rinse do seu van.
Ollade os ollos como cipreses nubrados.
¡Como cipreses non! Coma ollos simplemente.
Eu teño pes ¡Hai unha soma lixeiriña.
A soma ten un mar. Un mar cativo.
Nadan n-il as cousas. Nadan lenes.
A miña noiva noiva! Ollade as plantas,
Eu teño frío. Unha vegoña sensitiva,
Ollade como todo eu estou revolto.
(1933)

(07-03-1946)

Rondeau das señoras donas do Vilar

Le verse

Ise vento de seda é o tempo que pasa.
Soñades a doce primaveira de antano
n-isa frol que refrexa o seu van no negro pozo dos vosos ollos.

Le temps s'en va!

Isas volvoretas que abanan a raiola do sol
son as suas tocas cobixando as pálidas frontes.
¿Soñaredes ainda no ouso do Vilar os soñares do tempo pasado?

Le temps s'en va!

Ise enorme silenzo cristaíño e dourado!
Si vós agora falares, miñas donas amigas,
a vosa voz enchería, como unha fonte d-ágoa, o vaso do silenzo.

Le temps s'en va!

Ei, donas do Vilar! Erguede os finos rostos e sorride,
que andan galáns de corte con soedades de vós!
Agás que prefirades vélos morrer de amor.

Le temps s'en va,
Le temps s'en va
mes dames!

L'envoi

De todol-os amores o voso amor, escollo.
Miñas donas Giocondas, en vós ollo
tódal-as damas que foron no país,
unhas brancas camelias, outras froles de lis.

Le temps s'en va! Ou dádesme ise bico
que cheira a rosas de avril do Mil e Pico
ou finarei chorando na miña soedá,
namentras envellezo: Le temps, le temps s'en va!

(De "Follas do vrán en louvor
das damas do tempo pasado".
Mondoñedo, MCMXLIX)

(21-08-1949)

Manuel Curros Enríquez

Na morte de miña nai

Doce malenconía, miña Musa,
do meu esprito noiva feiticeira,
¡déixame que hoxe no teu colo durma
sono de pedra!
Nunca, reiciña, nunca como agora
falla fixéronme os teus bicos mornos:
choveu por min chuvia de sangue e trayo
frío nos ósos.
Quéntame ti, que tiritando veño,
ti, que do peito cural-as feridas,
¡amiga xenerosa dos que sofren,
malenconía!
Tope miña alma, â sombra dos ciprestes
que os tristes ermos das tuas illas cobren,
o esquecemento que en ningures hacho
pra os meus doores.
Fai que ô rumor dos teus regueiros, brando,
se adormezan meus tristes pensamentos.
¡Son un orfo!... Agarimame ô teu colo...
Xa outro non teño.
¡Xa outro non teño en que pousal-a frente
pol-as arrugas do pesar sulcada;
xa outro non teño que a amargura enxugue
das miñas bágoas!
Nai, ¡adorada nai!, mártir escura,
branca pombiña, arruladora e tenra,
¡aí! Si souperas cómo me deixabas...
non te morreras.
Dende que te perdín, a terra, o ceo,
todo é pra min da mesma côr da morte.
O sol non me alumea, nin os campos
pra min tén frores.
Cal sobre os condenados a pauliña,
caiu sobre miña alma eterno loito;
todo me amarga, hastra o áire que respiro;
dáname todo.
Do corazón fuxíume esa alegría
que é nas frores aroma e vos nos páxaros,
y-andan por dentro do meu peito os corvos
arrevoando.
¡Cómo recordo aquelas noites craras
en que ó fulgor da prateada lúa
me arrulaba-lo sono, dos teus cantos

coa doce múseca!
¡Cómo recordo aquelas tardes triste
en que os tronos sintindo, rezabámos
porque Dios leve ós probes mariñeiros
a porto salvo.
Pol-os necesitados camiñantes,
pol-os vellos sin pan e sin abrigo,
pol-os nenos sin pai... abandonados...
¡como os teus fillos!
¡Ai! Eu tamén rezar quixera agora
por ti, de tanto amor en xusto pago;
mais dende que te fuches, miña rula,
¡teño un cansancio!
Malenconía, Musa dos doentes,
do meu esprito noiva feiticeira,
¡déixame que hoxe no teu colo durma
sono de pedra!

(13-05-1946)

José Mª Díaz Castro

Con este alento

Poeta ou non, eu cantaréi as cousas
que na soleira de min mesmo agardan.
Aluma él con fachas de palabras
—ancho herdo meu— , o mundo que me déron.

Ehí están, como brasas, contra a noite
as vellas cousas, cheas de destinos,
ollos que piden de famentos nenos;
ollos qu'esperan, d'unha e doescente.

Galiza en min, meu Deus, pan que me déron,
leite e centeo e sono e lus d'aurora!
Longa rúa do mar, fogar da terra,
i-esta cruz que nos mide d'alto a baixo.

Con este alento eu lles daréi âs cousas
o drama cheo que lles nega a vida:
—daréilles caras, pra que se conozan;
palabras lles daréi, pra que s'entendan...

(09-06-1947)

P. Eiján

O Río Miño

(Fué publicada esta poesía en el número extraordinario de "Aurora do Lima", de 5 de enero de 1923.)

¡Salve, Miño feliz, que pra nós gardas,
coxegante, nas ondas dormiñentas,
ferver de bicos, y afagar de rulas
de dous pobos hirmáns! ¿Cómo hai quen chegue
a aldraxarte cô nome de traidora
serpe de división entre ambas terras?...
De unha â outra, as maus tenden eses pobos
baixo un ceo que ôs dous lles da coberta:
as mesmas brisas trouleadoras brincan
pol-os arbres que adornan tuas veiras;
cando eiquí as froles nin ô sol que nasce,
as de alá locen, cheirumando a festa;
e se néboas o inverno pon de un lado,
néboas tamén o lado oposto ombrexan.
¡Mália, pois, mália, a quen así te enxurie!
¡Mália a quen, cego, cousa tal sosteña!...
Teu corazón, formado das auguiñas
que somentes che dan ambas ribeiras,
ben eu séi que mal pode alentar odios
antre eses pobos que o vivir che prestan.
Ti eres a lira, a lira onde axuntándose
—coma as augas— seus gozos e suas penas,
cantas ou choras nas ondiñas mainas,
cô mesmo dôce son pra as duas ribeiras.
Tí o cristal eres onde os seus paisaxes
con esprendor de edén xuntas espellan;
o reino onde os barqueiros dos dous pobos
veñen e van sin atopar fronteiras.
Ti sabes o que uns e outros dinse e sofren,
sabes o que cobizan y-o que lembran...
y-eso falas e dís nos teus marmurios
a cantos entender tua voz acertan.
Sigue, Miño, axuntando n'esas augas
os paisaxes de lus de ambas ribeiras;
sigue fundindo as tenras canturrías
de estes pobos hirmáns, na lira, mesma.

Cal se xuntan suas augas no teu curso,
baixo de un mesmo ceo, sempre en festa,

xúntense así tamén seus fillos todos
n'un mesmo amor, amor que trunfa e reina:
¡que non poden os uns ter vida calma,
se os outros vida de tristuras levan!...

(14-12-1946)

F.X.

GALIZA

(Auga-fortes)
(Paseniño)

Un verdegal antre névoa...
O ceu canso de chorar, orballo...
Embaixo de aquela carballa,
comenza Estadea a pasar.
Pol-os ríos ruben Santos...
Ferven fontenlas a eito...
E cántos
Carpires de cibdades asulagadas...
Troulan os trasgos no teito
y-as rapazas nas fiadas...
Congostras estordegadas...
Chía
Un carro pol-a aba do Teillo
namentres o ruiseñol rechouchía
arrecendores no freixido...
Un canurrio pol-a ría
deita seu orneio mesto...
Y-un pazo na lonxanía.
Pol-o tempo xa comesto,
debulla faternas...
Un cruceiro dun Cristo sin pernas...
O agubío do amolador...
Un alaláa pendurado
de aquil outo corredor...
Eis GALIZA, meu engado.

(10-02-1947)

Manuel Fabeiro Gómez [4]

Gazel Iº

(De Hafiz
Versión gallega de
M. Fabeiro Gómez)

Do arume dos teus cadrelos
está ciumenta a viola;
diante as froles do teu rír
rompe suas follas a rosa.
¡Ouh rosa, cuio arrecendo
enfeitiza miña i-alma,
non deixes morrer d'amores
ô reiseñol que che canta!
Esquirbir na miña fronte
teu nome o Destiño quixo;
o pô dos teus ventanaes
é todo meu Paradiso.
E a tua face rousada
miña alegría e acougo;
o amor é un esmoleiro
malfadado e farraposo.
Tén tesouros acochados
e â sorte se bandóa:
pide a vegadas esmola...
e recolle unha coróa.

De tresvarío estou bébedo
Dar miña testa non marcha
hastra qu-a baixe pra o pô
onde se pousa túa pranta

¡Túa beleza. Amada miña,
un ramo e mil frols;
i-estes "gazeales" os doces
cantos dos teus reiseñols!...

(10-08-1946)

[4] Acogemos gustosos en esta página los primeros aleteos de los poetas que comienzan. Manuel Fabeiro Gómez, de quien tenemos en cartera algunas composiciones, es digno de que llamemos la atención acerca de él.

Tránsito

(De Rabindranath Tagore)

Pasamento

Os rayos do sol que nasce
e escomenzan a rachar
as brétemas de este día
en que teño que marchar.
O Ceo fita pra a Terra,
cal maravela de Deus.
Meu corazón está triste
porque perguntan por él,
e non sabe quen-o chama,
nin de onde esa voz lle vén.

¿Trai a bafaxe o salayo
do Mundo que deixo atrás
c'unha múseca de bágoas
derreténdose na paz
de iste silenzo rayoso
en que se envolve a mañán?

¿Ou trai o alento da Illa
do Mar Lonxano, gozosa
na leda maturidade
das froleciñas iñotas...?

(02-05-1946)

Seitura

Vinde, nenas, e segade
do meu corazón os froitos,
pois todos eles ¡e moitos!
están na maturidade.

Salaios mornos de antano
que na Vida se cumpriron,
e que logo me cinguiron
côs ferros do desengano.

Ledos anceios de Amor,
que coidei ser inmorrentes,
hastra finaren doentes
mordidos pol-o Dolor.

Ilusiós que se esvaíron
da Distanza; —no vieiro
de un Pasado fantasmeiro—
que moi fondo me feriron...

Horas... Días... Os amores
gozados prácidamente...
Un Tempo, doce e sonrente
de alegrías e de côres...

Foise todo. Sô quedóu
no corazón a soidade...
Vinde, nenas, e segade,
¡que a seitura xa chegóu...!

(20-07-1946)

Horas sereas

N'estas horas sereas do vrán
canta a rula o amor das estrelas;
e os atruxos dos mozos e mozas
que veñen da festa,
son o saúdo dos fillos a NAI...
¡os saúdos dos mozos a Terra...!

(25-01-1947)

O voluntario

Acudéu presuroso
a defendel-a ideia;
puxo o seu peito mozo
âs balas eistranxeiras.

E cando véu a Morte
a levalo da Terra,

¡nos seus beizos, vagaba
unha sorrisa leda...!

(10-05-1947)

Pranto en Compostela

¡Ai, luar de Compostela!
¡Ai, a Quintana dos Mortos
con tantos soños de pedra!

¡Ai, Compostela belida,
que gardas nas túas rúas
as ilusiós de Galiza!

¡Antre a choiva i-antre o vento
os salaios da Terriña
en Compostela comprendo!

Soan sinos de delor;
no luar de Compostela
firen o meu corazón.

¡Ai, a Rúa do Villar,
ai, pedras de Compostela
quixera con vós chorar!

¡Ai, luar de Compostela!
¡Ai, a Quintana dos Mortos!
¡Ai, os salaios da Terra!

(16-06-1947)

"¿Quén me chama...?"

—¿Quén me chama na noite?
¿A Lúa que se fita no espello d'un regato?
¿O piñeiral que canta un novo "De profundis"?
¿As follas do carballo?
¿O marmurar das fontes?
¿O vento que s'alonga pol-o espazo?

¿A nova Natureza que nasce n'esta hora?
¿Quén? ¿Quén me chama?

—O silenzo da Noite,
qu'está dentro de tí, na tua i-alma...

(11-08-1949)

SOLPOR

Vaise a vida,
quedamente,
solo queda
unha espranza
de voltar
cara as noites
maxinadas,
docemente,
n'un bretemoso
arelar.

Vaise a vida
nun salouco:
vai cinguida
ca dolor.

Vaise, maina,
mainamente,
no sol-por.

Cada Outono
vaise a vida,
van os anos
que pasaron
no gozar,
cal as follas
dos castaños
arrincadas,
con rabexa,
pol-o ar.

Vaise a vida
cada Outono
—¡Ouh, Seor,
tende piedá!
Que ca vida
e co Outono
ven soedá.

Que miñ-alma
vive en tébras,
—cans da Morte
a oubear—
¡non quero ter
o meu peito

alonxado
da Bondá!

.....

Olla, Seor,
con piedad,
o alifaz
do corazón.
E teus beizos
paternaes
sea a miña
Redenzón...

(11-08-1949)

Herminia Fariña

O MEIGALLO

Eu non vou pol-as noites â rúa
nin beilo côs mozos
nin atruxo nos campos, nin fío
ô pé do rescoldo,
¡porque teño metido o meigallo
na y-alma e no corpo.

Eu non canto â metida do sol
côs paxaros orfos,
ni-â salida da irexa no adro
palico ni-escoito.
Eu non vou â faisca ô pinal
ni-ô monte por toxo
ni-â cabana da eira por millo,
ni-â y-auga ô pozo.
Eu múrchome, voume murchando
pouquiño a pouco,
como as frols amarelas e tristes
dos días de outono.

Eu calando o meu dor, pelengrino
vistida de loito,
cô cadavre de un bico nos beizos
y-a borralla de un lume nos ollos,

y-é por ter o meigallo metido
na y-alma e no corpo.

(21-02-1946)

Baldomero Fernández

SAUDADES

Recordos nos traen
airiños da terra.
Ourelas do Miño.
Vidras que se extenden,
hourizontes lonxanos.

¡¡A saudade síntese!!

Recorda o Ribeiro,
o Ribeiro radiante,
o Ribeiro fidalgo,
balada galana,
luceiro do ceo,
curazón d'Ourense,
de Galicia eco.

O viño que tes
o canto teu leva,
¡eu que sei a dónde!,
a pobos moy lexos.
Ese canto teu:
o viño, e como o Sol
o ouro do metal dos tempos.
E cando se bebe,
como xime a i'alma,
que cantar tan fondo,
que latir tan quedo.

E non digo mais;
pero fáltanos algo
para decir agora.
¡Parece mentira
co fuxir dos tempos,
non se fala mais
do Ribeiro vello.

(09-12-1949)

José Filgueira Valverde [5]

A Virxe do Socorro

(De Paul Claudel
Versión de Filgueira Valverde)

O cativo que sabe que ninguén o agarima e que non pode querelo ben
Cando por sorte un ollar doce se pousa n'él
Ponse roxiño e bótase a rir, por non chorar.
O mesmo, pol-o mundo adiante, os orfos y-os que non teñen fogar.
Os que non teñen diñeiro, nin sabencia, nin abrigo.
Como nadia teñen, tampouco teñen un amigo.
Os probes ábrense pouco, mais é ben doado chamarlles en peito.
Abonda mirar n'eles e tratalos con xeito.
Recolle este ollar, meu probe, cólle esta man e... non o fíes moito.
Axiña estarei antr'os meus e non coidarei en outro.
Que o probe de pedir non atopa un amigo seguro se non é un probe
mais probe ainda que él, e alí confía.
Dígocho pra que veñas, irmán, diante Santa María.
Probe muller que o teu home é un perdido e ningún dos rapaces é forte.
E non tes cartos pr'o leite, e chamas a berros á morte.
Cando non tes nadiña e inda por riba te magoa a delor.
Ven á eirexa, cala e mira á Nai do Señor.
Que por moita que seña a miseria que hai,
Cando os fillos se queixan é pior sel-a Nai.
Miráa, alí, sin queixar e, acorada,
Como o probe que atopa un mais probe, y-os dous miranse, sin falar nada.

(21-III-1946)

---

[5] José Filgueira Valverde. Este distinguido escritor inicia hoy su valiosa aportación literaria a «Plumas y Letras Gallegas». No con objeto de presentarle ni tampoco de destacar su valimento –lo cual no necesita– sino para seguir la norma que practicamos con todos los literatos que por primera vez vienen a estas páginas, apuntamos un índice de lo que ha producido. Desde sus tiempos de universitario en Compostela dió a la prensa numerosos trabajos, especialmente sobre temas de historia literaria. Publicó: *Os nenos* (Pontevedra, 1923), a modo de memorias infantiles; *O vigairo* (Coruña, 1927), novela corta; *A paisaxe no Cancioneiro da Vaticana* (Coruña, 1927); *A eirexa pre-románica de Francelos* (Coruña, 1929); *O baldaquino en Galicia denantes do arte barroco* (Coruña, 1930), en colaboración con Fernández Oxea; *As festas de San Pío V en Santiago no ano 1713* (Coruña, 1931); *Guía de Pontevedra* (Pontevedra, 1931); *Cancioneiriño de Compostela* (Madrid, 1932); *Guía de Santiago de Compostela* (Madrid, 1932); *Programa do Curso de Literatura Galega* (Universidade Compostelán. Estudos Regionaes) 17-1-18-2. 1933 (Santiago, 1933); *A Fonte da Ferrería de Pontevedra* (Santiago, 1933); *Plan de trabajo para la enseñanza de la lengua española* (Pontevedra, 1933); *Programa de Historia General de la Literatura* (Pontevedra, 1933); *Seminario de Estudos Galegos. Dez cursos de traballo. 1924-1931*, (Pontevedra, 1934) en colaboración con González García-Paz; *Lago González, Arzobispo Galego* (Pontevedra, 1934); *La Cantiga CIII: Noción del tiempo y Gozo Eterno de la Narrativa Medieval* (Santiago, 1926), tesis doctoral; *Los viejos Estudios de Pontevedra y la fundación de Fray Tomás de Sarria* (Pontevedra, 1942); *Sobre el planto en la Edad Media* (1945), editado en «Cuadernos» del Instituto de Estudios Gallegos, «P. Sarmiento». Tiene, además, un *Tratado de Lengua Castellana*, para texto, redactado con Evaristo Correa Calderón. Dirigió la edición del *Cancionero Musical de Galicia* (Madrid, 1943), dos volúmenes (I Texto, II Melodías), que prologó, ordenó y anotó; colección perteneciente a la Sociedad Arqueológica de Pontevedra y que había reunido don Casto Sampedro y Folgar. Catedrático del Instituto de Enseñanza Media de Pontevedra, está, a la vez, al frente del Museo Arqueológico y de la importante revista que éste saca a luz, así como otras publicaciones. Es académico de número de la Real Academia Gallega.

Fr. X.

Xacobea

Anda n'os vidros a chuvia
A debullar ladaiñas;
Zóa o vento. Na vouga rua
Tolle o curisco ás esquinas,
Abambéanse os letreiros
N'un arrolar de parida,
Fremen os cabres de ferro
E as górgolas gomitan.
Están n'a rua as pucharcas
Cheas de auga e de lediza,
E nos tellados as tellas
De molladas, encollidas...

¡Cerzo inverno de Santiago!
Chuva e choiva todo o día
A debullar n'as vidreiras
Seu fol de melanconías.

(28-11-1949)

Sono de Ensoños

Voltan as anduriñas
Ano tras ano
Para o seu niño.
Nascen brancas rosiñas
Todol-os anos
Beira o camiño.
Veñen ledas, riseiras,
Ano tras ano,
As primadeiras.
E n'as sobreiras
Fire o coitelo
Todol-os anos
As curticeiras.
Todol-os anos
Nasce o campelo
En verde mol,
Y ano tras ano
Ten sua niñada
O rusiñol.
Todol-os anos,

Ano tras ano,
Ven tua mirada
De min en col.
Mais ti non chegas, prenda querida,
Pra a iste que non volta
Voltarlle a Vida.

(08-12-1949)

Antonio García Vázquez-Queipo [6]

A CRUZ

(Traducción de Parzanese)

Ô nacer escoitei unha fala:
"Haiche cruz, e terás que levala."
Fun andando mainiño, mainiño:
vin a todos coa cruz no camiño.
¡Ai!, deixaima levar, anque eu chore,
esa cruz que do ceo me ven.
Levarei miña cruz onde eu fore,
como a levan os outros tamén.

Vin un rei côs seus nobres o lado,
e c'uns homes de traxe dourado;
arredeime; pasou de min rente;
vin que as coitas nubrábanlle a frente.
Pregunteille ôs que estaban na porta:
"¿O rei hoxe qué herbiña pisou?"
Responderon: "A cruz el soporta
que cô trono tamén lle tocou."

---

[6] Antonio García Vázquez-Queipo. Nació en Vilela, ayuntamiento de Pungín (Orense) y murió en Santiago el 30 de noviembre de 1912. Siguió la carrera de Derecho. Se le conoce principalmente como poeta, en particular por sus traducciones de varios autores. Pero era, además, arqueólogo, matemático, crítico, historiador... Profundamente humilde, sólo por compromiso confiaba sus trabajos a las auras del aplauso mundano. De los opúsculos que ha publicado hemos podido anotar los siguientes, que tal vez seán los únicos: "Discurso leído por D... en el acto de recibirse doctor en Derecho" (Madrid, 1860); "Himnos sagrados de Manzoni, traducidos en verso castellano" (Santiago, 1876), con la firma A...; "Enmienda de algunos vicios de locución a que propenden los naturales de Galicia" (Santiago, 1884), con la firma D.A.G.V.G.; y "Memoria sobre la Adoración Nocturna de Santiago", en "Crónica de las bodas de plata de la Sección Adoradora de Santiago de Compostela y de la Asamblea Regional celebrada con motivo de tan fausto acontecimento. Abril de 1907" (Santiago, s.a.). En los primeros Juegos Florales de Galicia, celebrados en la Coruña en 1861, obtuvo el premio del pensamiento de oro por la composición "Al enamorado Macías". De sus traducciones, además de las de Manzoni, deben mencionarse: del alemán, "El anillo de Polícrates", de Schiller; del italiano, "A Cruz" de Pedro Pablo Parzanese, y del inglés, "San Francisco de Asís y el lobo", de Miss Tinan. Su tributo a la Historia se halla cristalizado en el tercer voluminoso tomo de la "Historia" de Rohrbacher y en su contribución a los estudios de Fernández Sánchez y López Ferreiro. Pertenecía como correspondiente a las Reales Academias de la Historia y Gallega... Dejó inédita la traducción de la "Imitación del Corazón de Jesús", del P. Arnoldo.

Un soldado que hachei o outro día,
sin un brazo da guerra volvía.
"¡Oh, qué triste que ves, meu amigo!
Cánto as xentes se ufanan contigo,
y esa cruz que a tua pres amellora
nos oxales coas cintas a pos."
"Foron tempos —dixo él— mais agora
outras cruces mandoume xa Dios."

Xunto ô leito do fillo que a morte
lle roubaba no colmo da sorte,
vin xemer acorada unha dona.
Y-eran ricos e xente de sona.
"Ti —lle dixen— podrás ter consolo
por amor de outros fillos mañá."
Y-ela dixo: "Confórtame sólo
n'esta cruz, o ser Dios quen ma da."

Vin un home de cara moi leda
que levaba un capuz de óuro e seda.
"Ti —lle dixen— quenquer que ti fores,
¿vas ti sólo no mundo antre frores?"
El calou; mais así como viña
arredou o xeitoso capuz.
Y-el tamén, tamén el, alí a tiña
encravada no peito unha cruz.

Desde entón mais as penas estimo,
que é dos pobres a cruz agarimo.
Pol-a terra, é uns pasos moi quedos
fun outeando... cheguei ôs penedos
que hai do mar derradeiro na praya
e non vin ir sin cruces ninguén.
Levarei miña cruz onde eu vaya,
como a leva os outros tamén.

(18-IV-1946)

Manuel García Barros

Saudades

¡Ai! Quén che anduriña fora,
anduriña da outra banda,
que ô meu amor un sospiro

no piquiño lle levara!
Non había fiadeiro,
non había foliada,
que â xuntadiña da noite
él onde a min non chegara:
bailaba co-él a saída
de tod'as misas cantadas,
e nos alegres rueiros
tamén a pirmera baila:
non me faltaba da veira
â desfeita da ruada,
indo xa os ecos perdidos,
da últema ribeirana,
y-ô subir o grobo arriba
ceibando estrelas de prata,
garimoso coma un ano
viña conmigo pra â casa.
Xamais sentira o meu peito
penas que él non consolara;
tiña o meu encanto todo
nas suas tenriñas falas
y-era o seu corazón dôce
hucha da miña esperanza
¡Ai! Quén che anduriña fora,
anduriña da outra banda,
que ô meu amor un sospiro
no piquiño lle levara!

Agora sempre soiña,
sempre, sempre acongoxada
xa non vou ôs fiadeiros,
xa non vou âs foliadas
que, anque vaya, ¡coitadiña!
él alí xa non me agarda;
marchou, marchou, miña prenda,
quén sabe agora pr'onde anda!
pois anque poder, podía
xa con él estar casada.
Deus nos dira tan probiños
que non tiñamos nin casa,
e como, ¡sorte cativa!
n'esta terra non se gana,
pensando en axuntar algo
alá se me foi pra a Habana
¡Ai! Ogallá que non fora
que o seu amor me abondara
que, aunque pedira unha esmola
non botara tantas bágoas.

¡Mociñas que tendes noivos,
nôs deixés marchar pra Habana
se non qu'rés, cal eu sofrire
mouras congoxas na y-alma
e cantar, cal eu, tristeiras,
a miña doída cántiga:
¡Ai! Quén che anduriña fora,
anduriña da outra banda,
que ô meu amor un sospiro
no piquiño lle levara!

(26-X-1946)

Francisca Herrera Garrido [7]

A LÚA

¿Por qué non baixa,
siñora Lúa?
¿Por qué tan lonxe
verdosa aluma?
¿Por qué antre os arbres
lediña, pura,
alegre ou triste,
crariña, escura?
Presto se estrica,
logo se enruga,
sempre coa media
cara de bulra.
Xoga cás nubes;
fainas que a encubran.
a pita cega
tola, arrebúxase.
Arrinca súpeto
tan negra túneca;
móstrase branca,

[7] Francisca Herrera Garrido. Atraída al principio por la poesía lírica, hace desfilar la ensoñadora sensibilidad del alma gallega en «Sorrisas e bágoas» (Madrid, 1913); «¡Almas de muller... volallas na luz» (Coruña, 1915), con prólogo de Murguía, y «Frores do noso paxareco» (Coruña, 1919). Cultivó también la prosa gallega, en la que su obra maestra es la novela «Néveda» (Coruña, 1920), historia de una doble seducción, desde luego sin perversidades a la moda ni complicadas psicologías, en cuyo relato, fresco y fragante, palpita en bastantes ocasiones la vida idílica de la Galicia aldeana. Posteriormente publicó las siguientes narraciones cortas: «A y-alma de Mingos» (Ferrol, 1922) y «Martes de Antroido» (Coruña, 1925). Una nota muy característica de esta escritora es la extraordinaria riqueza del léxico. En castellano tiene las novelas de asunto gallego: «Pepiña» (Madrid, 1922); «Réproba» (Madrid, 1926) y «Familia de lobos» (Madrid, 1928), editada por la Biblioteca «Patria». Obtuvo el premio «El Diario Español» de Buenos Aires, por un trabajo sobre "Rosalía de Castro". Actualmente es miembro numerario de la Real Academia Gallega.

brilante, pura.
Das verdes ponlas
tépeda busca,
câ sua crarencia,
as fendiduras.
Nena mimosa,
fai que se tumba
baixo das augas
que lle marmulan.
Través dos vidros,
as chouzas husmas;
fas carantoñas
ôs que se ocultan.

¡Tanto arruallo!
¡Tal donosura!
¡Mesmo da xenio
cando relumbra!
Non lle é modoso
saïr de tuna...
¿Quer que lle conte
catro infonduras?
¿Quer que a frolee?
¿N'está pra pullas?
¿Vai xa moi lonxe...?
¡Pois si me axuda...!
Rubir, rubira:
¿Pon xeta adusta?
¡Ai...! ¡Vaya ô Ceo,
siñora Lúa...!

(14-03-1946)

¡MEU HIRMÁN MONTAÑÉS!

(A Noriega Varela, cuando preparaba su libro "Místicas", todavía inédito)

¡Meu hirmán montañés,
o poeta do sol,
que lle empresta o seu lume
e lle da o seu quentor,
pra que n'iles abroche
dos seus versos a frol!

¡Meu hirmán montañés,
o poeta da luz,

que arrincoulles ôs ceos
uns anacos de azul,
pra enxergal'as suas "Místicas",
post-ôs brazos en cruz!

No penedo máis irto
un altar levantóu,
onde chora o druída
pol'a sua relixión,
pol'os tempos que foron,
pol'o amor que pasóu.

Alí quéimase o incenso
con que o celta incensóu
e se escoitan os layos,
os sospiros y-os sons
con que a y-arpa romana
dos seus mortos se doi.

Corre a y-alma do monte
se axionllar pé do altar,
a ofrendarlle roseiras
dos bravíos toxals,
o bruar das ovellas,
rescendors do pinar.

Arden n'il ciriales
que se esborran a pôr:
un é o cirio da Virxen,
outro adícallo a Dios,
outro dóallo â terra,
porque o fixo cantor.

Porque arreu o bendice
con arrolos de nai,
e lle dou amoriños
e filliños lle da
y-o levóu nas illargas
y-aloumiños lle fai.

¡Meu hirmán montañés!
¡Rei do ermo e siñor!
¡O que alumas teus versos
con alustros de amor
e lles prendes nas âas
teu baril corazón!

(21-09-1946)

Aquilino Iglesia Alvariño

O MEU CORAZÓN...

O meu corazón rouboumo
esta noite unha canción.
Ela marchou señardosa
y–eu quedei sin corazón...
¡Ela marchou señardosa,
y eu quedei sin corazón...!
Coma unha flor eslúada,
lévao prendido no seo.
Unha folliña tras de outra,
vaino desfollando o vento
¡Unha folliña tras de outra
vaino desfollando o vento...!

(20-07-1946)

NO BERCE

No berce, negro da noite
deitei o meu corazón.
Veu, caladiña, unha estrela,
¡todo mo esgarrapizou...!

Naceron versos de lúa
n'un niño de rouxinol.
¡Y encheuse o berce da noite
todo de versos en flor!

Pasou toda a noite en claro
cantando o meu corazón.
Coma paxaros, nos labios
finábanselle as canciós...!

—O meu corazón dorido
era unha rosa sin côr,
murcha entre las brancas mausiñas
de lirio de unha oración...

(20-07-1946)

Señor

Señor, xa está en silencio o meu probe corazón
N'é máis que unha avenida de lembranzas y-arelas.
Unha longa alameda, soliña, en oración,
de abidueiras brancas con folliñas marelas.

Eu divago perdido, por entre elas, soñando.
Algunhas veces creyo ver pasar sobre min
unha branca bandada de palomas voando,
e perderse moi lonxe, pra aló do azul sin fin...

A miña señardade, como un doce solpôr,
envolve de ternura as ramaxes despidas...
Xa non queda unha y-alma nos meus parques...
—¡Señor!
¿cándo ha sonar o Ángelus nas longas avenidas...?

(20-VII-1946)

Nas orelas do Miño

(Cántiga)

Nas orelas do Miño ¡ai meu amor!,
aló pola Rigueira e Pastoriza,
¡qué grandes son os prados entre bidos
de cabeleiras de ouro tremelosas!

¡Qué ledo vai o río patuxando,
e cómo se remansa e se demora
por entre os prados verdes silenzoso!

A i-auga é moura e case non se move
por entre as somas de ouro da ribeira,
tremelando nas doces raioliñas.

Leva pra o inverno —doce relembranza—
ourizos regañados, peros doces
e follas amarelas e caneiras,
regalo da montaña, a nai boíña.

Os prados coa outonía verdegados
son ledos de armentío e de pastores.
A i-herba é mol e doce. O sol morniño.
As albores máis outas e máis craras.

A xente anda nos vedros o borrallo.

Dous picariños ledos á raxeira
beben viño de amores na currucha
dun bolo de centeio. As maus pintadas
e os bicos bigoteiros e bermellos,
rinse larafouzados na tardiña.

(31-08-1946)

Nenia: Finamento e natal de dous poetas namorados

C. V. Catulo

¡Dous mil anos de noite! ¿Qué paxaro
foi dediños de almendra, sombra fina:
¿Qué fontela de sono ora agurgulla
auga leve de risa desfollada?

Lesbia —bicos e cantos, como areias,
coma olas longuísimas, salgadas,
¿qué doce sono enleia a noite triste?
¿Qué saudades che rón peitos escuros?

Conta, conta Veranio, bon amigo,
ledos conatos de Iberia, terra ardida.
—Brazos quentes afogan noites pechas.
Tremban sofraxes lisas coma buxo.

¿Lembras flor asañada ó pe da veiga
sob a rella do arado, bon amigo?
—Ergue, branca Postumia, roxas cuncas,
uva de ouro, na noite señardosa.

Sirmio, Sirmio venusta, brando leito,
risas ledas do lago que un amara.
—Non nos zárrelas portas, Ipsilila,
rexa, loura, mazán, laranxa de ouros.

A. A. Tibulo

¡Ai cómo dón xa fondas desa aurora
que aluman claras picas, outas lanzas!

¡Ai cómo dón xa fondas señardades,
silenzo pecho, ermo e soedoso!

Partiron ledas naos, doces amigos.
Brila en sonos o mar dos Argonautas
Corcira é triste lonxe dos amados
lamagueiros e os bosques silenzosos.

¡Qué longa rúa, tan calada e fría,
chea de sombras nas encrucilladas.
Soan moi docemente solermiñas
pisadas de ninguén, pasos valeiros.

E amargue o día. E aínda mais amargue
a sombra de denoite, mar calada.
Vai, bago a bago, a i-alma depenando,
acios de intres serodios, cheos de cinza.

¡Qué doce ser penedo sob a neve,
sob as olas abertas como alas!
¡Qué doce ser un nome, un nome soio,
e unha saudade dous mil anos viva!

(15-03-1947)

ANINOVO FELIZ

Outro ano en arrandeo, e detrás nosa
os nosos pasos de onte xa sin voz.
E os nosos xeitos xa con non sei qué
de doce señardá de cousas orfas.
Todo o que fomos ten xa unha alma antiga
con trinta anos de mármore e alcipreste,
con dozura de herbiña silenciosa
e terra bendecida e oco escuro.
Aquel verso primeiro, aquel amor
que eu tiven non sei cando, mais amargue
e pequeniño que un agruño verde
e aquel camiño longo que perdín.
E aquel medo na noite malferida,
toda esgarrapizada pol-as beiras.
E aquela soledá, ¡qué ledas cousas,
ora que son almiñas de outro mundo!
¡Qué ledas cousas ora cara ó oscuro,
cando imos a subir á carriola!

¡Qué ledas cousas, qué recimo ledo,
doce de intres amargues coma agruños!

(31-12-1947)

NO SONO DA ALBORADA

DE ónde ven esta noite que nos enche
o corazón de estrelas? Outas torres
medran caladamente estremecidas
no devalar do sangre sobre as ondas
da mar, inmensa e viva, e dos pinares,
e dos montes, acesos de chorimas
e un leve son de uces e calandras.

Aló moi lonxe, as chairas cos seus trigos
louros e o verde leve das liñeiras,
crebadiñas de cór pol-o menguante,
xunta as silveias vellas de avelaos
e acibros cheos de niños. Grandas ermas
e carballeiras orfas, derramadas
ó longo dos camiños, quedas, fondas
cun non séi qué de leve gracia antiga
no bronce das súas landras renovada.

Rosas, lilas e brancas, nos vilares
rechaman, entre as leiras dos centeos,
tristes pallares ora, as pataqueiras.

Ainda máis lonxe, ¡ai, Dios! qué regalía
os vales que un amara, todos cheos
de pumares e guindos moi velliños,
de pumares, e guindos, e ameixeiras
e ríos priguizosos de oucas verdes,
e de silencios verdes que estremelan
as troitas nos remansos á tardiña.

Da outra banda, as serras buzarrentas,
coa súa mantela verde de castaños
e unha saudade na calada ermanza,
da neve de xaneiro e as noites longas.

E inda as terras de brizos milleirales
cun ledo son de músicas ardentes,
que recenden a pésegos dourados,

ledas de reiseñores, onde as viñas
mal aconchegan xa por entre as follas
unha alegría inxel de acios noviños.

E sempre a mar, a nosa mar amiga
que enche o solpór de vagas señardades,
navegada de brétemas escuras
e milagrosas naus sempre lonxanas.

Na encrucillada das galaxias verdes
desta terra velliña, sono apenas
¿qué lonxano desvelo de romaxe,
decídeme, qué ledo troupeleo
ó lonxe, inda na sombra da alborada,
de xente de ún e falas conocidas?

(24-07-1948)

(Poema leído por Aquilino Iglesia Alvariño en el Paraninfo de la Universidad compostelana, ante los estudiantes extrajeros acogidos a la O.C.A.U.)

Loiros, lonxanos, fillos ledos dos ríos silandeiros.
Doces fillos dos ríos xeados e brilantes,
onde choraba Ovidio coma un neno.
Eu amo tamén as vosas terras que non vin.
As vosas terras chás de ríos lentos e orfos.
E as vosas terras chás de muiños, aganepadas de vento forte
i a vosa mar calada de trigueiras ondeantes.
E as vosas xentes de alma lixeira e vagamunda
que o vento leva e trai coma falopas de neve.

Si. Eu amo as vosas terras de longos camiños sobre a neve.
Sempre despertos,
cun triste troupeleo de xente de lonxe en caravana
e un gallope, de noite, de cabaleiros negros
e un neniño que chora, recén nado na noite.

Tristes, doces camiños longos con saudades
das roseiras do sul e as ondas ledas,
e dos solpores do Oueste sobre os longos mares.

Si. Eu amo as fragas de vidueiros brancos
e as capas dos cosacos, vellos cabaleiros,
e as vosas princesas belas,
tristes e malfadadas.
Loiros, lonxanos, fillos dos ríos longos e calados.

Decídeme. ¿Cómo son as pataqueiras da Polonia?
¿Qué doce flor azul, ou rosa, ou lila?
¿Qué doce revoada de boiñas,
no maio ledo, co ruxir dos ríos sin carazo?

Loiros, lonxanos, fillos dos ríos ledos das montañas,
¿cómo son as ribeiras
do Mariztsa e do Estruma cheos de rosas?
¿Qué marxes de perfume e de ledicia
nas vosas almas, ermas pelegrinas?

Loiros, lonxanos, fillos do Danubio,
¿non hai na noite longa, erma e orfa
da vosa Terra Chá calada e sola
unha lonxana señardá de tendas
e latinas patricias namoradas?

Loiros, lonxanos, fillos dos ríos longos e calados.
Eu tamén amo as vosas terras que non vin.

(02-11-1948)

DOCE PALMAR CALADO

¡QUÉ tempo ledo aquél no que cantaban
os picos nas pedreiras do Barbanza
i-eran noval-as cántigas das leiras
nos liñares de Sar, roucos de rulas,
e pombales amigos e curtiñas!

¡Qué tempo ledo aquél! ¡Ai, qué alboradas,
de setembre con brétemas no Ulla
o recender de vellas pumaregas
e rousares lonxanos de carretos!

Pola Mahía abaixo, polas veigas,
¡cómo rousan os carros! No rangueiro
os rapaciños moulan na currucha
dun lobo de centeo, compangado
cunha entena dourada e recendente,
entre os cachotes que han de ser un día
capiteles abertos como rosas
e silencio mol doce e ceio leve.
Qué tempo ledo aquél, qué doce aire
todo feito de pombas e de rulas

no que foron medrando en gozo e sono
as colunas de Sar, cabo do río,
coma un horto silencioso e craro
que altos muros pecharan sobre o mundo.

Qué tarde aquela, doce de solpores,
na que o craustro foi cántiga de amigo
de arcos medidos a compás de versos,
cunha sombra lixeira entrelas follas
da pedra nova e leda dos remates.

E aquél doce medrar en tempo quedo
en sombra amiga e leda coma o sono
das colunas de pedra, coma gracias,
limpas e castas coma palmas ermas,
coma palmas abertas blandamente
nun ceio pequeniño e aconchegado.

¡Cántos anos parados! ¡Cántos anos
de silencio cantando en longas ondas
coma unha mar lonxana, coma unha
doce fraga despida en craridades
e un revoar moi leve de paxaros
de terra nunca vistas, o solpor.

Bernaldo, don Bernaldo de Salnés
¿qué vento de ledicia arremuiñara
craro palmar aberto en craridades?

Bernaldo, don Bernaldo de Salnés,
¿lémbraste dos liñares e das rulas
e dos merlos amigos das figueiras?

Doce palmar aberto en craridades,
craustro velliño de lembranzas longas
e arcos medidos á compás de versos,
¿por onde paseaba, aló á tardiña
Bernaldo, don Bernaldo de Salnés?

(22-11-1948)

Groria dos ollos que viran al Señor

Groria dos ollos que a Xesús miraran,
inxel visión seus ollos estasía.
Visión tarrea de sinxelas cousas,
groria divina pra as neniñas cegas
que viran o Divino Nazareno.

Coma no Ulla craras augas soñan
bidos de aire a ceios tremelantes,
tremban nos ollos de Santiago, vivas,
divinas augas, celestiales luces
e un carreiriño nelas neboento.

Un carreiriño de uces con rosada,
galaxia ardente de pelerinaxes.
Anxos romeiros con cabazas de ouro
cantan envoltos en poeira de astros
un himno de rebrilos na noitiña.

Hai no remate do camiño un monte
que un mostro garda en nébra de meigallo.
E no bicaño, espesas carballeiras,
con raioliñas de luar nas polas
e bois píos deitados nas caivancas.
N'él labarea un astro ventureiro.
(Ai, qué silencio, crara estrela amante!)
O carro canta sob as carballeiras
nas corredoiras fondas da Mahía,
e remoen os bois herba de sono.

N'él labarea un astro ventureiro.
(Ai, qué silencio crara estrela amante!)
É brando o leito de homildosa terra,
leve a mortalla de barruzo leve
pra os seus osos ardidos nas calzadas.

Qué brando sono desvelado de astros
xunta os pasteiros cheos de armentío,
onde os liñares brandos coma o sono,
beira das leiras que os labregos aran.
Ai, qué doce silencio sob a chuva!

Logo, canté!, agallopar nos montes
contra a Mourisma en terras de Castela.
Cabalos brancos, capas coloradas,

acesas lanzas sob o mediodía,
pol-o Cristo que viran os seus ollos.

Medran na noite sob a longa chuva
torres sonoras. (Lentas badaladas,
campás escuras, ecoar soturno).
Medran as torres. Moi lonxanas gaitas
onse entre a chuva. Escuro mel recende
e un zunir de divinas corticelas.

Énchense todas, todal-as estradas
de pelengrinos —viño e pan moreno—.
Un revoar de enxámes ardorosos,
un garduar de cantos coma mares
devala lentamente na tardiña.

Inxel visión dos ollos que miraran
a sombra leve de Xesús nos Lagos.
Rumbo o poente, envolto en longa nebra,
un barco ven. Arcanxos por remeiros.
Ai, qué doce silencio sob a chuva!

(25-VII-1949)

NENIA A PETÖFI [8]

Hasta Kiskoros mismo chegaban os carreiriños de herba verde.
Hasta Kiskoros mismo, os cómaros verdes das veigas de Hungría.

---

[8] Centenario de Petöfi: Cien años sobre la ausencia de Alejandro Petöfi deparan esta equívoca conmemoración donde los lutos y las banderas, los plantos y el gaudeamus, van unidos irremisiblemente al centenario del poeta húngaro. La Europa de entonces —la Europa de Petöfi— era una tierra señorial con más sosiego que la de ahora, pero en la que también había que luchar por la libertad. El poeta supo durante las jornadas revolucionarias de su país encadenado como un Prometeo al destino de Austria, que las naciones se baten cuando no tienen justicia a quien acudir... En lo político, así es la lección de Alejandro Petöfi.

Noticia de Alejandro Petöfi: Su vida tiene la breve sencillez de los héroes: nació en 1823 —dos años antes que Mauricio Jokay— y murió en el alero de agosto, exactamente, el 31 de julio de 1849. Amó a su país hasta el paroxismo, porque llevaba el sabor de la tierra entre los dientes. Su romanticismo de girondino tiraba al monte, al ancho campo de los levantamientos aldeanos de Hortobágy, en medio de un paisaje con flores de guapo nombre —dientes de león, lirios de agua, rosas amarillas—. Y alondras y cigüeñas rondando las colinas fronterizas de los tártaros...

Petöfi conoció a Mauricio Jokay en los bancos de la escuela, haciendo pajaritas de papel e inventando extraños modelos de grilleras para los diminutos y entusiastas moradores del agro magyar. Tan juntos han ido siempre que debemos imaginarlos así.

En la poesía del lírico húngaro la tierra medra, se levanta como un enorme árbol sin sueño buscando la pura atmósfera intacta. Necesariamente, el nombre de Jokay resulta ineludible. Ambos dotaron de grandiosidad la vulgaridad plebeya de cada día, el cotidiano afán de que habla el Evangelio. Cada afán —en Jokay, en Petöfi— es una liberación y un ascenso. Es la presencia universal del país magyar entre los hombres...

A nosotros no nos sorprende esto. Lo hemos sabido cuando Aquilino Iglesia Alvariño, ante la mocedad exilada de Centroeuropa, leyó su "Nenia a Petöfi" en el paraninfo de la Universidad gallega. Fue un minuto de esa presencia, de esa emoción universal a que antes aludíamos, lograda tan sólo al convocar el heroico numen que aquí conmemoramos. La "Nenia a Petöfi", publicada en el libro "Cómaros Verdes" (1947), aparece reproducida en la página de Artes y Letras con el beneplácito de su autor.

(VILLARROEL)

Hasta o mismo Kiskoros, os verdes das veigas de rosas amarelas.
Hasta Kiskoros, con canciós ledas do Danubio.

Era un tempo de longas espadas brilantes,
en que os poetas morrían cunha rosa no peito
e un poema que nunca se puido rematar.

Corazós coma craras bandeiras
alcendían o vento pasmado.
E a voz sempre se finaba nunha rosa aberta de sangre.

Viudas de vivos tráxicos
mataban o mencer tristes lámparas desveladas.

Eran pequenas as noites de longas chuchas salgadas e amargues,
nas que se paraba o negro da ruleta dos conspiradores.

Ai, Petöfi, Petöfi, doce poeta dos menceres coma espadas!
Ai, Petöfi, Petöfi, doce poeta dos adioses pra sempre!
¡Cómo revoaban as capas dos cosacos en Segösvar!

(18-12-1949)

VEN VEL-A, MEU AMOR!...

Ven vel-a, meu amor!
Ven vel-a herbiña verde tremante nos camiños
que leva nas súas maus unha xoia de orvallo
pra vendela na feira do mencer.
Cando un sol pequeniño
ande a tocar seus chifros roxos
entre todal-as tendas da mañán,
a bidueira máis belida
collerá-i-o entre os brazos, brancos, dondos,
pra por, xeitosiña
uns aneles xoiantes
nos dediños miúdos de sol novo...
Ven vel-a, meu amor!

(01-09-1949)

PUÑÉRANSE AS BIDUEIRAS...

Puñéranse as bidueiras nas puntiñas dos pes
para ver o noivado do sol.
El chegóu amodiño, tímido,

por tras dun piñeiral.
E a fontiña sentiu estremecérselle
seu corazón de auga sinxela,
entre as manciñas brancas de seu noivo...

(01-09-1949)

¡QUÉ DELICIA SER VERSO!...

¡Qué delicia ser verso
e sentir traspasado de alegría
o corazón meniño
baixo os teus ollos,
coma a pinga do orballo
na puntiña dos dedos do sol!

(01-09-1949)

OS ALISIOS DO LESTE

(De John Masefield [9]
Traducción del inglés por A.I.A.)

Hai nos portos, hai nas insuas, hai na mar de España,
hai casiñas branqueando entre laranxeiros.
Todo o día, toda a noite, a morna e doce brisa
dos alisios do Leste.

Parras ledas, viño roxo, zumes das Españas;
troupeleo, bailarinas, vella sal graciosa.
Salouquiños de guitarras, e os cantar nas velas
dos alisios do Leste.

Hai, de noite, luz de vermes e lúas marelas.
Suas palmeiras feitizadas, cantos de anainar

---

[9] Noticia de Masefield. Se dan hoy aquí dos traducciones de John Masefield. Agradécese con esto la gentileza de este poeta al traducir al inglés dos poemas españoles y uno portugués.

John Masefield acaba de terminar una larga carrera de poeta puro. Llamo poeta puro a quién, como Juan Ramón, tiene por oficio, gracia y beneficio el ser poeta. Nada más que poeta.

La obra de Masefield iguala en cantidad a la de todos los poetas españoles de volumen, desde los Machado a Gerardo Diego. Pudiera citar aquí 20 libros suyos de poemas, 15 de teatro, 14 novelas y una docena de libros de varia lección, todos ellos reducibles a poemas.

De la calidad, no tenemos necesidad de hablar.

Es el antecesor de Eliot en el trono de Poeta Laureado de Su Graciosa Majestad.

No debe confundirse con el autor de "Arpa Fiel", ni con cualquier otro poeta laureado de los que tenemos a mano.

da voz calma que me chama —longos e baixiños—
dos alisios do Leste.

(15-09-1949)

RITE E REXOUBA

(De John Masefield
Traducción del inglés por A.I.A.)

Rite e rexouba. ¡Acórdate! O mundo é mellor cunha canción,
O mundo é mellor cun lampazo nos dentes embosteros.
Rite, que a vida é curta, así como unha coarta de fío.
Rite i-ergue a cabeza
o longo da roga de vellas soberbias dos homes.
Rite e rexouba. ¡Acórdate!
Noutro tempo.
Dios fixo o Ceio e a Terra
pola gracia que atopóu nunha rima.
Fíxoos e encheunos todos
do viño forte e roxo da súa alegría,
rexouba relumbrante de estrelas, xolda do chan.

Por eso temos que estar ledos
e beber da fonda cunha azul do ceio,
xuntando a nosa canción garouteira
a gran canción allaparada das estrelas
Rite, loita, cava,
e bebe do viño que enrosa
a amada terra verde,
sino da alegría do Noso Señor.
Ride e rexoubade xuntos, coma irmáus de sangre,
pois que parades todos
nos sobrados do mesmo mesón ledo.
Estade alegres hastra o remate da danza,
hastra que largue a música...
Rídevos hastra rematar o xogo, e estade alegres, meus amigos.

(15-09-1949)

Antonio de la Iglesia González

Ortografía Gallega

¿Pero, vamos, compañeiros,
a nosa lingua nace hoje
cal se fora un "volapük"
inventado n'unha noite?
¿Ela non ten pai nin nai,
nin procede en moita parte
do latín e mais consortes?
¿Non-a escrebiu aquel Rei
que "Sabio" denominouse,
don Alfonso de Castela,
décimo por outro nome,
ja no siglo "trece"? ¡Amigos,
conta levá, porque compre!
¿Non-a escrebíu outro rei,
poeta do siglo "doce",
don Alfonso de León,
antre os Alfonsol-o nove?
¿Nâ escreberon preto de il
Ayras Nunnes e outros homes,
o Bernal de Bonaval
e tamén Pero da Ponte
e Alfonso de Cotom
e outros varios trovadores,
Meendinho, Martín Códax
e cen poetas mui nobres?
¿O Arciprés de Santa Justa
nâ escrebíu no siglo "once",
do rei don Alfonso Sesto,
en documento, por orde?
ja non vos levo, amiguiños,
ja non vos levo mais longe:
pra o caso é moi bastante
prantarvos no siglo "once".
Cô desarrollo da lingua
na tradución de aquel home,
o mesmo da siglo onceno
que dicir o siglo nove.
¿Esta gallega lingüiña,
camaradas, nace "hoje"?
¿Non sabés que a de Castela
no-era ainda nada estonces,
pois naceu mais adiante
filliña de esta mai nobre?

¿Non sabés que a portuguesa
lle debe canto ela pode,
e se o gallego lle furta,
os labros non se lle moven?
¿Non sabés que escrita está
pol-o gran poeta Camõens
no gran poema "Lusiadas",
un dos millores do orbe?
¿Non se ve tamén escrita
con letras de ouro e de bronce,
nos cantos de don Diniz
e da sua ilustre corte?
no "origen" de estas palabras,
"uso" e "pronunciacione" ?
¿Non sabés que ja nos teñen
tan adiante n'eses nortes
que hai forza de diccionarios
case con toda-las voces?
¿E que non hai mais que ler
o que están'aqueles códeces
para impoñerse calquera
no saber que non conoce?
Lusitanos e gallegos
temos diccionarios hoje,
e se compretos non andan,
o prencipal ben se colle.
De día en día aumentando
irán os seus graus a troje:
vindeiros cô novo estudio
nos darán hastra que abonde.
¿Por qué ô castellán sujeito
ha de marchar o seu códece,
e o gallego ha de esmandarse
agora feito un simplote?
¿Por qué o francés, o italián,
cantas língoas se conocen,
âs leises da ortografía
se renden todas de cote?
Porque o modo de saberse
conservar o seu bó nome
é fixar a sua "estirpe"
de modo que non se borre.
¡Sagrado abolengo é ise
que de pais a fillos honre,
e sin el chámese espurio
quen-o perda ou desconoce!
¿Cómo habemos dar idea
do noso lenguaje nobre,

sin a fe do seu bautismo
que nas letras se comprobe?
Se das "etimologías"
o literato se foge
¿qué literato será?
¡Un literato ben probe!
Carantoña de singelo,
moi mal a ignorancia encobre
câ sua larchaneiría
nos estudios que lle compren.
¿Hoje no día en que as letras
en todo-os ramos se volven
astros de luz e porgresos,
a ignorancia trunfar pode?
¿Quén lle dixo a esa ignorancia,
quén ôs "simplificadores",
que o fonetismo gallego
era o seu úneco dote?
Se con el se fora a pôr
o latín, que falar pode,
cada nación, escrebéndoo,
seguro Babel nos tolle.
Misal romano, o Pontifex
juro que o desconoce
dentro de mui pocos anos,
por ben que as gafas coloque.
O mesmo gallego escríbase
cô fonetismo do Grove,
cô de Maside ou de Jallas,
o de Burón e Monforte
o de Compostela mismo,
Cacabelos e Gimonde,
Allariz e Ribadeo,
Celanova e Villaronte,
e basta para que os demos
fujan do tramo da torre
de Babel que aquí se arma
co-eses simplificadores".
E non saben que complican
e deficultan de morte
a lectura do antigo,
porque dempois ¿quen-o roye?
A nosa gallega língua
non é "volapük" de hoje,
que naceu hai moitos sigros;
ven de paiciños mui nobres.
Temos que reconocelo
e non dar en esto couces

e facer o que as nacións
ilustradas se propoñen;
é decir, que estudian ben
a linguaje e non se doyen
do tempo que n'eso gastan
os mais sabios e doutores.
Fagamos nós outro tanto,
ja que o gallego nos proye;
non, ceguiños, nos botemos
âs toas, e de tal sorte
que pareza que ô escribilo
apostámolas c'un zote.
¿A qué ven ese Xesús,
ese Xan, ese Xerome
e outras badulacadas
que en jamais no latín hoube
nin se escreben no gallego
do mesmo sígalo "once"?
¿Vedes facer outro tanto
ôs poetas e escritores
de Portugal, sendo a mesma
vosa lingoa e voso corte?
¿Vedes vol-ôs cataláns
que escreban aqueles nomes
nin outros barbaramente,
con somellante desorde?
¿A ónde ides a parar
con tal crasitú de errores
ante o esplendor dos estudios
de este siglo dazanove?
Non seadel-a irrisión
da gente que julgar pode;
buscade n'esta os alaudos
que ningunhos hai millores.
Así adiante bogaredes,
alumiados pol-os soles
dos progresos e das ciencias,
cruzando estelas de frores.
De outro modo seguiredes,
se mellor non vos compôdes,
coma quintos que non saben
escrebel-os seus amores.
Rídesvos se a carta ledes
que chegou â Maritornes.
¿E por qué de vós non rides, sodes?
O fin o probe soldado
escrebeulles â Maritornes

vosoutros escrebedes
para lidos e doutores!

II

Non teñen que agradecerme
as JOTAS; eu sólo trato
de defender o seu foro
e tamén reivindicalo.
Onde se fai o que é justo,
meus amigos, n'hai alaudos:
a justicia é obrigación
de todo fiel cristiano.
JOTA e o nome do I
no grego alfabeto dado:
sea con I ou con JOTA,
leu sempre I o romano.
De ahí "Jesús" ou "Iesús"
o mesmo da, "monta tanto".
Por eso n'han reñer
os EQUIS desesperados.
A razón que eles tiveren
gardarémolla; seu canto
han de ter, o que lles toca
sin llo coller; ô contráreo.
ENXEMPRO non vai con JOTA,
que ven de EXEMPLUM o caso:
nin EXÉRCITO, que é fillo
do EXERCITUM do Lacio.
¿Por qué o EQUIS ladroeiro,
faucioso, ruin e malo,
non sô ha de engulir JOTAS,
senon que, feito un alarbio,
ha de vir tamén furioso
os probes dos GES tragando?
VIRGEN se escrebe con GE,
que ven de VIRGO mui craro,
como ven GENTE de GENS
e GEADA de GELATIO.
¿Por qué os GES, os probes GES,
non han de sair de esclavos
hoje que da escravitude
ja non queda ni-un fiñasco?
Acougue cada unha letra
no seu linde e no seu campo;
todas son fillas de Dios
e non chuzos do pecado.
Vivan JOTAS, EQUIS, GES;
todo esto é nacesario

para escreber noso idioma
nobre, digno, propio e craro,
na fronte erguendo diadema
do seu timbre e do seu rango,
fillo do latino e pai
do precioso castillano.
Ben atentos a eso mismo,
"Rodríguez", bibliotecario
da Universidade ilustre
de Compostela ou Santiago,
"Valladares" e "Cuveiro",
escreberon "Diccionarios".
¿Para quén os escreberon?
Decime, ¿foi para os gatos?
¿Ou foi para os estudiosos
que buscan luz e adiantos
para nosa verde "Eirín",
que en todo os ven recramando?
Para quén escrebeu "Pintos",
aquel varón tan preclaro,
na súa "Gaita gallega"
ou "Carta de Cristus", dando
luz de abondo a quen-a quixo,
das noitebras arrancándoo?
Pois ahí ten o curioso
outro novo "diccionario",
poesíal-os poetas,
ilustración os gramáticos.
De modo que o que non ve
tanto sol no noso espazo,
e porque non quere ver
ou porque será un cegato.
Ademais, e ben acesa,
temol-a luz n'eses faros,
que tempo será que o régime
caprichoso, estacionario,
que dirige ôs nosos cegos,
caya de unha vez, crismado
pol-as mocas do progreso
víndose do burro abaixo.
¡Nin val o que veña logo
"Saco e Arce" a lovantalos!
Este autor era mui testo,
bon poeta e bó gramáteco;
pero en vero valore
tivo pouco, pois, trembando
ante as turbas dos "equistas",
veu cair esmorentado.

Volvendo en sí, creuse preso
de aquel turbulento bando,
prescindiu do seu saber
o renegou do seu Lacio,
do seu grego e do seu Pindo
e do seu Sïón hebraico.
No tocante da escritura
botouse no reino estraño,
deixou o reino da cencia
pol-o da "stulticia antro";
quer decir, trocou o probe
os olliños pol-o rabo.
Audicou de todo aquelo
e tamén do castillano,
de todo-os neolatinos
de esta Europa e seus estados,
e (sempre o medo no corpo)
hastra do bon lusitano.
Este autor na ortografía
deber é o recusalo.
¿Fora do reino audicou?
Nulo foi o bó do auto.
E por moito que padriquen
os seus cegos partidarios,
el é un, e en contra de el
melitan esoutros catro,
que cada un no nagocio
val mais ca el outro tanto;
e de ahí bótalle a conta
do que valerán os catro.
Añedía tamén a eses
outro moi bó ¡pene o diabro!,
o da "Campana de Anllóns",
gran poeta, excelso bardo,
"Pondal" o de Ponteceso,
home douto e literato.
De modo que, meus amigos,
prosigo no meu traballo
dicindo: vivas os JOTAS,
EQUIS e GES; pro montando
na refrega da escritura
cada un no seu cabalo,
sin quimerias nin rapiñas
nin outros desaguisados.
Se non se fixere así,
tocaremos a rebato
póndose estado de sitio
contra o necio desmandado

que non quer vir â razón
anque lla espeten a cántaros
nos miolos da cabeza,
e teñamos que levalo,
queiras, non queiras, por forza,
coma neno mal criado
que hai que conducilo â escola,
turrando por el e arrastro.
Se aïnda non se puxer
en vísporas de amansalo,
por último levarámolo
(tunda infalibre no caso)
donde con seu pai alcontre
que as peras lle poña a carto.
N'aquel "Pórtico da Gloria"
da Catedral de Santiago
témol-o "Santo dos Croques",
e con unhas tres ou catro
"cabezadas" contra ele
n'aqueles riciños brandos,
meu filliño, queda o neno
feito un merengue de laso:
que a cencia do gran "Mateu"
déixalle o sentido craro,
desperto a todo saber
e pra os estudios moi apto.
A meiciña n'está longe
nin custa, por Dios, mui caro:
sete siglos hai que se usa
con éusito estraordinario,
sin asomos no argadelo
tan siquera de milagro,
nin un nisco de diabrura
nin tampouco de meigallo.
Conque, alerta, meus ruliños,
que non se pubrique o bando
pondo en estado de sitio
os rebertes dos mochachos.
Miren, que é cousa de ver,
a aboa língua do Lacio
coroná de emperatrís
n'aquel solio do seu pazo.
Cabo de ela esprandecentes
súas netiñas brilando,
unha â destra, outra â seestra
de aquel trono escelso e craro,
como princesas augustas,
a unha do lusitano,

a outra no de Castilla,
riquezas e luz vibrando.
E logo a mai das princesas,
reina de entrambos estados,
quere entrar e nô premiten,
alabardeiros no pazo,
porque a ven aspada de EQUIS
pol-as meijelas e labros,
como se fora muller
perdida nos malos pasos
a quen homes vingatibles
cruzaran a navallazos.
De modo que a desconocen
os labardeiros, e tanto
que lle din, mofando de ela:
—¡Señora! ¡señora! ¡alto!
Virolas aquí non privan,
nin tampouco lacerados.
Hoje aquí hai grande festa
particular e sarao;
sólo entran da familia
príncipes e potentados.
E ten que volverse homilde
a gran reina sospirando,
maldecindo de esta gente
descoidos e desamparo,
que así poñen súa reina
feita un pingo ou mamarracho.
¡Decime se os que ten culpa!
de somellante maltrato
non lles virá ben, deste sitio
un realísemo bando
que poña fin a esta tropa,
se non por ben, a estacazos!

(21-03-1946)

Ignorado

A *Follas Novas*

(Con motivo do concerto
dado no "Rosalía")

Folliñas, Folliñas Novas
Entre bandeiras e froles

Cantache no "Rosalía"
Cantares dos meus amores.

Bágoas fixeche ceibar
inda mentira pareza
Axudádeme a cantar
rapazas da miña aldea
Axudádeme a cantar
porque estou en terra axea.

Sigue, sigue ese camiño
Un paso en falso non deas
Alónxate das aldeas
Non eres ningún meniño.

Leva, leva pol'o mundo
Cantares da nosa terra
Leva os sempre de paz
¡Mais nunca os leves de guerra!

E, cando eu vaya chegando
a raiña derradeira
Eite de ver "FOLLAS NOVAS"
Na groriña verdadeira!!

(Na sombra dos arcolitos do Outeiro,
da Cruña, o día 11 de setembro de 1946)

(28-09-1946)

(A "La Noche" de Santiago de Compostela
En homenaje de gratitud por
el favor que dispensa a mis humildes trabajos.)

Eres coma unh'a naiciña
Prós meus versos saudadeiros;
Inda, que son moy lixeiros:
Teñen algunh'a morriña
Mais grand'os facer quixera;
Mais, non encontro motivo:
Todo o que vexo é cativo,
¡Vido de calquer maneira!

¡Ay! Si atopara unh'a ialma
E, darm'a sua mán quixera;

Entón, si, que os fixera:
Da longura d'unha palma.

¡Sólo ti, amorosiña
Noitiña Santiagueira!,
Má tendes dista maneira:
Prensand'á miña letriña.

¿E porqué dista maneira
Todos che chaman: A NOITE?:
Eu, chámoche, disde antonte:
¡Candilexa Clarideira!

Pois, si en toda ocasión
Ti, me sigues axudando;
Entón, irei enxergando
Da miña gaita: ó roncón;

Prá cantar dá cerrazón,
Brétema é neboeiro;
Dó valeroso xeiteiro
Que fai mallal'a sardiña:
De toda, toda a morriña
Que hay no agro galego:
Dend'a Abadía do crego
Astra á misera chouciña.
Dos fatuosos: Necedades.
Dos velliños: Paroladas.
Das bodas: Encheroladas.
Dos verdes pinos: Saudades.
Contos é díxome, díxome:
Das vellas é das criadas.

Dos moziños: Alegrías;
Das raparigas: Donaires...
¡Ay! ¡Deixaime templal'a Lira:
¿Dónde estarás Rosalía?...

AIRIÑOS, AIRIÑOS, AIRES...

(No xardín de San Carlos dá Cruña
8 de Outono de 1946.)

(08-10-1946)

NEGRA PENA DA MAROLA

(A ó Mestre Fernándes
Amor, por si lle quer impri-

mir os melodiosos aires da
sua batuta.)

Contento, vai ó Fuquiño
Cheo de razón, prá Habana;
Vist'un bón traxe de pana:
Vai feito: un parruliño...
Vai cheiño d'ilusións
D'espranzas é de deseos,
Por ver os lindos museos
que, alí, dicen que hay.
De xolgorio, ceiba un ¡Ay!
—Car'a Torre dá Farola—
¡Cóma Creso, ei de voltar
negra pena da Marola!

Chegou, pois, un día á Habana
Cheo de gran contentiño;
E, visóu, núhun momentiño;
O Morro é mail'a Cabana.
Os doques i'o Malecón
Visitóu, en outro día;
E, con gran salamería
Escomezou un danzón
Xunt'a estauta de Martí;
¡Xá non m'acordo de tí
amada prima Carola!;
¡Tampouco de tí m'acordo
negra pena da Marola!

Cansábase de ser vello
O noso probe Fuquiño;
Non tiña nin un cartiño;
Mais, tiña branco ó careto.
De tolo; non tiña un pelo,
A sorte; foille adversiña;
E, cando se sinteu vello;
Entroulle moita morriña...

¡Ay!. Vouche morrer nésta terra
Mesmo c'un can de palleiro...!
Pero, ¡nón! Que eu non queiro;
¡Leváime prá miña aldea!
¡De calquer forma que séa!
¡Pois, eu, non teño diñeiro!
¡Seña ó que teña que ser!
¡Soliño, teño unha'a «dóla»!...
... ...

¡¡Ay, quen te voltara a ver
NEGRA PENA DA MAROLA!!

(Na Torre de Hércules da Cruña
ó día trece de Outono de 1946)

(17-10-1946)

Chuchi Kruckenberg

Silandeiro me chamaches
pra que non ouvira nadie
mais toda a xente xa sabe
c'andubemos a brincare.

Sinto centos d'axouxeres
batindo nos meus oidos
todos cantan o teu nome
nome do meu amoriño.

Quedaste chorando amores
a o pe do monte da Pena.
¡Rapaza! Baixa cantando
q'as tristezas non se lembran.

Co cerco que ten a lua
heiche facer un anelo,
e co'a nebriña da mare
o velo do casamento.

(08-12-1948)

Enrique Labarta

REVISTA DE UNHA CORRIDA ¿DE TOUROS? NA VILA DE NOYA FEITA POR UN LABREGO

Coa miña moca ô lombo,
capa e cirolas,
n'hai toureiro nin rayo
que a mín me tosa.

1

Serían as tres da tarde,
pouco máis ou pouco menos,
do vintecatro de agosto
de un ano que... non me lembro,
día en que a vila de Noya,
alegre como un pandeiro,
fai a festa ô seu patrono,
o santo Bartolomeo;
e pol-as calles e prazas
e por todol-os cornechos,
bulía a xente da vila
o mesmo que un formigueiro.

Y-en medio de aquel enxamio
sólo se oucía este berro:
—¡ôs touros! —y en son de trompa.
—¡ôs touros! —gritaban nenos,
—¡ôs touros! —gritaban mozos,
—¡ôs touros! —gritaban vellos;
y —¡Ôs touros! —todos berraban
sin tomar siquera alento;
e tanto —¡ôs touros! se oucía,
que dende aquel día penso
que aló dentro das orellas
metidol-os touros teño.

E revolto entre o xentío
e, como todos, correndo,
mais alegre que unhas páscoas
e mais foncho que un gaiteiro,
coas miñas polainas novas
e meu chaleque ben feito,
cuello branco hastra as orellas,
capa longa hastra os tabelos
y-en fin, pra ser todo longo,
hastra a nuca o meu sombreiro,
entre todos eu marchaba
mais teso que un padre crego...
Y-algún chusco dos da vila,
miña capa longa vendo,
anque era no mes de agosto
y-o sol queimaba de demo,
decía: —¡Qué frío fai!
¿cándo nos virá o bó tempo?—
Ou botábame un: —Compadre,
non sabe cánto lle aprecio
que me garde algunha cría

si esa capa chega a netos.
Ou: —Si se desfai da prenda,
avise pol-o correyo.

Mais facendo o mesmo caso
que si estivese chovendo,
pol-a calle adiante eu iba
marchando teso que teso.

2

Por fín, andando y-andando,
metímonos n'unha praza,
que a presa pol-os costados
uns homes tapeando estaban.
Y-alá no fondo de todo,
pegado a carón das casas,
erguíase un gran taboado...
¡qué taboado, Virxen Santa!
¡ay, parescía aquel onde
ôs axusticiados matan!
Y-outras táboas inda había
enriba de aquelas táboas,
formando un arco de ponte,
e tan vellas e pintadas,
que hastra o demo, con ser demo
xuro a que non acertaba
si aquelo era unha grileira
ou si aquelo era unha casa!
¿Ónde estamos? ¿ónde estamos?
(tembrando como unha cana,
pol-o medo que tomei
ô ver aquel panorama),
dixen a grito pelado;
e toda a xente en voz alta
—¡Na praza de touros, home!...
contestóume moi finchada.
Y-ô ver que a praza de touros
era unha praza de casas,
lembreime de don Quixote,
que o probe tamén tomaba
por xigantes os muíños,
por exércitos as crabas.
—¿Y-aquel taboado qué fai?—
perguntei (pol-o de marras),
e respondéronme: —É onde
a múseca está sentada.
—¿Y-aquelo que ten enriba?
—¡Vostede seique está en babia!

é o palco da prisidencia,
onde se senta a xente alta...
—Xa o vexo: ô menos están
a unha altura de tres varas.
—¡Non lle é alta pol-a altura!
—Bueno: será pol-a baixa.
—Chámase alta a xente gorda.
—Xa entendo ben, camaradas:
xente gorda e de bó ano
chámase a que está... cebada.
—¡Qué malas entendedeiras
ten este cara de páscoas!
Pra que entenda... a xente gorda
elle o alcalde y-a compaña.
—¡Acabaran de parir,
pois as cousas dinse craras!
N'estas e n'outras conversas
con toda a xente eu estaba,
cando, sin mais e sin mais,
como si non fora nada,
dixeron: —¡Ahí ven o touro!
E dixen eu: —¡Santa Bábara!

3

Y-acó teñen xa vostedes
na praza o touro pirmeiro,
(que tiña de touro bravo
o que ten de manso o demo)
y-ô mirar que todo o mundo
quería alí ser toureiro,
y-hastra se botaba a touro
(por darse tono) un becerro,
y-ô ver, en fin, que no sitio
todos estaban con medo,
empezando pol-o touro
y-acabando por min mesmo,
dixen: —¡Eiquí sollo falta
que eu me meta a revisteiro!

E saltando un valadiño
de táboas, metinme dentro
de un portal, pedín un tallo,
unha pruma e mais un prego
de papel longo de barba:
saquei do bolso dereito
o meu tinteiro de corno
y-os meus anteollos vellos;
un bó polvo de tabaco

tomei do meu tabaqueiro,
e decindo escontra mín:
—¡Eiquí, meu dito meu feito
que por moito que me digan,
non deixa de ter seu méreto.
Unha corrida en Galicia
discrita por un gallego!
con perdón da Tauromaquia,
escomecei n'estes termos:
Noya —Agosto vintecatro,
¡¡Gran corrida extraordinaria!!
E por si algún de vostedes
non entende esta palabra,
quer dicir: ¡Fora do orde!
(y-está moi ben apricada).

Mallábanse tres becerros
das montañas de Barbanza;
presidían a función
o alcalde... y-a compaña;
compoñíase a cuadrilla
de toda a xente da praza;
os que pinchaban pirmeiro
eran pirmeiros espadas;
picadores... ¡todo o mundo
ôs probes bichos picaba!;
banderilleiros... ¡os coxos!;
capeador... ¡quen tiña capa!;
os touros...¡mártires dinos
quizáis de unha millor causa!

E con esto por sabido,
escomenza... a foliada:

TOURO PIRMEIRO

Levantouse o presidente,
fixo cô pano a sinal,
e... salíu caladamente
o touro por un portal.

Y-ô velo asín como entraba
na praza pol-o postigo,
parescía que baixaba
de visitar un amigo.

Por sinal... levaba atado
o pescozo c'un cordel.

¡Mais lle valera, coitado,
que se aforcase con él!

Somente pelexo y-oso
n'aquel corpo un home vía.
Chamábase O milagroso
¡e de milagre vivía!

Tiña o probe pouca talla
e tiña ademais tamén...
¡mais gana de comer palla
que de trucar a ninguén!

Xente e touro, con recelo,
miráronse frente a frente...
¡y-a xente fuxíu ô velo!
¡y-él fuxíu ô ver â xente!

De pronto... ¡Xesús!... ergueron
cen mocas duascentas maus,
e sobre as costas choveron
do touro... ¡mais de mil paus!

Dempois... todos lle mallaban,
—¡Santo Cristo, qué mallar!—
¡e do rabo lle turraban
hastra quererllo arrincar!

Outros con puntas de ferro
picábanlle dos balcóns...
—¡Asesinos!— o becerro
decía pra os seus botóns

E trato tan malo ô ver,
con ganas de protestar,
botaba un pouco a correr,
pero... ¡volvía a parar!

Y-asín n-o probe ferido
sigueu cebándose a xente,
hastra que, compadecido
do becerro o presidente.

Levantouse con cachaza,
deu cô seu pano a sinal,
y-o touro saliu da praza
outra vez pol-o portal.

Touro Segundo

Tocaron os músecos
a marcha dos grelos
e mozos e mozas
e vellas e vellos
—¡Qué veña outro touro!—
berraron a un tempo.
Y-entón o alcalde
levantou o dedo,
y-entrou coma un rayo,
na praza correndo,
o touro segundo,
levado do demo.

Era unha formiga
de côr moi vermello,
e por ir as xentes
hastra ô rivés n'eso,
por nome O cornudo
quizáis lle puxeron;
pois si tiña cornos,
tiñaos tan pequenos...
¡qué mais ben que cornos
eran un proyeuto!

Ó verse na praza,
fora do cortello,
de gozo saltaba
o infelís becerro.
Y-a xente que o vía
fuxía de medo
e pol-os portales
íbase escondendo...
—¡qué unha pitacega
parescía aquelo!—
e todos dicían:
—¿Qué touro tan fero!...
sin botal-a conta
de que inda era un neno,
e ledo brincaba,
según o que entendo;
por esparexerse;
non con mal intento.
Mais logo que a xente
pensou esto mesmo,
saltou sobre o touro,
cal cans de palleiro

saltan sobre un oso,
pra dempois roelo.
Y-el aquel encontro
recibéu sereno,
cal un probe mártir
recibe o tormento:
¡sin incomodarse
nin botar un berro!
¡Cántas xudiadas
alí lle fixeron!

Hastra un, por botarse
de banderilleiro,
plantoulle con forza
no cuarto traseiro
—con perdón da cara
dos homes mais vellos—
dous bos subelazos...
¡ben postos por certo!
Outro, mais valente,
montou no becerro;
e touro e xinete
tembrando de medo,
no medio da praza
rolando caeron.

N'esto o presidente
levantou o dedo,
y-o touro mallado
marchou pra o cortello.
E dis que ô ir andando,
moi maino e moi quedo
pra que non lle oucisen,
dicía o becerro:
—Nós, os de Barbanza,
pasamos por feros,
e somos mais mansos
que os homiños éstos:
¡Uns levan a fama
y-outros o porveito!

TOURO TERCEIRO

Da múseca a sonar volveu con forza
o prapanchín ferós e destemprado...
Erguéndose outra vez o presidente,
a sinal a facer volveu cô pano;
y-o becerro terceiro entrou na praza,
con choroso carís, aire romántico.

—Ese touro que ahí ven (todos dicían)
é aquel mesmo que ven todol-os anos.
¡Y-entón eu comprendín pol-o que viña
tan triste, malencónico e pausado!
¡Sabía o probe xa, por esperenza,
o que lle iba a pasar! ¡Ai, meu coitado!

Chamábase O abó, quizáis porque era
dos touros todos o infelís decano:
y-era tan vello que iba pol-a praza
maino, sin folgos e côs pes arrastro.
Ô velo entrar, a xente en remuíño
acometeulle alí con furor tanto
que cada vez que a xente arremetía,
caía o touro pai no chan deitado.

¿Qué delito fixeche, meu neniño,
pra que che den os homes tan mal pago?
¡Tí, que nunca lles deche unha cornada,
nin pra fuxir, siquera, tiñas ánemo!
¡Tí, tan manso, tan vello e tan cumprido,
que eras un touro xa civilizado!
¡Tí, que xa un bó retiro merecías!
que homes conozo eu que o están crobando,
con moitos menos anos de servizos,
e sin tanta cabeza nin traballo!
En fin, o presidente enternecido
pensou o mesmo que eu estou pensando;
ergueuse do sillón, medio dormido,
y-a postreira sinal fixo cô pano;
o touro a repuxós foise pra a corte,
a xente despideuse hastra outro ano,
deixouse o revisteiro de revistas...
¡y-a corrida acabou, dos touros bravos!

4

RESUMEN

Total da corrida ésta:
cabalos mortos, ningún;
sin contar, pra fin de festa,
que un home rompeuse a testa;
pois entón, diremos: ¡Un!

¡A corrida foi batida!
¡nunca millor o fixeron!
digan, pol-a miña vida,

¿n'había de ser corrida
si todos alí correron?

Fin: os toureiros... ¡mallando,
sin perdón, en xeneral!
Os touros... ¡mil paus levando!
O presidente... ¡¡roncando!!
O revisteiro... ¡moi mal!

(01-02-1946)

Valentín Lamas Carvajal

¡ALÁ EU VOU COA MIÑA MOCA!

Temos liorta gallega;
estana armando das boas;
unhos pol-a mor das "equis",
outros cô gallo das "jotas"
tran os nosos literatos
todal-as chenchas revoltas,
e andan a pulos coas musas
os poetas —¡qué liorta!;
todo por custión de letras,
mais non de cambio, recontra,
que de esas que valen cartos
pol-a man pasannos poucas.
¿Queren rebumbio? Pois bueno:
vamos todos en riola;
somos gallegos e pra estas
barulladas temos sona...
¡Ei, barau! ¡Monteiras ô aire!
¡alá eu vou coa miña moca!

Puxo cátedra na Cruña
Antón da Eirexa, de "jotas";
e como maestro vello
leva a lei e ten a norma
de que canto mais se bata
mais se esparexe a memoria,
pois, como todol-os dómines,
ten por enxebre ausioma
que a letra con sangre entra
e que os sabios fanse â forza.
Emprende o señor da Eirexa

a sua algueria etimolóxica
arremetendo coas "equis"
como côs años as lobas,
pecha os ollos, pecha os puños,
deixa a razón pol-a cólera,
e como fan mesmamente
os carneiros cando topan,
ou como os touros que embisten,
bótase a cegas y-a tontas
contra os que empregan as "equis"
e non están pol-as "jotas":
si fala, entonces ¡Asús!
¡Dios nos teña da sua conta!
bota pol-os ollos chispas,
bota por aquela boca
todal-as furias do inferno,
ristras de sapos e cobras,
agullos de coraxe
e chorros de palabrotas;
chámalle a cantos como el
a nosa Galicia honran,
bestas, bárbaros, caníbales,
energúmenos y-estoas.
Meu señor Antón da Eirexa,
eso xa pasa de groma;
non coide que está tratando
cos nenos que van â escola;
contéñase, non se perda,
pol-o seu xuicio volva;
vexa que non ê pra tanto
nin o caso nin a cousa.
¿Que non quer? Pois logo, adiante:
¡alá eu vou coa miña moca!

¿Que non está pol-as "equis"?
¿que non quere mais que as "jotas"?
Non ha de ir o preito â Cruña
por tan cativeira cousa.
Fagamos unha esperencia
pra ver si as suas "jotas" colan
na nosa gallega fala
tan doce como melosa;
esquirbirei cal vostede
en troques das "equis", "jotas",
que ô cabo cústame pouco
a ver cómo sai a proba.
Ja che dijen, Jan, que caija
(parés un gato se tronsa),

Jan, Jan, Jan, eu ja cho dijen,
hoje sin ajuda tróujena.
¿Esta xerga non semella
cas de palleiro que rosman?
Deixo denantes que un sacho
me espeten aquí na chola,
e que mo espeten de xeito,
hastra encaixarmo nas gorxas,
que esquirbir en troque de "equis"
esas condanida "jotas",
que fan do noso lenguaxe
un rebulicio, unha andómena,
unhas palabras tan duras
tan de arrastre e tan noxosas,
que non se amoldan â lengoa,
e que cando san da boca,
mais que decilas, paresce
que as gomitamos â forza:
"xo", non "jo"; "Xuneras" non "Juneras";
"xa", non "ja"; ¡fu! "jotas" fora,
que son boas pra beiladas,
mais pra esquirtas non, recontra;
quédense pra cando fagan
de prumas as castañolas:
pra cando côs pes se escriban
as letras na terra nosa.
¿Anóxase pol-o dito?
Pois o dito non ten volta:
declárome pol-as "equis",
non quero nada coas "jotas",
e si se arma unha de paus
por mor de elas arestora,
que se adianten os valentes:
¡Alá eu vou coa miña moca!

(28-III-1946)

O ALALALÁA . . .

Si é que escoitades cando o sol morre,
cando a ovelliña no monte bala,
un canto tenro, vago e subrime
que conmovida vos deixa a y-alma;
un canto brando, pero queixoso
que de pasados recordos fala;
é o mellor canto da nosa terra,
é o «alalaláa...».

Cántano as mozas que o gando coidan,
cántano os homes que os eidos labran;
cántano os nenos que san da escola
van isa cántiga...
¡Ai, qué feitizos eiquí en Galicia
ten o «alalaláa...»!

Cando os gallegos morren de coitas
entre os misterios das suas montanas,
entoan o canto con moita forza,
y-entón semellan nas enramadas
ises gorxeos dos roulsiñores
cando saudan a lus da y-alba;
ises murmuxos que ten o río,
ises concertos que fan as auras...
Dempois que o entoan con moita forza,
con toda a forza da súa y-alma,
vano baixando pouquiño a pouco,
hastra que logo na gorxa esmaya,
como unha queixa que leva o vento,
cal un suspiro que o peito garda.

¡Ai, non me esquecen de aquela tarde
as hoxe mortas legrías santas,
cando eu ouvía por ves primeira
aló no monte, lonxe, o «alalaláa...»!

¿Qué canto é ise? —eu pergunteille
a unha garrida xoven aldeana,
que un feixe de herba na súa cabeza
chea de negros rizos levaba.
Y-ela miroume co-aquiles ollos
que a duas estrelas se asemellaban,
e coa sonrisa nos roxos labios,
asina dixo con moita gracia:

—«A cantiguiña que hastra nos chega,
conmovedora, doída, branda,
é o feitizo de estas ribeiras,
a compañeira da nosa y-alma;
é o consolo das penas fondas,
o pano limpo que enxuga as bágoas,
o millor canto da nosa terra,
é o «alalaláa...»

«O meu cortexo, veira da fonte
e n'unha noite de luar crara,

vendo que estaba cantando estraída,
soñando amores, un «alalaláa...»,
díxome, logo que enchín a ola
e cando ô pobo me encamiñaba:
—Por Dios che rogo que cando estemos
os dous soliños, miña Mariana,
si é que non queres me volva tolo,
non máis entoes ise «alalaláa...»;
seica che deron imán as meigas,
seica che deron sua voz as fadas;
tí fasme dano... si é que me queres,
miña xoíña, non cantes; cala.»

¡Meu Dios! ¿qué extrano é que se volvan
loucas de amores as aldeanas,
si tí puxeches no chao gallego
as melodías de un «alalaláa...»?:
ise lenguaxe do sentimento,
isa amorosa, doída cántiga,
forte ô comenzo, tenra no tono,
e lastimeira cando se apaga.
E necesario non ter no peito
un sentimiento nobre, nin alma,
pra que indefrente pódea escoitarse,
aló nas noites de lúa crara,
n'ista adourada bendita terra,
un «alalaláa...»

Cando se queixan os paxariños,
cando murmuxan as frescas augas,
cando os prefumes do val se esparxen,
cando sospiran as ledas auras,
e cando as tristes campás da igrexia
dobran âs ánimas,
¡ai! ¡qué feitizos aquí en Galicia
ten o «alalaláa...»!

(06-07-1946)

José Landeira Yrago

Renovazón

(Por Stéphane Mallarmé)
(Traduzón de J. L.Y.)

Rexeitou con tristura a doente primaveira
no lucidío inverno, estazón do sereo arte,
e no meu ser a quen a sangue triste mole,
cal un longo boceixo estrícase a impodencia.

Mornos baixo o meu cráneo sinto albeiros crepúsculos
que unha preta ferraxe cingue como unha campa,
i-eu vaguexante e triste despois d'un soño belo
ando pol-a campía onde a inmensa séiva s'arreguiza.

Despois caio estanguido por arbóreos perfumes,
cavando côo meu rostro unha foca no chan
mordo a terra quencida onde medran as lilas

i-aspero ansí, abisado, que ruba o meu fastío...
—Embargante, o azul rí encol da sebe,
e despertos, no sol, arrechouchan paxaros en fror.

(17-08-1946)

Gonzalo López Abente

Un novo día

Sant-Iago: Gran día.
As lindas estrelas de noite bailano
na anchurosa vía
que no azul branquexa do ceo lonxano.

Lañóuse a ferida sanguenta do día,
e o gromo bermello do sol pol-o abrente
erguéuse lucente
os mundos enchendo de amor e alegría.

Hosanna! cantaron os bélicos mares.
Hosanna! ecoaron os altivos montes.
Hosanna! escoitóuse por antre os pinares,
na y-auga dos ríos y-a linfa das fontes.

Abalando no ambente,
tremecente,
a flor pura e delicada
da alborada
despertóuse do sono en que durmía,
e armoñosa, na gaita, â vella usanza,
debullóu a canzón de un novo día
envolto no perfume da esperanza.

(25-07-1947)

Benito Losada

¡Bo consolo!

Alexandre de Campucho,
que é veciño de Trasmonte,
enterrou a dona onte
e hoxe morréuselle un cucho.
—Non é moito que te queixes—
dille Tomás, seu veciño
pol-a perda do cuchiño
pois mozas, hainas a feixes.

(21-03-1946)

Os zapatos

De volta de unha ruada,
correndo a paso de can,
cos seus zapatos na man
iba o mozo Andrés Parada.
Dase no pé unha pancada
contra un croyo o probe Andrés;
ô vel-a uña do rivés
di chorando: —¡Malos lobos!...
¡Ai, meus zapatiños novos,
quén vos levara nos pés!

(21-03-1946)

Manuel Antonio

(Pra meu curmán Roxelio [10]*)*

Soyo me atopo no medeo das xentes,
como unha folla antre as ondas do río;
mentras no fondo do meu peito frío
sinto sonar unhas houras doentes.

Ledas sorrisas susurran a rentes:
son como bágoas de un maino recio
sobre do fogo. Tamén eu sorrío,
porque os recordos me veñen âs mentes.

Y-ô relembrar as edás frorecidas,
entre traxedias de amor, esquencidas,
píntase a mente de azules paisaxes,

brancas feituras de virxes sinxelas
frores caídas do carro de estrelas
onde pasean do Ensono as imaxes.

(13-08-1946)

O MEIGALLO

Ten a noite arrecendo de terra mollada.
Co luar
a choiva rematóu de seu.
O silenzo dispón os seus cores.

---

[10] Nuestro querido amigo y estimado colaborador don Rogelio Pérez González —quien con el seudónimo «Gelioro» honra frecuentemente esta plana de «Plumas y Letras Gallegas»— nos facilita, a más de los desconocidos poemas de su próximo pariente Manuel Antonio que hoy insertamos, recogidos de entre los varios manuscritos que dejó el malogrado poeta, un soneto autógrafo de éste —primicia de su lírica audaz, sin precedentes entre nosotros— y una carta a su madre; escritos ambos que estimamos de interés recoger aquí.

Miña querida nai: Supoño en poder seu unha carta que mandei desde Las Palmas. Hoxe chegamos a Río de Xaneiro sin novedade, e espero que por ahí suceda igoalmente.

Inda que a chegada do barco a Vigo está señalada pra o día 3 de mayo, poida ser que tardemos algo máis, porque hai epidemia de tifus nos portos do Brasil e casi é seguro que ô chegar a Monteviedo e Buenos Aires farannos algúns días de cuarentena, retrasando por tal razón o viaxe. Pero esto é unha suposición; veremos o qué resulta de certo.

Supoño que xa o tío se encontrará perfectamente ben; desde aquí mándolle unha tarxeta.

Falaríalle da falta que teño de cartos, pero como non hai maneira segura de remitilos, será mellor deixalo, hasta ver si facendo equilibrios podo chegar hasta Vigo sin empeñarme.

Recordos a toda a familia e V. sabe canto lle quer o seu fillo.

MANOLO

Río de Xaneiro, 5 de abril 1929

Antre melfas acesas
o luar
na súa dorna
enmudecéu.
De sombra en sombra vai trocando
o alerta seu cada can vixían.
A ráfega d'o mal sono
ven de iniciar o leito
da moza murcha que chorará mañán.

Hai unha longa pausa
a rentes de un cruceiro.
Dispois,
arrastrándose en sí mesmo
botóu a andar o vieiro.
A Bebe a noite agarimo de terra mollada.
I O insomnio do can
N embázase de emoción.
D Soliloquia a ráfega do mal sono.
A De corno a corno da Lúa
vai a trocar pinchagatos o Castrón.

Julio de 1923

(13-07-1946)

ELEXÍA DA VELLA GOLETA

Rezando o seu remorso,
de anónimos ventos e brétemas,
a goleta varada
deitouse ao sol.
A rede sinusoide de ronseles fondeados
pesca n-o trasacordo
lances de faros noitámbulos,
illas errantes,
playas desterradas.
Desfechóu nos derroteiros,
pegoreiros d'escumas,
cen xeneracións de foulas.
No manual dos seus mastros,
programa de naufraxios,
aprenderon un poema
todol-os ventos novos.
Xogou as catro esquinas.
N.E.

W.S.,
n-os cabos e n-os faros
dos continentes post-ouceánicos.
Os mastaretes desfollados
vencellan radiogramas:
Os veleiros suicidas
que zarpan a afogarse.
Rubrado de remorsos
o rol xuvenil.
Os exilados capitáns.
desfolladores da Rosa dos Ventos,
malabaristas das latitudes,
trasmutadores de meridiáns.

Julio de 1925

(13-07-1946)

DO XORNADEIRO DE UN ESTUDANTE

Ista cidade un día solagouse
n'un fracaso que pra chorar orvalla
e na brétema de unha
luz loito - maino.
Dorme sonos antigos
que espalla
nos sentimentos,
nos pensamentos.
Faino
c'un arrolo de canos fraternos,
cinguidos de un esprito monoforme
que os aconsella
na desluada noite informe.

Pousada de inconcreto disfrace de bohemia
Intimidade ispida.
A luz acobardada.
Un cano,
preto,
espalla a sua pademia.
A noite trasnoita mollada.

A leición de mañán:
Química.
Logaritmo.
Opinión encol de un prestixio noxento:

Mecanizar o ritmo
pra...
Orvalla:
Espalla:
No sentimento...

A ollada,
alleeira,
pousándose nas liñas.
Doemos unha coita.
Pensamos mais alá.
Aluciñante
lírica chuvisca:
¿ti adiviñas
o que me di o teu son cando me atopa só?

Unha opinión da Química:
H_2O.

(04-01-1947)

Manuel María

Cantiga do abalamento

¡Qué ledicia leva ó vento!

As folerpas que caían
eran intres de folías.

Na brancura esmorecida
aboiaban teus sentidos.

O mencer que te arrolaba
era a vela dun navío.

I-esa anguria que morría
era a noite estrelecida
meu amigo!

(28-10-1949)

Cantiga da nena virxe

Foi lonxe
i-eu sentía, i-eu sentía.
—ai, señardade despida—.

Na vela dos pensamentos
eu ouvía algún brilar.

E agora...
anduriña oú latexar.

Caminiños sen rodeiras
nin froliñas, nin espiñas...

E despois...,
as volvoretas
que se enchen de camiñar.

Pol-as ondas foise ó vento,
trasnoitado e lamuguento;
foise ó vento...
Foise acabalo dun intre
levándome un pensamento

Foise ó vento,
foise ó vento...

(28-10-1949)

Cantiga da recén casada

A escuma debuxa estrelas
no latexar das promesas.

E moitas veces na noite
as brisas non son roseiras...

...Miña canción de sagredos
que fuxiu ca primaveira...

(15-XI-1949)

Aquela toleeira queda de campás
ia rachando no silenzo

do val,
da montaña,
do lusco
e mais do fusco
o encanto indecíbel da tardiña.

E ó esprito verdegado:
cómo rechouchaba
no colo garimoso
dunha fada.
Os carabeles brancos de vieiros
xa non parrafeaban
co aqueles xuncos
que ian desfollando seus sonos
de pregarias.
I-aquel solpor agonizante
da campá
ía falando quediño a miña i-alma
no "ángelus" da tarde.

(15-11-1949)

Fume

Este fume azul
—ronsel de lonxanías—
voa lixeiriño cara ó ceio.

N'a penumbra: soidás,
e na i-alma pensamentos
e roseiras.

A lus da tarde
morre nunhas breixas.

Fume azul,
e promesas enguerelladas nas silveiras...

(21-11-1949)

Manuel Martínez González [11]

N'hai duda nin disputa:
metémoslles a todol-a viruta.
Tan sólo os dous sabemol-o gallego.
Trayamos ôs demais por forza ô rego.
.....
Ten vosté moita razón:
o tal fato de poetas
non saben "jota" da "jota",
de cómo a "jota" se empreya.

¡Pau n'eles, don Antonciño!
¡démoslles paus pol-a vella!
Eu... si non usei a "jota"
foi por ter trabada a léngoa,
que o demais, ben lle sabía
a tal "gramatiquinencia".
¡Agora che dou na conta
de por qué os nosos poetas
non gañaban unha mota
nin hai ningún na Académea!...
¡Érache o demo da "jota"!
¡mala centella cha fenda!
¡Cánto pai escangallado!
¡Cánto traballo de perda!...
¡Correde, bágoas dos ollos!
¡Vamos morrer como as lesmas!
Vexa si daremos largas
â consabida polémica:
vámolos botar por portas...
¡Véxan ben, seor da Igrexa!
Y-agora aquí, pra entre os dous,
¿vosté sabe a cousa certa?...
Mire que as "equis" y-as "jotas"
dinse da propia maneira
tanto entre Xans e Xeromes
como entre a outra xente lerda.

---

[11] Manuel Martínez González. No es gallego de nacimiento. De Azuqueca de Henares, en la provincia de Guadalajara, vino a Galicia con su padre, que era militar, a la temprana edad de seis años; en la Universidad Compostelana hizo los estudios de Derecho e ingresó luego en el Cuerpo de Notarios, habiendo ejercido en nuestra tierra. Martínez González, formado en Galicia, cuyo espíritu tan perfectamente llegó a asimilarse, goza de hartos títulos para que con orgullo lo conceptuemos gallego. Publicó: "Poemas gallegos", seguidos de un tratado sobre o modo de falar e escribir con propiedade o dialeuto (Pontevedra, 1883) y "A fiada" (Pontevedra, 1884), poesía premiada en los Juegos Florales de dicha ciudad celebrados en agosto del expresado año. Hízose muy popular esta graciosa composición. No es "A fiada" la única poesía laureada de Martínez González: hasta diez primeros premios obtuvo en otras tantas justas literarias. De sus "Poemas gallegos" descuellan: "Os fillastros", "A volta do soldado", "A romería", "Os escravos", "A lúa de Cangas", "Un conto de ratos", "Os que se quedan y-os que se van", "Rarezas", "O acordo y-o trascordo", etc.

O uso da ortografía,
ô que parés, é sin mengua
de que unhas letras se digan
cô tempo de outra maneira:
ninguén di "Joseph", "fazafia",
na castellana conversa,
por moito que antes de agora
empregáranse esas letras.
Xa vín que vostede mete
uns reis vellos na contenda;
pro eu métolle outro mais vello
que non da coas leyes esas.
En tempo do Foro Xuzgo
(Recaredo é cita vella)
nunca se lle usaba a "jota"
sinon como "ll", "i" e "y" greca:
por eso cando nomeaban
ou escebían "abeja",
nomeaban e escrebían
así a tal palabra: "abeia".
(O cual quer decir que si hoxe
a tal turba de poetas
dera en chamarme abellón,
chámame de tres maneiras).
Vexa a Berganza, Feixón.
Galindo, etcétera, etcétera.
Cuveiro, no Diccionario,
di tamén, con moita aquela,
que a "x", "g" e mail-a "j"
van no uso, as tres, a unha mesma.
Si, pois, n'é percisa a "jota"
¿qué lei obriga a impoñela?
E si Marcial Valladares
calou o conto, en concencia,
eso nada quer decire,
y-ainda temo que os poetas
digan que vosté o mercou
pra que calara... ¡Bah! ¡leria!
Dígame si está no xusto,
sinon... voume côs da feira,
que hoxe todo vai a votos,
y-eles pasan de corenta,
e vosté y-eu... somos dous,
e si â loita se aparellan,
verá que nin conseguimos
interveñirllel-as mesas.
Véxao ben, don Antoneño
¡Que Diol-o garde e froreza!

¡Dios lle dé tantos carolos
que lle rache a falthriqueira!

(28-03-1946)

Isidoro Millán González-Pardo

Cantarciño con comento

A rula que viudóu
xuróu de non ser casada
nin pousar en ramo verde
nin beber da i-auga crara...

Rouca, triste, amorosiña
a rula, rula, rulóu;
o pranto fai, confiadiña,
  a rula que viudóu.

Non cobiza outro cariño
nin coida ser cortexada
que, ó morrer o seu ruliño,
  xuróu de non ser casada.

Nin xa a lus lle presta ben
ni-en troulas o tempo perde,
falar non quér a ninguén.
  nin pousar en ramo verde.

E ansi arela morrer
que, chorosiña, teimara
nin os grauciños comer
  nin beber da i-auga crara.

A rula que viudóu
xuróu de non ser casada
nin pousar en ramo verde
nin beber da i-auga crara...

(14-12-1949)

José Moar Vázquez

Ilusións da mocedade...

Pasións da mocedade.
Froliñas enfeitizadas.
¡Qué cedo desparecestes!
¡Qué axiña vos vin murchadas!

¿Cántos ensonos tecidos!
¡Cántas venturas forxadas!,

Pra un pracer ¡cántas delores!,
Pra unha ledicia ¡mil bágoas!,
Pra unha rosiña collida
¡Cántas espiñas na y-alma!...

Ilusións da mocedade,
froliñas enfeitizadas,
¡Pra unha que abrochou na vida
Cántas eivou a xeada!...

(04-04-1946)

Ô mes de mayo

(Á fina sensibilidade de Ramón Regueira, o ben querido compañeiro, en lembranza de aquela idade de estudantes —que non voltar— na que, en meses como iste de mayo, xa lonxanos, revoábamos antre as follas dos libros, entramentres os paxaros y-as volvoretas facíanno antre follas dos carballos do poético paseyo compostelán da «Ferradura»)

Mes de mayo, mes de amores
mes de paxaros e rosas,
das brisas agarimosas,
das volvoretas de côres.

Mes no que baixan lixeiros
das serras, regal-os prados,
((que están agora bordados
de frores), craros regueiros.)

Mes no que fabrican niños,
pra os fillos dos seus amores,
ises garridos cantores
que se chaman paxariños.

Mes da Virxe feiticeiro,
no que fuxen as xiadas,
choivas, neves coriscadas
e loce o sol gasalleiro.

Mes morniño, benfeitor,
o das prefumadas brisas,
das feiticeiras sorrisas,
das doces verbas de amor...

Mes de mayo, mes de amores
mes de paxaros e rosas,
das brisas agarimosas,
das volvoretas de côres.

(01-06-1946)

Manuel Nogueira da Rossetta

As lembranzas

Son mouchos, son morcegos,
son paxaros da noite
que nos enchen de medo.

Son chagas que na i-alma
teremos toda a vida
sin esperar curalas.

E peor qu-a gafeira
que vai roendo a carne,
pouco a pouco, sin presas.

Son noutes sin luar,
amañeceres tristes,
vieiros de soedá.

Son a Morte ¡namáis!...

¿Por qué temos lembranzas?
Pergunta ó corazón, que cho dirá;

—Deus compensa con penas as alegrías;
i-esta lembranza de hoxe ten de ser

o goar de outras horas xa fuxidas
no decurso do SER...

(27-10-1949)

LUAR

Feridos pol-a Lúa
espertaron os pinos;
e van facendo somas
na beira do camiño.

Cantan os "rumorosos
na noite estrelecida,
as canzós d-esperanza
d-unha noiva doída.

Marmuran os regatos,
fiando docemente
nos seus loiros mansíos,
a saudade do abrente.
Y-un reiseñol que prega
un rosario de trinos,
somella, axionllado,
un ecoar diviño...

... ...

Hai luar na miñ-alma
con árbres largacíos;
sin augas sorridentes
nin paxaros amigos.

Hai un luar con sómas
todo triste, doído,
que acougará na Morte
cando seña esquencido...

(14-11-1949)

Antonio Noriega Varela [12]

Toda humilde belleza...

Vago xirón da brétema, atavío
soberbio de hirta xesta, reidora;
fulgurante doiña de rocío,
(pazo do sol e lágrima da aurora);
rayola de luar que bica o río,
flor mareliña que entre espiñas chora
ou das redes da araña un ténue frío...
toda humilde beleza me namora.
E un vermiño de luz o amigo caro
do meu nume saudoso... Antes reparo
na nudez adorable de unha estrela,
que nas rosas dos vales, que sorríen,
que nos mantos dos pinos, que se engríen,
que nas blondas do mar, que se rebela.

(02-05-1946)

Toca a gaita

Soniños que soñé xa hai moitos anos,
entre as frolidas xestas da montaña,
meigas lembranzas, ilusiós queridas,
¡espertade vos pido!: toca a gaita.

Sobre dos irtos montes, nos recunchos
do val, tan majo, e nas riseiras playas,
¡oh, qué ledos airiños ela ceiba!,
¡cómo axota o delor das tristes almas!

Os delores son tolos, e ben tolo
quen iste mundo non-o toma a chanza:
frolea, que aturuxo, miña amiga,
gaita gallega, colorada gaita.

(10-08-1946)

---

[12] El gran Teixeira de Pascoaes, egregia figura de la poesía portuguesa contemporánea, al dedicar uno de sus libros *Cantos indecisos* (Porto, 1921), a nuestro Noriega, escribía así:

"A Antonio Noriega Varela, un dos maiores poetas líricos da actualidade, oferece o seu fraternal camarada e fervoroso admirador *Cantos indecisos*. Teixeira de Pascoaes."

Harto corrobora el juicio del gran lírico de la nación hermana el exquisito soneto que antecede, donde el escritor gallego acierta acaso a dar la nota más típica de su poesía.

Embreñarme precuro...

Embreñarme precuro, e feliz fora,
si xa de meu tivera unha casiña
na frogosa montaña, que alí mora
divorciada do mundo a y-alma miña:
o sosego das chairas me namora,
y-a Dios lle pido que me poña axiña
donde hastra a virazón non quer testigos
pra rebuldar coas follas dos caxigos.

(10-09-1946)

En vela

Aquela fonte, aquel Cristo
y-aquel mouro piñeiral,
en vela, xunto ô mosteiro,
que se esborrallou, están.

A fonte reza baixiño,
no Santo Cristo luz hai,
y-a zunida dos piñeiros
lembra os queixumes do mar.

(21-09-1946)

Diante dos que atruxan forte...

Diante dos que atruxan forte
me pranto y-en verso escribo,
pra manifestar que vivo
contento coa miña sorte

Vou velliño, son pastor,
non me separo da serra,
e, si é verdá que hai máis terra,
dudo que seña mellor.

Todo o que teño de meu
é non cobizal-o alleio;
abóndame Dios do ceyo
que n'unhas pallas nacéu.

Gardo a avenza do seu dono
mais eu son quen leva o ramo;
¡canté, si puidera o amo
prender coma a mín no sono!

N'unha chavola baixiña
nacín, tras de aquela pena;
n'hai grileira tan pequena,
pero ¡qué diabro! é miña.

Xa foi dos meus bisabós;
¡mui natural que alí viva!;
e con todo que é cativa,
inda ten seu ben de Dios.

Si queredes visitala,
abofellas me acomoda;
¡n'hedes ver cousa que â moda-
deba un carto de alcabala!;

Escano pra me sentar,
pubela pra dormir,
un candil pra me alumar,
e non hai máis que pedir.

Quero o que moito convén
pra a salvación, y-eme igual
que as cosechas pinten mal
ou que os froitos rendan ben.

Toco esta frauta de buxo
y a paz dos ermos alabo,
porqué cando a folga acabo
naide ceiba un aturuxo.

O vel-a neve na cume
da Frouseira, xunto leña,
e veña o inverno que veña,
descuido acarón do lume.

¿E de vrau? ¡Quixera o rei
de España, pra o seu regalo,
auga das fontes que calo,
sombra das pravias que eu séi!

(07-12-1946)

COUSA BONITA

I

Fálame, cousa bonita,
¡das rayoliñas da lúa
que entran, a furto, na ermita!
E non me lembres a torre
donde te tuvo enmeigada
industria de amor que morre...
¡De outros máis altos destiños
che fala, a paz de estes ermos
y-o psalmear de estes pinos!
Quen te veu, musa, algún día
fastuosiña no adro,
desguedellada na fía,
humilde agora te vexa
bical-a cruz do resario
y-o pavimento da igrexa.

II

Pol-os cravos, que eu venero,
del Señor,
¡fálame do que ben quero
ô pé de esta xesta en flor!
De un Santo Cristo isolado,
feridiño,
que esmorece, ¡malpocado!,
da serra no curutiño.
De aquela Virxe Chorosa,
tan sonada,
que leva, por culpa nosa
no corazón unha espada.
De unha mai que non me olvida,
si, cal creyo,
hai lembranzas de esta vida
tral-as estrelas do ceyo.
Do que é pequerrechichiño,
¡nin alma que de él se doya,
De unha Rosa... ¡pura almiña
da montaña!
que se foi da sua casiña
e murchóuse en terra extraña.

... ...

Pol-os cravos, que eu venero,
del Señor,

faláme do que ben quero
ô pé de esta xesta en flor.

(29-03-1947)

Álvaro Paradela Criado

Cantiga

"Sen fito —estrela nin porto—
ser eu a propia ribeira."

(Bouza Brey: *Nao senlleira)*

Ai nena se tí foras,
foras miña ribeira,

Cómo agarimaría
a lus das tuas herbas.

Ai, c'as ondas do mar
a ningures me levan...,

E eu pousar deseio
meu corazón en terra.

Cómo agarimaría
a lus das tuas herbas,

Ou, nena, se tí foras,
foras miña ribeira.

(05-04-1947)

José Pérez Ballesteros [13]

O PORDIOSEIRO

Xan, o de Perdecanai,
que cento e dous anos tiña,
dicía con triste ¡ai!:
—Dádeme unha limosniña,
que non teño pai nin nai!

(21-03-1946)

CONTO

Medio parolando en grego
din que Xan de Barallobre
tomou mui a peito o emprego
de dar leuciós de "gallego"
aló na escola de Illobre.
Fala e fala e non se atota
guerra pondo â Artografía;
por eso onte pertendía
que a "jota" se diga "xota",
por terlle âs "jotas" manía.
Foilles o seu son trocando

---

[13] José Pérez Ballesteros. Nació en Santiago de Compostela el 30 de julio de 1833. Obtuvo los títulos de licenciado en Filosofía y Letras y doctor en Derecho civil y canónico. A los veinte años ingresó en la enseñanza y desempeñó en su ciudad natal las cátedras de Literatura latina, Economía Política y estadística, Derecho Canónico, disciplina Eclesiástica, Ampliación del Derecho civil y Penal, Códigos españoles y Fueros provinciales. Obtuvo por oposición la cátedra de Psicología, Lógica y Ética en el Instituto de la Coruña de cuya dirección estuvo al frente desde 1878 hasta su jubilación. Fomentó múltiples obras docentes y culturales, granjeándose la estimación general.

La literatura popular gallega constituía una de sus más arraigadas aficiones, y así perteneció a la asociación "Folklore gallego" creada en La Coruña por doña Emilia Pardo Bazán, y como coleccionista en tal aspecto, ganó medalla de bronce en la Exposición permanente de Nápoles y a la vez medalla de honor de la sociedad Propaganda de Scienza Popolare. Fué académico fundador de la Real Academia Gallega.

Publicó: Versos en dialecto gallego y correspondencia castellanas de sus principales voces (Madrid, 1878); con prólogo de Juan A. Saco y Arce: Cancionero popular gallego (Madrid, 1885-1886), tres volúmenes de cantares populares especialmente de la provincia de La Coruña, con prólogo de Teófilo Braga, y Foguetes (Coruña, año de 1888).

Dejó inéditos un "Refranero gallego y diccionario analítico" — hoy en poder de la Real Academia Gallega— que comprende más de tres mil referencias, premiado en el certamen organizado por la "Reunión de Artesanos" de La Coruña en 1884 y que presidieron los reyes don Alfonso XII y doña María Cristina.

En castellano escribió: Juicio crítico acerca del Concilio de Trento y estado de la disciplina eclesiástica antes y después de su celebración (Madrid, 1859), discurso en la Universidad Central al recibir la investidura de doctor en Derecho y Apuntes cervantinos (Coruña, 1905), trabajo leído por el autor en las sesiones celebradas con motivo del tercer centenario del "Quijote" en el Instituto General y Técnico y Escuela Normal Superior de Maestras de La Coruña.

También dió a la imprenta una serie de hojas en prosa y verso, divulgando las reglas de la ortografía castellana y una traducción hecha directamente del hebreo, del salmo "Miserere mei, Deus".

Añadiremos aún que ilustró con varios capítulos la Biblioteca de las tradiciones populares, que en Madrid sacó a luz Antonio Machado Álvarez, y que colaboró en la edición "políglota" de Lo Gayter de Llobregat, hecha en Barcelona.

pol-o das "equis" a reo;
ôs nenos vaillo insinando,
e a todo Dios espricando
que aquel rabuña de feo...
Meu curmán, que n'esto está
¡caresto! de sobra imposto,
dixo ô sabelo: —¡Caatá!
Vaya un conto; traime mosto
e achega o teu tallo acâ.
Non me descoidei; e vinde
coa pinga que xenio da,
dínlla ô curmán, que, sorrindo
limpou a gorxa escopindo,
bebeu y-escramou: —¡Ahajá!
Logo contou que o mais diestro
—¡lembralo mesmo fai rir!
dos nenos de tal mayestro,
en menos de un Padrenuestro,
decideu â vila ir.
de outros â par, mui cediño,
e a escondidas de seu pai,
por ver de vender un niño
de melros (¡que é un demoniño
que nin fai bó de el sua nai!).
E, como estaban de chola,
—non sei que rapaz nô está—
todo Dios maxinará
deberon latar da escola
cô mentres de ir â cibdá.
Non tomaron ni-un taquiño;
tal ferven por se largar;
mais ô mediar do camiño,
—según usmou un veciño
chegáronse a avergonzar.
Cô niño â escola volveron,
onde houbo seu rimusmús
antre os demais, que entenderon
por qué aquéles se puxeron
n'un sitio de escontra a lus.
Pro estame atento, Minguiños,
que o conto non morre aquí;
porque algús, xa espigadiños,
ollándose, os seus fuciños
opremían, ri que ri.

A cantos hai, risa da,
y-o mesmo déracha a tí,
o ruxe ruxe y-o "ji" "ji"

reloitando cô "ja" "ja";
tanto que o maestro di,
en forza de irse atufando,
c'un ben forte berro dando,
que poidera oirse aquí:
—¡Eh! ¡jinojo! ¡abonda de,
demoros! ¡se vou ahí!
¡enchénose de "ji" "ji"
pra fartarme cô "ja" "ja",
Y, sejún tenjo pra mí.
¡babiós! ostés non notano
"¡que se rín en castillano
dende que se rin así!"

(28-03-1946)

A PEDRA FILOSOFAL

Moi práctico en certos toques
repenica Antón de Oural
no tambor côs palitroques,
e di "que atopou —formal—
para os que sodes "bodoques"
a "pedra filosofal".
—¿Dixo tal? (¡no-nos amoques!)
E ¿cál é esa pedra, cál?
—E... a do "Santo dos croques"
que el probou na Catedral.

(28-03-1946)

MISERERE MEI, DEUS

(Traducción direuta do hebreo)

¡Ai, dóyete de min, meu Dios bondoso,
que opreso de africión o peito brúa!
¡O ver imenso, o teu amor, saudoso
folgo me da a misericordia túa!

De esas grandes, moitísimas bondades
moi probe idea eu tiña,
e agora penso ¡ai, Dios! que me borrades,
a elas mirando, a iniquidade miña.

Ve que choroso pido, e que non minto,
que o que hai de culpa en min quede lavado:
¡por esta angustea, que confeso e sinto,
mancha non quede, non, do meu pecado!

A propia iniquidade reconozo,
que, negra como é, sempre a estou vendo...
¿Cómo tornar ô meu pasado gozo?
¡Mistéreo de Dios é! ¡Non-o comprendo!

Ben-o sabes, pequei contra Ti solo,
e todo o mal na tua presencia fixen:
¡fora deseo, o xusgarte, tolo!...
¡ver xustos os teus fallos sempre quixen!

Nas sañas fun da iniquidá enxendrado:
a madre miña en culpa concibeume;
amaches verdá en min, e hasme inseñado
a esperar o saber, tan deseado,
anque oculto, na lus que Ti veume.

Rocíame cô hesopo e de contado
branca cal neve tornaráse a y-alma
ô seu perdido estado;
traime, gran Dios, consolo ô meu oido;
vólveme a leda calma;
¡Ti que ô corpo, por demais perdido,
con tentos de unha fala, que darasce,
os dexuntados osos ergueraslle!

Dos crimes meus aparta túa cara;
borra da culpa miña todo efeuto;
na entraña un novo corazón perpara
con espíritu reuto.

Non me desbotes, non, da tua presencia;
do Espíritu mais santo non me prives;
leda salú volvédeme â concencia
facendo firme mire a dónde vives.

O impío teus camiños mostrareille,
e a Ti convertiráse.
E cando libertado me atopase
dos recordados crimes, eu direille,
libre de negra mingua,
a Dios que tal favor non me negase:

Siñor, a miña lingua
cantando tua xusticia elevaráse.

Ouh Dios, si abrides meu pechado labio,
pubricará alabanzas miña boca;
con que ofrecerche sacrificios toca,
facelos fora, ô teu mandato, agravio:
¡que holocausto revoca
y-en eso encobre pensamento sabio!
Si ques millor que sacrificio humano
espíritu afrixido,
non mo desbotarás, Dios soberano,
ora que o ves contrito e confundido.

De boa voluntá benino dalle
todo o ben a Sión, Dios, bondadoso;
fai que Xerusalén ô pé do valle
trunfante os muros erga vitorioso.

Entonces de "xusticia" o "sacrificio"
e "oblación" e "holocausto"
acollerás propicio.
e o becerro no altar en caso fausto
señal dará: ¡que non treunfa o vicio!

(18-04-1946)

Dempois que se atopa solo
un ladrón moi alepín
cô vendedor Xan Rebolo
—a quen eu mercarlle vin
barras, galos, vinaxeiras,
albas e panos de altar—
o convence en boas maneiras
de unha casulla probar.
N'esto, larga cô diñeiro
que lle limpa do caixón,
da un brinco tras do ladrón,
y-en casulla inda, o tendeiro
da un brinco tras do ladrón,
a tempo que este gran polo
dice a berros que eu oín:
—¡Detédemo, que está tolo
ese que ven tras de mín!

(29-04-1946)

O APARELLO FROXO

Camiña un burro pequeno,
cóbrelle o aparello as ancas,
vese n'el montado un neno,
y-ô lado, en faco rabeno,
o abó de guedellas brancas.
Cô traqueteo afroxando,
córrese a albarda, e ¡abofellas!
berra o neno ô ir adiantando;
—Vaiseme o burro acabando;
non quedan máis que as orellas.

(10-02-1947)

¡VOLVE POR OUTRA!

Indo un chalán por Lestrove
n'un cabalo moi ben grande,
dille o bulrón de Xacobe:
—¿E a espoela dreita, Senande?-
Este, contesta dispondo,
dalle â esquerda, e dice: —¿Mande?...
Para mín elle de abondo
con que de este lado ande!

(10-02-1947)

Xoán Perez Creus

O CACHEMARE

Meu nome no teu recordo
dí, con qué fío o bordache?
Qu-agulla d-esquecimento
entre os teus dedos levache?
Qu-alferga de dura prata
gardóu de mín o teu sangue?
Amor que non doe un pouco,
pouco vale

Meu nome vai pol-o mar
en busca de soedades.

Cachemare do meu nome
a petadura d-ondaxe!
Ai, cachemare senlleiro,
sin norte n-as tempestades.
Sin padroeiro e sin veas,
cachemare,
que busca o porto da morte
pol-os mares!

Xa non me chamedes Xan!
pouco vale
iste nome si os seus beizos
xa non o dicen xamáis!
Xa non me chamedes Xan!
chamáime
isto qu-eu son pol-a vida:
cachemare.

(07-10-1949)

Pregoeiro

Pregoeiro, pregoeiro,
queres pregoar meu nome?
Da iste pregón pol-os ventos:
"Quen teña visto ista noite
un corazón aqueixado
cheo de bagullas doces,
qu-o leve o Señor Sant-Yago,
qu-é o corazón d-un home
pelegrino d-un amor
esquecido pol-os montes.
Levóuno unha rapaciña...,
perdíuno non séi por ónde..."

Pregoeiro, pregoeiro,
queres pregoar meu nome?

(07-10-1949)

O Sono

Ai, lembranza da tua voz,
ai, craro son no meu peito!
Como n-unha cova fonda

eu gardo do vello tempo
isas quentes verbas ditas
mais cos ollos que cos beizos!

Ai, lembranza das tuas mans,
ai, tenra luz dos teus dedos!
Levo aberta miña man
pois quero ensinar a Deus
a lume quente e purísima
do teu saudo primeiro!

Ai, lembranza da tua frente,
ai, envexa dos espellos!
monte de neve onde nascen
os ríos dos teus cabelos!
Ai, como quisera ter
a luz dos teus pensamentos!
Ai, como quixera ter
a voz e bicar os dedos,
ter meus ollos na tua frente,
meus dedos nos teus cabelos!
Mais nada terei, amigos,
que triste é soñar desperto!

(17-11-1949)

Juan Manuel Pintos

O GAITEIRO

Ohíi, íi, íi, íi,
Óo, óo, óo, óo.

Tou porroutou porroutou porroutiña,
tou porroutou porroutou porroutóo.
Vou a tocar coa miña gaitiña,
vou a tocar un fandango mui bó,
vou a tocar a muiñeira das festas,
vou a facer a foliada de Dios.

Ohíi, íi, íi, íi,
óo, óo, óo, óo.

Tou porroutou porroutou porroutiña,
tou porroutou porroutou porroutóo.

Velo ahí tedes tocando o gaiteiro,
velo ahí tedes ô tamborileiro,
velo ahí tedes pesares quitando,
velo ahí tedes a xente alegrando.

Víndeo ver cómo as froyas enchendo
enche a gaitiña de vento tamén;
víndeo ver cómo bule côs dedos;
víndeo ver que os toca mui ben.

Víndelle ver a monteira bonita;
prumas de galo no curuto van;
víndelle ver o farrapo do ronco
feito unha resta de fíos de lan.

Víndelle ver a chaqueta que é nova;
víndelle ver o dourado botón;
víndelle ver o chaleque encarnado,
negra polaina e riscado calzón.

Víndelle ver a camisa lavada;
fitas do colo bordadas que están;
víndeo ver que é bô mozo por certo,
víndeo ver que é mui guapo galán.

Diz que aprendeu unha música nova,
diz que é un cielo o oilo tocar,
dalle mil voltas o nô do fandango
e coa muiñeira fará tolear.

Diz que fai falla dende hoxe estes bailes
mui compasados sin trampa bailar,
porque o gaiteiro as pesca no aire
rata ningunha vos deixa pasar.

Xa ven a xente pol-a corredoira
aturuxando côchascarraschás,
ven o pandeiro, ferruchas e cunchas
repinicando coas duas mas.

Ai, Maruxiña do dengue de grana,
acaba logo si a queres botar,
porque eses ollos me están chamuscando;
bule entramentres que temos vagar.

Quita con modo o oxal do xustillo
déixalle froxos os nôs do cordón,
que teño medo que estoupe no peito
coas alegrías o teu corazón.

Ha de botar hoxe o demo do corpo
a que o teña, con este tocar,
que a Pilingrina e mais San Benitiño
o San Pedro Mártir virán a inflar.

Penso que veñen co-eles en ringla
todol-os santos que teñen altar;
vivos e mortos reloucan de oílo,
porque do trinque vos e este cantar.

Ai, Maruxiña, poráste direita;
ten ben o fuso que vas a fiar,
que hoxe non queda nin-un pelo na roca
todo-los puntos che vai a botar.
Cóchegas vivas no cerro do lombo
sinto, ¡carrizo!, me nacen aquí;
non che é milagre que veñan as xentes
todas correndo a mirar para ti.
Nenos e nenas, mulleres e homes,
cregos, soldados, os que empregos dan,
ricos e probes, pequenos e grandes,
ábrelle os ollos que cegos están.
Ergue o teu ollo, Maruxiña, resgo,
ergue o teu ollo, non mires ó chan;
quero que vexas toda a foliada,
pra falar de ela de cote mañán.
Cata que fales con tento nos ditos,
vaite correndo co tempo tamén,
porque non teña ninguén que dicirche:
tan sólo quero che queiran mui ben.
Ten a lengüiña calada na boca
si ves que che atallan o folgo a falar
mais en destonces farasme unha seña
das que ti sabes, para as novas dar.
Muito me folgo de ver cómo fende
gaita galega n'este noso chan:
mais me refolgo de ver teu alento
feito marea no teu peito san.
Ai, Maruxiña, por Dios non me fisques
pol-o rabiño do teu ollo negro.
Ai, Maruxiña, se me barre a vista
ai, Maruxiña, que seica toleo.
Vámonos indo para a nosa casa,
vámonos indo, que é noite, rapasa;
vámonos indo, que cae o relente,
vámonos indo, que xa vai a xente.
Vámonos indo que a gaita, miniña,
para por hôxe, non funga o roncón.
Tou porrotou porroutou, porroutiña,
tou porrotou porroutou porroutóo.

(11-04-1946)

Emilio Pita Romero [14]

Cantiga da rapariga que levou o río

Unha lene rapariga
vai pol-o río, si si
vai pol-o río.

Leva a cariña pingada
os pés ispidos, si si
os pés ispidos.

¿Onde vai a rapariga
alba e lousana, si si
alba e lousana?

No río bule bulindo
segrel de prata, si si
segrel de prata.

Doces pillaras do vento
cantan lelías, si si
cantan lelías.

Que choutan pol-os sendeiros
das amoriñas, si si
das amoriñas.

Una lene rapariga
levoul-a o río, si si
levoul-a o río.

A cariña repingada
os pés ispidos, si si
os pés ispidos.

(29-09-1949)

---

[14] Presentación: A este poeta de suavidades, debruzado y ausente en su propia nostalgia de casta y predio, no lo conoce nadie... Nadie, es decir, ni nosotros mismos. Sabemos que reside en Montevideo y edita hermosos libros en la ciudad de Rosario, que él remata así, como si los tórculos australes estuviesen regidos por las auras de Alfonso el Sabio: "Ista primeira edición de *Cantigas de nenos* saíu do prelo no día de San Xosé... Imprimiu a Tipografía Llordén de cibdade de Rosario, Repúbrica Arxentina.

Emilio Pita escribió algo más que las *Cantigas de nenos*. Tres leyendas gallegas ("A morte do druida", "O ronsel azul", "A poncela da cabaleira loira" y la obra *Jacobusland* —con ilustraciones de Castelao— salieron de su pluma desde la emigración. Pero, poeta sobre todo —"los poetas son hombres que conservan los ojos de niño", dijo Alphonse Daudet, allí donde consigue acendrados primores es en las *Cantigas de Nenos*, ¡libro maravilloso!...

Una ficha literaria completa de Emilio Pita la publicó Salvador Lorenzana a través de uno de sus "Temas gallegos"

(VILLARROEL)

Cantiga da anduriña

Pol-a veiga verdosiña,
veu da mar e foi á mar,
a buligueira anduriña.

No piqueiro un abellón
foi amodiña leixando
sin follas a rosa frol.

Sin follas a rosa frol,
sin arume ós amerodos,
ó piñeiral sin verdor.

Pol-a veiga verdosiña,
foi á mar e veu da mar
a buligueira anduriña.

E veu pol-a mar senlleira
veu pol-a senlleira mar,
para que agrome a roseira.

(29-09-1949)

Manuel Posse Rodríguez

¡Chove!

"Cómo chove miudiño,
cómo miudiño chove,
cómo chove miudiño
pol-a banda de Laíño,
pol-a banda de Lestrove"

(Rosalía)

I

¡Cómo baixa do ceo hastra os montes
a brétema parda!
¡Cál se extende, crubíndoos a eito
como branca saba...!
Parés mesmo que os ceos y terra
de amores lle falan;
que en apertar e bicos sin nome

hastra ela se abaixan
pra pieitar os seus lasos cabelos
con peite de prata;
doce peite que baixa do ceo
en pingotas de auga
que agariman, que cantan, que rolan,
que o seo lle abrandan
como mel das estrelas caído
na noite nevada,
coma múseca dôce dos anxos
que escorrenta as negruras da y-alma

II

Son as choivas da nosa terriña
anacos de unha alma
que xemendo decote de amores
paresce que cantan
cô cantar queixumoso dos pinos
coa branda tonada
que ô caír pol-as tellas se escoita,
cô cantar das augas
que nas fontes rebuldan a eito
antre escuma branca.
Eu non sei qué misteiro se encerra
n'esa tenra cántega
que nos soutos se escoita zoando
que a terra agoirada
no seu peito recolle tremendo;
nin sei o que pasa
que, cando outros salayan de pena,
os galegos non choran, que cantan...

III

Esas bágoas do ceyo, caídas,
de afeutos pregaria,
coma as bágoas de cándela nena
que de amores falan,
esas bágoas, cal ístas son doces,
son tenras; caladas:
son o sino das penas de ceyo,
son vos da sua y-alma;
de estreitala a miudo nos brazos
da sua ardente raya,
sin rosas nin prantas;
a terriña está murcha, sin choiros,
e dorido de vela sin folgo
reseca e queimada,
baixa hastra ela, cal brancas guedellas,

os fíos das suas bágoas,
pra botar do seu peito o desgano
con biquiños de amor e bonanza.

IV

Esa múseca doce dos bicos
que choran e cantan,
que a feitizos e leros resoa;
manseliña e branda...
vai calmando os degoxos da vida
y-endozando as mágoas;
e, cal tras das legrías as penas
en lene xuntanza
fai pasar as ruinas y-as grorias
de vello enloitadas,
que anque deixan ô paso acedumes
que entibian as almas,
tamén ditan da vida os carreiros
que abriron as fadas,
pra endreitar a corrente de amores,
pra calmal-as ansias
de este pobo que, cheo de morriña
cando chove ¡non chora, que canta!
... ...

V

¡Cómo baixa do ceo hastra os montes
a brétema parda!
¡Câl se extende crubindoos a eito
como branca sába...!
Parés mesmo que os ceos â terra,
de amores lle falan;
que en apertas e bicos sin nome
hastra ela se abaixan,
pra pieitar os seus lasos cabelos
con pieite de prata;
dôce pieite que baixa do ceo
en pingotas de auga
que agariman, que cantan, que rolan,
que o seo lle abrandan
coma mel das estrelas caído
na noite nevada,
coma múseca dôce dos anxos
que escorrenta as negruras da y-alma.

(De un libro próximo a aparecer).

(25-05-1946)

O SEU ECO...

O seu eco tremante
aleixoa no esprito.
Nas escuras noitebras
dos invernos promizos,
cando ateiga nos corpos
co seu forte arrepío,
o brúo da costeira
e o frío do corisco;
en compaña dos tronos
e de apagos vistido,
do alén chega, pavoante,
o seu torgo sombrizo...
Devalándose a eito
por soutos e baldíos,
abaixándose ôs quenllos
e ôs cómaros rubindo,
vai rodeando a chousa
onde penando vivo,
pra cravarse na y-alma
coma un coitelo de acerado fío.

En van é que me acolla
baixo das tellas do desfeito niño...
¿Cándo deixarás, ou crú recordo,
de agoirar coa tua vos o meu des-
tino...?

(08-06-1946)

¡POBRE MENIÑO...!

¡Probe meniño encorvado!
¿Qué triste sorte te ata
sobre ese duro penedo...?
Non sei como amostras tanta
pacencia con esa espiña
que o teu lindo pe traspasa.
Non ten prolongado escorxo,
mais que un delor, é unha ansia
o que encaudilla teus ollos
é fai rebrillar tua cara...
¿Non podes...?, ¿cicais non sabes...?
¿quén te puxo desa traza?...
¿foi vinga cruel dunha meiga

ou capricho dunha fada?;
¿eres símbolo, que verte
quer de cotío tua y-alma?
Rompe, neno, o cerco bruxo
que atado te ten, e salta...
¿Por qué han de ser sempre espiñas
e n-han de ser rosas brancas
as que a tua vida alegren
coa sua côr e ulidanza?
¿Por qué n-ha de ser tua vida,
do mundo na vreda árida,
fonte que canta serea
co glu-glú das suas augas,
que âs veigas leva frescura
y-as suas froles embalsama?...
Goza da vida, que é tua,
das ilusións y-esperanzas;
e do teu corazonciño
fai berce de prumas brancas,
donde soñen os amores
que cantar fagan tua y-alma,

... ...

Mais, ¡qué digo!: ¿ti non me oyes?
¿que has de oir, si ês pedra branca... ?

(22-06-1946)

Xabier Prado Lameiro

Remordemento

—Bos días, Pisca: ¿seica ves da vila?
—De alá veño, Marica, e veño cansa,
pois son cuase duas légoas ida e volta
e pica moito o sol e fun cargada.
—¿E logo qué levache?
—A banastilla
c'unha miga de rianxo, que na praza
véndese, miña filla, como queres:
eu, afellas, che veño ademirada.
Levei, catro repolos, dez leitugas,

un mangado de berzas, seis molladas
de ceboliñas novas, unha presa
de guisantes e tres cuncas de fabas,
unha ristra pequena de allos vellos,
un pouquiño prixel y unhas patacas,
que leve o demo se elas chegarían
pra nos dar entre as duas unha farta;
pois, ¿a qué non acertas canto fixen
da venda de toda esa chafallada?
¡Vinte pesos!
—¡Ti estás tola por forza!
—Que así me salve Diol-a miña alma
si tiro nin cadela do que dixen.
—¡Asús, asús, ónde chegamos, chacha!
Eu non sei cómo poden os da vila,
gobernar de ise xeito as suas casas.
—Non sei. Ou moito teñen, ou por forza
o millor día ten que habel-a rabia,
porque o mal sigue rube que te rube
y-a bulsa, en troques, baixa que te baixa.
O día en que non quede unha cadela
e se sinta no pobo a fame ladra...
—Bueno; nós pol-o pronto imos vivindo;
deixa rodal-o mundo, ¡qué caraina!
desde mañán espétome na vila
e vou vender hastra, si podo, as chancas;
hai que se aproveitar namentras duran
pra nós tan convenentes cercunstánceas.
—Mira, non-o creras, ô mesmo tempo
aquela probe xente deume lástema.
Coido que cando lle pidía os cartos
eu debía de estar como unha grana.
—Tataraná, Pisquiña: tes ben moles,
pol-o que che vou vendo, as tuas entranas.
Se algúns cartos non ten, que cambie un peso
¡Ora o demo, que tenra che é a rapaza!
Déixaos que súen mentras teñan moito
e gobérnate tí, non sexas parva.
—Pois tes razón. Marica: pro ¿qué queres?
parece que a concencia me berraba;
—Escoita: sí a concencia te magóa,
sen devolvel-a demasía, basta.
—Pro, ¿agora cómo fago si as persoas
que me mercaron non coñezo...? Para.
Xa sei; mañán na misa botareille
un can no peto das benditas ánemas.

—¡Un can! Non fagas tal, que te arruinas
¡Porra pra a tua concencia; logo cala! [15]

(29-06-1946)

Antonio Prados Ledesma

Pasei pol-o val do Miño.
Ten unha cama de outeiros
veiras adiante do río.
Asuso do río, pontes.
En cada carrapuchiño,
a risa branca de un pobo
antre os piñales y-os millos.
Y-un fío de estradas louras,
allur dos montes, perdido.

(21-I-1948)

J. A. Prego Carregal

Luar en Compostela

Náparos brancos e loiros arcánxeles
dormen en Compostela.
Voces tumultuosas —armonía de silenzos—
encol da torre Berenguela.
Cabalos múos a xemer toda unha noite
a carón das estrelas.
(Doce ledicia de mel
muxen os beizos da noite,
—teñen marmurios dos pinos,
teñen a côr do ronsel,
teñen vos de peleriños;
Cantiga na boca
liño no sayal
no sayal rosareo
i-oraciós no âr—)
No turreiro da "Quintana dos Mortos"
baila a lúa a muñeira

[15] Correxímo-los tres versos finais do poema, que no texto publicado en *La Noche* resultan inintelixibles.

I-os currunchos cobizan todal-as somas
que fuxen d'ela.

(21-02-1946)

Faustino Rey Romero

Cantiga da lavandeira

Miña lavandeira nova,
qu'a mañán de San Xoán,
n'auga d'herbiñas cheirosas,
lával'a cara i-as mans,
¿sabes ti, lavandeiriña,
das herbas de namorar?
Percorrín hortos e montes:
farteime de preguntar;
non as topei en ningures,
tí, ¿sabes onde as habrá?
—Nunca as mirei. —Entón, nena,
nunca namoros terás.
—Teño namoros d'abondo.
Nunca os tivera, ¡ogallá!,
qu'igual que se lava a roupa,
c'así poidera lavar
o corazón, deixaríao
limpo d'amores, tal cual
queda limpa e rolocente
a roupa do meu tendal,
qu'estes amores qu-eu teño
fanme moitiño penar.

(07-12-1949)

Vicente Risco

U... Ju... Juu...

Terra
Duas áas diagonaladas de azur baten no mar
Sóbor do Atlántico a diástole imensa da raza

Vapor en todol-os motores do mundo
Añudadol-os nosos nervos a todol-os fíos eléctricos
Terra.
A Cruña fita as brétemas de Irlanda
Vigo os raña-ceos de Nova-York
GALICIA FOR EVER
CRUÑA
Puntos de tensión máxima da vida
VIGO
Terra
Nudo de todol-os fíos
enfiando todal-as vilas do mundo
Todal-as sirenas a un tempo a sonar
Tres pintados de sol furando a terra
no cabo de todol-os paralelos
Terra
As flechas das arelas solagadas da Atlántida
nas nosas espadañas
onde repican ô bautizo dos séculos novos
Antenas para radiografial-os nosos himnos ás estrelas
Terra
Folgos de millós de peitos
Mañán
Brinco de todal-as vontades
Estralar de todol-os miolos
Terra
N.S.E.W.
Terra
Chuvia de estrelas
Alborada
Lóstrego
Rayos X
Profecía
Terra
O ceo rachou de arriba abaixo
Terra
HIP HIP HIP
HURRA

(1920)

(07-03-1946)

Eladio Rodríguez González

As almas mudas

Cruceiros homildiños,
cruceiros aldeanos,
que o mesmo que almas mudas do paisaxe
recolledes en vos a paz dos agros...
Vellos cruceiros tristes,
solitarios,
erguidos a carón dos comareiros
y-â veira das igrexas e dos agros,
onde as desaparecidas
xeneracións rezaron,
y-onde a voz das edades inda sona
como una ledanía ou coma un salmo...
Meus cruceiros homildes
que estendédel-os brazos
c'unha eterna cobiza de agarimo
pra axuntar o presente cô pasado...
¡Sodel-as almas mudas e perennes
da caladiña soledá dos agros!...

Sempre ô redor das vosas escaleiras
a vella tradición anda rondando,
cuberta cô mantelo
no misterio dos anos
y-envolveita entre as sombras bretemosas
das alonxadas noites do pasado...
Recordos de outros tempos que fuxiron,
védesvos rodeados
de contos agoreiros
de meigas e de trasnos,
de aparicións medosas da Estantiga,
que sempre foi viaxeira dos atallos,
nas noitébregas horas
dos seus pasos...
Tendes con vosco a maxestá solemne
que da grandeza e da esprendor ós campos
E erguidos, e dereitos,
e calados,
sodes como almas mudas feitas pedra,
na trunfadora soledá dos agros.

O sol das mañanciñas
que enche de coor os campos
e cobre de verdores os paisaxes,

rebule nas pingotas dos orballos
e vai pousarse morno, amorosiño,
como en algo sagrado,
nos homildes cruceiros
aldeanos,
pra envolvelos na lus aloumiñeira
das meigas alboradas ó bicalos.
E nos anoiteceres,
sempre tristes e mansos,
cando o fume cheiroso das lareiras
sobe dende as cociñas ôs tellados;
cando os labregos volven
dos seus duros traballos
e tornan pra os cortellos das aldeas
os mansos e pacífecos rebaños,
entonces os cruceiros
solitarios
somellan almas mudas que contempran
a sosegada soledá dos agros...

Y-ô pe de eses cruceiros dorme a historia
do porvir, do presente e do pasado,
pra un pequeniño mundo
de arrangallos,
que nunca víu máis terras que a súa terra,
nin conoceu máis campos que os seus campos,
nin recorreu máis pobos
que aquel en que foi nado,
e soyo â veira de esas almas mudas
soupo poñel-o pensamento no alto...
¡Meus homildes cruceiros
aldeanos!
Centinelas das longas corredoiras...
guardiás dos silenciosos camposantos!...
Todo onda vos é triste
y-é solemne e calado.
Símbolos dos misterios de alá enriba...
testigos das miserias de acá embaixo...
Sódel-a voz eterna
dos tempos que pasaron...
Sódel-as almas mudas e trunfantes
da agarimosa soledá dos agros!...

(01-06-1946)

Roxelio Adolfo

Mais alá

Tanxil... Quenxo... Setefogas...
campanario de Rianxo...
ides quedando na popa
do meu pailebote branco.

Un vento de raquitismo
vai levándome pra lonxe,
pouco a pouco, no mutismo
dos días e mais das noites.

Sin hourizontes navego,
con descoñecido rumbo,
c-o timón nas malas do vento
leva o barco dando tumbos.

Cando fine a travesía,
ou sucumba n'un naufraxio;
cando afogue a miña vida
n'ese mar da morte extrano.

anhelo con toda a i-alma
que me enterren en Rianxo
quero escoitar como cantan
o mar e o vento ao meu lado.

nas noites de branca lúa
nos nidios berces do día
cando os paxaros as suas
doces cancións asubían;

quero escoitar o concerto
da ría, nos vendavales,
co ronco gaitar do vento
e o tamboril da oleaxe,

alí n'aquel Campo Santo
que domina toda a ría.

... ...

O meu pailebote branco
na postreira travesía.

(11-I-1947)

A. E. L. de S.

Unha fror soia entre mil
(margarida desfollada
n'un deleite de «non... si...»
n'as soledades da i-alma)
maxinei. ¡Doce soñar!...
Mais os sonos sonos son
e-a o doroso espertar
topeime soio e sin fror.

(11-01-1947)

Lembranza

Alboreaba.

A lúa iba perdida no ceo com'un adeus, c'un sonriso esvaído nos pálidos beizos d'agonizante.

Ilusión d'un amañecer: mortaxa nidia da noite côs cirios das estrelas apagándose, pouco a pouco, ôs soplos do vento.

O mar do noso anaco da ría asemellaba un peixe grande d'escamas de prata.

A brisa navegaba en popa por riba das olas, coa quilla no ar.

Os xeiteiros chegaban cô relente da alba, con fame de peixes no panel valdeiro, e as remendadas velas desplegadas como brazos en cruz, en xesto de mártires.

Os galos aturuxaban. O corno na ribeira tocaba a diana das peixeiras.

Eu lembraba un feixe de horas no silenzo místico do ambiente car'ô mar e âs estrelas.

O tristeiro son das campás topou eco no meu iesprito, exaltado por angustias inconcretas.

Sentín nostalxias non sei de qué... Quizáis lembraba, no desfo-llar da margarida da miña xuventude, algún pétalo murcho...

Os paxaros melodiaban un reñacer baixo a batuta dourada do sol.

(08-03-1947)

Poema das olas do mar

Rosas de i-auga desfolladas pol-o vento
com'as ilusións de unha rapaza nova
namorada.
Trovadores das prayas,
recitando na fala do vento
monorrítmicos versos brancos
de un poema azul.

Sollozos do mar, que chora,
no regazo branco da arela,
ausencias de un vento pródigo
que se enredóu nas ponlas
dos pinos.

Naves liviáns i-efímeras
—proa de escuma, timón de vento—
navegando sempre en popa
pra ningures.

Cando vos sinto latexar agonías
ô pe do voso cadaleito,
lémbrome da miña i-alma
batendo nos escollos da vida.

(26-05-1947)

Juan Antonio Saco y Arce [16]

Stabat Mater Dolorosa

(Traducción)

Inmobre ô pé da crus, triste e chorosa
estaba a amante Nai, cravado vendo
o Fillo, úneco ben.
De loito cheo o curazón, xemendo,
con dura espada de amargura a y-alma
atravesada ten.

[16] Juan Antonio Saco y Arce. Nació en Alongos, ayuntamiento de Toén (Orense) el 8 de marzo de 1835 y murió en la capital de la provincia el 13 de septiembre de 1881. Cursó el bachillerato y la carrera eclesiástica en Orense y Filosofía y Letras en Santiago. Muy joven ganó por oposición la cátedra de Retórica y Poética en el Instituto de segunda enseñanza orensano, la que desempeñó hasta su fallecimiento. Fue también director de dicho Centro.

¡Ai, qué soila e qué triste e sin consolo.
do Unixénito a Nai predestinada
se viu na súa africión!
¡Con qué duro pesar atreboada,
sospiraba, tremía, os ollos pondo
do Fillo na pasión.

¡Qué corazón de marmo non chorara
vendo a Nai de Xesús coita tan dura
sofrir en tanto mal?
¿Ollar alguén poidera sin tristura
a Nai amante que de par do Fillo
padece dôr igual?

Pol-as culpas dos homes aldraxado
con bárbaros azoutes y-afrixido
mirou ô seu Xesús.
¡O seu fillo de amor mirou ferido,
deixado pol-o ceo e pol-os homes,
morrendo n'unha crus!

Esconsolada Nai, fonte de amores,
fai que eu sinta teu dôr y-a coita túa,
pra cuntigo xemer.
Fai que o meu curazón toda a ansia súa,
en Dios fixando, no seu santo fogo
de amor se vexa arder.

Pon xa, bendita Nai, pon no meu seo
grabadal-as de amor fondas feridas
que quixo Dios sufrir.
Tantas penas por mín ¡ai! padecidas,
tantos axes na crus, dame que eu pódea
cô Fillo compartir.

Fai que en bágoas nubradol-os meus ollos
compadezan de Cristo a morte dura
mentras eu vexa a lus.
De cote acompañarte na amargura,
de cote, Nai, cuntigo soilo quero
vivir ô pé da crus.

Virxen, das virxes todas a mais pura,
non a ouirme te negues; miña groria
é cuntigo chorar.
Fai que escrita pra sempre na mamoria
a morte de meu Dios, n'ela por sempre
me afaga a contemprar.

De isas feridas de Il, ferido eu sea,
y-abrazado â súa crus, miña esperanza
e gozo alcontre alí.
Y-en seu amor ardendo a tal lembranza,
no día da final, estreita conta
escudo hache eu en Tí.

Fai que isa crus onde trunfou do abismo,
de broquele me sirva; e de Il a morte
vida sexa pra mín.
Cando o corpo se rinda â común sorte.
fai que a y-alma no Edén de paz outeña
felicidá sin fin.

(18-04-1946)

A Virxen santísima

Nai diviñal, Nai querida,
que en trono de ardente lume,
de ceyo reinas no cume,
onde ô Fillo da tua vida:

¿Quén coma tí? Na tua frente
unha de estrelas coroa,
que groria sin fin pregoa
e maxestá prepotente.

¿Qué podo eu, Virxen, a tí,
cando debaixo dos pes,
homildoso o mundo tes,
ofrecer rendido eiquí?

¿Pelras quizayes tí queres
arrincadas su da fonda
auga do mar de Golconda
pra a vanidá das mulleres?

¿Queres diamantes, meu ben,
ou huchas de prata e ouro,
onde avarento rei mouro
o corazón posto ten?

Tua a redondez da terra,
teus os mares, teus os montes,

cos seus longos hourizontes,
e canto o mundo en sí encerra.

Teu o pabellón de estrelas
que ôs ollos te encobre meus,
y-os païzos do ceyo teus,
onde loces tí máis que elas.

¿Qué che hei dar eu que no chao
me arrastro, cal verme en lodo,
en que gardo de tí todo,
erguendo valeira mao?

Mais ¿qué digo? ¿Ôs homes pides
outro ben que o curazón?
¿Pides cecáis outro don?
¿os seus tesouros tí mides?

Reina da groria, eiquí tes
canto dentro de mín hai;
meu curazón. Santa Nai,
rindido posto ôs teus pes.

¡Ai! Sin virtudes, sin frores,
eu cho dou; fai que froleza,
Mai amorosa, e que creza
a rosa dos teus amores.

Fai que vivo lume acenda
e neve do peito fría,
pra que contento che día,
dulce Nai, máis nobre ofrenda.

¡Quén curazós mil tivera,
Virxen de amor, con que amarte!
¡Quén no salterio cantarte
do rei de Salem poidera!

¡Benia as arpas namoradas
dos serafís que no ceo
teu nome sonan arreo
ou das bóvedas douradas!

(07-12-1946)

Juan de Traba

Lidón do Barbanza

ALÁ no alto, escondeito
nun replegue de Barbanza,
áchase un lugar, Lidón,
que somente ten dúas casas.
Non hai alí máis riqueza
qu'o aire san da montana.
O resto todo é cativo;
albres, as leiras, as brañas.
Hastra por ser todo ruín
nin os veciños se falan
nin se lembran os máis vellos
qu'algún tempo se falaran.
E tan fonda esa caraxe,
que de pais a fillos pasa
cal si ca roña dos potes
heredaran a das almas.
Vai de conto; un dos petrucios
qu'un día a Noya baixara
pra dir pagar unha renda
que na Chainza cobraba
don Aleixandro Cadarso,
a vila, por insinarlla
traguía un fillo grandiño
que pol-o decir i-as trazas
douse conta o siñor amo
de que poidera na casa
ser cô tempo un bon sirvente
qu'horta e mula ll'arranxara.
Propuxo o trato o siñor
e acetóuno o de Barbanza.
Dende aquel intre Goriño
foi un membro máis da casa,
i-a pesar de qu'o rapaz
todo en ela lle sobraba;
que do carballo das "Bruxas" [17]
contempraba un panorama
coma poucos hay no mundo,
qu'o mar i-a vila formaban,
as saudades i-a morriña
crabáronselle na i-alma.

---

[17] O pé d'este carballo facíanse labaradas e bailábase n'a noite de San Xoan. Aínda hoxe se canta aquela copra: "O carballo da Chainza / ten as follas rebiradas / que llas reviróu o vento / n'unha noite de xiada."

¡Ay, quen me dera en Lidón!
aquelo mozo sospiraba;
¡ay, ña nai!, eu quero d'ir
axiña pra nosa casa;
quixera estar na lareira
tirando do pote as papas!
¡Cándo poderéi rubir
hastr'a cume do Barbanza
e cando rebuldaréi
co can, ca pucha e ca vaca!
¡Cándo beberéi na fonte
que pol-o vran m'arrolaba!
¡Cándo che veréi, regueiro,
qu'a tombos do monte baixas!
¡Cándo oiréi cantal-o merlo
i-a laberca n'alborada!...
¡Ay, ña nai, qu'eu vou morrer
s'a min d'eiquí non me sacan!
Así sempre salayando,
Goriño os días levaba.
Era tanto o seu sofrir
que llo refrexaba a cara.
Decatado don Luis
do qu'o rapaz lle pasaba,
de presa mandóu buscar
o pai para qu'o levara.
¡Cánto refungo do pai
mentras Goriño choraba!
—Pero, meu fillo ¿qué tes?
eiquí de comer non falla
tés outro pai no siñor,
tel-o agarimo da i-ama,
dos fillos tel-o querer;
hay compango, hay empanada,
comes froita hastra estoupar
i-os niños na horta andas.
¡Ay, meu neno, ti estás tolo
ou botáronche unha fada.
—Non; pero eu morro, meu pai,
si non me levás a casa.

E xa postos o camiño
dend'un facho que vixiaba
tod'a paisaxe de Noya
que inxentes montes enmarcan,
o Tremuzo, da Xarpal,
o de San Lois co da Armada
i-o Confurco co do Treito,

viróu o vello a faciana
e excramóu: repara, fillo:
con ledicia a vista para
e dime si esto n'é un cacho
da groria de que nos falan.
Olla acolá Monte Louro
loitando cá costa brava.
I-alá Muros, alí o Freixo
e preto delas, deitada
no mar a insua de Qreba.
E máis eiqui ledas praias
da Barquiña, Testal, Bon;
de Barro as casiñas brancas
co campo dos Estudantes,
eido de paz virxiliana.
D'Obre e d'Argalo arboredas,
hortas, cómaros e agras,
xardíns que empezan no monte
i-abranguendo o mar acaban.
Alén, entrando no mar,
o río Tambre que baixa
da Ponte Nafonso e brila
cal cinguidoiro de prata.
E dormida antr'este embruxo,
está nosa ría maina,
onde a lúa e estrelas bicas
e no solpor o sol baila.
—¿Non che gusta Noya? Di:
—Gústanm'as rúas, as prazas,
o mar, a ponte, as igrexas;
gústame oil-as campanas
i-os cantos de mocedad,
e no serán as'xaradas
dos paxariños piadores.
Dend'a Chainza hastr'o Traba,
de San Lázaro a San Breixo,
veira do río hastra Brandía,
tod'é un milagre, un feitizo...
Mais, com'a terra en que un naza
é a millor terra, pra min
¡coma Lidón non hai nada!
... ...

(23-VIII-1949)

Javier Valcarce Ocampo

Confesábase Xaquín
cô frade Xan de Ledesma,
e díxolle o galopín:
—Acúsome que comín
raxo de porco en coresma.
—¡Asús!— o frade marmula:—
miña ausolución non sacas
pol-o pecado da gula.
¿Ti comíchelo con «bula»?
—Non, siñor... ¡foi con patacas!

(21-III-1946)

José Valente do Casar

FINISTERRE

(V. Estévez, en lembranza de efemérides célticas na cova do "Refuxo".
Ourense, 1947)

Pol-os meus ollos romeiros
paxaros buscan o mar.
Finisterre chan extremo,
beizo de escuma e de sal.
Máis alá de Finisterre,
ceo desfollado o mar,
o mar de peixes insomnes
cansados de mariñar.
Miñas mans desatan ventos
maduros baixo o luar.
Os ventos saben as rutas
incertas de San Olaf.
—San Olaf, santo e pirata
na costa brigantiñán—.
Non aprenderéi máis nomes
pra pôr no meu santoral:
Sant-Iago —pedra e silenzo—
San Columbano —pombal
miragreiro— nauta en grosa
mar esgreva, San Brandán.

Pol-os meus ollos romeiros
paxaros buscan o mar,

berce de néboas insomnes,
o inmoble mar terminal.
Feríronme terra adentro
morriñas de me afogar,
de ter os labios frolidos
de tenro e virxen cristal,
de dicer cantigas náufragas
coa boca chea de sal.
¡Finisterre ermo vixía
ládralle ao mar como un can!

(11-08-1947)

Marcial Valladares

Apeándose en Santiago
un señor que iba da aldea,
cabaleiro en besta allea,
sin dar ô espolique un trago,
díxolle a éste: —¡Eh, García!
¡Pardiez, que anduvimos bien!
E contestou Garcí-Alén:
—Sí; eu y-a cabalería.

(21-03-1946)

Pura Vázquez

Tola

Si che dín que río
non me chames tola.
Si che dín que canto
non me chames tola.
Si che dín que choro
non me chames tola.

Deixa que che digan
un cento de cousas:
que río cô vento,
que falo coas follas,
que canto coas augas,
que choro coas rosas...

Si son de unha terra
que leva por zoca
ser terra que rí,
ser terra que canta,
ser terra que chora...
deixa que che digan
que son tola... ¡Tola!
Os tolos non rin,
os tolos non cantan,
os tolos non choran.

Probiña da xente
que me chama tola.
Porque ela non rí,
porque ela non canta,
porque ela non chora.

Deixa que che digan
un cento de cousas:
que río cô vento,
que falo coas follas...

(14-08-1947)

Val d-o Miño

Pasei pol-o Val do Miño.
Ten unha cama d-outeiros,
veiras adiante do río.
Asuso d-o río, pontes.
En cada carrepuchiño,
a risa branca d-un pobo
antr-os piñales y os millos.
Y-un fío d-estradas louras,
allur d-os montes perdidos.

(21-10-1949)

Teño unha casiña

Teño unha casiña branca
com-un pombar.
Por diante mesmo da porta
préstalle soma un parral,
y-unha fontela cantigas

de bulideiros cristás...
Soña que te soña, soña,
sobr-o verdor da ribeira
cos ollos da y-alma a vexo.
Antr-o ramaxe d-as xestas,
un niño pequerrechiño,
briland-ó sol, asemella.

(21-10-1949)

Soidás

Miñas soidás
no berce do Sil,
c-un sol que de grorias
y axud-a vivir.

Miñas soidás
mais fondas sin ti
e-o peito m-afogan
nun soave sofrir.

Páxaros. Rapaces...
Alá, lonxe, o Sil,
que quer entr-escumas
levarm-unda ti,
levarme cantando,
morrendo, co il.

(11-11-1949)

Noite no agro

No agro hay luz. Amor xurde,
quimeiras,
gornidas d'esprendores.
As guedellas d-o sol c'an pol-as leiras.
homildes y-abaixadas tenras frores
Rendido de sazón dóuras-o trigo
ó derradeiro lusco.
—Seos d-idealidás—. E ti conmigo...
Eu, furtándome-ó tempo, que te busco.
A noite chega xa. Calma e singéla,
vaise fincando en nos.

Fi-á soma soidás. ¡E unha arela,
do noso corazón, vóltas-a Dios!

(23-11-1949)

II. GALEGO (prosa)

Francisco Álvarez de Nóvoa

Chuva

I

Chove.

A neboeira cai lenta, pesada, cal negra fariña peneirada pol-as baixas nubes que, como algodós de promo, esbórranse no ceo gris de un aparecer de outono.

As pingotas de auga, frías, limpas, brilantes, esboran pol-as ramaxes, escintilean na punta das follas, e cân no chan co-ise ruído xordo, xemente, que, multipricado, tan vagos rumores de pregar a perdida nas soedades de un tempro.

Os piñeiros, cô tronco mollado cara ô vento, non xemían, pro tampouco arrulan n'eles o pombo e a cara: sóio no fondo da regata o malvís asubía tristemente pe dos carballos, calando as veces pra ouzar as píllaras e os mazaricos da ribeira, que, sacudindo as molladas prumas, furgan no esteiro, entalando as roxas paliñas na negra barriza.

A chuva cai na ría tan miuda, tan maina, tan soave que soio fai no sobre-faz manchas escuras e borrós craros, espellados, como unha lúa desazougada e vella.

A neboeira ô lonxe vai esfumando o paisaxe, tragándoo, e as cresteiras da montana trúncanse, o fondo envólvese n'un côr escuro, pesado, e a ría vai desaparecendo antes de chegar â barra, como sorbida pol-os xuncales.

Oucese un aletexo rápido, sonoro; chega a manada de labancos ou parrulos, treman as augas e as erguidas cholas dos paxaros móvense inquietas como barquiños de côres. As veces dan volta, amestran as roxas palmas e o rabo. Sulagan, e volven a aparecer c'un anaco de prata relumbrando ao peteiro.

Do perdido fondo chega o xordo rumor da barra, arrolando o silenzo, e n'aquela vaga tristura téndese a noite con apousadas somas, escurecendo mais e mais o borroso paisaxe que asobalia un eco de promo e unha atmósfera loitosa, triste, que mais entristecen os ledos asubíos do malvís e mazarico.

II

No lar arden as podres foupas chisporroteando, o pote ferve baixo a negra campá da lareira, gorgoteando xordamente, e pé de il, unha muller pela c'unha navalla as patacas.

O fumegante candil apenas rompe a escuridá; unha mesa de pino, dous bancos, unha y-arca de castiñeiro, un catre e un caixón con roupa pra unha meniña é o atalaxe da chavola. N'un recuncho vénse algunhas ferramentas de labor, e ô largo da parede, sostida por dous cravos unha cana e un capacho, unha fisga e unha rapa.

A meniña, pequena e loura como un merlo galeiro, xoga deitada no chau, coas orellas de un pacenzudo can de palleiro, que mira pra o pote, e a muller canta pol-o baixo o tristeiro alalala marina.

Síntense pasos chapoteando na lama, ábrese a porta, trema a lus do candil, érguese o can movendo o rabo, y-entra un home.

A meniña cólleo do faldón da chorreante coroza, o can salta n'il, e a muller, botando as patacas, pergúntalle si chove aínda.

O home separa ô can e â nena, quítase a coroza e séntase co-isa fatiga tremenda do traballo baixo a chuva.

Saca tres cigarros, e méntral-os pica pouco a pouco, pergunta pol-o que aicurriu, por quén se chegou á casa.

Non viñera nadie: soio a María, de Bergondo, dixéralle ô paso que iba pol-o manciñeiro pra o sobriño do señor abade, que escordara unha mau. Cando a chea vira tamén rubir pra Betanzos a vapora de Sada, pro non soupo quen iba, por causa da neboeira.

Mentras falaban, ela foi pondo na mesa duas culleiras de buxo e outra pequena, e lavaba unha cunca grande. Dempois valeirou n'ela o pote, e puxéronse a comer. A nena collía a puños sua pequena culler, abría moito a boca e deixaba cair o caldo.

Eles comen apresa, a rematar logo pra deitarse.

Botou ela un xarro de auga no lume, que chirrou un anaco e morreu xemendo, e mentras seu home quitábase a roupa, espíu â pequena, meteuna no caixón, gardou a bica que sobrara e matou o candil.

Sentíronse os pasos do can buscando o cocho, ruído de coreo remexido, e quedou todo no mais profundo silenzo.

Sóio, âs veces, as podres latas deixaban cair na chavola pingotas de auga, como pequenos estralidos.

Fora, a noite pecha non deixaba pasar entre a chuva nin o mais lixeiro fío de lus.

Calaran os mazaricos, o malvís e as píllaras, e nin siquera chirlaba o moucho, como si todo se fundira n'aquil sono pesado e triste que sóio rompía ô lonxe o xordo rumor da barra como unha queixa vaga, eterna, do morto paisaxe.

(05-10-1946)

C.B.[18]

A CERDEIRA

Hoxe é unha diada mais da invernía; brétemas choivas e ventadas azoutan a terra; o mar anda a rosmar enfurecido e no areal rebrincan as oleadas con rábecha doída. As horas fanse longas ollando o mundo valdeiro a través dos vidros embazados da xanela pecha. Froulan as rachadas do vento na cabeleira escura dos piñeiraes i-os albriños espidos tremen de friaxe con fame de sol. A miña i-alma é hoxe un albriño mais chantado na terra i-azoutado pol-o vendaval. Quixera moitas cousas e non sei ben o qué; non-o sei cuasi nunca e anque o soupese!...

Non quero olla-o mar: ten furias de lobo aceso en odios i-a miña i-alma, que pode sofrer todal-as doores, nunca acollerá aborrecimentos de odio sen ruíns afáns de crueldade. Volvo â terra o meu ollar; n-esta tempada de inverno, espida, asulagada, lamacenta, amostra tanta humildade, que eu síntoa, en min con agarimo cuasi humán. Diante da miña xanela está a cerdeira mortiña; nas alpadas do vento âs veces os seus garabullos laten nos vidros coma pedindo esmola de cobixo que a libre de tal loita.

Eu olloo tudo e non sei ben no que penso, se non e na miña tristura. Y-entón vexo —e brín-came inquedo o corazón— que a pesar do vento e do frío e da i-auga, todal-as gallas secas da cer-deira están coalladas de abrullas de verde noviño que pulan por reventar abríndose â vida. E a pri-maveira que chega de lonxe, é a vida que ven a ceibar a ledicia sobre da terra amortecida. E dígo-me a min mesma:

—¿Cómo sabe este libriño só que o tempo vai chegar?

Tudo está morto ô seu arredor; tudo treme ainda nas farpas da invernía; hastra a concencia dos homes amóstrase asoballada pol-a realidade crúa, i-ela, unha probe cerdeira isolada no corrun-cho d-un xardín, lanza o seu berro de ida, segura de sí misma. E de súpeto acéndese unha luz na miña i-alma e comprendo, é Deus que lle dita a sua ley.

—¿E cómo Deus —dime o meu corazón— ten vagar e agarimo pra preocuparse de unha cousiña tan pequena, tan probiña, tan sinxela?

I-o meu anxo rífame, á vez enoxado e doorido:

—¿Esqueces que tudo é obra de Deus, que tudo está nas suas mans infindas?

---

[18] Descoñecémo-la identidade do escritor que se agacha baixo estas siglas. Probablemente sexa unha muller.

—Ben sei...

Respondo humildada, i-a miña i-alma treme decatándose de que si Deus se non esquece d-unha probe cerdeira, ela, ó meu ser estará sempre presente nos ollos del Señor, i-eu sei, que non sempre, que non sempre me lembro de que dende tan outo me están a ollar.

(22-03-1947)

Otero Pedrayo, «pincerna» da Galicia

Xa devalaron máis de sete lustros dende aquela vegada; o mundo adormecía ainda na paz enfeitizada e xa se aveciñaban as longas noites da traxedia que ninguén sabe cómo e cándo terán lumieiras de amañecer. Foi d'aquela cando Xenius, xa de volta â serenidade de sí mesmo, despoixas de atopar ledicias na fonte de todal-as sabenzas, cando atinóu a ver, ollando a Teresa, que a riqueza do seu esprito tiña que frolecer pra que fosen doados e totaes seus ecuménicos en froitos puros de raza e terra, no dobre enraizamento da albre, que zuga nas entranas fondas da natureza secular e propia, e nos ventos infindos do futuro e da totalidade. Entón cantóu a Teresa e púxose de xionllos diante d'ela, e ofereceulle pra sempre o máis limpo da sua i-alma.

El era filósofo e poeta, alma enfeitizada, e como tal vivía un pouco arredado da vida, fora d'ela, en outuras ideaes de ensoño e pensamento. Teresa, muller o fin, con senso nidio de realidás concretas, sabendo por instinto que a vida non é esto ou aquelo, senón esto, aquelo e o outro, fóiselle das mans, no mellor; foi él quen engaiolado pol-o seu pensamento se sintéu arredado d'ela pol-o seu casamento ou noivado, veuse aldraxado coma un amante a quen deixaron sô, despois de ofererlle a vida.

Choraba a sua tristura unha noite de vagos ensoños, e Teresa aparecéuselle pra poñer a sua man de fada na door arrepiante. Son túa no que es tí, díxolle; son túa no máis cerne e puro do meu ser. Ámame así i-estaréi sempre contigo, e ninguén me terá coma tí me tes. Tí i-eu somos un, e ningún outro lume, ou sol, ou brisa fará abrullar nos ramaxes do teu ser os froitos dourados que da nosa xuntanza espritual poden nacer.

E Xenius afervoado bicóulle os pes e as mans e fitóu pra os ollos que el mesmo, tan dado a decir que sin verba nin forma nin definición, non hai ideia, nin ser, nin comprensión non soupo definir e xuróulle eterna fidelidade.

Non, non era un verdadeiro amante; a quen de verdade ama nin as angurias da soedade, nin as friaxes da incomprensión nin siquera os aldraxes da burla e da traición, lle amurchan o lume da adorazón; sabíao o Dante i-os que coma él souperon amar hasta máis aló da morte e dos feitos. Balumes de cinza morta puxeron friaxes de esquecemento e ainda crudezas de enemistade no corazón do Xenius, un intre amante.

Si a i-alma mediterrán ha de atopar o seu ser i-a sua fecundidade lonxe das brétemas aluciñantes do romantismo, na finitude concreta da forma, na liña precisa e na outa definizón; en troques a i-alma atránteca non ten limieiros precisos, está sumersa en brétemas lumiosas de infindos i-aternidades, que non por eso están fallas de senso, nin siquera de forma, e sobre todo de fondura real, humán e trascendente. Si pra quen é todo forma precisa e verba concreta, os ollos d'unha

muller non caben máis que no silenzo inafabel; si o non sei qué, foi a úneca definizón das ideias máis outas pra moitas mentes craras, non temos por qué nos envergoñar de que as nosas brétemas i-os nosos ensoños ateigados de lumieiras e latexos trascendentes e inefábeles, sexan a máis doada e nidia definizón do noso ser. A fin de contas nas fonduras metafísicas do románico, nas labaradas famentas de infindo do barroco, e hastra, si se quer, nas loucuras sinxelas i-afervoadas do romantismo, hai tanta forma e tanta craridade, coma poida haber no crasicismo mediterrán. O lume é un i-os homes infindos. Non é menos misteriosa a i-alma i-a vida na luz crara do día estival, que nas brumas da noite pecha. Non hai menos alma nas inquedanzas encontradas do Cisne de Avon, que no sereo e doce Mantuano.

Poidéramos decir que o que a Ben Prantada foi ou poido ser pra Cataluña mediterrán, foi ou debeu de ser pra Galicia atránteca o libro de Otero "Arredor de sí". Mais Otero era un amante no que non podían acenarse as cinzas do esquecimento. Si a sua Teresa fuxéu d'el, por sí mesma, ou engaiolada por non doados adoradores; si Teresa non soupo ou non quixo corresponder a sua adorazón, el soupo agardar co seu corazón aceso, sin unha verba de aldraxe, sin un xesto de acusazón, sin un layo de cansanzo ou desengano. Díxose que Sócrates podía mesturarse con retóricos, lurpias e galdraxáns, sin lixar a sua i-alba túnica de filósofo; e do mesmo xeito un amante pode amar sin que o venzan ou o manquen os desdés ou esquecementos do ser amado, porque amar e máis dar que recibir. E Otero amóu â Galicia deste xeito e deste xeito a ama, a defende, a ensalza, i-en certo modo a crea ou fai renacer.

Agora dícese con xesto de suficenza afincada Deus sabe en qué arbitrarias ou intresadas razóns, que as xentes de Galicia non entenden a sua fala. Eu, probiña de min, que zuguéi coma todos os meus cativos coñecimentos na rexa e nobre fala castelán, e que a sinto tan miña coma esta outra na que reza e chora o meu corazón cando se sinte ledo ou anguriado, non poido comprender por qué esto din os que eiquí naceron i-eiquí viven, e nesta terra atopan o ser do seu ser. E matinando n'esto, non séi ben por qué véuseme ôs beizos un xeito de apólogo que vos vou contar.

Cando arredor da Arca Marmórica, i-ô son a vez telúrico e anxélico das chirimías, se foma a procesión mitrada, a xente apiñócase nas naves, enche os vans, métese no espazo que non é seu. Está alí pra ser ademirada e devotiña o paso da procesión; sabe que se ten que arredar, deixar rúa, non só pra que a procesión poida pasar, se non pra poder citala. E non en troques alí segue, agrupada, apretuxándose: e preciso que os pertigueiros, os "pincernas", cheguen a eles batendo as suas varas contra as laxes marmóricas, pra que a xente se arrede abrindo vieiro e axionllándose respeitosa e afervoada.

Pois ben; na moitedume apiñoteada da Galicia, que é Galicia, que se sinte Galicia, e no fondo sabe de sí mesma e quere ser o que é, Otero Pedrayo é o "pincerna", o guieiro conscente e incansabre, que afervoadamente, sin importarse por aldraxes, inxusticias e relegamentos, sabendo que por merecementos propios debe figurar e figura no cabo de honor da procesión, cos fachos acesos da sua obra, da sua verba cálida e do seu inquedante amor, vai abrindo os vieiros â procesión viva e trascendente da nosa cultura, porque él sabe cecáis mellor que ninguén, que sô sendo fieis o que un é no máis fondo do seu ser, se pode dar o mellor da i-alma e da intelixenza o cunxunto querido e outo da Pátrea.

Agora Otero Pedrayo, "pincerna", guión e facho lumioso da cultura galega e do seu renacemento, vai levar as terras das Américas, ôs irmáns de máis aló do mar, que coma nós naceron na

España e na Galicia, e delas viven, e por elas son o que son, a sua verba quente i-acesa, afervoada e garimosa, que é a nosa verba, que é o frolecimento máis doce da nosa terra nai.

Ben segura estóu de que ninguén dirá que non-o entende, i-alborizada por este acontecimento que me fai máis queridos os irmáns de máis aló do mar, quero ceibar este berro no que poño toda a miña i-alma española e galega:

—Boa viaxe, "pincerna" da Galicia. ¡Qué na ida e na volta, Sant-Yago seña contigo, por teu ben, e pr'o noso!

(30-06-1947)

A HISTOREA DO DIAÑO CONTADA POR UN GALEGO [19]

O meu nidal mareiro de gaivota sosiña chegóu fai poucas horas un libro inquedante: SATANÁS, de don Vicente Risco. A cousa non é de cotío e ben merece falar d'ela, inda que seña tan a lixeira coma eu o poido faguer.

Non se repite moitas veces este atopar c'un libro de tan xugoso saber a vez de nantronte e de hoxe, coma este que acabamos de ler. Tiña que ser o Sr. Risco quen nos fixese esta ofreza tan doada e inquedante.

Sabido é que Risco é un dos homes de máis fonda formazón cultural nos nosos días e cada libro seu é unha surpresa i-unha confirmazón. A súa prosa axil i expresiva, rebozada sempre con esta sorna galega da qu'el se non espira nunca, fai que os temas de máis trascendeza, tratados coa fondura que merecen i-el sabe darlles, nos señan asequibres e doados coma fábulas d'ensoño. Agora mesmo o pechar este libro, no qu'en certo modo se trata do devalar máis trascendente da humanidade enteira, e dos máis fondos probremas do ben e do mal, sinto en min unha ledicia tan viva, coma si tivese lido un máxico conto de fadas, e non porque denantes non me figuese pensar e repensar. Xa se non escreben libros d'estes temas, e sobre todo d'este xeito tan humán, e tan nidio.

Risco contanos a historia do Diaño coa asombrosa erudizón que n'el é costume e método. Na verdade Risco sabe tantas cousas do Demo, fala d'el con tanto coñecimiento incruso psicolóxico, que, permitíndonos unha brincadeira de boa bontade que non roce pra nada o respeto que ll'é debido, diríamos qu'él debéu de andar moito tempo de parceiro co Perello, ou pol-o menos ser un xeitoso i-aproveitado axente segredo de espionaxe nos seus campos; so así se pode expricar que lle conoza tan ben as mañas i-os segredos.

E cecáis non seña esta unha valdeira latricada, xa que Risco gustóu de chamarse inadaitado, e máis do que eso, de zugar sin socego en todal-as cencias e sabencias, deixándose engaiolar longas vegadas por todo o que ulía a maxia, misterio i-extraneza; teima que si o puxo en fartos perigos de perdizón, sirveulle pra dar a súa sabenza i-a súa fe, esa fondura e seguridade que agora ten.

Hay homes que por natureza, por vontade e por dereito, non son nunca seguidores; seguidos ou sosiños son sempre abandeirados, mesmo cando coma n'este caso, a bandeira que lampexan é a

[19] "Satanás", biografía del Diablo, por Vicente Risco.

da máis estreita obedienza e sumisión os dogmas e autoridade da Igrexa. Penso que Risco é hoxe o escritor que escrebe entre nos con máis inquietude espritual. Mais o que mellor o singulariza e unha inxenuidade tremante e anguriosa que se non ve cuasi en ninguén, e que lle non fai perdel-a serenidade, nin a craridá de xuicio. Escrebe coma un neno, coma un poeta; non, mellor coma un alumiado, de tal xeito, que as veces ollando o noso vivir, semella mesmo qu'él vive fora da realidade. Mais a vez é tan preciso e concreto, apunta tan abertamente o cogollo das cousas d'hoxe con conceptos e fervores d'onte, que un se sinte sobrecollido. E non porque él seña o único que n'esta hora seipa retornar as cousas esquencidas ou repudiadas; se non porque o fai c'un acento tan apaixonadamente afervoado, que o leitor se sinte tentado a pensar qu'él é cuasi o único que o sinte con sinceridade, e que ten valentía pra pregoalo. Ben se sabe que ésta non é máis do que unha forma de eispresión: mais a pesar d'eso, lendo a Risco paréceme velo ollando a todal-as cousas do onte, do hoxe e do mañán, e voltar as costas a todal-as lucubracións e angurias humáns, pra abrazarme sen dúbidas a súa fe lumiosa e salvadora que o libra de todal-as inquedanzas e temores. Cecáis o fai con remorsos, quen non-os ten, das antergas andanzas do seu pensamento; pro unha vez envolto n'esta fe cega e inconmovibre, está seguro de sí mesmo e da súa verdade i-ofrécenos o que ten o seu saber, o seu pensar, o seu creer e faino con caridoso e humán desexo de apostolado.

Risco escrebe c'unha sinxeleza tan leda i-afirmadora, que as veces parécenos a nos, tan aqueloutrados pol-a dureza desasocegada dos tempos que vivimos, algunha cousa así coma un recurso desesperado que se defende de sí mesmo agarrándose a unha confesión de fe total e salvadora. Pro este reparo é algo que poñemos nos, cecáis por nos sentirmos incapaces de ter esa fe tertuliana que certos seres alcanzan, librándose deste xeito da sequedade agoniada en que os demáis nos debatimos acaso con invexa, de certo con anguria.

Risco escrebe, fala, e pensa das cousas de que xa cuasi ninguén a fai, e faino valentemente, sin dúbidas, sin andrómenas paliativas; quere ser i-e un abandeirado. D'entre nos e dende outro plano, un pouco se lle asemella Manuel Brunel i-as veces, poucas veces, e máis falando do que escribindo, Pemán. Pro en Risco é este xeito de escreber máis fondo e máis afervoado, con máis sabor de sinceridade inxenua e lampexante, e sobre todo con un xeito mais xeneral, pois pra él todal-as cousas están nun mesmo plano e han ser vistas cunha mesma fe. Risco non fala como un frío historiador ou meticuloso folklorista, se non coma un home que vive e sinte o que dí, con inqueda fondura de realidade única a quen lle non importan todal-as interpretacións que d'elas se fagan dende o campo da cencia, da filosofía, ou simplemente do senso común, que se nega a acollerse os campos magnos da fe verdadeira. E a súa unha verba apaixonada como a de quen pon n'ela a vida enteira, non séi ben cómo decilo, é unha verba frenética e mesurada, fonda e sarcástica que usa de todol-os rexistros e non perde a forma, a unidade a gracia do seu estilo, e que brincando por enriba da lóxica habitual adequire tons sibilinos, diréi, mellor, e n'este caso máis adecuadamente, os tons proféticos, de quen está certo de lostregar contra d'esto e d'aquelo co rayo da única verdad.

Afeitos máis ou menos coma estamos a enxuiciar os termos científicos, patolóxicos, e psiquiátricos certos feitos humáns, e inquedante atoparse c'unha interpretazón trascendente e sobrehumán, que si non é nova, xa se tiña esquecida. Na fartura de intelectuaes loitadores do campo cristián e católico de hoxe, non vexo parexa adecuada pra entroncar con Vicente Risco; nin Maurras, nin Papini, nin Chesterton, escreben coma el o fai; todos parecen conceder máis valor, ou valor primeiro o seu intelectualismo. Risco que é intelectual dos pes a testa, fala moitas veces coma si non-o fose, sin deixar por eso coma un peizoco agudo e retranqueiro de por o dedo na frida. Deste xeito escribía no século pasado José de Maistre, e moito máis lonxe, si se pode faguer, co respeto debido a comparanza, escribéu San Agustín a súa Ciudad de Dios.

SATANÁS é un libro que ten unidade tan formal e trabada nas suas catro partes, que o fan ser, máis do que un estudo d'un tema concreto i-en certo modo folklórico i-erudito, unha síntesis de interpretazón histórica que o leva a sacar como resumo o repudio do mundo d'hoxe a que tantos chegan por outros camiños e ben distintas razóns. E faino sin, que, xa se comprende, a súa fe o deixe caer nin un intre no ermo do escepticismo. Sería moi de gabar que Risco se non contentase con este libro i-escribise, coa amplitude que lle permite a sua grande erudizón, unha enxundiosa Ciudad del Diablo; sería una interpretazón histórica i-unha demostrazón da súa filosofía de historia, ben máis enxundiosa i-edificante que outras que por ahí andan e dan que falar.

Non penso pecar si digo que Risco é un dos símbolos máis vivos do noso tempo e coido non errar si digo, que do mesmo xeito que n'outras horas e n'outros campos a súa mellor imaxen de escritor e pensador, n'o la dou en Mitteleuropa, ese libro que ben merecía ser máis coñecido e volto a imprentar; hoxe, quen sabe hastra onde chega i-o que representa don Vicente Risco, n'esta hora e no noso ámbito patrio, abóndalle con leer SATANAS, a biografía do Diaño, este libro que os editores ben poideron coidar un pouco máis. O autor, o libro, e, haberá que decilo, o prezo que lle puñeron, ben dan dereito a unha presentazón que non-o poña o par das novelas do Coyote.

(01-01-1948)

Francisco Carvajal Capella

Apoloxía do "alalá"

Cántiga de véspero, copra de ruada, romanza da saudade, alma lírica da raza celta sentimental e forte, non podía nascer senón na terra das soberbas montañas, dos vales coma xardíns e dos sonoros ríos. ¿Con quén tiñan de rimar as notas ledas, as notas sospirosas, as notas melancónecas do alalá senón cos solpores tristeiros, coas fragas montesías, coa música que arranca o vento âs arpas dos piñeiros? Tiñan de rimar cô marmurio da brisa que agarima os milleirás, coa orquesta das campanas que cantan ô lonxe resoando solemnes as suas vozes de estirpe místeca.

Cando da gaita agarimosa nos vén o alalá, acoden a y-alma os prantos y-as risas, os berros guerreiros y-as canzóns de amor. E cando ô acento trémulo do fol xúntase a voz humana dicindo a tenra copra, a copra humorísteca, a copra churrusqueira, a copra chorosa da tristura, sentimos no peito chegar, emocionados, as lembranzas queridas que fan chorar docemente os nosos ollos. ¡Vella e soberana canzón que está no esqueleto da anterga terra celta e no espírito da groriosa raza! Vivirá tanto coma o mundo... Os seus compases de ensono e néboa, os seus ocos de misterio e relixiosidade asomellan ôs aires das rexiós bretemosas da Xermania e da Irlanda... Pero teñen ademáis motivos seus e acentos típicos xurdidos da nosa terra e que son berros da nosa y-alma sofridora.

O alalá é viva eispresión do noso esprito sentimental. Cada gaiteiro e cada moza que o xeme, cada rapaz que o fai vibrar, dalle acentos propios, dalle tonalidades da sua y-alma, póñelle variazóns que prolongan nas notas o seu temperamento artísteco. Y-en cada terra, en cada montaña, en cada val, na ribeira e na aldeya, cambia a modalidade, o ritmo, a eispresión. Din os eruditos que a inmortal balada nasceu nos Chaos de Amoeiro, na eispléndida rexión ourensán. Cecais sexa certo, mais se eisí foi, moi cedo Galicia enteira fixo do alalá o himno da raza e por toda a terra galega

voaron as suas notas virís e ô mesmo tempo saudosas... E despois emigraron â outra banda do Atlántico côs homes que procuraran as riquezas do novo mundo, e se espallaron por todol-os mares do globo nos beizos dos mariñeiros galegos...

Os acentos da divina sonata resoan hoxe nas florestales do trópico, nas illas remotas, nos continentes mais arredados, en toda a terra, porque alí leváronos os galegos pra lembrar a patria súa... E nas entrañas da terra, nas ondas bravas do mar, no ermo castelán que queima ô segador, o alalá da enerxía ôs corpos e valor âs almas.

Sempre sentimental, o alalá ten o reflexo emotivo de quen o canta e áchase en armonía panteísta coa paisaxe. Por iso e forte na montaña, onde ten de encher côs seus ecos as gándaras sombrizas e as cumes núas... e lento e mol no val e na beiramar onde o vento mareiro lle fai voar e apertar o hourizonte... Y-e tráxico e layante nos beizos do probe que pide unha esmola e prometedor na boca bermella da rapariga de cabelos louros... e nostálxico e morriñento na voz do emigrado.

Os troveiros do pobo, os irmáns espritoales de aqueles creadores da inxente música rimaron con ela as copras da paixón, da saudade, da oración... Escoitémolas:

«Eicha de dar e dareicha
eicha de volver a dar...
A sangue das miñas venas
cando me poida escoar.»

Eisí ámase en Galicia; coa paixón absoluta, coa renuncia suprema que di a cántiga. O alalá e tamén irónico, queixa que fere, epigrama erótico...

«Maruxiña, si che pesa
pol-o amor que me tiveche
dame os bicos que che dei
y-eu dareiche os que me deche»

Outras vegadas e tenro coma o pranto do neno que chora â naiciña boa, ou sinxelo e inxenuo, cheo de gracia...

«Alá ven Nosa Señora
andando pol-a ribeira
traye as perniñas ô aire
parece unha rianxeira.»

Todas as manifestazóns do sentimento áchanse no alalá. Il é o himnario da raza, a síntese de todal-as outras canzóns célticas... O alalá é a pomba mensaxeira da terra amada, a pomba da que falou o poeta... Pombiña mensaxeira de branca pruma...

(31-08-1946)

Leandro Carré Alvarellos

A Santa Compaña

En Andeiro non se falaba de outra cousa. Aquela procesión de pantasmas que todal-as noites iba de unha veira â outra da aldea poñía medo ô mais valente.

Esta vez non era unha santa compaña que algún medoso maxinara; de verdá andaban os pantasmas, altos e brancos, e moita xente tíñaos visto as primeiras noites, porque despois ninguén se aventuraba pol-o rueiro das nove en diante.

O vello Chuco non acreditaba en estadeas nin almas en pena; coidaba que os mortos non volven, e se algún pantasma camiñaba pol-as noites de eira en eira ou andaba pol-as corredoiras e congostras, cecáis fose cô intento de encher a pouco e pocuo a tinalla do viño con vagos de alleas parras, adiantándose á vendima que debía facel-o dono. Por eso unha noite armouse coa carabina, e foise agachar preto da sua viña, na que os racimos de uvas graúdas e negras tentaban a mais de catro rapaces...

Agardóu, agardóu... Latexáballe o corazón fortemente; sentía él os brincos e como marcándoos o tique-tique da sua mostra panzuda.

Tiña pasado como unha hora larga, cando pol-a corredoira abaixo aparecéu, camiñando paseniñamente, un fato do pantasmas. Preparóu Chuco a carabina, pero deixouna caer espavorido, sen folgos pra sostela nas mans que lle tremían nervosamente cô medo. A santa compaña pasóu sen se deter na viña e Chuco, arripiado, viu como as ánemas, branquexantes na escuridade da noite, voaban a carón do chan e bruaban coma o vento cando fai invernía. Un pantasma, o mais alto, alto coma un bidueiro e coma un bidueiro branco, tiña dous buratos a modo de ollos, pol-os que saian uns fíos de lus abermellada, coma lume do Inferno. Pareceulle ouir tamén barullo de ferros, toque de campás... Cos ollos abertos, hastra poñelos redondos, miróu pasar a compaña que chaman santa, e que él mellor alcumaría do diaño.

E cando n'unha volta da corredoira desapareceron as esmirriadas feituras de aquela visión medoñenta, Chuco ergueuse axiña e a todo correr botóu a escape para a casa, a onde chegóu mais morto que vivo.

Ben se coidóu dendes de entón de non sair a ningures en canto comezaba a anoitecer.

Pero o vello Chuco era rico e cobizoso, e un día que foi ver o seu prado Brañón, notóu que a herba estaba como roída de gando; notóu tamén en algures siñales de pisadas e ferraduras que os bois deixaran marcadas; e o vello Chuco, lembrándose que Lelo da Ponte tiña o gando mais gordo de todo Andeiro inda que era un probiño que o levaba a pastar pol-as corredoiras por non ter onde apañar unha presa de herba, volvéu a cavilar en que os que marchan de esta vida non volven, e...

Outra noite volvéuse a armar; pero fixera pasar a vez primeira.

N'un prado seu estaba; n'un prado seu que tiña unha herba que daba xenio vela.

De un brinco prantouse cabo dos pantasmas, e pau â dereita, pau â esquerda, escomenzóu a mocazos.

Caeron pol-o chan as brancas vestiduras, e de unha banda correndo un boi, outro fuxindo pol-a outra, quedóu convencido o vello Chuco de que inda que as vexan âs veces, as estadeas e trasnos somente viven no maxín das xentes medosas.

E Lelo da Ponte, que aquela noite fuxíu mais de presa se posibre é, do que fuxira Chuco a primeira vez que viu a procesión, cavilando que a moca é unha figa de moita valía pra escorrentalas ánemas, non volveu mais na sua vida a cocharse con sabas nin farrapos pra cousa ningunha, que ainda lle doen os cadrís da carreira e o lombo dos baloucazos que lle caeron enriba.

(17-07-1946)

Manuel Casado Nieto

Sinfonía de Inverno n'un véspero de Outono

Morre o serán afogado na calma tibia do crepúsculo autumnal. As tonalidás bermellas, verdes y amarelas con que se tinguen as vides espidas de froito dimpoixas da vindima, vanse escondendo paseniñamente tras dos cendás das tebras, pra iren reparecer máis fortes e brilantes nos confís oucidentás do ceo sobor da lambida e rapada Cabeza da Meda. A faz do ar dibuxa somas de pantasmas nos seus tecidos sutís e invisibres. No silenzo vesperal pon unha nota xaurada a cantiga labrega de un carro celta, que vai soando arreo, namentras rube, galvaneiro, pol-a congostra de San Fiz.

¡Intres de recollimento, nos que a y-alma vaga unha odisea espirtoal por entre os cadavres muchados das follas secas, pol-as corredoiras ideás do hourizonte polícromo cugulado de espeutros de crime e persoaxes de consella! ¡Horas de arroubo, de vellas lembranzas encheitas de pantesía e de fé, que xurden limpas, ô páledo alumar do véspero, de entre o bulleiro do esquecemento!

E falóu de novo na miña maxinaceón, eisaltada e paixoal, a voz deble e saudosa de aquil vello aldeán, de faciana enrugada e olliños sen vida, que topei, por esas fragas, unha mañán de vrau, coa ollada morteciña espallada pol-o val, y-a caxata batanando contra un penedo.

"—Moi lonxe, máis que os derraderos pinos que se enxergan na paisaxe; onde se ergue aquela nidia craridade de leite callada, máis crara e deslumante que os curutos nevados da serra de Queixa nas mañás perguiceiras do Nadal... Alí soóu aquil salayo magoento, como unha verba tronante do deus dos picoutos, como o aular do lobo ferido. Morréu xemindo unha letanía bárbara, cara ô ceo, cos labres tortos, moratados e frieiros, y-os xionllos, dinantes fendidos contra os coyos bravos, luxándose no sangue das suas veas mouras, encheitas inda de vida quente. ¡Inda se ollan as marcas dos seus pés amarelos de morte na terra fosca! Foi por miragre do rei das bruxas que se non han borrar endexamáis.

"¡Cóma me lembro da sua facha rexa, dos seus ollos máis negros e brilosos que unha noite de invernía galanada de centellas, de aquilas maus escuras, bravas e sementadas de cabelo crespo, que somellaban feitas pra xogar ô pau! Todal'as mozas lle faguían cortexo; todol'os mozos se envexaban de il... E il baduaba, outivo, pol'os fiadeiros y-as corredoiras, decote, c'aquil estadullo de freixo curtado nas ribeiras do Sil.

"Morréu côs ollos remelados cara ô ceo, cando iba a botar unha ollada de lume que queimase as estrelas. A noite pechoulle as portas â lúa, que ficou arreguizada de friaxe e saudade tras da fenestra opaca da escuridade moura. Y-aquil salayo derradeiro fixo tremer as fauces da montana e chorar bágoas de froitas recendentes a todol'os albres do val. ¡Ouh! Non cairía, non, aquila noite maldizoada, si non levara a testa acugulada por vinte netos de viño tinto de Celeirón.

"Alí quedóu ¡Coitado! Ninguén se estreveu a chegarse preto do seu corpo lívido, porque o gardaban catro demiños de rabo longo, de rabo direito, saído por un burato das calzas bermellas, que, cal n'unha nova Noite de Walpurgis, beilaban unha danza tola arredor de il... Até que da terra mollada escomenzóu a sair aquela luz branquilente de leite callada que inda brila alá lonxe, alá lonxe...

"Foi a navalla cobizosa de Roque de Outeiro, máis certeira e boa mayestra que o seu tranco de freixo, que o seu coitelo de cachas albas. (Ouh, Olaya, Olaya, qué mala fada cho levóu! Pon sete lutos sóbor de teu corpo de raíña, que ô pé de un carballo, na romeiría de Santa Tecla, lle xurache que soyo pra él habías ser! Pon sete lutos, pra que non chegue a luz do Sol a bicar ise teu coiro de pel de pavía! Faino, Olaya, que morréu por tí)

"A Olaya foino buscar ô fondo da presa do muíño, c'unha pedra de catro arrobas pendurada do pescozo, y-o seu curazón grolo pendurado do fío infindo do amor.

"Ninguén volvéu a saber máis de iles. Soyo unha vella que tangue o gando pol-a faldra da serra dí que os viu un Miércoles de Cinsa, voando c'unhas âs de muricego que tapaban a lúa, apegados os beizos en lúbrica xuntanza, botando lume pol-os ollos, pol-os cabelos, pol-as orellas, pol-as maus..."

(14-09-1946)

Evaristo Correa Calderón [20]

A Perdida

Chegou xunto ô vello, que levaba da corda unha vaca marela pra que pastase-nos cómaros da cortiña.

—Papai, acaba de chegar.

—¿Túa hirmá?

—Sí, papai.

Foron andando cara a casa.

—¿Y-el cómo ven?

—Ven enferma. Da dó.

Calaron.

—Non lle reña vostede, pai —dixo o rapaz—. De abondo padesceu na sua disgracia.

O vello tiña unha traza nobre e honrada, y-a testa ruza, branca como o bico do monte.

O rapaz tería quince anos. Seus ollos eran pretos, grandes, tristeiros, como se mirasen pra dentro onde había unha cotián tristeza prematura.

Rubiron â casa pol-a escaleira de pedra. O entrar na cociña cegounos a penumbra, chea de chamizo. Pol-o ventano entraba a craridade de un peisaxe de un verde mollado e de un dourado de outono. N'unha parede, unha cruz de madeira pintada de negro.

---

[20] Natural de Lugo. Escribió en gallego y castellano y colaboró en la Prensa regional y de Madrid. Acusóse muy joven en "La Idea Moderna", diario de dicha ciudad, y doce o catorce años más tarde abandonó la amena literatura, para la que demostró poseer excelentes cualidades, y apareció después, aunque no tan abundantemente como en un principio, produciendo trabajos de otra índole. Ingresó en el Profesorado de Institutos de Enseñanza Media y actualmente es titular de una cátedra de Literatura en Valladolid.

Publicó en castellano: " El milano y la rosa" (Lugo, 1924); " El arte racial de Suárez de Couto. Notas de estética gallega" (Lugo, s. a., 1925?), con dos dibujos y dieciseis reproducciones de las obras de este artista;" Notas para un magisterio idealista " (Lugo, 1927); " Indice de utopías gallegas "(Madrid, 1929); colección de artículos; Lengua española y literatura. Primer curso (Lugo, 1937); "Lengua española y literatura." Segundo curso (Lugo, 1937), en colaboración con Filgueira Valverde, y " Baltasar Gracián." Obras completas. Introducción, recopilación y notas (Madrid, 1945), estudio éste que constituye un modelo en el género.

En gallego dió a la Prensa: "Luar". Contos galaicos, número 12 de "Céltiga" (Ferrol); "Conceición sinxela do Ceo" (Santiago, 1925), novela corta; "Margarida a de sorrisa de Aurora "(Coruña, 1927), cuento y " Ontes" (Lugo, 1928), versos.

En su ciudad natal fundó y dirigió la revista de arte joven *Ronsel*.

De la significación de Correa Calderón en las letras gallegas dice lo bastante el bello cuento que hoy publicamos.

A perdida estaba sentada na lareira, côs cóbados postos nos xionllos e a cabeza desguedellada sobor das maus.

Ô ver entrar ô pai, axionllouse, tendendo os brazos, cramando:

—¡Meu pai!

O vello contestou secamente:

—¡Érguete! Non tes por qué me pedir perdón. Eu non son teu pai. ¡Merescías ser filla de cas!

Volveu a se sentar, acochando o rostro antre as maus.

O pai, ergueito e implacabel, iba lostregando sobor da testa de ela as verbas terribels.

—¡Vaite de ista casa! Non é ésta a túa nin nos somol-os teus. ¡Tí eres unha loba que andas ô riceiro!. ¡Vaite pol-os camiños!

—¡Ai de min!

—Vaite; non eres digna de nosoutros. Maldecímoste. Erel-a muller maldita pol-o seu pai.

—¡Ai de min!

—Cando te fuches a servir ô pobo, díxenche: "garda a túa honra". Mais ti despois vendíchea nas esquinas.

—¡Ai de mín!

—¡Ben decía eu que eras coma a ventoleira da cas rectoral! Nunca te houbera deixado ir.

—¡Ai de min!

—Desde estoncias a disgracia veu a nosoutros. Ista cas tiña unha mala fada. Todos renegaron de nós.

—¡Ai de min!

—Un día teu hirmau...

—¿Xoseín?

—Sí, Xoseín. Un día Xoseín foi de romaxe a Combarro. Bebían viño os mozos. Algún estaba xa borracho. Un, que volvera da cibdade falou de unha muller que andaba arrastrada pol-os lugares da mala vida. Teu hirman botouse a el, c'un coitelo na mau, e chavuñoullo no curazón. "¿E verdade?", preguntoulle cos ollos agrandados. "Xuro que é verdade. Eu mesmo..." "O arrincarlle o coitelo do peito caíu morto. Teu hirmau correu espavorido. Inda viña coas maus cheas de sangue, e

díxome: "Mi padre, acabo de matar un home". "¿Qué fixeche". "Dixo que a miña hirmá era unha muller do pan".

—¡Ai de min!

—Perdoáronlle a pena da vida, mais ten que penar pra endexamais no carce.

—¿Xoseín?

—Sí. Cando fun a velo cantaba tras da reixa da xanela. Chorei. ¡Toda a súa xuventude morta! ¡Mais garrido e mais danzal!

—¡Ai de min!

—Túa mai... ¡nunca te houbera levado nas illargas!, túa mai morreu de tristura.

—¡Ai de min!

A voz do vello enchérase pouco a pouco de tembrores de emoción.

—Túa hirmá...

—¿Margarida?

—Túa hirmá foise como esmorecendo, póndose esvaída. Un día atopámola morta, mesmamente que unha frol.

Quería chorar, a cabeza entre as maus, mais non podía. ¡Xa non tiña bágoas pra chorar!. Doíase saloucante:

—¡Ai de min!

—Aqueles diñeiros mal ganados, ganados vergoñosamente, serviron pra o enterro. ¡Eran unhas santas as probes!

—¡Ai de min!

—Todal-as disgracias viñeron sobor de ista casa, como un castigo de Dios. Os gandos morreron de mala morte... Unha vaca desbarrancouse, outra comeu unha mala herba. Non valeron alicornios. Só nos quedou a Marela pra manternos. O can deulle a onda e marchou pol-os camiños...

—¡Ai de min!

—A facenda comérona os lobos...

—Que eu mesmo o vin —dixo o rapaz—. Era mal inverno e baixaban manadas de lobos até o pobo. Unha tarde volvía eu sô coa facenda. Os outros pecoreiros, fuxían de min, facendo bulra e

riso, porque era hirmán teu. Escurecía mais axiña que outros días. Xa era cuasque de noite, y-eu inda viña pol-o prago. Ô cheagare ô Colmeal seguíanme dous cas negros. "¡Ai, se estivese eiquí o Lindo", pensaba. Mais os cas mouros escomenzaron a oubear. Deume medo. Había un silenzo inmenso.Ô lonxe responderon outros oubeos. Eu sentíame sô. Os outros pastores xa deberan chegar ô pobo, e xa haberían repartido a facenda pol-as portas das casas. Escomenzaron a me rodear cas mouros. ¡Ai, Señor! Comprendín que eran lobos, e empecei a dare dente con dente. Coidei morrer. Nubráraseme a vista, pro vin fuxir âs ovellas pol-o monte e correl-os lobos tras de elas, despedazándoas. Non sei cómo fixen fogo nos toxos. O lume iluminou todo o monte, e vin fuxir ôs lobos arrastrando âs ovellas pol-os dentes. Veu o vento da noite e levou o fogo â seara y-ô pouco tempo alcendeuse todo o monte n'unha grande labarada...

—¡Ai de min!

—Mentres durou a noite quenteime ô lume, porque non tiña valor pra volver sô. A mencida, en canto se viu craridade sobor do Fontarón, púxenme en camiño. Algunhas ovellas viñeran a morrer â porta da casa. Outras viñan escarnidas y-esgañifadas. Tiveron que matalas. Padre fora â feira de Aday, pra vendel-a mula, que había que pagar ô amo...

—¡Ai de min!

—Unha noite —seguiu dicindo o vello— unha noite de tempestade... Non había estrela algunha. ¡Santo Dios, que noite! Mesmo parescía desfacerse o ceo sóbor das nosas testas. Xa íbamos deitados. Ceáramos mal. Eramos dous homes sôs. Comíamos ou un codelo de pan de centeo ou uns cachelos mal cociñados. Eu díxenlle a iste: Imos a esconxural-o trono, e imos rezar a Santa Bárbara bendita. Cando estábamos rezando caíu un rayo, retembrou o mundo sobor de nós y-estalicaron as polas de unha árbore, mesmamentes que cando anda o diaño pol-as carballeiras. A mañá atopamos fanada y-esgazada a nogueira da eira. Outro día caíu a casa pol-o lado do loureiro do eixido. A Man Grande derramaba, salmoira sóbor das nosas feridas. ¡Señor, aplaca a tua ira! ¿Que non había de cegar, por non ver tanta disgracia ô meu redor! ¡Que non había de estar debaixo da terra!

—¡Ai de min!

—E todo foi por ti. Ti botaches cô teu pecado, unha maldición sôbor de ista casa. Vaite, vaite, trael-a disgracia, acarreal-a disgracia.

—¡Pai!

—Non me chames pai... Vaite por onde viñeche.

—¡Perdón! ¡Pol-as faternas que padescín, pol-a fame que pasei, pol-as doencias que sofrín, pol-o que me inxuriaron, pol-o que me escarneceron!...

—Vaite de ista casa honrada, denantes que outra nova disgracia veña sobor de nós.

—¡Ai de min!

Como deita unha fonte, estaláronlle as bágoas. Ela, que tiña os ollos secos, que non sabía chorar, tendeuse no chan, y-escomenzou a bical-os pes do pai, a mollal-os de bágoas ardentes.

—Perdón por todo o que padescín na vida.

O rapaz de pé, testigo silenzoso, esbaráronlle bágoas caladas pol-as meixelas.

—¡Levántate!—cramaba o pai. — Vaite de ista casa, que non é a túa. Ves en pecado mortal. Vaite de ista casa —e coa mau dreita, exoita, siñaláballe a porta, chea da luz de fora.

A Perdida ergueuse, colleu o seu fardelo de roupa, y-en silenzo foi andando hastra a porta.

O cheiro que a arrodeaba enchera de ledicia o ambente negro.

No marco da porta, cheo de craridades, destacouse a sua figura. Era unha muller xentil, vestida c'un traxe de percal de coores.

Quedáronse tristes véndoa marchar.

—¡Boh! —dixo o pai.—Dille que se quede...

(04-IV-1946)

Romaxe

Eran sete mozos outos, roibos, barudos como sete carballos. Tiñan os ollos craros. Chamábanse Froilán, Valente, Cosme, Cibrán, Alonso, Vitorio e Xoseín.

Iban a todal-as festas os sete xuntos, circios e fachendosos.

Vivían en Cernadas, unha aldeya de catro casas —a súa, a mais fidalga, con dous palenques na aira, aleixada, antre as nogueiras— no cimo do montouto. A carón da aldea comenzaba unha grande arboreda de carballos e castiros, que bruaba solemnementes cando andaba desbocado o vento.

Os sete mozos baixaban a cortexar ôs vals: a Resobil, ô Couso, a Furco, a Jurís, o Querrugal, o Satadal, y-eran noivas súas as rapazas mais lanzales e belidas.

Os mozos das outras aldeas tíñanlles senreira.

—Son coma lobos. Veñen o val coma lobos famentos, a levarse as rapazas mais churrusqueiras.

Xoseín, o mais novo, prendárase da filla de Martiz de Satadal, y-ela sorríalle.

Era belida asieu. Tiña a faciana redonda e fina e roibén, e unhos ollos mouriños e tristes.

Xoseín baixaba a decotío, pol-as noites, a cás Martiz. Os pais da rapaza vían con bos ollos aquil amor.

Ô redor do lar íbanse xuntando algúns veciños do lugar. Os vellos falaban do tempo, dos gandos, das feiras. As vellas fiaban e facían beilar o fuso. Os noivos arredábanse e falaban amodiño.

Estoupaban as castañas na lareira.

Don Rosendo de Martiz iba ofercendo cuncas de viño.

Ô decatarse os mozos de que Xoseín era noivo da rapaza, agardárono, noite mediada, na canteira do Caselo, un lugar sombrizo e soedoso, por onde tiña que pasar.

Había un mozo que a quería, y-ela desdeñárao.

Xoseín iba cantando ó chegar á canteira do Caselo.

Os mozos botáronse a il, cheos de carraxe. Il defendeuse arruzadamentes, có fungueiro de un carro, un estadullo de carballo.

Eran moitos e vencérono. Cando o deixaron derrubado, cheo de sangre, fuxiron.

Xoseín, ô ter acordo, viu que lle sangraba a testa, e arrastrándose foi até unha fonte que cantaba preto. Bebeu con degoro e despois lavou as feridas. A pía, un penedo cavado pol-a auga, encheuse de sangre.

Bambeándose chegou a Cernadas. Iba aparescendo o lubricán. Froilán cantaba na aira.

O vel-o ferido chamou a berros ôs outros hirmaus. Antre todos iles limpáronlle as feridas, botáronlle árnica, vendárono.

—Hay que vingarse —dixo Froilán, que era o maor.

—Eisí que se pechen as feridas. Quero ir eu —dixo Xoseín.

Longo tempo estiveron os sete hirmaus sin baixar ós vals.

Cando se ergueu Xoseín —inda estaba macio— dixo Froilán:

—Hai que vingarse.

Os poucos días iba a se celebrare o romaxe da Virxen do Carmen en Satadal.

Vestiron os traxes mais novos, y-entraron no romaxe tesos e lanzales.

Os mozos da parroquia fitábanos con receo.

O pórse o sol, cando os aldeás íbanse pol-os camiños cantando, Froilán apartou de malos modos, con xeito altivo, a un dos mozos, que beilaba coa súa noiva, e púxose a beilar co-ila

Xa ficaba pouca xente. Somentes as rapazas mais festeiras, y-algúns aldeás que arrodeaban un pelexo de viño.

A música da gaita e do tamboril íbase alonxando.

Foi quedando só o campo do romaxe, â soma dos castiñeiros.

Fóronse acercando os dous bandos, cantando cantos de desafío, cantos toscos.

Oucíanse berros de valentía, berros guturaes.

—¡Herballo!

—¡Ouh!

Arremetéronse con fogaxe, con furia, cheos de instinto de crueldade.

Sentíase o barullo da loita.

Era noite pechada.

Estiveron loitando longo tempo.

Saíu a lúa roxa por riba de unha montana moura.

Había algús mozos derrubados, antre pozas de sangre.

E Froilán, que era o maor, víu que Xoseín estaba morto ós seus pés.

Estivera petándolle na testa c'unha pedra enorme, sobor das feridas inda non pechadas, cego de xenreira, borracho da vinganza...

(10-09-1946)

Álvaro Cunqueiro

Poesía de Iglesia Alvariño

"Cómaros verdes", de Aquilino Iglesia Alvariño, atópame tras unha leitura de "Situazón da poesía" de Jacques e Raíssa Maritain, divagando baixo a choiva mindoniense sober o tema "poesía", dándolle voltas ao véo, e, coma sempre, desesperando de coller o novelo pólo fío. A poesía de Iglesia Alvariño trae sempre para mín, dende aquel inolvidábel "Corazón ao vento", craridades que me axudan e reconfortan. A verba "craridade" é unha verba a repetir sempre que da poesía de Iglesia Alvariño se fale. Il é, dende a amendoina misma dos seus poemas, un portador de crarida-

de: Iglesia Alvariño dá craridade, e daia asegún a pretensión de Rimbaud. "O poeta é realmente ladrón do lume; si o que trae de embaixo tén forma, dá forma; si é informe, dá o informe", etc., etc. Iglesia Alvariño trae, de embaixo, craridade, tanto nun senso literal coma no que toca ao miolo do misterio poético. Si no poema "Aló en Lamanide", v.g., a craridade é virxiliana, literalmente virxiliana en outros dez poemas, a craridade é o produito dunha descoberta inxenua e total. E compre decir, porque non é cousa de entenderse a medias falas, que eu chamo "craridade poética" ao feito de regalar aceso n'un conxunto de verbas iso que ninguén sabe o que é, por que todos, maravillados, chamamos poesía, e sabemos aredrar do que ainda nún poema, non é poesía. E si digo "craridade virxiliana", falo dun dos máis fermosos mundos poéticos, e xa non sóio poético íl, que ao home lle haxa sido dado coñecer, no cal, e xa non dende agora, o Iglesia Alvariño eisixe, dende o seu poder de creazón, o máis puro e nobre que encerra. E ben: outros —algúns, pra mín, tan amados coma o Rilke— asolagan as suas verbas nas trevas; Iglesia Alvariño envolve as suas en luz. N'outro senso, dende outra ribeira do río da poesía, hai nas letras galegas a grande craridade pondaliana. Pro na ribeira onde Iglesia Alvariño escoita o sono do mundo, o misterio é máis humilde, vago, feble e inapresábel.

Si eu tivera agora sober da poesía en sí algunha que outra noción crara, dúbido que deixara pasar ista ocasión sin decir todo o que, ao meu parecer, a poesía de Iglesia Alvariño é e siñifica, non sóio nas letras galegas, sinon nas letras universaes. Pro non ouso tal, e conténtome con decir que sigo nos meus trece como o papa Luna nos seus; trátase dun crásico, do único, quizaves, que o sexa entre nós, e dun dos máis puros e reveladores poetas que ao noso tempo en calisquer lingua ou lugar, lle sexa dado escoitar... Si todas as miñas ideas sober da poesía se me puxeran no maxín tan aparentes e certas como isto que afirmo, penso, amigo Luis Trabazo, que as nosas conversas madrileñas terían a final e puntual acrarazón que merecen. Pro non me non quedan xa máis que trevas sober da poesía, i-a miña propia, que sería o xeito máis adoito de espricarme, é xa unha chave escura e vagabunda que nin a mín mesmo me deixa abrir, no espeso i-enorme muro das verbas, o ventano de luz que anceio.

(29-I-1948)

Eubensei

Hai festa no esteiro

Os sinos ledos e cantareiros de Santa Mariña tocan a "terceira". Hai que se erguer a presa, denantes que toquen a "entrada"; con esa presa un pouco asustada e perguiceira de forasteiro surprendido na ledicia do sono, ao que de súpeto as badaladas mañanceiras da eirexe de Solleiros, alancando no ár cariñento e lavadiño da mañán domingueira, lle lembran a consina saudosa:

"Cantan os galos pra o día"
"Érguete meu ben e vaite"
... ...

Craro que estes galos da espadaña de Santa Mariña son outros galos e ademáis andan pol-a "vella".

Hai que rubir a congostra por antre os milleirales mollados na noite, vizosos na mañán, mesturados na procisión de mouras mantillas de estameña compartindo o coro fugado dos curteses "bos días".

A curtesía dos esteiráns é tan fina como o corpo lanzal das suas mozas donairosas e tan franca como a mirada crara de estes homes afeitos aos longos hurizontes de todol-os mares.

O adro de Santa Mariña ofrece, baixo a bóveda trunfal dos seus carballos, un repouso místeco e ledo, señorial e íntemo, para o devoto madrugador, que pode contemprar plácidamente, alá embaixo, no esterio do Río Maior, fachendoso e breve, n-esta mañanciña de Nosa Señora, a folla de aceiro da ría deitada na praia.

Os pantalós brancos, impecables, de Fidel, o cordón roxo de cofradía inanimada abranguendo a cintura fornida de Fernández Cobas e a indumentaria anacrónica dos fillos de Beiras, atrae a atención total dos ollos bichos de todol-os picariños que nos arrodean pasmados.

Alá ven o Goñi coa sua recovaxe e sua "Noite" no peto alancando a encosta para estrenar o día.

Dempois da misa o cimenterio ledo de Santa Mariña, encetado de frol bermella que semellan pingas dos curazós dos mortos fuxindo do pudrideiro da terra, saudosos de brisas mariñeiras, énchese de vellas e mozas que axionlladas nas tampas das sepulturas ou ao pé dos nichos branqueados, dempois dos tres bicos longos e chillóns, fican nun palique mudo cos seus difuntiños. A sua mirada fixa e ausente parece adiviñar respostas e consellos dos seus antergos, embarcados no navío da travesía do iñoto confín.

No adro discuten os vellos de cousas do mar. Alí están tamén o "Patujo", o "Rachelo", o "Mariñán":

O "Patufo": —Eu dígoche que o "Lerdo" é mariñeiro porque nasceu no mar.

O "Mariñán": —¡¡Bo!!, ¡¡bo!! No mar tamén nascen os peixes e nin por eso son mariñeiros.

O "Patujo": —O que quero dicir é que a pesares do percance da Creba o "Lerdo" é un patrón entendido.

O "Mariñán": —O que é o "Lerdo" un "naranjero".

(En Esteiro somos "naranjeros" os forasteiros que presumimos de homes de mar e os homes de mar que se asemellan aos forasteiros).

O "Rachelo", home atildado, canteiro, mariñeiro, filósofo e sancristán, remata o lerio con algunha sentencia:

—Mariñeiros todos somos porque comemos das redes.

Remata a primeira parte do programa d-este día de "festa" en Esteiro, ciscándose a parroquia pol-os camiños do Maio ou do Creo, ou enconsta abaixo mainiñamente entre o rosario de adeuses.

As olas perguiceiras fretan na praia, quediñamente, e saca o sol os primeiros brilos a esta fouce de aceiro.

Oucese unha múseca nova e saudosa; é a múseca do silenzo.

Pol-a serán un eispeitáculo imprevisto creba o impoluto silenzo. Unha flota de pequenos balandros —un "Anduriña" e un "Pirata" entre eles— atraca na praia, locindo suas brancas velas e finchados foques (que non son "foques codesos do codesido máis ledo"). O berro multicolor dos seus gallardetes dan a nota brilante e máisima da tarde de festa en Esteiro.

Saltan a terra mozos "Tarzán" e nenas "swing" entonando canciós bambeantes como aleves e fracas palmeiras. Non é un aturuxo baril aquel berro; é un longo sonido "filmado" na selva do seu esprito civilizado.

A praia está sementada de picariños atónitos e riseiros que esparruñan na area e desfanse en grotescos pinchagatos ao vel-os.

Pol-a noite as mozas, garridas e fresqueiras, en ringleiras de seis ou sete, abranguidas das maus, pasean por diante dos coros dos mozos que marmulan diante da taberna.

(03-IX-1946)

O HOME E A SARDIÑA

PASOU a froula doente, empuxada por un lóstrego de surada, cara a Portosín.

Na "punta do bico" do areal ainda siguen medoñas e varadas as pequenas embarcaciós do "Gruño" e do "Faldrán", guindadas como galorchos na area da praia. Outras fican ao pé dos peiraos de Somorto, como pitas novas acollidas aos poleiros de pedra da ribeira, asustadas por esta voamar.

No Petón, na Quebra, na Filgueira e na Cancelada sigue pitando con forza o mar que ergue fachendoso o seu refaixo azul, turbado, para amostranos a ardentía dos seus flamantes encaixes.

N-amentras o sol, xa canso, fai un derradeiro esforzo por furar a tépeda pelica cincenta do ceo, e ainda chega a tempo, antes de se deitar, para arrrincar un esvaido brilo a este ondeante e fresqueiro prado que semella a praia, "camuflada" pol-o verdeio que trouxo a marisqueira.

A xente do "Aldán", perto do Petouto, coas suas roupas arrombadas nas panelas e o forzado disimulo das suas chanzas, arrodean co "Rachelo" que, cos seus ollos pequechos, fisgadores, espetados no ceo, lles pronosticará o "pode ser ou non ser" do tempo que nos agarda, con estas nubens a "rebozo".

O "Rachelo", home asisado, bo "cristiano" e pillastrán, non cree na astronomía mais cree, en cambeo, nos astrónomos, homes sabentes que a nadie trasmiten a sua cencia infusa porque dí que eles somentes a venden a "precio de calendario".

—Este tempo virandeiro e a "lanchiña" non nos deixa vivir —dí o "Cabeo".

—¿E logo? —pergunta un "forasteiro".

—O peixe vense enriba das pedras e non hai aparellos que resistan.

—Dí o "Faldrán" que a xente d-eiquí sodes uns "baloqueiros" da montaña, pro que non sodes quen para "matar" catro caixós de sardiña n-unha escurada. —Espétalles o "forasteiro".

—Si a lanchiña nos dera sosego "mataríamos" tanto como os de Fisterre.

—E logo ¿"Rachelo", tí que dís? ¿A "bomba" fai mal ou non á sardiña? —Síguelle tirando da língoa o "forasteiro".

O "Rachelo" peitea co reverso da man o seu bigote académico; engurruña os seus ollos chiscadores; bota a boina pra diante e vólvea para atrás; cuspe entre dentes como un xiringazo; mira paternalmente ao coro dos seus "discípulos" que o miran arroubados e o escoitan sin pestanear porque, asegún un d-eles dixo:

—Vai falar "Santo Tomás".

E o "Rachelo" escomenza así o seu discurso:

—Veredes ¡meus homes!: hai que ter sentido do que é o mar. Alí no fondo hai un mundo como o de eiquí. Si nos non fóramos a "matar" o peixe coallaríase o mar que remata n-unha masa apodrecida. Si non fora o cañón, o mundo dos homes sería tan estreito que teríamos que camiñar coas maos ergueitas ao ceo. E, ainda coa limpeza que os cañonazos fan na humanidade, temos que arrempuxarnos para apañar unha códea de pan. Uns temos que desaparecer pra que coman os outros, sempre en proporción ao número de famentos. ¡Eso son as guerras!

Volve a cuspir como un disparo e sigue:

—Esto é no caso qu-a "bomba" mate a sardiña, que de matar mata moi pouca; a percisa para que outros peixes coman. Tamén ahí enriba, no Maio, os labradores, do millo que eles colleitan para a súa mantenza, arredan uns cantos ferrados que lle tiran ao porco.

Surprende co a sua ollada pícara mirares de babiós e pergunta con aire de cadeirádego, dirixíndose ao "forasteiro":

—Mais, ¿qué é a "bomba"?: a coarta parte de un barreno, con dez centímetros de mecha e unha pedriña que se lle amarra pra que, ao botala nas chaves das redes, estrale as trinta brazas. Pode a onda que colla o peixe amocar algún, mais o peixe canda se dexergue anda perto das quince brazas; sinte a fervenza da i-auga e recóllese lixeiriño dentre das chaves.

Mirade un día de festa en Santa Mariña: o estoupo dos foguetes espantará os paxaros todos do aredor, mais ao día seguinte volveredes a ouvir o rechouchío das bandadas de estorniños nas suas carballas, como si tal cousa.

Craro que a sardiña non fuxe pol-o estampido, porque ademáis de que o ruído dentro da i-auga e a trinta brazas é moito menos que no ár, a sardiña teño pra min que non ouce, soio ten sensibilidade.

Xa o "Cabea" non pudo conterse máis e rompeu a compostura. Nas cousas do mar tiña él que dicir sempre a última palabra.

—¿Quén che dixo a tí que a sardiña non tén "sentido"? E logo, ¿non se arretiran e ben de presa cando lle largas o "pandullo"?

Mírao con sorrisa de superioridade o "Rachelo":

—Non é o estrondo do "pandullazo" o que asusta a sardiña; é a "onda bibradoira" que a fai arredar do seu punto. Non ouce sinón que "sinte". Lembrarvos do mudo do Maio, cando seu pai o chamaba petando cos pés no sobrao; non oucía pro "sentía".

Esgotóuselle a pacencia ao "Cabea" que máis que de labia do "Rachelo" presume da esperencia dos seus anos:

—¡Home!, ¡Home! Non me amoques. ¿E vas a comparar un home c-unha sardiña?

O coro discordante e unánime das carcalladas quebróu o discurso do "Santo Tomás".

(19-IX-1946)

No tren das leiteiras

Cando dan os tres cuartos para as doce, orgaízase puntualmente, unha curiosa i eispontánea "carreira de calderetas", Hórreo abaixo, con múseca barulleira de cencerrado. Son as mozas garridas, lixeiras e airosas de Ames; e Calo e Bugallido, que botan a sua inevitabel "carreiriña de can" cara a estación nova. Coas suas tres ou catro calderetas vacías enriba da testa, semellan ledos cabezudos con cacholas de folla de lata sonando a choco, en arroutada carreira.

As mais madrugadoras, dentro do caixón barnizado de terceira, danlle azos cos seus berros e ás corredoras "colistas":

—¡¡Carmen!!; ¡¡Manuela!!; ¡¡Correde!!, ¡¡Correde!!

Xa a máquina lanzou a sua chamada angustiosa, derradeira, e ainda as compañeiras de terceira, siguen dando azos ás rezagadas leiteiras que non deixan de correr medio afogadas cos pulmós na gorxa:

—¡¡Correde mais!! ¡¡¡Correde!!!

¡Ai, demoro!, e ¡dimpois ainda dín que o leite é caro! —excrama enrabechada unha que chega.

Ao fin o tren das doce, puntual como as leiteiras, decídese a saír as doce media.

—Non muller non cerrramol-o trato que o home ese eche un comenencias. O meu porco eche moito porco, e doume moitos traballiños crialo. Tenche no papo moitos ferradiños de millo, e bos cestos de patacas.

—¿...?

—Non filliña non. Na miña casa nin porcos, ¡nin nós!, ¿sabes?, andamos co "racionamento".

—Mirade mulleres o qué dí eiquí o Diario: O día 15 é o final do prazo para poder vender queixos e manteiga. Dende o día 16 serán "incautados" (?) —debe ser que os inutilizan— os que se atopen no mercado.

—De aquela haberá que comer algús.

—¡O qué tal se discurre para facer engordar o leite!

—Sí, sí. ¡Vaiche boa!...

—¡Carmen!, berras mais que unha "radio"; axordas o tren. Tamén nós queremos falar. Estate un pouco calada, ¡muller!

—Fago ben; si berro é porque podo. O que eu digo pode oil-o todo o mundo. Pra eso vos qué non sei que tratos vos traedes en segredo. Deben ser segredos de caldereta.

—¡Escoitade!: ¡Qué boa farra ben oxe en "Cousas da Rúa" co da "Vaca leiteira"!

—¿Métense con nós?

—Non, métense coas "vacas".

Din que se nos van revirar porque lles damos "un feixe de herba verde, fría e mollada"...

—Eso querche dicir que o leite que levamos é floxo.

—Estes condenados saben tanto coma nós, pois teñen razón, que por eso ben se nota cando van mantidas a concencia.

—Tamén dí que as eisplotamos, porque en cámbeo nós, ao exmuxicalas sacámoslles bos cartos vendendo a nove patacós o dedaliño de leite.

—Pois ainda o teñen de pagar mais caro. Hasta que suba tanto como o viño.

—¡Muller, si chega a "subirse" tanto como o viño..., ¡mais conta!

—¿E cánto non val unha "bata" e un par de zapatos?

—Non digas, pro a roupa non subeu tanto como o de comer. Unha bata cústache sete ou oito

pesos e tes "bata" para un ano; un par de zapatos xa non é malo por dazaoito pesos e turra o mesmo tempo; en cámbeo un litro de aceite cústache o mesmo e vaise como o fume. Non digamos o sucre, o café nin o arroz e todo o mais.

—Sí; aos de aldea moito pedirlle que baixen os hovos, que baixen o millo, que abaraten as patacas; pro de "racionamiento" non entenden e temos que ir por, todo, ao "estraperlo". Todo á ser a forza de pesos.

A conversa faise tan vulgar como a dos casinos, ou das sobremesas. E menos mal cando non son conversas de aperitivo, que as nosas donas utilizan con moita forza sugestiva para que, sin darnos conta, apretemos o cinto.

Chegamos á Escravitú, onde nos espera Misa cantada; procisión, música e foguetes; pero tamén a maravillosa visión de moreas de moletes de pan trigo, cestas de arrecendentes empanadas, caldeiros acugulados de apetitoso pulpo, queixos, froitas e rosquillas a eito...

—Vendo todo isto enchémonos de gozo e de pena. Cavilamos nas verbas do bello petrucio que respondía solermiñamente ao noso pasmo:

—Non é que haxa o que se dí fartura, fartura. E que, si non se come, apodrece.

(15-10-1946)

O PODER DO MIMETISMO [21]

Coido que M. Blanco Tobío é un bon periodista; ao menos eso é o que se dí de él cando non trata temas "galicianos" .

Un home inquedo, culto e aleve lanzado pol-os roteiros do periodismo ten moito andado para ser bon periodista, asegún parece, si además de todo eso leva dentro de sí a condición de ser galego. E o ser galego por dentro non é calquer cousa, tanto que o deixal-a esquecida na porta do primeiro bar, denantes de escomenzar o primeiro rosario de grolos de "cócteles" de Gavira non tendo a man a i-auga da "Fonte dos Tornos", poño por caso, para refrescar a caluga e anovar a memoria, pode trocar o senso das ideas de calquer home, por forte persoalidá que teña, ainda que esté afincada na sua condición galega.

Por eso o periodista galego que houbese aberto o cogollo da sua prosa na Prensa de Madrí, dempois que a sua pituitaria deixara de perceber o rescendo do zume da Terra, a zorza das suas ideas no tocantes a ela, ao pasaren pol-o embudo de Montefurado trocáranse en chourizos longos con retorceduras salomónicas. Algo así como embutidos "galicianos".

E d-aquela cando, para recobrarse, necesita emigrar ou voltar definitivamente á Terra, fuxindo das lunáticas "capillas" literarias, verdadeiros "ombligos" do máis descarado narcisismo, escolas púbricas de mimetismo.

---

[21] Alonso Montero atribúe este texto a Ben-Cho-Sei; X. R. Fernández-Oxea, *Galicia no corazón*, Sada - A Coruña: Edicións do Castro, 1977, p.19.

O escritor, o periodista especialmente, necesita de outra condición esencial para conquerir o trunfo: a orixinalidade solvente.

Eu teño matinado moitas veces que esa propensión do galego no mimetismo ten unha gran forza, moita máis do que a ponderamos, e unha forte infruenza na evolución das ideas do noso pobo, con fondas repercusiós históricas.

A xente de Galicia foi deixando de falar galego, poño por caso, engaiolada por aquel falar "fino" dos señores da terra" que fuxiron detrás das "capillas" cortesáns e políticas de Madrí e que volvían, unha vez ao ano, para cobrar rendas e foros, dende que o señorío galego, iñiciou a súa evasión na alta noite da Frouseira.

E sigue o fenómeno, ouservado hoxe por mín na miña criada que é de Boimorto e mórrese por latricar co mancebo da tenda da esquina que é de Villalón:

—¡Qué fino é! ¡Qué ben fala!

Os nosos emigrantes que van pra fora sin saber lér nin escribir, si voltan fracasados ao pouco tempo, teimarán por falarvos un "cortado" castelán, e haberanse esquecido xa de cómo se chama o angazo, do que ainda conservan talos nas maus: ¡Mimetismo!

Si voltan trunfantes ao cabo de moito tempo e acadaron unha outa persoalidade, coa forza da saudade, a forza mimética haberase revirado; as ideas, máis ou menos "galicianas" voltáranse máis craras e gozáranse d-un galego brilante e dourado como as leontinas, casi "colonial".

Por mimetismo, por esa incrinación ao mimetismo, foi derrotado entre o pobo de Galicia a nosa canción popular e as nosas danzas. Por retroversión de ese mesmo mimetismo terá que volver agora dende a cibdade ao campo.

E por mimetismo tamén, aprendido n-esas "capillas" decadentes d-un periodismo trasnoitado, un periodista galego pode atopar máis insondable e misteriosa a prosa galega d-un "Parladoiro" que, por eixempro, a prosa engolada de Eugenio d'Ors, sumo pontífice de ese narcisismo literario.

Hasta por mimetismo se pode mercar un periódico.

E certo que Don Blas, o direitor do "Faro de Vigo", ao preguntarlle a un vello "campesino" que estaba léndo o seu periódico —esto xa non foi onte, ainda había liberales e conservadores— por qué non mercaba "El Pueblo Gallego", este lle respondeu:

—Pois mire: porque trae moitas cousas escritas en galego e eu non as entendo.

Agora que o qué non dí Blanco Tobío, ao contarnos as suas impresiós "galicianas" dende un periódico de Madrí é que o "campesino" estaba co "Faro" moi fachendoso entre as maus amostrando unha habilidade tola para leel-o do revés.

Craro que o labrego, con toda a sua retranca, minteu. El sabía ben porque mercaba o "Faro", pero calouno. El mercaba este diario por mimetismo.

(23-08-1948)

Outra volta e unha revolta

Ao falar do Diccionario craro está que temos de referirnos ao Diccionario Galego. E o Diccionario Galego a que nos referimos pouco ou case nada ten que ver cos diccionarios ou vocabularios "Castellano-Gallego" ou viceversa, ata agora coñecidos, nin siquera mais que pol-o que teñen de documentada e solvente referencia ou punto de partida, cos antigos diccionarios galegos que pasaron a ser joia bibliográfica de algún afertunado coleicionista ou exemprar raro n-algunha privilexiada e inacadabre bibrioteca.

Os primeiros somentes sirven, —e xa é d-abondo si cumpren a terceira parte de seu cometido— para acrarar dudas ou aumentar o cadal de verbas galegas de que dispón o escritor ou leitor de galego. En esta orde son dinos de ser tidos en conta, como derradeiros e patrióticos esforzos o "Vocabulario Castellano Gallego" das Irmandades da Fala (1933) e o Diccionario Galego, hoxe esgotado, de Ugío Carré, merecente do mais quente agasallo de todos os bos galegos pol-o seu esforzo senlleiro.

Mais o que Galicia espera e necesita agora é cousa de máis pulo: é unha tarefa moito mais cubizosa, que non pode facer un home soio, nin un fato de entusiastas sin mais bagagen que un ispido entusiasmo: é sinxelamente o "Diccionario Galego", non sei si tal como o iñiciou a Academia Galega que descoñezo, porque quedou envolveito n-un tépedo misterio, ou ao xeito de "Diccionario Catalán" que si coñezo ben, recentemente e envidiablemente editado. O Diccionario galego coido que irá de ser eso mesmo: índice, compendio ou fenestra aberta, o campo da nosa cultura autóctona.

Namentras non chegamos a tan cubizada e difícil meta, estaría moi ben que todos os que poideran axudaran a Ugío Carré no seu isolado esforzo para ultimar a nova edición do seu Diccionario Galego, hoxe esgotado.

E pra cando a edición de este Diccionario de Carré esté listo para levar ao prelo, mal será que unha das mellores e mais agaramidas inquedanzas do noso amigo Isla Couto non houbera xa plasmado n-a Editorial Galega, en gestación, que todos arelamos con agarimo e fonda cubiza.

Non hai volta que o Diccionario que nosoutros ambizoamos ten de ser tarefa seria, sosegada, de especialistas (tanto filólogos como biógrafos, etnógráfos, etc) que farían a doada escolma e estudo dos materiales de propea colleita e dos axuntados na "oficina" do Diccionario, suministrados pol-a colaboración entusiasta de todos os amantes do noso idioma e, principalmente, como moi certeiramente dí Rabanal, pol-os equipos de mozos estudantes —capaces de saber latín e de estudar grego— que, por certo, os cadeirádegos de Institutos, principalmente, deberían coidar de enfiar as suas aficiós cara os probremas lingüísticos, xeográficos, económico-sociales, etc. de Galicia tal como outrora se foran afacendo xa a eles, para maduralos logo no traballo sereo do Seminario de Estudos Galegos e que hoxe terían doado elito no "Instituto del Padre Sarmiento".

Folgámonos moito e ben de coincidir, en col ao Diccionario Galego, coas asisadas ouservaciós de unha das mais "craras" Nebulosas do mestre Rabanal de quen por certo estamos en déveda de algunha nova aportación para unha perfeita "filiación" de verba "parola" que aquel noso amigo, carrexador circunstancial de cebolas e tomates, nos cuspeu n-unha conversa estrepitosa no estribo do tren, como de orixe italiano.

Dempois de aquel viaxe de un sábado, abafante e queimón, él quedouse por Carril, en precura do aire salgado de beiramar das frescas fanecas enceboladas e das aguilloantes cóxegas do Sol, mentras que nos seguíamos cara as outas terras da montana, arelantes da soma espesa dos carballos, do zume gorentador dos ribeiros e do tenro cerne do xamón.

Non sei que mal vento, deica agora alonxou de onde min este meu amigo, funcionario da enseñanza oficial, que, anda sendo sómentes "funcionario administrativo" semella ter certa autoridade en moitas cousas alleas á sua propea función.

Ben quixera eu atopal-o axiña e que me precurase algunha información formal adrede do italianismo de "parolar", para trasmitirllo decontado a Rabanal, pero ainda que coido que o faría de moi bon grado e con certo orgulo de pubrical-o con firma e rúbrica moi repinicada e faroleira —si non fora pol-o seu natural reparo a unha noventa identificación co "señorito das cebolas"— penso tamén que, en verdade moi pouca cousa podía esperar noso ben querido Rabanal de un home que tanto runfa de falas fino e tan coidadoso é da pureza do idioma e por menos de nada "esmaga" o "castellano". Ao fin un encarillabre mais n-ese grupo dos "ultracorrectos".

(28-X-1949)

Manuel Fabeiro Gómez

Lembranza de Amado Carballo

Fai agora dazanove anos que-o poeta Lois Amado Carballo deixou de vivir antre nós, pra rubir a sentarse no tallo de honor que deus lle tiña gardado pol-a súa bondade e sinxeleza e pol-o amor âs cousiñas homildes, como o de aquel Santo que se chamou "Francesco de Asís". E n'esta hora, queremos que-a nosa modesta pruma lle adique a lembranza que sempre vibrou no fondo do noso corazón.

Podemos, sin dúbida algunha, crasificar ô poeta como neo-popularista, dentro do fato vangardista do sistema poético que nos trouxo a Gran Guerra: é panteista por antonomasia i-a paisaxe é pra él, como foi pra J.R.J. e Antonio Machado, mais que adobío poético, a mesma poesía tanxibre na intimidade dos nosos sentimentos.

No seu libro postumeiro "O Galo", somella poeta de-unha vella escola; fúndese câ Natureza i-en ela hacha as mais caristiosas e iñoradas sensaciós; as súas metáforas non teñen rival na poesía castelán, porque todol-os seus versos son unha mescolanza de plasticidades sonoras.

Cando dí ô galo:
Ábrelle as portas ao día
coa chave do teu cantar
que xa na fonte da lúa
está lavada a mañán.

esquence o vello tópico do galo-reloxeiro, pra convertilo, non soio en gardián da pasada noite, sinón tamén como clarín cuarteleiro chamado a diana, e vémolo levado pol-a man do poeta, por

vieiros que habíamos coidado imposibres de andar. Este neo-popularismo —aténdonos as normas do profesor Díaz-Plaja— poidera estar infruenzado pol-o de poetas de-outras rexiós de España, pero en Amado Carballo é puramente galego, como de Galiza son excrusivamente —anque non queira algún pontevedrés que pubrica artigos no "Español"— o luar, a carballeira i-o vento mareiro, e hai en él acertos comparabres ôs que deron celebridade a García Lorca e Alberti.

O modernismo do poeta é sinxelo como a nosa terra. Pra él tén vida a Natureza, pero non soio espritoal, sinón ademais, física; a lúa namórase da vela de un barco; o día dorme, apoiando a cabeza no colo da ría. No ventre da dorna que-acouga na praia, debe haber unha riola de ensoños e soidades, descimos nós, como houbo na i-alma do poeta un rebulir contínuo de rechouchíos poéticos, un amor meirande pra todo o que fixo Deus, pra o que se ve e o que se presinte. Nas cousas mais insiñificantes atrapaba un anaco de poesía, que levaba en versos de puro sabor popular as páxinas en branco dos seus libros. Podemos segurar que a Natureza i-a Vida eran pra él un libro aberto, de onde sacaba, para noso esparexemento, o que lle parescía mais fermoso. Viveu pouco. Era un escollido, i-a eles trátaos Deus de outra maneira que ô resto dos mortaes. Coidamos é o úneco poeta da Galiza que tratou con verdadeiro garimo de namorado as cousiñas que nos arrodean. A súa costume de acariñar ôs rapaciños da escola, tomou corpo real en él, e xa non había criatura do Seor indina de garimos, anque foran soio de pensamento.

A poesía de Amado Carballo chega a i-alma mellor que a propia visión da paisaxe; inda mais: o poeta creou paisaxes, estados sentimentaes, e fixo vivir na nosa emozón noivazgos de amor e paz. Foi en percura de un vieiro, que alcontrou, i-ô conquirement o de unha santa irmandade pra todos i-antre todos. Asobarda tenrura e legría. Coloca o noso esprito no intre anceiado de un acougo feiticeiro, como de Paradiso, que debe ser o úneco estado psicolóxico en que debemos soñar. Abre as mans e deixa sair de elas, como unha fervenza de maravela, os versos que arrulan a i-alma o mesmo que cando nenos nos arrulaban as canzós de berce das nosas naiciñas. Perdemos ca sua morte moitos versos, pero non ô poeta. El vive sempre nos nosos corazós, acochadiño câ quentura dos sentimentos, cuio fogo alcendeu aquel "Galo", que câ sua voz sabía tamén alcender a fogueira que quentaba o corpo frío do campo...

Pra que o leitor poida gustar estas maravelas do arte de Amado Carballo, menceremos, tan soio, algunhas de elas. De esta maneira será o artigo mais longo e nós diremos menos, porque pra falar de un de esta calidade, soio podemos facelo cô silenzo respeitoso ademirador da sua obra:

Un carrizo namorado
afogouse n'un luceiro:
chora o monte y-a campía
de loito vistiuse o vento.

("As cantigas do berce", páx. 31)

Na branca noite de inverno
acochadiño cô frío,
envolveito no luar,
no salgueiral chora o río.

("Os Reis", páx. 43)

O pano longo do mar
inxuta o suor da lúa..

("Vendima", páx. 63)

As estrelas pescadoras
maman o leite do abrente,
na cunca de pau das dornas
a escuma das velas ferve.

("Outa mar", páx. 81)

A sua morte acaescida cedo —como a de Manoel Antonio— privounos de coñecer os romances galegos, que proxeitaba, e que coidamos, sin medo a trabucarse, non desmerecerían dos do xenio creador do "Romancero Gitano".

"Proel" é un libro íntimo, porque da intimidade do poeta son seus madrigales, suas soidades, i-aqueles mañificos versos do poema "Do meu silenzo". Unhas pequenas mostras confirmarán a nosa aserzón, pero é mellor trascribir os seus versos, e non esmiuzalos, anárquicamente, privandoos da sua arte, sua estética, e quitarlle vigor a forza, moitas veces anotadoira, das suas figuras poéticas ou estrevidas metáforas.

Cando o día anda a morrer
encol do mar amarelo
e furan os seus salayos
a verde seda do vento.

("O Madrigal A Marucha").

E o herdo da nosa raza
esta mágoa de ideal;
sentir remotos degoiros,
chorar sin saber o mal.

("Saudade").

Baixo a pregaria oxival
do zarco mar dos teus ollos
afóganse as miñas verbas
que van pousar no teu colo.

("Versos do meu silenzo")

Acorado e roibo
durmíase o día,
coa testa deitada
no colo da ría.

("Sol-pôr")

No frío da praya
as dornas durmidas,

debruzadas carón da marea
n'un soño de illas.

("Noite mariñeira").

Axiónllanse os camiños
abrazados ao cruceiro,
unha azul eternidade
de pedra e ceo.

("O Cruceiro").

Quixera bañar
o meu corazón
no morno lirismo
d'un rayo de sol.

("Campanas").

O día amarelo
aboyaba morto
nas ágoas do ceo.

("Spleen").

Na maioría das veces a i-alma do poeta fúndese ca propia paisaxe, i-é entón cando abrangue a plena plasticidade idiomática e sonora, reservada nada mais que os escollidos.

Si García Lorca bebeu nas nidias fontaíñas populares; si usou dos seus modismos, Amado Carballo, converteuse na mesma esencia popular pra sentir mais fondamente a terra da súa ilusión, e soupo plasmala en mañificos versos. Entre eles non son de desdeñar as canzós de berce; e toda a obra poética d'il, colocouno nos primeiros lugares da poesía modernista galega, que soupo conquerir un destacado posto nas letras, e que hoxe, con esta pasividade tan caraiterística nosa, tencionamos esquencer.

E tan limpa e crara a poesía de Amado Carballo que nos dispensa de vagas interpretaciós como percisan outros poetas. Basta lélo pra sentilo fondamente. Prumas mais dispostas que a nosa poden estudear a sua posizón dentro de-un sistema poético determinado e a influenza en outras xeraciós.

Nós queremos soiamente que estes breves ringuilóns sexan unha sembranza —e lembranza tamén— do poeta, e que-o leitor en vez de lér un estudeo crítico, poida gustar as casi iñoradas primezas de Arte que honran a nosa Lírica.

O mesmo que Gabriel y Galán foi escolante e cantóu tamén a paisaxe i-a vida aldeán, pero fíxoo con un outimismo tan seu, que non hachamos precedente en literatura algunha. Persoalizou a legría galaica a pesar da saúde perdida, que sabía non recobraría endexamais. Foi un estoico no íntimo da i-alma i-en ningún dos seus versos deixa vislumar a tristeza que moitas vegadas debeu apre-

mer o seu corazón. Pensou esquirbir "Vidas de Santos", porque anceiaba esquirbir a sua propia vida. Pasou pol-o mundo arreitando a mans cheas o tesouro da boa poesía que soupo forxar mañificamente na zafra da paisaxe, namentres

cantan salmos as estrelas
acuñadas pol-o mar
que brúa con son de órgao
unha canzón de arrolar.

(09-11-1946)

Ánxel Fole

Trebonada na Penedía

Rachóu a carne mol da tébrega a súpeta dentada de un lóstrego. A xofrosa exalación fixo recuar arrepiados os albres i-os penedos. Como un touro doente brincóu do hourizonte un ríspido tronicio que de unha soia topada fixo fuxir o silenzo pol'os vals e pol'as gándaras.

Xa tiña a trebonada enriba de mín. Talmente parescía que lle doían os ôsos á terra, ou que Deus quixera obsequiarme con un concerdo de músega celestial.

Nas laxes dos penedos aguzaba o vento seus laios. Bruaban os piñeirals como mar balbordante de costa brava. Deus seguía manexando os lóstregos do xeito mais eispresivo e convincente. Cando baixaba sua batuta de fogo abríase a breixa ruxente dos metais do trono.

N'aquela estrana sinfonía, a voz tépeda e doce das madeiras, corre a cárrego da choiva que percute, estralante, sobor do lombo dos penedos como no circio coiro d'un pandeiro; inza, ferven-te, os regueiros con un fonxe soído de fagot.

Dempois de duas horas de wagneriano escachapeleo depuxo o ceo súa carraxe, os lóstregos lonxanos abrían fiestras de luz na mesta escuridade. Os tronos, a tróupele d'unha grea...

Asocegóu. Un enxamio de estrelas tremolóu no mouro vidro da laga. Esvaído no ár, chega-ba a mín o esprendor das luces d'unha vila que ficaba lonxe, moi lonxe.

Debruzóuse na miña i-alma unha aceda melanconía.

Xuntei fentos e garabullos pra acender unha fogueira i-enxoitar a roupa. Como a leña esta-ba lenta tardóu longo intre en arder. Unha pecha bafarada limpa e crara rebrincóu ledamente. Seu branco rodicio escomenzóu a moer a tébrega, mentras dous morcegos revoaban entolecidos ao seu redor senteime a carón da fogueira e púxenme a divagar, o cigarro pendurando dos beizos, mati-nando ser un vagamundo de verdade, como tantas veces pensei sel'o.

Fitei a luz leitosa da vila, espallada na néboa. Aló abaixo —penséi— apodrecen os homes de i-alma porca, escravizados por milleiros de cativas ruindás. Fai moitos anos que deixéi a vida

miserábel da vila por forte querencia de ser ceibe. Ser ceibe e vago como o mesmo vento, que pasa por todol'os sitios e non demora en ningures.

Unhos misteriosos bruídos trafegaban pol'as somas. Relembrei miña vida de neno. Tamén, como agora, cando me atopaba soio, no meio da noite campesía, cría ouvir bruídos estranos: cramores de moitedumes, rumores festeiros, estoupidos de estraloques, etc, que quizaives viñesen de todas as vilas do mundo. Sendo grande pergunteime mais d'unha vez, senón serían resoidos d'outras vidas antergas miñas ainda non ben mergulladas na i-alma...

Eu coidaba atoparme soio, mais unhos persoaxes misteriosos habíanse agrefado a escea, en silandeira espreitanza. Algúns tiñan unha faciana arrepiante estordegada por unha bárbara door e lembraban esas láminas que ollamos nas teratoloxías e que fan pensar que tamén, as veces, a "sabia natureza" desbarra de maneira lamentábel como calquer sabio profesor teutón bébedo de cervexa e racismo...

Había un de aspeito humán, singularmente tráxico, retorto como un birbiriquí. Sobor d'un corpo desmedrado, unha enorme testa de vinte metros de perímetro. Nascíalle no embigo unha somela de pedra. A conca do ollo ezquerdo estaba valdeira; en troques, na do dereito, tiña ao praneta Paderne, con anelo e todo. Ao carón d'él un paxaro de granito amostraba, do mais patente xeito, o xenio caricatural de Deus. Algúns d'aqueles monstros debían estaren encintos, porque cando lles batía no lombo a luz da chama escomenzaban a parir sapos espatarrados.

"Indudabelmente —penséi— estos monstros celebran eiquí asambreia pra deixar en ridículo, diante dos meus ollos, a arte de Gustavo Doré..."

Foise esmoendo mainiñamente o brilo das estrelas. Primeiro, unha páleda craror d'ambre enriba dos cumios esgrevios. Dempois, encheuse o ceo d'un tenro pálpito de carne nena. O sangue do día foi enriquentando aquela carne. A longa lediza do sol sobor das campías lentorecidas.

Tocaron os galos seus craríns de prata; batíu un paz-pallaz suas concregas, asubióu un merlo na sua flauta de buxo; cantóu, rexoubante, a laberca.

(10-IX-1946)

Aquilino Iglesia Alvariño

Noriega Varela, el poeta de las cosas humildes

Noriega rube â montaña como Mesor Francisco de Asís rube no monte Auvernia, para falar côs paxariños e coas herbas, para beber a i-auga noviña das fontes, que fixo nacer ô pe da sua erguida unha santiña milagreira, patrona de pastores e labregos.

O Poeta vai â Montaña para valeirar o seu espírito florido encol da braña montesía, para facer florecer os cardos resequidos, para colmar de óleo os faroliños dos cruceiros, para acender unha estrela en cada espiña. Porque él é a ternura, o franciscanismo que se comprace en mimar a dôr dos simples, dos esquecidos, dos débiles. Coma o Poverello, di que a Pobreza —a pobreza de

todal-as cousas— é "irmansiña da sua sangre", acordando na miña memoria outro poemiña encantador de Jacoponi da Todi.

E esto non é panteísmo, como algún xa dixo. Noriega non ama as cousas por unha razón metafísica de identidade das mesmas i-o seu pensamento, coma un discípulo de Scheling ou Hegel, nin siquera porque as crea animadas de un espírito divino que as identifique, como Xenófanes. El ama as cousas por aquela razón de concencia que a todas as fai distintas e boas, humildes, ledas, sinxelas e pobresiñas.

A divisa de Galiza, según él, non é o fouciño céltigo dos druídas, senón unha cruz sinxeliña. Porque a Galiza que él soña é como él é: "dun natural piadoso, que inda pisar un verme lle repuna".

A brétema que envolve tantas veces a meiguice ruda das cousas nos seus versos, é unha ceguiña, que sube pouco, pol-os carreiros beireados de urces e de toxos, que lle arrincan lágrimas de dôr. A piedade do poeta lévao, entón, a traguerlle nas mans unha raioliña de sol, que faga das suas baguas unha ledicia de xoieria. I-é que o poeta leva no seu corazón a ledicia visionaria dos santos, e quer que todo esteña alegre e ledo por onde pasa. Por iso lle manda â abrula que alegre coa sua risa, xocunda y apasioada, a soedade dos longos carreiros das serras.

As suas ilusións saben dos carreiriños brañegos, entre espiñas orvalladas. Sabe das noites de luar, cando as estelas se veñen lavar âs pucharquiñas erosivas dos penedos, e das noites pechas de inverno, en que a xistra degresa as mans dos picariños que voltan cô gando do monte, pra os que pide â Virxe —que, aló a deshora, está cantando na sua ermida para adormecer o seu Miniño—, a alegría do lume bailando na lareira, a alegría parva e sinxela das fogueiras de San Xoán.

I-é que él é un rapaciño máis. Discurre como un rapaz, e non lle pesa. Un vermiño de luz é pra él unha ledicia íntima, máis grande que o achádeo d'un diamante.

Mais a Montaña —ao irse borrando â tarde todos istes feitizos pequeniños— sente fondas saudades. Isólase. Reconcéntrase, adequirindo a grandeza erimítica que praz aos anacoretas. I-esto agarímao como a un meniño. E faille pedir ao sol —cheio de angustia infantil— unha raioliña, a derradeira, "pra que se rían os montes —e se alegren os penedos".

A sua i-alma de picariño sofre cando pasamos ventos, trotando como cabalos de Asia, nos seráns de marzo, esmagando os ramalliños novos i-as heroiñas cheias de baguas de rosada, en que nin siquera reparan.

A montaña, como substanza en sí, é algo duro, medoñento, que él non se atreve a pedir nidia, tal como no seu concepto a aprendemos. Ten que ter ô menos urces, i-un piñeiriño ô menos, que el enfeitará de lúa e de neve.

Lúa e neve son a obsesión dos nenos. Ver cair devagariño as folerpas —que son de prata, sentir no seu cuarto as pisadas silenzosas da lúa, que anda âs apalpadas tropezando na soma das cousas.

A lúa de Noriega mándaa salir Nosa Señora, para que non se peguen as estrelas côs vagalumes. E nos brazos da lúa, por fin, deita a dormir o poeta a sua montaña labrega e campesía.

Noriega, pois, é "poeta da Humanidade", "Cantor franciscán" nun senso de plenitude perfecto. Sô nun senso transposto lle podemos chamar "poeta da Montaña", "Cantor do Ermo".

Noriega Varela cantóu as cumes labregas de Mondoñedo; é o poeta das froles do toxo e das xestas, o lírico da urce e da abedoeira. Mais debemos ter en conta que todo esto resulta algo simbólico na teoría emotiva de Noriega, cantando —quizaves sin clara concencia do poeta— non en razón de sí, senón de algo incoercible, que constituie o fondo lírico do poeta, i-é a *humildade sinxela das cousas, a inxenuidade dos seres imbeles e probesiños.*

Este senso de humildade, de inxenuidade leda, de franciscanismo, eu creio que é o que gostamos, por riba de todo, no lirismo deste gran poeta que é Antonio Noriega Varela.

(29-03-1947)

Valentín Lamas Carvajal

"Xan Brencellao"

Alá pol-o ano de gracia de mil oitocentos trinta, cando a ciudá de Ourense non tiña sereos con sono nin faroles murriñentos, cando as señoritas non andaban enfariñadas no Posío e se paseaban pol-o Porto Carreiro, Mariñamansa y-outras corredoiras; cando despois do toque de Ánemas se arrecollían as xentes xuiciosas, figuraba entre os veciños das Burgas un zapateiro xa entrado en anos, que si comía mal, bebía ben, levando ansí as miserias a tragos. Chamábase Xan Brencellao. O seu nome era conocido en Ourense coma a ruda. Tiña sona de bo bebedor, e na taberna onde el acostumase ir a miudo, xa se sabía, non tiña o dono maus pra medir o viño.

Xan Brencellao era un home traballador; pasaba o día no patio de unha casa da praza do Correxidor, botando tombas e medias solas, mais desque anoitecía e dempois de recoller o seu tenderete, ninguén lla empataba; iba a pé feito camiño da taberna da "Pía da Casca" pra mollar a subela, e alí pasaba o tempo valeirando xerras hastra media noite, hora en que eiquí cayo, eiquí me ergo, mais sin esquecerse da sua muller, íbase pra a sua casa. Ô chegar petaba â porta, abríanlle, rubía as escaleiras a gatas falando en ese latín de cómo "somatus chimpatus" e nunca se deitaba hastra que a sua muller lle contestase c'un latinorio.

O señor abade da parroquia moitas veces lle botou na cara o vicio do noso zapateiro; mais el, que morrería primeiro que deixar de mollar a subela, disculpábase dicindo.

—Vosté qué lle quer, señor abade: o viño elle pra mín a úneca mantenza, traballo e non son vago, porque os vagos non dan viño, por mais que axudan a facelo; o día que deixe de beber, morro, porque teño deprendido que pra beber viñen ô mundo; o meu apellido Brencellao estamo dicindo; non lle ten volta: eu fun concebido ou nacín ô pé de unha cepa.

Unha noite en que o noso zapateiro empinara a xerra mais que de costume, por moito que aduanoce non puido chegar â sua casa, e quedouse dormido debaixo dos soportales da praza do

Correxidor. Un códeo que volvía de ver â sua rapaza, tropezou n'el e por pouco non se esnaquiza os fuciños. Os códeos de entón non eran como os de agora: xurou facerlle unha chuscada que deixase lembradía e tal como fixo o xuramento, cumpriuno.

Enteirou a catro compañeiros do que pasara, díxolles o qué pensaba facer, e xa por que lles parecese ben ou por servilo, o conto foi que se puxeron os cinco todal-as noites a velar ô zapateiro Brencellao.

Non pasou moito tempo sin que o paxaro caíse na gayola. Unha noite que se quedou durmindo ô seréo, collérono os códeos pol-a sua conta, vestírono en traxe de frade, puxéronlle a cabeza a xeito de franciscano, e cargando co-el ô lombo, foron a deixar o covacha bébedo na porta do convento de San Francisco.

Pol-a mañá cedo, cando o mais madrugador dos legos saía pra facer as suas angueiras, entropezou co corpo do finxido frade, e coidando que estaba morto, foi a collel-o. Este non se fixo de rogar, y-o que nunca fixera na sua vida, pois pesábanlle moito as carnes, baixou en dous brincos as escaleiras e foise onde ô frade que tiñan por esmayado ou morto. Tomoulle o pulso, e latexaba, e pensou que se trataba de algún accidente; mais pol-o alento, que recendía a viño coma se estivese cheirando unha cuba, deu no "quid" e viu craro que o frade estaba bébedo. Comeu a partida que o outro bebera, e deu ordes pra que o deitasen n'unha cama da enfermería.

N'este medio tempo espertou o Brencellao, y-o guardián, que se alcontraba â veira do leito como unha estatua, cravou n'el os ollos. O zapateiro escomenzou a miralo fito a fito, mirou dempois cánto tiña ó seu redor, atentou a roupa, levou as mans â testa como si n'ela tivese unha lousa de promo, e quedouse atontecido, non atinando a darse conta do que lle pasaba.

O guardián, atallando aquel noxoso silencio, escramou con voz grave, coma a do xuez cando pergunta a un reo:

—Doime o corazón ô velo, hirmau, n'ese estado: pol-a honra da crase â que pertence, debera ser mais parco na bebida, e pol-a mesma causa non poño o escándalo en conocemento do visitador xeneral da Orde. Dígame a vosa paternidá, ¿a onde vai, de ónde ven, a qué convento pertence?

O zapateiro, cada vez mais entontecido, non lle respondeu.

—¿Inda non lle veu a fala? —repuxo o guardián mais severo.

Brencellao nin xiquera pestanexaba.

—Xa que cometeu o pecado, xa que non sintíu escrúpulos de concencia dinantes de aldraxar os hábitos que leva postos, non teña tampouco vergonza pra confesalo. ¡En nome de Dios, en nome do noso Padre San Francisco, demándolle a remposta —añadeu o guardián erguendo as maus ô ceo e falando con voz de trono.

Como si fose un monifate de xogo e lle turrasen por unha corda, o finxido frade sentouse no leito, restregou os ollos, e remexendo a lingua con traballo, respondeu:

—Hirmau, alma en pena, trasno, esprito dos outros mundos ou quen queira que seas; eu non sei o qué me pasa, nin por mais que fago e penso, podo lembrarme de quén fun e de quén son; perdoe e dispense; pol-a nai que o pareu faga o favor de mandar a calquera que vaya â praza do Correxidor e que pergunte pol-o zapateiro Xan Brencellao; si non-o atopa, si a muller lle di que non foi a casa dende nantronte, ainda pode soceder que eu o sea: mais si o zapateiro Brencellao está no portal da sua casa dándolle ô tirapé, batendo a sola ou mancando a subela, ¡qué me leve o demo... que non me coma unha centella si sei quén son!

O guardián deu ordes pra que levasen o recado. Volveu o mandadeiro coa remposta. O zapateiro do portal da praza do Correxidor non estaba no seu traballo nin fora dormir a casa...

O frade finxido era Xan Brencellao.

(12-10-1946)

O SANTO DOS CROQUES

Velo alí de xeonllos, ô pé do Pórtico da Groria da Catredal de Santiago, como un ánxel caído, coas maus direitas cicais pra conquerir o perdón do pecado que cometeu por lle furtar ô ceo un rayo da luz que espalla os seis esprandores por aqueles imortales ámbitos pra aicender os limbeiros que arrodean as imaxes de aquela creación divina, posta a xeito de milagre no mundo, na dianteira do relembrado tempro que avaricioso garda os restos do Fillo do Trono, do Apóstol Santiago.

Velo alí o maestro Mateo, xenio que concibiu aquela xigantesca obra, pasmo das pasadas, presente e videiras xeneracións.

Inda hoxe o recordo. Pol-a vez primeira que vin aquela estatua de pedra sentín fondas estranías no espíritu e saudades esconsoladoras no corazón. A modestia do xenio abafoume. El, que concertou aquel Pórtico, que animou o rostro de aquelas imaxes, que deu en somellanza movemento as aas de aqueles ánxeles, que fixo lostregar a ispiración nos ollos de aqueles Patriarcas, que logrou avivar un subrime idealismo nos corazós de aquelas virxes, él, que desempeñou no mundo a misión de un escollido de Dios para nos amostrar o seu poderío, escolleu o curruncho mais acurrunchado pra poñer a rúbrica n'aquil inmortal poema de arte que non por estar escrito en carauteres de pedra, deixa de resoar no espritu como un concerto de armonías dos ceos.

¡E nosoutros vemos afeitos a rastrexar, inda nos estrevemos a soñar coa groria!

A fantesía popular, mais ademiradora e xusta que o artista, si non lembra o seu nome, subrima a sua inspiración c'un de eses bautismos que soiasmentres a Eirexa fai cos escollidos. O maestro Mateo é relembrado pol-o pobo co nome do «Santo dos Croques».

Onde él levan as nais os seus fillos pra lle daren un croque contra a estauta de pedra, cicais maxinando que pol-o xeito do choque do pedernal co eslabón, lostregaran as chispas de arte nos celebros dos seus neniños ô restregalos co-aquel cráneo de pedra, figuranza do privilexiado xenio do maestro Mateo.

Poucas imaxes que recollen os ardentes bicos da devoción cristiana teñen unha focha mais fonda como a que ten, a forza de crocazos, o chamado Santo dos Croques da Catedral de Santiago.

¡Tolo cobizo! Aquelas restregaduras non surten efeuto, nin os degoros das amantes nais se ven compridos. Inda hoxe non aparecen nos ceos do arte outro lumiñar esprandoroso como o do maestro Mateo.

O Santo dos Croques goza de gran lembradía, pro non fai o milagre de que veña ô mundo outro que se lle pareza.

(01-03-1947)

Xosé Lesta Meis

A COSTUREIRA

I

Velahí tendes: feituca e chusca como ela soia. Na aldea non hai quen tanto xeito se dea para amañarse e comporse. Como do oficio, n'eso ¡hai que vela! Hai que vela e deixala.

¿Víchedela coa máquina na cabeza? Estalle que lle ferve. Cando vai coser a unha aldea de fora e cando millor a pon; tápaa c'un pano novo e lévaa na cabeza con un aire e unha gracia que mesmo da xenio. Parece que xa naceu para eso. Vela así da a entender que non se trocaría por unha reina. E unha reina é. Mais ainda que unha reina: unha fada. As fadas reinan no ceo e mais na terra.

II

Non hai en toda a aldea, nin en ningunha por alí d'arredor, rapaz nin rapaza que non a coneza e lle queira. Quérenlle como a unha boa fada. Que fada ven sendo para todos. ¿Quén lles troca os farrapos por vestidos novos? ¿Quén lles fai soñar con festas? ¿Quén lles lembra os días deseados de músicas, foguetes e parolas do corazón? ¿Quén lles fai pasal-a noite côs ollos abertos e o pensamento aceso de ledicia no día do estreno da majencia, que garda a ucha? Era, a costureira.

III

Por onde vai coa sua máquina leva alegrías, esperanzas e ilusiós. Non hai rapaz nin rapaza que ô vela pasar non se esquenza do que está facendo. Lévallel-a vista. Lévallel-a vista e mail-o pensamento. Hai a quen lle dura moitos días o desacougo. Hai a quen se lle acenden as meixelas de esperanza. Hai a quen se lle vai a coor de envexa. Hai a quen se lle murcha o corazón... Anuncia o vestido novo, a festa a chegar, os días rebuldeiros do sol dourado, ceo azul e estalo de fuguetes, que tamén é estalo dos corazós. Moitos, en vez de decir que está a vil-a festa, que faltan tantos días ou semanas, din: "Xa vai vil-a costureira; deunos palabra tal día".

IV

Na aldea e a única persona que fai a xuventud esquencer un pouco todol-os anos a dureza do traballo, e pensar que non todo na vida e rompel-o corpo soomente. Ninguén mais que ela ten ese poder. Cada vez que a ven coa máquina todos erguen o ánimo e pensan que tamén hai no mundo ledicia, ben pasar e horas en que as almas voan non se sabe ben a onde, pero sí que fan romaxes de moito pracer e dos que non teñen presa de tornar.

Cando entra n'unha casa recíbena coas millores sorrisas e os saúdos mais doces. Ela tamén sorrí moi alegre e sabe agradecel-as atencións. Todos se contentan con vela; todos son a facerlle boa vida. Todos lle alaban as suas cousas. Todos se sinten ditosos con que lles diga ela que está a gusto e satisfeita. A sua palabra e escoitada como palabra divina. Ninguén ousa contradecirlle pouco nin moito ¡Coitadiño! Díxoo a costureira.

As mozas que oíron dos seus labios que teñen bó corpo e que da gusto facérllel-a roupa, porque calquera peza lles está ben, dendes d'aquel día téñense por mais estimabres, e contan âs outras, palabra por palabra, o que a costureira lles dixo do seu corpo ben feito. Cóntano como cousa xa definitiva, que non tivera volta que lle dar. Porque na aldea soomentes a costureira pode falar de estas cousas con autoridá.

V

Non é soio a xente quen se alegra coa costureira. Hastra os paxaros cantan mais e millor. A costureira nos días en que fai frío nas casas e quenta o sol fora, sai cara el coa sua máquina, que pon enriba de unha silla ou de un tallo. O sol dalle ledicia ô corazón da costureira; faille cóxegas. E canta horas e horas, sin parar nin tel-a agulla queda. Está na eira ou na horta. Os paxaros, que tamén son amigos da troula, acompañan â costureira facendo un eistrano concerto, que escoitan un gato tumbado ô sol, as galiñas empoeirándose e un cadelo catando as pulgas.

VI

Para a costureira as festas son un enfollico do que non sabe cómo sair. Sin festas coasemente non tería que facer. Sin festas non habería costureira; pero as festas fanlle perdel-a pacencia e fanna quedar mal. Todos queren a un mesmo tempo que lles vaya coser. Todos agardan â última hora. E a costureira, por moito que queira, non pode compracer a todos. Pero eso tamén o comprenden os que a chaman a coser. De primeiro enfurrúñanse un pouco, porque a todal-as nais lles gusta que seus fillos salían con roupa nova o día da festa. Para eso gastaron os cartos, Deus sabe con cántas cavilacións. Pero cando ven que con enfardarse non ganan nada, mais ben perden, véñense âs boas. A costureira faille-lo máis preciso para aquel día. ¡Boh! E un día que pasa como outro. Despois, sin presas, inda se fan millor as cousas. E os rapaces con calquera cousa se engadan.

Así vai a costureira compoñendo con todas. Sempre lle quedan algunhas encabuxadas, é verdá; pero o encabuxo dúralles pouco. En pasando a festa namais.

VII

Non hai na aldea quen leve tan boa vida como a costureira. Todos son a facerlle o seu gusto na casa a onde vaya. Come do millor: o pan mais fresco, pantrigo que rincha nos dentes; o leite

mais manteigoso; as partes do porco mais ricas, que xa se gardan para ela, como os ovos para o crego. Come no prato e na cunca mais novos e coas culleres mais brancas. E mais aínda lle preguntan se lle gusta; se está contenta ou se quer outra cousa.

¡Hai que vela pol-a aldea adiante coa máquina na cabeza, cuberta c'un pano para que non se lle molle nin lle dea o sol; a cabeza ô aire lucindo o peiteado acabadiño de facer (que para eso leva o pano graciosamente caído enriba dos hombros) e movendo o corpo con aquel donaire que ela ten! Vai dalle que dalle ôs brazos, con paso de moita presa, como decindo que non pode dar abasto nin ten unha hora sua. Cando fala con algunha persona nunca di as últimas palabras xunto de ela e parada, senón botando a andar, para que a oyan ben por alí e sayan a vela, e digan:

—Velahí vai Fulana a costureira. Moi boa moza é. E falangueira non-a hai mais. Ben é verda que anda ben posta; pero ter ten bó corpo. O que se ve non se esconde.

Cando vai así non se trocaría por unha reina. ¿E cómo se vai trocar se recibe mais agasallos, e mais sinxelos, sobre todo dos cativos, que a reina mais sonada? A unha reina mírana todos atónetos, sen atreverse ninguén a buchicar. A costureira todos lle dín cousas bonitas, coas sorrisas mais doces e as caras mais agradabres.

(28-09-1946)

Salvador Lorenzana

Rosalía de Castro no seu mundo poético

E un día maino de vrán. A mesta vexetación do val ullán frolece barroca e sensual. Cae lenemente a serán. Rosalía —face eispresiva, lumiosa, ollada de resiñación, de anceio insatisfeito— vaga, tolleitas por malencónicas saudades, ao traveso da soidade do pazo. Nas salas desertas mordidas de ausencias, amontóanse as lembranzas. Contrasta a soidade de drento coa renascida vitalidade da aldeia. O estroante cantar dos grilos cubre o doce esvairse da atardecida. Na lonxanía escintilan optimistas luces fuxitivas. O xardín do pazo agroma e mil tonalidades de verdor. Chegan cô decorrer das aguas os sóns familiares das franciscanas campanas de Erbón. Rosalía síntese agora leda, por caso eistrano, e pinta para o arte unha impresión de paisaxe musical que poucas vegadas se tén dado na poesía de todol-os climas: Os nenos durmen seu sono inocente; ela vai seguindo as ondas femeninas da ría; latexa na ialma da paisaxe un ceibe contento; repinican trunfantes os picos dos canteiros; pasan os carros leixando o eixo no ar unha longa cantinela. Ela —dobregada coma unha interrogante sobor do lenguaxe mudo das cousas— sigue a retorta corredoira da Codesa...

Pero non é iste, non embargantes, o canle corrente das devocións do poeta. Rosalía non nacéu para a suave ledicia ou o fácil contento. Rosalía fixo da door a dimensión, a forma e a figura do seu esprito. Pra ela non hay primadeira, nin luz, nin dor, nin xiquera unha campa tranquía. Vai de ponla en ponla, soia, coma unha pomba. Sempre é o vento do outono o que arrinca as follas como as espranzas. O que tén non é friaxe, nin doenza. E a ialma doida, poeta e sensibel —â que todo manca— â que todo lle doi. Pol-as veredas da paisaxe querida, vibradoira de nomes eufóni-

cos, vai sementando o seu inmorredoiro padecer. Son, a terra saudosa do Baixo Ulla, Bastabales, Isorna, Lestrove, Iria Flavia, Erbón. E son os escearios malencónicos e abandoados de algúns arredores de Compostela. Na dulcedume da fala labrega vai, despois, traducindo o anceio a un tempo realista e simbólico como a pintura dos primitivos.

Corre o ano de 1884 cando aparez caladamente, «En las orillas del Sar». Asegún atinada frase de Azorín, se non publicóu en todo o século dazanove un volumen de mais espirituales, delicados, ensonadores versos. Pero, pesie a elo, ninguén sinalóu a aparición do libro exemprar. Gustaban os españoles daquila época, da poesía brilante, artificiosa, oratoria, e os novos poemas non podían impresioalos. Nin o mismo Valera no seu «Florilegio de la poesía castellana del siglo XIX», nin Menéndez Pelayo en «Las cien mejores poesías», repararon niles. Ben diz o fino escritor levantino: iste esquecemento dos contemporáneos fana simpática. O poeta rompía coa tradición secular da rima. Vivía aloixada de Madrí. Non trafagaba no balbordo da sociedade literaria, e cecáis en todo isto pode atoparse a razón de tan non merescido esquecemento.

Hoxe, en troques, é mester facer xusticia ao gran poeta da door, xa que Rosalía, co seu inconscente faustismo e a súa maravillosa concencia do verso, foi precursora do máis moderno e requintado lirismo. O verso castelán, manexado por dedos de fada, corre, rube, sona, eistasíase cunha eisperencia de esprito a que non estaba acostumado na poesía anterior, e que tardóu muito en impôrse.

Durante o pasado ano, co gallo do centeario de Espronceda, consumíronse todol-os turnos na súa loubanza e nos do tipo de poeta romántico que privaba no século precedente, anque con mui dubidosa valoración aitual. Fai tres anos, non embargantes, con ocasión do centeario de Rosalía, soio un pequeno grupo de poetas andaluces festexóu o feito nunha simpática revista literaria editada en Xerez. E isto, habendo en conta que a maor dimensión lírica que se conquire no arte da anterior centuria, acádaa a poetisa galega. Ningún ego subxetiviza o mundo en tanto grado coma o seu ego saudoso.

Rosalía de Castro é unha ialma sinxela e forte que vai ispida pol-os camiños do universo, somentes cuberta coa súa propia esencia, e o mundo adequire a forma que lle presta ista esencia de poeta. En direita comunión coa Natureza, énchea de emoción a eternidade das cousas. «Eistasíase diante dos boscos sonorosos e foscos, diante dos verdes e suaves panoramas dos prados, diante da mar e dos paisaxes de invernía e as griserias neboeiras».

Curros víu unha vegada a súa soma errante, na beira da mar, coma unha tola baixo do pasmo da noite. Unha estrela escintiaba na súa fronte e na súa sorrisa agromaban os cantares. Cando isto escribía o poeta, xa Rosalía se tiña ido unha serán de xullo por unha estrada de topacios de cara ao máis alá. Pode que ainda alí sinta saudades da súa terra e da paisaxe que tanto amóu.

(25-04-1946)

Canción a Compostela

Ecuménica Jacobusland, románica e barroca, que monumentalizaches a pedra e fixeche da rouca a máis fidel eispresión da arte, lírica, histórica, epicéntrica, cristiana.

No teu segredo abálase a miña canción: abálase a miña voz con alma e solpresa, nisa fonda emotividade que te cobre de misterios, noite a noite, cando o teu esprito se distende, se embarbasca, e o corazón estoupa porque o azuza un imposibel, un silandeiro, inconsútil esporeo de estrelas maduras e outas.

¡Ouh eterna Compostela! Compostela imán de peleriños, e deleitoso amor de troveiros. Inspiración de artífices señeiros, e soterraño canto de poesía. Estremexida pol-os ventos de todolos cadrantes, xa para tua dimensión universal soio hai lindeiro nas esferas ultraterrenas.

Pol-os recordos i esguinces das tuas rúas, entre as pétreas prazas, alenta o tremor xerminal da tua liturxia. O estilo relixioso, cáseque craustral, do teu recinto, ergue a fidalga arquiteitura, labrada en orde, i en maravilloso equilibrio de perspeitiva.

Baixo da choiviña terca, reméxese eispresivo o son pastoso das tuas campiñas. Mais o teu ceo non é somentes meditativa malancunia do orvallo, sin soio complacencia nun saudoso xugusteo de nubens. Tamén se tende lumioso i eisultante sobor do sereo granito, que non gusta pesie a todo, dos dourados froleos.

Hai unha hora pra que tí sexas eisplendente de escintilos, e te ispas de tanto moreno antergo enturbado por augaceiros plumbizos. E a hora das tuas azas. Nos lenes minutos do solpor, óllote dende a Ferradura, imensa estatua irisada, sin Esceario lento de fachadas, que trasluz a sua circulación frente ao pozo verde do monte donde se abaixa o día.

A paisaxe entón penéirase i envólvete. Gaña canda ti a sua adecuación máis perfeita. As veigas do Sar e do Sarela, o Pico Sagro e o Pedroso, os camiños e os piñeirales, inscríbense con esaititude e armuñía na tua órbita, como as eirexas e as nobres casas que poboan as marxes do teu universo.

Pedra seréa, vaso da millor liturxia galega. Gracias, porque me enseñache canta columna románica tén a arquiteitura do meu ensono. I é que a viva entrana do teu esprito sei que se non dá tan futilmente. Pra coñecerte, compre longo exercicio amatorio, e soio ao seu final amosas a revelación do inefabel.

A canción âs tuas liñas, arcos, cúpulas, alquitrabes, endexamáis é, nin pode ser outra cousa sinon música. En musicales poemas esculpiuse a maravilla icónica do teu Pórtico da Groria, i ergueuse a dondura barroca do Obradoiro, pra domiñar a maior e máis aberta das tuas caixas de pedra. De afinados armónicos é a compostura da Quintana dos Mortos, equilibrada por conventuales muros, fachadas de pazos, voo de ábsides, e pol-o talo robusto e outo —como enraizado no corazón da terra galega— da Torre Berenguela.

A tua fe unimismase â miña, orela ao meu corazón o ínclito segredo da tua ialma, ¡ouh Compostela inmorredoira!, e fundidos na misma fe, a soia fe calada e compartida, comunguemos agora o ton purísimo, indivisibel, da confidencia. Amósate Compostela do esprito, diante do espello dos meus ollos, e dime, gota a gota, a esencia do teu ser, a tua máis íntima, a tua arcana, irrenunciabel e impresioante causa escondida.

Brizoute un oasis de cenobios, con estelares desiños de tradición bizantina, no teu nacimento. A Edade Meia, foi eispresando a tua ialma de cibdade ecuménica e galega, no escuro bos-

que da tua pedra románica. Sin, nisas verdecidas marxes da campía que te circunda, os millores troveiros eisaltáronte en líricas cancións. E ao traveso do acento oxival e prateresco, drento da apoteosis barrera, a tua ialma ficóu sobor do tempo, en enteira e total prenitude.

Frente a sobriedade e a severidade dos teus silencios, soio o rezo e a canción poden pulsarte. ¡Si Rosalía voltase, aí, a adicarche aquela voz!

Os palidecidos beizos tristeiros tocan de malancunia a nosa contemplación. Escoitar cos ollos descaecidos de paisaxe. Ficar quedos de cara ás horas. Arredor de tí, o ár máis aromado e rumoroso. As mans ceibes de presa, como a ánima. A beira, enriba, na boca, a Eternidade.

I en todo caso, Compostela, epicentro galego de universalidade, â tua xineta vaia ista canción. A canción da miña soedade: Achégate, fica nos meus ollos. Fúndete en min, incorpórateme. Eternízame...

(01-05-1946)

En-un dos nosos Finisterres

NOS tempos ledos da nosa nenez sin somas, lembramos bretemosamente a nota emotiva da pelerinaxe. Unha romería longa, fervente de cansazos, deica o «cabo do mundo». Lembramos a difícel andadura pol-os esporóns da serra, entre cabalos salvaxes, tripando turbeiras. Era a serra unha serra desolada, batida por todol-os ventos, ubicada antre a ría de Ortiguiera e o mar ceibe, alporizado. A paisaxe reloucaba en escarpaduras, recoberta de toxeiras e brezales con sarpuñidos de carballos e bidueiras nas crebadas. Por detrás do horizonte, perdíanse as vegadas, as siluetas de touros bravos e o perfil brioso de solípedos descabelados. O camiñar duro, esgotaba o discurrir das horas. Coma si somentes a terra que luxábamos gardase ronseles dos nosos pasos, e coma si somentes a roca, a turba, o fogo e os brezos da terra tivesen isa acordanza que chamamos Historia, leixabamos correr o vento. E o vento impulábanos cara a vertente montesía que remata no cabo Ortegal. Dende alí fitamos, soedosa e infome a chaúra alboratada do mar. Coma o mar, rompía o vento contra da terra. Ouciamolo crebarse contra do Finisterre. Era un vento celta e pondaliano. No seu peito finchado levaba montañas e boscos. Somellaba conformado de aréa, pura e roca, de auga salgada e gris.

Atopábamonos en Teixido. A serra alentaba ás costas, e diante ruxía o Atránteco imenso, sin lindeiros, encoraxinado. Alí todo rematóu. Non eisiste camiño algún cara ningures. A eistensión océana, inorme e total, ilimitada, axitada e plumbiza, calandeira e puidente, fecha o esceario da terra. E o mar dos fisterres, dos cabos do mundo e frente á sua grandeza non hai posibilidade de cousa meirande.

Nista punta termiñal do universo, sentimos, atolados, coma o Atránteco enche o mundo co seu alento salgado. A orela non tén eisistencia. A montaña afúndese en pulo unánime drento do mar. Sobor dos roquedos erguen os seus niños as gueivotas. Esborrállase a serra en súpetas canadas. E nunha distas crebadas érguese a ermida do San Andrés, co seu adro defendendo ao pobo das batidas mareiras. O ambente, enxordecido, pol-a múseca astral dos elementos, emprestaba maravelosa idoneidade ao antergo culto, vello coma os homes. O popular culto que chegóu a iste cabo

do mundo, impresoado de sinxelas emocións, pra se prender coma un faro no fisterre. Un culto nidiamente galego, singularmente mariño, erguéndose con puidente siñificado entre as somas do santuario céltico-cristián.

Hai que pasar por eiquí, por istes eistremos paralelos do mundo, pra poder respirar a fonda sensación que non coñece lindeiros. Compre asomarse ao impenetrabel misterio que ista paisaxe amosa pra poder entender os resortes da sacodida sin nome. Frente ás ondas azúes, con espellamentos verdosos, atúrase a tremenda vibración dos mil músculos dormidos. A ánima soliviántase i encóllese na contempración do impresioante esceario que a natureza ispida nos amostra. A Punta Candieria, a Punta Herbeira, a Punta do Cadro, apértanse en puxilato xeolóxico co Atránteco, e todo somella esvairse na elementalidade das primitivas formas.

Pol-os panoramas dista latitude fistérrica, son os «amilladoiros» os únecos moimentos que o peleriño descobre, as moreas de pedras a beira do camiño, o altar de barroquismo popular inominñado, con santos que teñen facianas de labregos. Son, nefeito, os amilladoiros, montóns de cantos que se atopan ao findal da pranicie da serra onde o camiño comeza a baixar, e que virían a ser, tal vegada, coma os «cairn» dos países célticos.

Todo sabe a ár misterioso nesta esfera rematadora dos universos. A simpricidade da paisaxe está lonxe de calisquera teima literaria. Os lombos do mar érguense en revoltas batintes. A roca, o ár e a iauga loitan e mixtúranse en caos orixinario. As xentes que viven apegadas ao mar, non son, non embargantes mariñeiras. Non teñen barcos nin redes. Viven consustancializadas coa arideza da terra, e teñen os ollos acesos de tanto albiscar na braveza do salgado horizonte que as arrodeia...

Hai un miragre patente niste panorama. E o miragre da natureza grandiosa. A sinxeleza sin termos da paisaxe e da raza, corporizan a emoción inusitada. E miragre é, tamén, a erba de namorar. Unha erba grosa que forma, a ras do chán, acarón das augas, a tristeira composición de lúgubres ramallos. E miragre é, en todo caso, a fonte miragreira bautismada con sortilexios, e o santuario, e a pelerinaxe, en fin.

Sobor da paisaxe e o misterio prehistórico de San Andrés de Teixido, en col da antigueda-de dos seus segredos, falou en prosa de solvente estilo, a documentada pruma de Federico Macideira, envolveita na insipiración amadoira das suas aficións. En calisquera circunstancia o certo é que, nós xa non teremos que ir de mortos, en figura de lagartos, a cumprir a romería que ninguén pode eludir... Dunha nenez xa remota, ficounos a lembranza da promesa cumprida...

(07-VIII-1946)

Un poeta orixinal

Sobor da mesa en que escribo istas liñas, teño —momentáneamente— un retrato de Max Jacob. O orixinal poeta aparez, nista fotografía, en postura de estudosa concentración. Viste unha chaqueta de punto gris. A sua faciana rasurada e a sua calva chamativa, destacan na composición do conxunto. Os seus ollos meio entornados, somellan esvairse en atento fitar, pol-as páxinas dun libro. A sua dereita descansa a pruma, no leito dunhas cuartelas cáseque virxes. Todo respira sensibilidade, inspiración e áxil acrobacia, niste home de ialma mesiánica e febril, surrisa zumbona e corazón de crénte, recuberto pol-a paradóxica códia da orxía terrestre e do licor anxélico.

Max Jacob morréu, ainda fai pouco —nos anos finales da derradeira loita mundial—, nun campo de concentración alemán. Pra logo erguernos co ista crónica póstuma, temos releído a Max Jacob. Mui pouco coñecíamos dil. Emporiso nista segunda leitura tennos acuciado o desacougo, e eistraneza indefiñibel do soio a meias apreixo. Do que se tivo ocasión de asir, de apreixar nun tempo pasado, e se non entendéu. A difumiñada, a neboenta impresión de lembrar feitos e circunstancias que non chegaron a ferir a nosa intimidade.

Agora, a dobre persoalidade de pintor e de poeta que Max Jacob amosa, dibúxasenos con unha rexedume raigal. Da céltica Bretaña soñadora e grave, arrinca o lonxano ronsel do seu espríto. E o seu Deus é, asín, un Deus bretón, petrucial e bonachón. Ista nótula senlleira que o encobre, preside, tamén, o ledicioso malabar dunha outa e pura criación estética. Max Jacob xoga, canta e beilotea ledamente. Todal-as cousas rín e beilan, de igual xeito, arredor noso. E o poeta, a cabalo da risa, alanca cara ao abismo, pra rexurdir, despois, victorioso das trebas. De vegada en vegada unha inxele canción esnaquiza os ritmos:

"Il se peut qu'un rêve étrange
vous ait accupée ce soir.
Vous avez cru voir un ange
et c'etait votre miroir".

Max Jacob atópase todo enteiro na multiforme paradoxa da sua obra. Nos seus áxis pinchagatos, nas suas perigosas cabriolas, nas doces letanías que o seu corazón de crénte murmuria ao ouvido de todol-os santos.

Si nos canles da poesía abríu as roitas dun mundo novo, no campo da pintura matinóu—pensador de teoremas— unha grande teoría do arte que arredondeóu en cincuenta anos de meditacións. Il, co italiano Marinetti, co hespañol Picasso e o francés Apollinaire, artellóu unha filosofía da estética que ía a revolucionar o porvir da creación pictórica.

Sabido é, nefeito, que o neocrasicismo amaneirado e dozón, morréu de diabetes; o romantismo de tisis. Saíu a pintura ao eisterior a pôr o sol no lenzo e os sete cores. Iste prodixio consumouno o impresionismo por un truco xenial: empregóu os córes primarios a chafarrinóns sobor do lenzo, leixando que a distancia fose pincel e a retina do espeitador a paleta onde se mixturasen. Pero o impresionismo de liñas perléticas esquecéu o dibuxo, pecóu de orxía cromática, e morreu de rebrandecimento.

Cezanne primeiro e logo Apollinaire, Max Jacob e Picasso pensaron en naturezas "intuidas", e idearon o cubismo que trouxo asepsia á pintura de cabalete, que inspiróu rascaceos e a liña dos automóveis. Ao convoio cubista, cando se estrelóu nun mundo de guitarras, ánguos e botellas, buscoulle un troque de estación Max Jacob: chamábase realismo máxico ou pos-expresionismo. Fixo pintura "pensada".

Hoxe están no Louvre os lenzos de Max Jacob. Non é un terrorista o poeta porque anceie "unha intención de xirafa prá piña dos teus bicos, amada". Nin porque o seu miolo lle consinta construir imaxes interferentes ou metáforas eiscesivamente gongorinas.

Max Jacob, o esteta enterrado en París, descubríu na xeografía do arte os puntos inéditos dos máis outos meridiáns. Na poesía inventóu os trucos máis atraíntes, amabels malabarismos, acedas pantasías, choutos mortaes de acróbata chistoso. E asín, un día, síntese mascarado coa persoalida-

de do "clown", do "chansonnier", con chaqué e caravel no ollal. Outro vístese de súpeto con hábito de saial, e o corpo acurrucado no ataúde coma un neno no berce. As vegadas canta a sua dona con lenes acentos, axita o cubilete de dados e e lánzaos violentamente sobor da mesa. En todo caso, a risa maxjacobiana —nervo do seu arte— era soio un pretexto, unha carantoña cór de rosa con que o cristián disfraza o seu fuciño pra esconder as bágoas.

O poeta sinte antipatía pol-os tristes, pol-os abortados. Goza a ledicia garimosa dun vivir humán, fondamente humán. I é que Max Jacob é un neno auténtico. Un acróbata. Unha figura completamente meieval e primitiva do xuglar, do cómico ambulante que vai de pobo en pobo a divertir aos fideles cando saien da eirexa.

Niste requiem sinxelo da miña devoción ao poeta, vaia a lembranza máis pura dunha afervoada ademiración á sua ialma criadora, mesiánica e frebil.

(20-09-1946)

Diego Xelmírez

Diego Xelmírez, bispo de Iria, abrangue coa ollada —nun intre indoado do meievo— as liñas escuras, fondas e nutricias da veiga padroesa. Debruzado sobor dos anceios ecuménicos de Compostela, fita lenemente a estesura. Os seus sonos aturan sober choutos pra se verquer en cobizosos canles. Esprito loitador —axeitado na aitividade e na rexedume —, sinte unha vaga de afogo drento dos primeiros, estreitos, lindeiros da sua sede. Nado coa indecrinabel vocación do mando, quere ser dono da independenza dun pazo. Vivir ceibe e mandar coma un príncipe, no mesmo cerne da cidade inmorrente. Arela vixiar a basílica e a urbe —pazo, pregadoiro, castelo, canceleiría— pra o vencellamento coas potestades do mundo, "pra gobernar aos burgueses, orgullosos e anárquicos, pra domear o inxurdimento dos feudaes".

O tempo no que vive o grande arcebispo, é un tempo longo, fadigoso, revolto, embarafullado. Na perspeitiva argalleira, de neboados, que enchen a xeira, soio se albiscan os escintilos da sua rexa vontade. Nin o alporizado condel mariñeiro das bravas costas —o Conde de Trava—; nin a envolvoretada e queimante doña Urraca; nin Alfonso o loitador xefe dun imperialismo bretemoso, i en parte caseiro, resumen o esteso fado d-unha época, como a que Xelmírez persoifica. Foi il quen presentiu o acento galego a cabalo dos ronseles mareiros. As naos, ergueitas pol-o seu pulo, nos asteleiros de Iria, rifaron soadas loitas contra dos piratas normandís. E as Torres do Oeste, albiscadoras de wikingos, chatadas na beira da ría, ahí ficaron coma lembranza latexante do vello poderío meieval.

Diego Xelmírez sabía de Roma, de Bizancio, dos Guiscardos e de Venecia, do Imperio e das Cruzadas, muito máis que os conselleiros do rei Alfonso. Dispuña de armas pra loitar en campo franco, e na misteriosa cámara dos segredos. Era dono d-unha forza de punxente eficencia: a palabra. Emporiso, prevalido, a cotío de tan limpa prosapia formativa, tivo de empregala no afán de acadar pra Compostela a alcurnia metropolitá de que disfroitaban Toledo e Braga. E asín xurdíu o norde da pelerinaxe, pra traguer desde Letrán o albo Palio.

Nun amencer estival faise mesta a brétema calandeira do Ulla, a carón do Pico Sagro. As nove torres da basílica inzan o seu desafío cara a luce peneirando a néboa. Xelmírez —con cortello

de cregos e locida escoita de armas— cabalga pol-a Vía Francóxena, camiño de Roma. Van ficando atrás os penedos verdecidos, as veigas fartas i estesas, os seos revoltos dos cómaros anfraitosos.

Despois de Galicia, por terras do Bierzo e de León, a estadea peleriñante achégase ao Toledo imperial: conversas có rei Alfonso, tremeros de mourería da eirexa de Toledo ou da de Sant-Iago.

Agora, os romeiros, traspostos os Pirineos, viven as horas de Aquisgrán. En Auch, Raimundo de Pardiac, i en Limoges, Anselmo de Bec, ateigan d-unha surrisa espritual os anceios do peleriño. Nun val ledicioso, que percorren as cralas augas do Grossine, Xelmírez percura en Cluny —borgoñés, católico, no senso de universal grandeza— a proteición pra metropolitá de Occidente. Pasado o Ródano e a Lombardía, dende Arezzo, o bispo entra en Roma, e recibe de Pascual II, a diñidade arelada, na basílica laurentina.

Dende aquela, a cidade torreada de Cresconio, afíncase, esténdese, adónase da paisaxe. Sobor da historia de adurmiñadas desfeitas os eirexados Sar, e Mons Gaudi, de Santa Susana, erguen a sua limpa raigaña —labrada en pedra románica— por gracia e obra de Xelmírez.

Ao bispo sínteselle xa en toda a sua enteira misión universal. A "Historia Compostelá" asuláganos coa súa forte e morna liña. A Don Diego —como dí Otero Perayo— óuceselle tripar pol-as rúas, pol-os pazos, pol-os vieiros. O entrecello enrugado pol-a vontade. A labrada e rexa faciana encóbrese, ás vegadas, coa fina surrisa do político. Os además son apaixoados ou prudentes. A voce é unha grande voce, cando manda, cando aconsella, cando prega. Xelmírez ama o perigo por "sport". Encol-os horizontes dos camiños, no ár dos viaxes, ten colleitado o xerme d-unha Europa que calla, definitivamente, a filosofía, a arte, a vida, da Edade Meia. E de atal xeito foi coma ao fío do seu caráuter de loitador, e formado nos sulcos da cultura meioévica, deu perfil a Compostela e a Galicia.

Un día calisquera d-unha data sin nome, morréu Diego Xelmírez. A acordanza da sua campa esvaiuse, asimado, na noite dos séculos. "Pero Compostela —a gran metrópole da Cristiandade— atopábase en camiño."

(31-05-1947)

Mosteiros na Paisaxe

Na fondura do val —dende a outura—, a soma do pobo. Os montes van dando reviravoltas pra que os peleriños fiten a vila. Pol-os arredores hai mornura e verdor; penedos rasos que se mixturan coa albreda. Unha vexetación mesta recobre a panorámica, acendendo o âr mosteiral da paisaxe. Unhas rúas miudas, retortas empedradas. Unha praza. Un paseio ovuar, no que xirovagueian os mirtos do xardín. Tollas de pizarra, azulencas, vidradas. Un adro enlousado, e ao remate a eirexa bieita do convento, barroca, vestida con dourados musgos. A fachada, nas fotografías, coma unha eirexa de Padua, ou florentina. Interposición da torre do roloxo no dédao dos tellados. A torre e as cúpuas, enlevan o voo, pol-o azul, antre as pombas e as vagas.

Hai unha rúa calada, descobríndose por antre meio das casas. Certa dozura e crala ledicia. O ambente físico, a ton co ambente moral. Ar morno. As cúpuas rodan no ceo nuboso, antreveirado. E a torre, andando de coroíña antre os cómaros e os cirros de côr cinza.

En plea Edade Meia, os rumores do vento soaban eiquí, doces, afrautados, nas ponlas dos ameneiros e das bidueiras. Un conde Osorio amaba aquestas terras cereás e moles, as ondas quedadas i ergueitas, coma costas de xigante, das sinclinaes que rondan o val. Máis aló do horizonte, vivían as parameiras, os pedrazaes que tapoaban a beleza rítmica dun verde renovo. Pol-as vertentes da mar, deica as ribeiras do Masma, abriran riscos, as naos normandas, de tallamares historiados e trementes mascarós. Dende a veiga mosdumense aos vales d'Ouro e de Lourenzá; dende o berce dos regos cristaíños até a obra costeira, o mosteiro —alcurnioso, relevante— nacía âs albadas d-unha vida criadora. Un esteso concerto rubía dos sulcos, das albredas e das foces, cando aquela terra era un acougo pro esprito, e non valía o que valían outros verxeles.

A tal hora, Galicia tiña un acento. A ermida tiña sustituído —paseniñamente— ao altar de roca. O castro chamaba en muitos puntos, coa voce da campá. Era a grávida primadeira mosteiral do século X, que fixo decir de Galicia ao Pae Fita, ter sido "nai fecunda da cultura hespañola na Outa Edade Meia". A paisaxe sentíase, daquela, domiñada pol-o mandado de grandes señores, donos non soio de castelos e comarcas, sinon, tamén, de conventos e cadeirales.

N-iste ambente —como apunta Otero Pedrayo— intensifícase a laboura repoboadora, a loita contra do bosco, a montana e a fera. Todal-as soedades poboáronse de tebaidas. Aos pequenos conventos e cenobios, suceden os grandes mosteiros. Teñen nome de rubida eufonía, sabor de tradicioal prosapia: San Salvador de Lérez, Caabeiro, Celanova, San Estebo de Ribas de Sil, Sobrado, Lourenzá. Enchen de estilo, alancando estratexias, â xeografía. Dende as outas chaúsas de montana, aos vales verdecidos que cruzan ríos lenes â percura de augas máis mestas. Dende o rexo cómaro, antre roquedaes e augas bravas, con heroicos remuiños, ao cumio da serra que cade ao río, en costas alporizadas de castiñeiros.

A costelación bieita de Galicia —riqueza e sabencia—, o mesmo se asenta no chao aspro, que se constituie no ril da Serra. Os coraes dos monxes resóan nos máis escondidos ermos, e a Cruz, ao seu infruxo, coróa todal-as pedras tatexantes. Por uns séculos, a campía ríxese ao son da campá conventual, e a maoría das parroquias son propias de mosteiros e prioratos. "A eirexa é monacal nos campos, episcopal nas cidades, pero, ainda, o episcopado está en grande parte, infruído pol-o monaquismo". Os frades, no craustro e na celda, sinten, quedos, no fondal da sua ollada, os prefiles da paisaxe, de carqueixas e pradeiras. Uns miman as régoas de San Bieito, frente aos rexos pedregaes e aos metálicos albrustos. Outros dan a nota rexidora no labourar agrícola. Todos, consagrados ao estudo e ao matinar, dende a hora da ialba, conservan a lampa da cultura sempre acesa.

As máis antergas parroquias aldeás do país galego, teñen un orixe monástico, baixo a advocación dos seus patrós, amados pol-o pobo. Asín, iste convento de San Salvador de Lourenzá, ubicado perto do Cantábrico, e que esperta a nosa evocanza. Dende o seu solar, esparexen, con fondo acento, o camiño sobor da campía e da terra inéditas. Hoxe os monxes abandoaron a histórica abadía. Pero a eirexa sigue sendo epicentro de pelerinaxe. Osorio Gutiérrez, Señor de Campos e de Galicia, conserva no seu sepulcro —vido de Palestina pol-a mar de Amadís— atrainte fedor de santidades. Conde Santo das devociós populares, soupo espertar o miragre no renunciamento. A torre e as cúpuas, que gardan a sua acordanza, non deixan tensar o voo, pol-o azul, antre brancas pombas e vagas griseiras.

(01-10-1947)

A NOVELA D-UNHA ADOLESCENCIA
UNHA SORTE DE PASTORAL, UN VOLTAR AOS VELLOS MITOS

"Adolescencia" é unha novela de Ramón Otero Pedrayo. Cecais, "Adolescencia" non sexa unha novela, no senso usual con que adoitamos a nomear o xénero. O héroi da novela chámase José Ramón. José Ramón vive en Ourense co seu pai e con unha hirmá. Na cidade asiste ás crases, paseia, dialoga cós amigos. No campo, fita a paisaxe, comeza a amala, ouserva a vida e o corazón dos paisáns. Antre a casa ourensá de José Ramón e o seu pazo campesiño, escorren os principás aconteceres do protagonista. Na novela mixtúranse episodios de vidas reás, e ceibes criacións da pantasía.

Seguimos, intresados, os pensamentos, as relacións do xuvenil persoaxe. Percebemos cóma os seus ollos se non poden afastar das mil insinuacións da paisaxe. Decatámonos das angueiras do seu amor imposíbel, pol-a rapaza de cabeleira de fulxente ouro. Imos vendo cómo sinte que Galicia se lle vai metendo na ialma. Compartimos a emotividade das suas conversas, das suas impresións, das suas leituras.

Pero pra nós, meirande intrés que a biografía do heroi, que o enlevo dos personaxes que na novela discurren, téñeno os fondos, as decoracións, o impalpexábel ambente no que se moven. Chega un intre no que os hérois humáns vánse esvaindo paseniñamente. Daquela, a paisaxe, a cidade, os seus recantos, o crima que os envolve trócanse nos verdadeiros protagonistas da aición. A cidade fala pol-a boca dos seus recunchos, que van contando a sua historia, decindo a sua canción.

Agora, a ribeira ourensá síntese ispida pol-a vendima. Vagos amarantos acéndense nas costas de Ervedelo; decoran os vales sinuosos do Barbaña, e do río dos Muiños; afíncanse cóma un lene solpór sobor de ambas e duas beiras do Miño. Un cerco fondo de piñeiros, cáseque mouros, arrodeia os cumios de Santa Ladaíña, Barbadás, o Cumial.

N-outro intre, é a brétema. Unha brétema que adurmiña os bruidos, eslíe a luce, apégase mol, tozudamente, ás cousas, esvae as siluetas, dicta a sua segreda leición. Logo, son as augas miñanas cobrindo os areales, mollando as séns das cepas. Despois, a nota inverniza da aldeia, aledada pol-a soma da Serra Martiñá. Cando non ten neve, é azul; somella ser máis outa, máis afiada na sua punta. Si se ergue vento, será gris.

Na soedade, no silencio —tan estimuador, tan sedante a un tempo— do campo, José Ramón acada fondos matinares. Astral do rememorativo, pensa nas xentes que alí viviron, remontando, superando, perante tempos e tempos, as catro estaciós rústicas do ano. Olla as suas foscas e positivas figuras, atemperadas pol-a sua innata bondade; os seus ademáns cachazudos, previdos, propios dos labregos, as suas olladas, apartan, cobizosas e tan vagas; as suas máns —isas máns campesiñas de terra e de retábulo— endurecidas, atávicamente, pol-os soles, pol-as xiadas; callosas pol-as aixadas, pol-os arados...

Contempra, asimade, a correntía sin folgos, aquil incanso gorgolear da iauga, tan peculiares d-ista natureza, d-ista paisaxe. Fechan o horizonte azul —alporizado de brancas vagas escumosas— as abultadas montanas violáceas.

Ao traveso das páxinas de "Adolescencia", descóbrese unha visión cooreada dos camiños, dos montes, das veigas, das rúas, das prazas. Xa, apenas, si nos arrastan as inquedanzas, os azares dos persoaxes. Por riba de todo, animándoo todo, está o dionisíaco da paisaxe, a sua forza crala,

eisultante. As serras, ás veces están laiadas; o sol é morno, con leda comezón de convalecencia. Ourense tén a gracia trasparente da terra galega. Sant-Iago, Vigo, a Cruña, amosan fugacemente os seus escearios emotivos. O sol fresqueiro, a limpideza de cristal do ár, barren de brétemas as lonxanías; dan tóns belidos ao agrupamento dos montes, e dos perdidos casaes. Toda a natureza canta con estremecimentos pánicos, un coral á ledicia arroladora da vida.

A novela de Otero Pedrayo é, en muitos aspeitos —cecáis os millores do libro— unha sorte de pastoral; un voltar aos vellos mitos. Comproba a sua tersura —intaita, pesie ao arrumbo en que os temos— cando a realidade circunstante se nos fai tan chata, tan crudel, sin leixar trasluce á espranza. De ahí ises incidentes bonachós que pasan pol-as suas páxinas; a aventura sin meta; o discurrir voltario; a apoloxía de Galicia, cuio carto é de espranza; a surrisa, enxamáis acentuada deica o sarcasmo que frota sobor do libro todo.

Ten algo de pastoral, sin dúbida, ista "Adolescencia". Pero en voltas da bucólica, contéñense apreciacións percisas, eispresivas, coma non tiñamos volto a lér dende a xeira pedraista de "Os camiños da vida"; prantéxanse as verdades íntimas do transcurrir dun mozo; os probremas que agoiran o azo d-unha adolescencia. Quizaves alenten n-iste libro, moitedumes de aportacións autobiográficas. Un dos seus méritos é, que tendo sido escrito en época xa pasada, e pubricado agora, encerra un dos procedimentos téinicos que nos derradeiros anos conqueriron meirande sona. N-unha atmósfera axeitada desenrólase o asunto, fidelmente documentado, e con licencias criadoras de boa lei. Un paralelismo antre a sociedade de aquil tempo e a nosa, fáisenos presente d-unha maneira hábel.

A figura de José Ramón enche o libro, de un singular atraitivo, asín coma o Ourense d-ises anos. Boa prosa a de Otero, i eiscelente facultade criadora. Sin dúbida isa historia novelada d-unha adolescencia, é merecente de ser ampriada e alongada nos anos de madureza. ¿Por qué non o fai? E lle non impor importe ao autor que a sua forza de invención faga heterodoxa —literariamente— a sua novela. Sempre será un estupendo libro novelesco —histórico— pantástico.

Pol-o máis, os cadros de "Adolescencia" conservan toda a emoción da paisaxe en que se inspiraron. O seu autor, leixándose de belés e de chanzonetas, move n-eles uns tipos que non son entes de ficción, monifates d-unha peza sinon persoaxes humáns, reás. Todo, servido nun lengaxe vivo, falseante, carregado de seiva auténtica, sin concesións á retórica. E iso que Otero é denantes que nada, orador. Orador até cando escribe. Pero a sua oratoria é unha oratoria "sui generis", limpa de retóricas i encheita de escintilante, lumiosa, sensual poesía.

Eu tiña arelado maxinarme decotío, a aleicioadora adolescencia do escritor. Quería maxinarme unha adolescencia ricaz, en plea inquedanza, aberta diante do mundo, diante das sensacións, diante do paxaro que vóa, diante d-unha rapaza de cabelos dourados... Un escritor mozo que comeza a vivir no mundo, e non —o que sería tan doado— no mundo dos libros. Un escritor que emprincipia a recibir persoaxes, que comeza a escoitar probremas. Ao lér "Adolescencia" recoñecía ista sensación que sempre tiña anceiado eisprimentar.

Ramón Otero Pedrayo ten vivido uns intres con nós, a sua vida xuvenil. En América remata de se pubricar "Adolescencia". Pero o escritor se non pode sentir canso, anque a sua historia inteleitual teña sido longa en froitos, benfeitosa en colleitas.

(08-11-1947)

Manuel Lugrís Freire

¡Bótelle terra!

Xan do Couto tiña sona de lampantín e de zaramalleiro, e abofé que vos era merecente de ela.

Entre da xente que non-o conocía dábase tal fachenda que mesmo somellaba que era fillo de un vinculeiro mariñán.

Unha vez, estando cerca o día da festa de Santa María, patrona da Vila, Xan do Couto decatouse de que non tiña roupa nova para pampear nos bailes da praza maor pol-a tarde e pol-a noite nos que se daban no salón de Pedregal, onde un piano con veo era un encantamento que engayolaba a todol-os mozos do concello.

Non lle quedaban, pois, mais que corenta reás, e con tan pouco diñeiro non podía adequirir o que lle facía tanta falta; mais con ese diñeiro púxose camiño da Cruña disposto a non tornar sin o traxe cobizado.

N'unha rúa, da que agora non me lembro, había unha tenda, na que, ademais de facérense traxes â medida, tíñanos xa feitos para a venta, de eses que chaman "de refacción".

—Moi boas tardes —dixo Xan entrando no establecimento.

—Moi boas—, respondeulle o tendeiro: —¿qué precisa, paisano?

—Nada, señor; veño a pagar unha deuda.

—¿E cómo é o seu nome?

—Francisco Lamela, para servir a Dios e a vosté—; dixo Xan do Couto.

O tendeiro buscou aquel nome no índice do libro mayor, onde tiña as contas dos deudores, e dixo:

—Aquí non hay ningún Lamela: vosté trabucouse de casa.

—Non, señor; acórdome ben de que foi aquí onde quedei a deber os dous pesos.

Volveu o tendeiro a ollar de novo o índice.

—Pois non, aquí non figura ningún Francisco Lamela. A non ser que o meu fillo máis vello fose o que se entendeu con vosté, e se teña esquencido!...

—Eso é, si señor, era o seu fillo quen me despachou entonces. Eu son home leal e honrado, debo dous pesos a esta casa, e a miña concencia mándame pagar. Aquí ten o diñeiro.

—Bueno, home, bueno. Vexo que ainda hay homes de ben no mundo—; e colleu os dous pesos que lle daba o lacazán de Xan do Couto. —E agora, ¿non merca algo, señor Lamela?

—Eu de boa gana levaba un traxe feito, de estes que ten de mostra na vidreira, pero como han de ser moi caros, contentareime con encargalo ô xastre do meu pueblo.

—Non, home, non: eses traxes son a sete pesos. Próbese un, e se lle cai ben, pode levalo; que o home que paga da maneira que vosté me pagou, ten creto en calquera lado.

E Xan do Couto visteuse un traxe que lle estaba que nin pintado; envolveu o vello n'un boletín, e despois o tendeiro abreu o libro e apuntou a venta. Andivo buscando un papel secante pra que non se lle emborrallase o escrito, e non-o atopou; buscou a salvadeira, e tampouco tiña area.

—¡Seique non atopa con que secal-a tinta! —dixo Xan con sorna raposeira—; pois daquela, "bótelle terra, señor".

E o tendeiro rabuñou no chan e botoulle terra â anotación de Lamela... a quen non volveu a verlle o pelo...

(15-06-1946)

Xosé Outeiro Espasandín

Un xuicio sobre o libro de Manuel Antonio "De catro a catro" [22]

Con este libro de Manuel Antonio a lírica galega, dou un pulo elástico e ben medido, púxose ô par de calquer outra do momento. E tocáballe a este mariñeiro, coa pértega do maestro mais esguío, dar o brinco âs extremas latitudes da poesía contemporánea. Porque é el en quen todol-os mozos vemos a ecuación lírica do presente galego e o feixe mais brandido de sanas insumisións. E Manuel Antonio con este libro —tan inxustamente cativo de apariencia— dou cumprido acougo â nosa cobiza. Sin medo â hipérbole podemos decir que ningún poeta mozo de Castela se pode pôr â sua par.

«De catro a catro» é, antes de nada, a revelación de un mar non visto aínda por ninguén. Un mar puro, sin ribeiras nin costas, perdido entre as constelacións. Un mar en coiros e latexante coma unha virxe mercada. Afeitos a un mar convencional —o mar dos mariñeiros na terra— este poeta —fidel â sua profesión de poeta e mariñeiro— fainos sentir o escalofrío das distancias e o lazo corredizo das soedades cinguido â gorxa. Presíntese ô poeta, â través de estas páxinas, coa pipa atrancada nos dentes, a esculcar, sentado na proa, os confís asolayados de auga e néboa. Ó lonxe soyo gaivotas, soyo vagas, soyo o ronsel e quizais

---

[22] Na cabeceira do texto indícase: (Foi escrito este xuicio en 1928, pouco dempois de imprentarse na Cruña o libro de referencia).

Aquel veleiro que se evadeu
pol-a corda floxa do hourizonte.

E sempre o mar cerrado sobre sí mesmo, como un anelo. A terra casi non aparece no libro. E cando aparece é casi de casualidad, ô traspor un meridián das cartas marinas. O mesmo barco.

...ten balances
e tamén está listo para se faguer â vela.

Hastra o peirán do porto semella soñar no mar adentro, en balances cansados. A psicoloxía do mariñeiro non pode aguantal-os contornos tercos das cousas da terra. E por eso no porto soyo o prostíbulo e a noite os poden acoller. Xeito artificial de se pôr fora das roitas e das leises e soñar coa alta mar na soya complicidade das vagas e do vento...

Os ecos imprevistos
do noso cantar sonámbulo
apagarán os focos da madrugada.

Todo neste libro é un pleo acerto. Todo él logrando sin truco nin alquimio. Ainda que o intre este que vivimos o queira envolver na rede arteira das sospeitas, é tal a forza das suas vivencias, tal a sinceridade de éstes poemas, que non se poden falsear os seus miolos de nombre metal. Argolas da cadea da sua vida traballadas cô lume mais áspero do seu esprito, son estes poemas de Manuel Antonio. Por algo o libro vai encabezado como "Follas de un diario de abordo".

Outra virtude do libro é a de amostrarnos o xeito de levala persoa ôs cumes derradeiros da poesía pura. O poeta non desaparece nunca, nin siquera cando os pararrayos das imaxes cravan nas nubens âs suas puntas de platino.

Fómonos trasbordando
ao cabotaxe das costelaciós.
C'un faro na man
cronometramos o pulso das tormentas.

Pero precísase ser un poeta traballado e xenial para fuxir da vulgaridade de anécdota e craval-as unllas nas entrañas acesas da categoría estética. A arte non se casa con ninguén. Como dixo Nietzche pola cencia, "é muller e non quere senon ô guerreiro". E por eso, porque o autor fuxe â contempración pasiva pra se dar de cheo ôs seus poemas, é pol-o que cada un de eles encerra o libro enteiro, e o libro enteiro ten a unidade de un soyo poema. Todo no libro ten a homoxenidade de un hourizonte mareiro no que Manuel Antonio, a forza de esculcalo nas suas dimensiós pensou este feixe de versos sin igual. O coleccionista de imaxes ten n'este libro centos de elas a cal mellor. Exemplos:

Na fasquía dos barcos anónimos
postos a flote pol-a madrugada...

Mansas vagas unánimes
reorganízanse detrás do vento...

Non transcribimos mais, que senon sería cousa de non parar.

Alguén poidera achacárlle a insistenza sobre certos temas e certas verbas. Entre éstas, «ronsel». Pero cando esta verba aparece —e o mesmo as outras— está plenamente xustificada pol-o acerto do seu emprego.

E perdeuse pol-a popa
desamarrado
o ronsel...
O navío coas maus trincadas
vai borrando côs pes o ronsel.

Estas imaxes abondan pra eliminar calquer receio miudo. Mais hai nel dous detalliños con que non nos atopamos de acordo côs versos populares que o autor pon entre unhos versos seus e unha chamada na que define ô seu xeito o mar adentro. Manuel Antonio é o polo oposto do popular e tamén do cadeirádego de Instituto. Cando se faga a edición que o libro merece agardamos que nos compraza o poeta rianxeiro.

(13-VII-1946)

Álvaro Paradela

¿Outro Conxonabre?

(Conxonabre): ser humano merecedor por sus cosas o palabras de ser internado en el manicomio de Conjo. Neologismo. De "Conxo" —Conjo— y la terminación adjetivante, "abre", able).

—Escoite, señor...

Y yo afilé las pupilas y casi enderecé las orejas.

—Ouvolle e Ollolle.

—Anceio, de vostede que é home d'estúdeos, cas sua venia, que me esprique unha cousa que me non deixa, cando ó rumio, pegar olliño... Eo o barreno, Sr., noite e día e día e noite...

—Diga, ¿qué é?

—Pois..., pois eu, fará uns dezaséis anos, presteille a un amigo, porque mós pedira, e non porque mós pedira, senon porque llós quixen dar, vinte pesos. Vinte pesos ou cen pesetas. E pasou tempo, tempo... Como que cairon as follas dos arbres, quince, dezaséis veces... e o Virolas, o amigo meu, ainda non mós voltara... A guerra hispano-española e non sei ben c'outras cousas e razóns, alonxárono de min. Eu xa coidaba que morrera. O caso é que fai dous meses tornou. E me dixo:

—Manoel: Eiquí tés os vinte pesos que m'emprestaches e iste paquetiño de tabaque en siñal d'agradecemento.

—¡Home!, dixen eu. (Que foi unha forma de non lle decir nada. Os gallegos somos, de cote, así).

—¿Cómo? ¿Non t'alegras? ¿Seica agora o teu corazonciño iñora o que é latexar de boas novas, de ledizas?

—O caso é... —marmurei—.

—¿Qué é que é? —(preguntoume Xaquín Souto, que tal é, séipalo, señor, o seu nome, e d'alcume "Virolas", pol-os buratiños que amostra n'a face).

—¡Ou Xaquín! ¡Tí non me volves os vinte pesos, as cen pesetas que te deixei.

—¿Cómo non? ¡Eiquí os tés!

—Ti devolvesme menos.

—¿Menos? ¿Non foron vinte pesos, cen pesetas? ¡Eiquí os tés, hom!

—Imos por partes, Xaquín... Escóitame... O meu fillo, cando estudante en Sant-Yago, das boas boas, dos mellores, de verdadeiro siñorito, eu, fai tempo, fai quince anos, cando presteiche o papeliño, por cen pesetas, a vintacinco pesetas cada unha, mercáballe catro, catro camisas. ¡E qué camisas! Hoxe, eu, tí ou calqueira, das cen pesetas, non compra unha... e ruín. Ben. Logo, de unha a catro, van tres. Isto e certo porque llo perguntei, fai unha lúa, o siñor abade, que sabe moito d'isto e non minte... Polo tanto, sen dúbida, tí me debes o tesme que dar, tres camisas, que a cen pesetas, cada unha, sonche trescentas pesetas... ademáis, craro, das que entrégasme agora...

—Imos, vaiamos, por partes, Manoel, —retrucóume caviloso Xaquín. ¿Eu non che pedín, fai tempo, cen pesetas, vinte pesos?

—Sí.

—¿E istas non son cen pesetas, vinte pesos?

—Son, pero non son. Escoita, "Virolas", ¿cánto custaba unha dúcea de ovos fai tempo, fai quince anos?

—A dúas pesetas.

—Estoncias, logo, e por conseguinte, por cen pesetas, mercáramos, xustamente, cincoenta dúceas, ¿non sí?

—Sí...

—¿Non che dín fai quince aos cen pesetas?

—Sí...

—Coas que adequiririas cincoenta dúceas de ovos?

—Sí...

—¿Cánto costa, Xaquín, hoxe, unha dúcea de ovos? ¿Cánto, dí?

—Poñamos a vintacinco pesetas...

—Están a máis; pero poñamos, como dis tí, a vintacinco pesetas a dúcea... Logo, inda que non foras como eu de neno a escola de pago, saberás que con cen pesetas, tan soilo se mercan catro dúceas.

—¿Qué dis?

—¡Cala, recoiro, déixame rematar! Digo que de catro a cincoenta van coarenta e seis. Eso é: coarenta e seis e catro, cincoenta. Hai coarenta e seis de diferencia. Logo tesme que dar: ou coarenta e seis por vintacinco... —e non fixen a multipricación porque xa levaba feita— egoal a mil cento cincoenta pesetas, ou, como queiras, darásme tantos ovos, que tí tés o mellor galiñeiro d'o auntamento, como ovos adequiriría eu cando te deixei os pesos... Total, seiscentos ovos...

—¡Qué raio d'embrullo estasme armando, é!

—Nengún. Nengún, "Virolas". As contas craras. Crariñas com'a lús do sol nó vran... E, señor, reprícolle eu, contradí él, bátolle e rebátolle eu, reargomenta él... Exemprizo, demóstrolle, fágolle números... E decátome vai perdendo terreno... Cárgolle, bótome enriba.... Vou trunfando... Trunfo... E ouservo que cala, que treme, que víranllese aneboados os ollos... E deseguida, encerta a berrar: "¡Toléasme, toléasme...!" "¡Toleácheme, toleácheme!" E sin máis, escomenzou a roubir apriesa, moi apriesa, com'un fouguete, com'un endiañado, zoqueando polos croios d'a corredoria, n'a que porfiábamos, hastra c'o perdín de vista... E hoxe, eu olleino cos meus propios ollos, é un home c'os olliños bizcados co ar estúpedo, ensimesmado... E rotadoriamente, como roda de muiño, dí...: "Cen pesetas, catro camisas; cen pesetas unha camisa..." "Cen pesetas, catro camisas; cen pesetas unha camisa..."

E en mín, señor, non sei que demo aniñou. Porque cuasi, cuasi estou, coma íl, conxonabre... Non durmo, non acougo... estou tolo, louco. Teño razón, a razón d'as miñas razóns, mas hai algo, alguiño que non entendo, señor... Vostede que é home d'estúdeos, espríqueme, faga o favor, iste endemoñamento... ista endemoñada cousa...

E eu, leutores, que son home d'a raza retranqueira é que xa tiña tamén, un ferradiño de tolesmente po-lo que ouvira, díxenlle:

—Escribireille a un mumismatólogo... O señor Xapokousky, que é moi sabido n'istas cousas... Cando reciba contesta, lereille a carta. Agora, Manoel, ¡adeus...! E partín afumegando o ar limpo e lumiñoso da mañá c'os carabulliños da Tabacaleira, S. A.

(17-12-1947)

Heraclio P. Placer

¡Velliña, miña velliña!...

I

—¡Velliña... miña velliña! decía o xentil mociño ô baixarse do cabalo e, toleirón, afarfallante xuntaba os seus louros cabelos coas brancas guedellas, suas tenras faceiras contra o engurrado carís, como si quixera compenetrarse no corpo da naiciña, â que vira a ver pol-as vacaciós y-a que borracha de felicidá, non acertaba a dar fala, mirando para aquel anaco das entrañas, hasta que a emoción a deixaba soloucar coa cabeza contra o peito do seu fillo, de aquel filliño a quen tanto quería, y-o cal a apreixaba riseiro, marmurando con inefabel meiguice: —¡Velliña... miña velliña...

II

Era sempre o mesmo.

Durante os oito meses do inverno, soliña n'aquel curruncho perdido entre os soutos de brabádegos y-ameneiros, esquencendo a cibdá onde foi nada e de cuyos salós fora dos principaes elementos; fixera o sacrificio de vivir n'aquela aldea, lonxe da civilización, sin mais entretemento que a burda palabrería dos mozos de labranza e esquecendo hasta o modo de falar, metida sempre tras do pote ou no curro entre as galiñas y-o gando, soilo co afán de aforrar o necesario pra darlle carreira ô fillo, úneco ser que tiña no mundo e que lle recordaba o marido a quen tanto seguía amando, a pesar que lle botara por terra o capital entre as borracheiras y-as churrianas.

Pasaba oito meses mortás, soila, aburrida, escismando cavilosa, traballando moito mais que os mesmos criados, comendo apenas bica mal feita e berzas mal cocidas, e cobríndose con roupa tan mala que nin o frío lle tornaba.

Soilo tiña no medio da saudosa estranía unha felicidá, y era cando, pol-os últemos de cada mes mandaba pol-o ordinario aquela presa de cartiños para pagar a pousada e para ir ô teatro e ô café y andar feito un señorito, ben mantido e ben vestido, en tanto ela morría de tristuras e de privaciós n'aquela choupana perdida entre as arboledas.

Y eso que fermoso, afellas que era fermoso o alrededor da tal casiña.

Verdeaban os prados e ô continuo refrescar das fonteliñas e noteábanse na primaveira coas píntegas azúes e moradas das lobellas y os tréboles e coas brancas das margaridas.

Recortaban o hourizonte os ameneiros renxidores, e na cima dos curutos lexanos, destacándose nas azúes lexanías, apenas si negrexaban os piñeiros sombrizos e rumorosos.

E preto, tan preto, que as poulas metíanse pol-as ventaas, arrecadábanse os froitales da horta que rodeaba a casiña côs seus paseos afiados con buxos, e seus rincós, nos cales buligaban as rosas y-os craveleiros, a herbaluísa y-as hortensias y-os coadros rebordando as legumes por riba dos freisales.

Despois, ainda mais preto, a veiga do millo, entre o cal andaban as mozas do refaixo marelo a media perna, guiando os regos y erguendo as fabas.

Pero esto era no tempo en que o fillo voltaba, en que xa pasaran as friaxes do inverno, en que a neve cobría os campos y-a brétema entoldaba os ceos y-o curisco entumecía â xente.

E como si tamén a vella quixera axudar ô paisaxe para darlle alegría, sacaba o fondo do baúl, peiteábase con mais xeito y-arreglaba o carís, en tanto que non economizaba nada para que il, o meniño, estivese alegre no tempo en que descansaba dos estudios.

¡E con canta emoción o contempraba!

O velo tan señoriteiro, recordáballe a ela os tempos da mocedá, en que acampaba pol-o elegante, e sentíase revivir.

Despois viñan os malos días, as vísperas en que tiña que camiñar outra vez, y a soilas, por non afrixilo, choraba a pobre, en tanto que pasaba as noites en craro, fiando para fora, para xuntar os cartos que a marcha, as matrículas e demais andrómenas exixían.

Chegaba o día fatal; a potranca que o señor crego lle imprestaba agardaba â porta coas alforxas ben provistas, y-entón, chorosa, sofocante, metíalle na man un paniño côs aforros feitos; dáballe, sí, poucos cartos, moitos consellos, que con ser tantos, eran menos que os beixos amorosos con que o despedía, quen sabe hasta cando... Si —como ela decía— xa era vella... y-o día menos pensado morría sin telo ô lado... a íl... ¡ô seu fillo! que sonrindo ô pensar na próxima chegada â cibdá, barbullaba, apreixando a nai contra o peito e faguendo un poema de unha frase:

—Velliña, miña velliña!...

III

Soupoo e non o quixo creer.

El... o seu fillo... aquel que tantos traballos lle custara... aquel que tiña tan bó curazón... sin decirlle nada... sin darlle xiquera unha aperta... embarcárase para lonxe... para a Habana... embruxado pol-o amor de unha bribona, sin que, cicais avergoñado, tivese unha frase para a naiciña, como si el, o ingrato, non soupera de abondo que bastaba unha palabra de íl pra disculpalo.

Non deu unha queixa; deixou o traballo —¿para qué aforrar?— e como si aquel hasta entonces forte corpo non esperase mais que a señal, avellentouse por completo, fixo como eses cadavres de Pompeya, que estiveron anos y-anos sin descompoñerse y-ôs cales lles bastou unha hora pra faguerse polvo.

E n'aquil corpo insensíbel chegóu a morte sin sacudimentos, como si fose o mais natural deixar de vivir ô perder canto amaba.

Soilo n'agonía se incorporou como si hasta o último latexo esperase que viñera il, y-ô ver defraudada a última espranza, caiu no leito, barbullando unha pregaria pendíndolle a Dios a felicidá do seu fillo, e como si fose prenda de perdón, marmurou, sorrindo con felicidad estrana aquelas palabras que en tola ilusión se lle figuraban ditas por él: —¡Velliña... miña velliña!...

(30-11-1946)

Follas secas

I

Sentíase morrer o pobre vello; sentía sede, sede ardente que lle abrasaba as gorxas, e non tiña quen lle dese auga.

O lar sin lume, as paredes negras cô fume, as ventás pechas, e alumeando todo tristemente, a pouca luz que entraba pol-as rendixelas.

Do teito colgaban rastras de millo marelo e por un burato da porta entraba un feixuco de rayos solares que iba a esborranchar no chau trazos de luz e marcaban o camiño de puntos beiladores.

¡Morría o vello e non tiña naide â sua veira!

Unha recha de vento abríu a mal pechada porta, y-entón esprosión de luz, de coores, de ruidos, veu a alegrar a lobreguez da choupana.

O vello sentía que a morte se detiña, e, topando forzas pra apoyarse enriba dos cotovelos, contempraba o paisaxe recortado pol-a porta.

Era a vendima, a meiga faena do Ribeiro.

¡A vendima, nai da ledicia, prometedora da abundancia, festa da alegría, abundosa de inefábulos meiguices!

O outono, a estación das brétemas e das chuvias n'outras terras, e a estación enfeitizada das campías ourensanas, nas que aínda non se sinten as friaxes do inverno e xa non abrasan as calores de vran.

Y-el, o vello, miraba embebido aquel anaco de venturanza que vía dende a cama.

II

Enfrente, as montañas cubertas de pobiños ocultos entre soutos de castiñeiros, rodeados de pinares, campando enriba dos penedos.

Despois, en costa, as ladeiras ende agatuñaba as cepas xa rubindo pol-os árboles enriba, xa prendéndose nos roxos corredores ou sombrizando os sobrados, xa bambeándose nos parrales que

cobren os carreiros eu no limiar das portas; e mais abaixo, no val, onde os regos montañeses descansa nas claras fonteliñas, as veigas do millo, os tarreos do liño, os bosques de froitales y-os tremadores lameiros rodeados de espadanes, cinguidos de ameneiros e abundosos en espallar de cheiros roubados âs mentas y-âs cencibres, âs rabadáns y-âs lobeiras.

E sentíase morrer o pobre vello, e miraba ô sol, forte e brilante, que xa non queima, pero que baña todo con amorosa caricia, e vía as follas das vides que o outono volvera rexas y-amarelas, y-os racimos azuados e ambarinos que somellaban bágoas do sol prendidas no ramaxe, n'aquela despedida que o inverno obligaba; e vía os bulidores regos fulxurar, e sentía sede, sede ardente que lle abrasaba as gorxas, e non tiña quen lle dese auga.

Sentía alá fora cantos alegres dos mozos das lagaradas, aturuxos das vendimadoras, rouseo dos carros que carrexan os pilos de uvas, berros das pellizquelas, e vía pol-os carreiros os homes con culeiros, os rapaces rubidos âs paredes, armados con ladroas de cerdas, os mozos ôs borcallós entre as cepas..., e lembrándose do tempo da mocedá, dos tempos da infancia, víase vello, cangado, inutil pra todo, e antoxábaselle que tamén él era unha folliña seca como aquelas que os fríos outonizos faguían rodar pol-o chau, e que estaba de mais no medio de tanta vida, de tanta xuventú, de tanta alegría.

Cando voltaron os fillos do traballo toparon ô vello morto... Pero as uvas esperaban no lagar, e seguíu a faena e seguiron os cantos y-os aturuxos, en tanto o vello soilo, esquecido, acurrunchadiño, mirrado como unha folla seca, parecía probar aquel dito brutalmente egoísta, pero certo, de que en Galicia, cando non se pode traballar, fan ben os vellos en morrerse.

(03-XI-1947)

Xabier Prado Rodríguez

Na Feira

(Fragmento del sainete en un acto «Tratos»)

Personaxes.

Chafallas, Corenta anos.

Aruxo, A mesma edade.

Xarómeño, Sasenta anos.

Chaf. ...A toura ten unha bellide n'un ollo e non pasea como lle toca. E se non contar eu verdade, perdo o que a toura val.

Aruxo. Pois xa que ten tantos defeutos, non a levas; inda que bateras tres mil reás por ela. Pra que vexas como eu son: s'agora me din que me morre esta noite, qu'un rayo me fenda se cha vendo por cantos cartos trayas.

Xarom. Deixaivos de despiques. ¿Querédesme ouvir?

Chaf. Fale.

Xarom. Os homes debemos sere imponibles. Cando unha cousa nos convén pra a satisfauceón da matérea do corpo, debemos esquecer certas disinénceas e por da nosa parte os interdiutos ô caso pra consiguir aquelo que nos día satisfauceón y-harmunía no estámego e na y-alma. Se nos deixamos levar das feguraciós e dos maquenismos do relaxamento, non sairemos da pobreza; seremos sempre com'os manfroditas.

Chaf. Hai razón.

Xarom. O home debe tere unha miga de xurisprudéncea e non se pór na diajonal das bestas outusas, coiro. (Pausa). Ti, Aruxo, és dono, por liña direuta, d'un animal asmoviente que val tanto ou coanto. E ti, Chafallas, queres mercar co ausilio da moeda da tua pertenéncea lejal, o asmoviente d'iste. (Sinalando ô Aruxo). Il (ô Aruxo), cô diñeiro atiniente ô códijo natural que nos insina o deber que temos de gardal-o que é noso e coidar do seu valemento endereuto, turra na dereuceón atiniente ô melloramento do seu entrés acónimo; e ti (ô Chafallas), coma nagociante do mercantil, reterías na compra-venta, pra lle tirar un mór intrés o preduto líquedo da operaceón pecunaria... Ambos e dous estades no uso fauto da comenéncea que vos toca, pro, agora veño eu, que son o entremedáreo, ou, como dí o códejo, el amigable compoñedor, e sin feril-a aviuceón y-o sonamento do voso trato, lévovos â cencileaceón y-arréglovos. ¿É ou non é?

Aruxo. Falou ben.

Chaf. Eu entendo pouco de esas custións, pro... no atopo mal a sua ideya.

Xarom. Boeno; pois o conto está bo de gobernar. Eu puxen en quince pesol-a toura, pro, como unha das partes, ti (Sinalando â Chafallas), alajou cercunstánceas que desperfeuveonan a prenda litiguiosa, y-a outra parte, ti (Sinalando ô Aruxo), figo unha conformaceón tácita e non aprontou proba escontra tal desperfeuceonamento, o valor afeutivo e competente ten de espremen-tar un descienso ô respeutive da contía da desprefeuceón; querse dicir que...

Chaf. (Enterrumpindo). Entendido.

Xarom. Boeno; pois, entón, temos agora que faguel-a tasaceón honesta do lixamento do ollo e do creamento do paseo da toura. Pol-o que toca ô pirmeiro, se a bellide non é moi grande, paréceme que tirándolle trinta reás...

Chaf. A bellide deixa â toura cega antes do outono.

Aruxo. ¡Mais de xa! Eu sempre ll'acordo o mesmo.

Xarom. Poñamos entón, pol-o que poida ocurrir, corenta reás.

Aruxo. É moito. Eu esí non entro no nagóceo.

Xarom. Agarda, ho. Non t'alusiones tan logo. ¡Carafio!, mesmo pareces un foguete pol-a

presa y-o barullo que fas. Corenta reás dixen. E tirémoslle pola chata do paseo... boeno... eso xa é mais empertenente... Tirémoslle... Tirémoslle... cincoenta reás.

Aruxo. Chéganlle ben.

Chaf. E compren.

Xarom. De maneira que trato feito; a toura vai en quince pesos e dispoixas hai que lle tirar corenta reás por un lado e cincoenta pol-o outro.

Aruxo. ¿E ven a quedar entón en cánto?

Chaf. Pois ven a quedar... n'eso: en quince pesos menos corenta reás con cincoenta.

Aruxo. Pro... ¿cánto resulta en cabo?

Xarom. Resulta... resulta... Quen de quince tira corenta con cincoenta... pois veñen quedar... quince menos cincoenta e corenta reás.

Aruxo. ¡E dalle! ¿Pro cánto veño eu a coller, en cabo?

Chaf. Ti ves coller... eso que che dicimos: quince pesos menos corenta reás...

Aruxo. ¡Tataraná! Non nos entendemos.

Xarom. Mirai: a conta é ben fácele. Ti (ô Chafallas), dalle quince pesos. (Faino). Agora, ti (ô Aruxo), dalle a éste cincoenta reás. (Faino). Boeno; agora dalle corenta mais. (Faino). Agora conta o que che queda. (Conta).

Aruxo. ¡Ai, mala rabia!...

Xarom. ¿Qué che pasa?

Aruxo. ¡Home... voste sí que a sabe toda, rabia! ¡De maneira que dispoixas de tanta conversa e tanto latricamento, ven quedal-a toura en menos cartos dos que xa m'il daba?...

Xarom. ¡Cómo por menos!

Aruxo. É craro. Eu teño eiquí dez pesos e medio, y-o Chafallas xa me daba dez con quince reás denantes de se vir vostede meter no conto.

Xarom. ¡Cómo! (Asombrado). ¿Ti dábaslle eso? (ô Chafallas).

Chaf. Eu son esí. Cando se trata d'un amigo non roparo. Que diga il se lle non dixen que perdía canto lle dise por riba dos dez pesos. ¿Viches agora se o perdo ou non?

Aruxo. ¡Bo, bo, bo! ¡Fíxenche boa feira, ho! Pois olla que se non fora porque palabra que eu dou é coma unha escretura...

Xarom. Os dous vades ben sirvidos, dígovolo eu y abonda.

Chaf. Boeno... nin eu nin il hamos quedar probes pol-a perda que poidamos ter no choyo.

(01-02-1947)

Xosé Ramón y Fernández

Encol do barallete

DE non haberme precurado o amigo Castro Arines o "Anaco" que o inxenioso Borobó lle adica ao Ben-Cho-Shey a conta do barallete, houbera ficado sin saborear tan gorentadora e humorística prosa, i-o que é pior, houbera pasado por desatento e groseiro ao non corresponder a invitación que me fai pra que aquil meu irmán lle conte ao Anxelo Novo canto sepa encol do barallete, suxerencia que acepto de boa gana e que tratarei de cumprir do millor xeito que podia.

Será ben decir primeiro que Ben-Cho-Shey é un espritu aventureiro afeito a canear coas más propias *andolias* os camiños peninsuares, dende as trepadas e verdecentes veredas que levan ao San Andrés de Teixido ata os enxoitos e poeirentos camiños que atravesan as terras extremeñas, ou os encostados que galgan deica os Picos de Urbión.

Non séi si por esta condición de caneante sempiterno a precura de achádegos arqueolóxicos ou etnográficos, ou somentes pola arela de atesourar paisaxes prestixiosos e impresionantes, Ben-Cho-Shey soméllase aos parafuseiros niste seu constante ir e vir por cordeles e corredoiras.

O seu sino viaxeiro levóuno un día, de ser escolante de Cariño a selo de Caspiñón, garimoso lugar enquistado nas terras do Pereiro de Aguiar, e alí, convivindo ano tras ano entre *arreadores* e *xingreiros*, chegóu a ganarse a fincia de *naceiros* e *mutilos* que o iniciaron na fala dos ambulantes chegando a doctorarse no barallete.

A cousa non é tan doada como supuña o que coidaba que indo a Luintra podería facerse co barallete coa facilidade con que se merca unha *liria* na *barrosa*. Non, o barallete, como todo o mundo sabe, é unha fala de xermanía, que é tanto como decir de irmandade, polo que o seu uso está somentes reservado aos iniciados, aos que ingresan na cofradía, aos que se ganan a confianza dos *xabarreadores* e dos *gobernadores*. Poñer este instrumento de relación nas maus dos alleos supón unha traición as leises da *parafusa* que o inutilizaría para futuros empregos.

Por eso os ambulantes coidan moito de non iniciar no barallete máis que aos que han de precisar dil na sua vida, e dóelles e máncalles o ver que alguén, alleo ao seu oficio, lles fala no seu argot.

A iste respecto podería contarlle a Anxelo Novo a sorpresa alritada que lle produxo a un *cairolo* cesteiro o verse interrogado en barallete polo Ben-Cho-Shey.

Con ollos irados replicóulle: "¿E quén foi o proiña que o talasióu a arromañar o noso cantufaxe?". E a seguidas fulminóu contra dil esta terrrible maldizón. "¡Que os mircos da Cabeza da Meda o tizen na hora da felación!"

Outro día no lugar cacereño de Losar de la Vera, non lonxe do famoso mosteiro de Yuste, un parafuseiro enroxecéu de rábecha baixo dos porches da praza do pobo ao verse interrogado en barallete e prorrumpir en aldraxes contra do intruso. Y é que do mismo xeito que o barallete é unha trabadeira que xungue nos abunlantes e dalles fincia pra se comunicar entre si as cousas mais segredas diante dos *sinados* ignorantes, o escoitalo saíndo de beizos alleos a iles producelles o efeito de verse descubertos no seu máis íntimo segredo, e naturalmente reaccionan con salvaxe violencia ante iste ataque ao que se poidera chamar o seu pudor de clase.

O Ben-Cho-Shey pois, como había feito hai mais de un século Jorge Borrow cos calorós ingreses, e anos despois repetíu Mr. Starkie cos xitanos, mergullouse no ambente da parafusa e conqueriu facer un vocabulario de mais de cinco centas verbas do barallete, que forma parte de un estudo compreto da Terra de Moreiras, rematado hai tempo i en agarda de ocasión favorable pra ser pubricado.

Eu coido que non esgotóu a materia, mais con todo, paréceme que deica hoxe non hai outro vocabulario mais compreto do barallete que o xuntado polo meu fraterno amigo. Confiemos en que algún día poida ser pubricado como il quer.

(28-05-1947)

O BARBEIRO DE CORME

Fai xa dez anos que paseando unha serán a miña morriña pola estrada que sae de Cáceres pra Salamanca vin arrombado a soma duns eucaliptos un auto de liña sobre cuio fondo de sinople campaba iste letreiro: "O Cotelo de Corme".

Unha capa de poeira cubríao por completo e ao velo calqueira diría que aquil vehículo tiña sede i estaba canso de rodar polas desoladas carreteiras estremeñas. Fiquei parado diante dil e déronme ganas de parodiar ao califa Abderramán, dicindo: "Tamén ti, ¡ou Cotelo!, eres eiquí forasteiro", ao ver a sua verde vestimenta, que me lembraba as xugosas terras da lonxana Galicia.

Dende aquela data deica o remate da guerra casi todolos días nos atopábamos o autobús e máis eu, ollándonos con simpatía, como dous camaradas no exilio. Parecía como si tivera vida real e me falase do seu desexo de voltar a terra.

Un día desapareceu "O Cotelo" do panorama cacereño e pareceume ainda máis moura a miña soedade. ¿Qué sería feito díl?, matinaba eu. ¿Iríase por algún barranco ou escangallaríase contra dun albre itinerario? Ninguén me soupo dar razón do meu mecanizado paisano ata que niste vrán derradeiro o descubrín outra serán no cruce estradense da vila de Carballo, e foi tan grande a ledicia que me produxo o atoparme co vello amigo, que me embarquei níl, sin reparar na sua vellice, nin nos alifaces que os anos lle foron deixando, decidido a seguilo ata o final do seu roteiro.

A estrada íame amostrando as bariles perspectivas da terra de Bergantiños, e unha vez pasado o repeito do monte de San Amaro, asomou aló no fondo a silueta de Buño, a Meca dos cacharros marelos, posta no cruce do camiño que levábamos co que dalí sae pra Malpica.

Deixamos o centro alfareiro bergantiñán e ao pouco tempo xurdíu Ponte Ceso, a veira do Allóns, gardando a preciada reliquia do pazo que sirveu de morada ao bardo Pondal.

Dende Ponte Ceso a estrada gabea por un outo en precura do magnífico mirador a cuios pes se extende o maravilloso panorama daquil ridente val salferido de pobos evocadores, como Niñóns, Brántuas, Cospindo e Nemeño, todos iles con evocadoras lembranzas do poeta inmorrente.

E ao descer diste cumio pasamos polo lugar da Aldea, antesala do porto de Corme, final e meta do viaxe do Cotelo.

A forte persoalidade diste afastado, i esquencido porto revélase dende denantes de chegar a íl. As casas teñen un feitío característico e singular; as mulleres van ainda a misa de mantelo, i os mariñeiros xúntanse na Torriña pra ollar o mar e ver cómo a soma dunha casa marca as doce nun penedo que alí hay.

Pro entre todalas cousas curiosas que garda Corme cecais sexa a millor a barbeiría da rúa Maior, punto de cita a reunión da xente moza e leda que leva unha cántiga nos beizos e unha ilusión dentro do peito. Das paredes do local penduran guitarras, bandurrias, violís e toda clás de instrumentos pra formar unha rondalla. E namentralas fillas do barbeiro rasuran facianas e tonsuran testas, xurden cantos enxebres de rexo sabor mariñán, misturados con outos barudos de terra adentro.

O Fígaro de Corme é un home de cara ridente, pelo rizoso e ollar cazurro, poseedor dun repertorio inacabable de contos, cántigas e refrás cos que decora a sua engayolante conversa, mantendo a atención dos parroquianos. Galego de corpo enteiro, dende a Cruz do seu primeiro apellido as Cousillas do segundo, ten vena de poeta fácil i é o autor das cousas que os mozos de Corme cantan nas comparsas do Carnaval e noutras festas da mocedade, arte herdada polas suas fillas, que improvisan cántigas coa misma facilidade con que rosan as espesas barbas de toxo dos rexos mariñeiros.

O barbeiro de Corme, vivo arquivo do folkloer bergantiñán, garda no seo un tesouro de cortesía e de delicadeza posto ao servicio dunha simpatía natural, que lle fai ganar a vountade das xentes que por vez primeira acoden ao seu filarmónico local.

Eu débolle unha serán deliciosa pasada naquil grato ambente, e unha bondosa colleita do saber popular dos bravos mariñáns que viven ao abrigo da punta do Roncudo, coas albas praias de Laxe por diante i o mar infindo por fondo de un dos máis singulares paisaxes da fermosa costa galega.

Cando os anos decorran e as radios infesten a nosa terra de cantares flamencos e mexicanos, ainda ficará en Corme algunha velliña de mantelo e algún patrón farto de singladuras que, lembrando tempos da sua mocedade canten mainiño as cantigas deprendidas na barbeiría de Cousillas, que por elas ficará pra sempre Incorporado a i-alma do pobo como en anónimo e ben intencionado versolari.

(15-11-1947)

ESAS TOPONIMIAS

Todaslas cousas teñen o seu nome e os nomes foron feitos pra dexerguer unhas cousas de outras, e como os que lles poñen nomes aos entes son os homes, adoitan nomealos con verbas das que empregan pra falar, ou sexa con verbas do seu idioma, anque esto lle pareza sorprendente a algús señores, como ao autor do prólogo do "Nomenclator" oficial da provincia de Ourense, que asegura que "ciertas entidades de población se denominan con palabras gallegas". ¿E como quería entón que se denominasen? Porque o raro sería que os pobos de Galicia estivesen nomeados en inglés.

Falándose eiquí un idioma propio parece o natural que esas entidades de poboazón leven nomes gallegos, e non embargantes hai moita xente que se empeña en desnaturalizalos do xeito mais disparatado e mais antilóxico posible, unhas veces traducíndoos ao castelán e as mais delas facendo unhas castelanizaciós absurdas e ridículas e que somentes sirven pra por de releve a total iñorancia dos autores de tales falcatruadas.

Mais o doloroso do caso é que a manía desgaleguizadora das nosas toponimias persiste con gran entusiasmo de unhos e con unha pasividade suicida dos chamados a defender a nosa cultura, e así os mapas, os nomenclators, as xeografías e os xornaes, veñen cheos de disparates que cada día se fai mais urxente correxir i evitar si queremos que Galicia siga sendo Galicia e non se convirta unha provincia manchega, cousa por outra parte nada difícil, pois anque o feito somelle asombroso, hai certos funcionarios de Vigo que xa dependen de Ciudad Real.

O conto é que cando os homes doctos en filoloxía se enteiran dos destrozos que día a día se fan coas nosas toponimias, lévanse as maus a cabeza e pregúntanse asombrados como pode ocurrir eso, sin decatarse de que en Galicia todo pode ocurrir con tal de que vaia contra da esencia da terra.

E así podemos ver como os elegantes fixeron de Seixalvo —toponofía de claro significado— un Sejalvo que quer decir ren; e de Carballiño, verba enxebre, sacaron un Carballino, que está no mismo caso do anterior.

